

2020
2021

Universidade de Vigo

ANUARIO DE COMUNICACIÓN



SUMARIO >>



SETEMBRO 2020 >> P7



OUTUBRO 2020 >> P37



NOVEMBRO 2020 >> P65



DECEMBRO 2020 >> P93



XANEIRO 2021 >> P121



FEBREIRO 2021 >> P145

SUMARIO >>



ABRIL 2021 >> P195



MARZO 2021 >> P171



MAIO 2021 >> P221



XUÑO 2021 >> P247



XULLO 2021 >> P275



AGOSTO 2021 >> P301

Coordinación

Vicerreitoría de Comunicación e
Relacións Institucionais

Edición

Gabinete de Prensa

Deseño e maquetación

Ekinocio

© Universidade de Vigo, 2022
ISBN: 978-84-8158-924-5

A Universidade de Vigo presenta o seu primeiro


anuario: unha publicación electrónica que amosa os fitos máis significativos do curso 2020/2021, a través dunha selección de noticias publicadas no Diario Dixital da Universidade de Vigo (Duvi).

Nas súas páxinas rememórase, mes a mes e por orde cronolóxica, un curso marcado pola pandemia da covid-19, que, non obstante, non impediu o desenvolvemento dunha intensa actividade académica, investigadora, institucional, cultural e social nos tres campus. A institución encarou o curso 2020/2021 cunha aposta firme pola presencialidade e a protección da saúde. Co compromiso e co bo facer dos membros da comunidade universitaria, a UVigo foi quen de superalo con éxito para seguir percorrendo o camiño cara á internacionalización, á igualdade, á sostibilidade, á innovación e ao compromiso coa lingua galega.

Agradecemos ao equipo do Gabinete de Prensa da UVigo o labor realizado para informar do día a día da institución aos diferentes públicos, internos e externos, e confiamos en que a escolma de novas do curso 20/21 aquí recollidas, sirva para seguir achegando a Universidade de Vigo á contorna e para consolidar a súa proxección nacional e internacional como centro de educación superior de excelencia.




SETEMBRO



No arranque do curso 2020/2021 na UVigo, 17 titulacións de grao optaron por unha docencia totalmente presencial, máis dunha vintena por un modelo parcialmente presencial e o resto por un modelo mixto. Cunha firme aposta pola prevención temperá fronte á covid-19, a través da realización de diferentes probas ao PDI, ao PAS e ao alumnado, e garantindo as mellores condicións para o estudo e a avaliación do seu estudiantado, a institución académica viguesa acadou este mes de setembro máis de 3800 matriculas, os mellores rexistros de novo ingreso dos últimos 15 anos.

A incorporación de dous investigadores seleccionados no programa europeo Starting Grant e a creación dos premios GirlGeekCovid para incentivar os estudos STEM entre as mulleres, foron outros fitos destacados do primeiro mes do curso académico.



Os proxectos de Mario Pansera e Sara Varela obteñen, cada un, preto de 1,5 millóns do ERC

A Universidade incorporará dous investigadores seleccionados no programa europeo Starting Grant

Estudarán modelos económicos alternativos e as interaccións entre xeografía, clima e vida

Eduardo Muñiz
DUVI 03/09/2020

Dirixidas a que novas e novos investigadores destacados poidan crear os seus propios equipos de traballo e desenvolver liñas de investigación pioneiras, as bolsas [Starting Grant do Consello Europeo de Investigación \(ERC\)](#) recibiron neste 2020 un total de 3272 candidaturas, das que só 436 acadaron o financiamento do organismo europeo. Entre elas, as presentadas polos investigadores Mario Pansera e Sara Varela, que desenvolverán na Universidade de Vigo uns proxectos que obtiveron, cada un deles, preto de 1,5 millóns de euros nesta convocatoria. Ao longo dos próximos cinco anos, o italiano Mario Pansera levará a cabo unha investigación que ten como obxectivo analizar como sería unha sociedade capaz de prosperar sen necesidade dun crecemento económico continuo, explorando "novas formas de organizar a produción máis sustentables e xustas", mentres que Varela retornará ao seu Vigo natal para desenvolver unha liña de traballo que, a través da interacción entre clima, xeografía e vida, busca avanzar no coñecemento dos procesos que levan á aparición e desaparición de especies.

Inseridas no programa Horizonte 2020 da Unión Europea, o ERC fixo pública este xoves a [relación dos 436 proxectos gañadores](#), 23 en España, destas bolsas Starting Grant. "Son unhas axudas tremendamente competitivas, é como gañar unha medalla nas Olimpíadas", salienta a vicerreitora de Investigación, Belén Rubio. "É de salientar", engade, "o prestixioso recoñecemento" acadado por Varela e Pansera na convocatoria dunhas bolsas dirixidas a "fomentar a investigación da máis alta calidade en Europa", que edicións



Pansera e Varela incorporaranse á Universidade de Vigo

anteriores, lograran o catedrático David Posada e a investigadora Elena Ojea.

Consolidar unha traxectoria e crear un equipo de traballo

Como "unha oportunidade única para acelerar a miña carreira académica" valora esta bolsa Mario Pansera, actualmente profesor axudante na Universitat Autònoma de Barcelona. *Prospera (Prospering without growth: Science, Technology and Innovation in a post-growth era)* é o nome dun proxecto que, sinala, "obre a posibilidade de crear na UVigo un grupo de investigadores moi

ben conectados a nivel internacional" e que foi un dos 126 seleccionados na liña de Ciencias Sociais e Humanidades. Tras doutorarse en *Management* pola Universidade de Exeter, Pansera desenvolveu unha estadía posdoutoral en Bruxelas, a través dunha bolsa Marie Curie, para logo traballar como investigador na Universidade de Bristol. A investigación e innovación responsables (RRI) e a innovación para a sustentabilidade centran as liñas de traballo de Pansera, que se incorporará á UVigo a comezos de 2021, tendo como grupo de referencia á agrupación estratéxica Ecobas.

Meses antes retornará a Vigo Sara Varela, actualmente investigadora no Museo de Historia Natural de Berlín. Tras licenciarse en Bioloxía na UVigo e realizar a súa tese de doutoramento no Museo Nacional de Ciencias Naturales de Madrid, o seu labor investigador levouna á República Checa, Brasil e Alemaña, antes de obter con esta bolsa a oportunidade de "consolidar a miña carreira como investigadora na Universidade de Vigo", sinala. "É unha oportunidade única para desenvolver un proxecto multidisciplinar e complexo, que necesita dun equipo grande e estable de investigadores", salienta Varela, que, dentro do Grupo de Ecoloxía Animal, buscará reunir un equipo de "especialistas en diferentes disciplinas, desde física do clima ata paleontoloxía" para o seu proxecto *Mapas (Mapping biodiversity cradles and graves)*, un dos 124 seleccionados na liña de Ciencias da Vida.

"A incorporación destes dous investigadores significa a apertura dun futuro científico moi prometedor e punteiro na UVigo, tanto no ámbito das ciencias sociais, no caso de Mario Pansera, como no ámbito científico, no de Sara Varela", sinala a vicerreitora de Investigación, Belén Rubio, que lembra que os seus proxectos traerán aparelada a "atracción de máis talento" coa incorporación doutros "investigadores relevantes", así como "un incremento das publicacións en revistas de prestixio", que redundará "nun mellor posicionamento nos ránkings da UVigo".
Clima, xeografía e evolución para predicir extincións

"Facer unha síntese do coñecemento que temos sobre bioxeografía (onde habitan as especies) e evolución (cando cambian as especies) da vida na Terra" é o propósito central do "ambicioso" proxecto que Sara Varela desenvolverá grazas a esta bolsa e que, recoñece, "abrirá novas posibilidades de traballo en Galicia en temas de palomacroecoloxía e palobioxeografía". A idea, engade, é estudar "como interactúan o clima,

a xeografía e a vida, modificándose os uns aos outros", cun primeiro obxectivo de xerar "mapas paleoclimáticos para os últimos 540 millóns de anos, que á súa vez permita "programar un modelo que simule os mecanismos de diversificación da vida". Deste xeito, o obxectivo final, sinala, "é comprobar se entendemos os procesos que xeran diversidade o suficiente para poder predicir onde e cando aparecen e desaparecen as especies".

Para levar a cabo este proxecto, contará coa colaboración do Potsdam Climate Institute alemán e de investigadores do Reino Unido, Brasil e Bélxica, Tamén colaborarán no proxecto a ilustradora Cirenía Arias Baldrich e o 'paleoartista' [Douglas Henderson](#), o que fará posible divulgar, explica Varela, "non só os resultados da nosa investigación, senón como é o noso traballo día a día". Nese senso, está prevista a realización dunha serie de vídeos e dunha exposición sobre a vida na Terra, "para falar do movemento dos continentes no tempo, dos eventos climáticos do pasado e das especies que habitaban o planeta en tempos remotos", na que contarán coa colaboración de Henderson.

É posible prosperar sen crecer?

Partindo da posta en cuestión de se as economías poden crecer eternamente e se ese crecemento económico perpetuo é "factible e desexable", Mario Pansera centrará a súa investigación en "explorar como sería unha sociedade que prospera sen necesidade de aumentar de maneira indefinida indicadores como o PIB". O investigador pregúntase neste proxecto se "habería espazo para a innovación nun modelo "poscrecemento", xa que, ao seu xuízo, "desenredar a innovación do crecemento é a clave para imaxinar unha era" non baseada nun crecemento "insostible". Pansera incide nese senso en que innovar tense convertido "nun imperativo para a supervivencia e expansión de calquera forma de organización", polo que serán precisas "novas narrativas para a innovación", que vaian máis aló da tecnoloxía e impliquen un "cambio cultural e institucional". Deste xeito, a súa investigación buscará dar resposta ás preguntas de "como serían as organizacións nun sistema que non se basea nun crecemento sen fin; que niveis de complexidade tecnolóxica podemos alcanzar nunha economía que non crece; e que políticas, infraestruturas e

formas organizativas se precisan para este novo paradigma da innovación".

Deste xeito, o proxecto seleccionado polo ERC, destaca, "crea as condicións para que a UVigo se poña en primeira liña na investigación sobre economías e organizacións alternativas, centradas no benestar das persoas e non na maximización dos beneficios económicos", permitindo explorar, "en tempos da covid-19, novas formas de organizar a produción que sexan máis sustentables e xustas" ●

O Mestrado en Xestión Empresarial do Deporte entra no ránking de SportBusiness dos mellores posgraos do mundo

Na clasificación xeral sitúase no número 19

DUVI Ourense 11/09/2020

O Mestrado en Xestión Empresarial do Deporte da Universidade de Vigo comeza o curso académico 2020/2021 celebrando a súa inclusión por primeira vez no [ránking](#) dos mellores posgraos do mundo que fai SportBusiness, entidade de referencia para a industria do deporte. Nel, os estudos que se imparten no campus de Ourense entran no top 20 dos mellor valorados do mundo e no top 10 de Europa, acadando o primeiro posto na categoría de promoción profesional.

Unha clasificación de referencia

SportBusiness, comenta Patricio Sánchez, coordinador do [Mestrado en Xestión Empresarial do Deporte](#), é unha asociación da industria do deporte, sobre todo de profesionais, que conta con diferentes ránkings, un deles dedicado á formación de posgrao. "Que eu teña coñecemento no ámbito do deporte é o único ránking deste tipo que hai, é un ránking mundial que se pode desglosar tamén a nivel europeo", comenta o profesor da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo do campus de Ourense. Esta clasificación, engade, "é de referencia para nós pola propia institución que o fai, por agrupar á industria do deporte e tamén pola relevancia dos mestrados que inclúe, que son os máis potentes". Por estes motivos, engade Patricio Sánchez, entrar a formar parte desta listaxe "supón unha alegría moi grande". A maior satisfacción de acadar este logro, subliña, "é o recoñecemento

que pode supor para os nosos estudantes. Eles quedan moi satisfeitos co mestrado pero agora teñen tamén este recoñecemento externo, desde fóra tamén lle están dicindo que o esforzo que fixeron na súa formación non foi en balde, que teñen un título recoñecido".

O 2020 SportBusiness Postgraduate Rankings preséntase como "o ránking máis completo e detallado" dos mellores posgraos de xestión deportiva que ten como obxectivo proporcionar a estudantes e profesionais "o sistema de clasificación máis fiable e respectado" no seu eido. Para acadalo, a entidade valora aspectos de cada mestrado como a internacionalización



Imaxe de arquivo dunha sesión do mestrado antes da pandemia

de alumnado e profesorado, a calidade docente ou a empregabilidade. Sobre os resultados conseguidos nas diferentes clasificacións polo título da UVigo, Patricio Sánchez subliña como o Mestrado en Xestión Empresarial do Deporte acadou o posto 19 no top 20 do mundo, liderado pola Ohio University, e o oitavo lugar no top 10 de Europa, sendo o único español tras o do Real Madrid Graduate School.

Patricio Sánchez tamén destaca do ránking de SportBusiness o feito de ter logrado "o primeiro posto en promoción profesional entre todos os mestrados do mundo en xestión deportiva", empatados co The International Centre for Sport Studies (CIES). Por último, o profesor do campus de Ourense pon en valor o terceiro posto acadado en satisfacción do alumnado, só superados nesta categoría pola University of Massachusetts Amherst e a George Washington University.

Formación académica e práctica

Sobre as características que fan ao Mestrado en Xestión Empresarial do Deporte acadar este recoñecemento, Patricio Sánchez lembra como se trata do único programa oficial de posgrado sobre esta temática en Galicia e un dos poucos de España, "dirixido a proporcionar a formación académica e práctica necesaria para a profesionalización na xestión do deporte". Entre os seus puntos fortes apunta como estes estudos contan cun dobre perfil de persoas matriculadas, por unha banda egresados e egresadas recentemente que continúan estudos e por outra profesionais do sector. "Esta é unha moi boa combinación que enriquece a formación de todos", afirma o profesor. Igualmente pon o aceno no carácter internacional do mestrado, recibindo este curso por exemplo solicitudes de países como Arxentina, Uruguai e Venezuela.

Con máis solicitudes de matrícula que prazas, o título, comenta o seu responsable, comeza este curso 2020/2021 coa satisfacción de ter máis demanda que oferta, de acadar este recoñecemento de SportBusiness e co reto de cumprir a súa décima edición despois de formar a arredor de 180 persoas. "Afrontamos o curso preocupados. A nosa máxima preocupación é agora que os nosos estudantes queden de novo satisfeitos e manteñamos a nosa calidade. Ata o de agora tiñamos controlado como facelo, pero

as circunstancias xa non son as mesmas pola covid-19. Como toda a comunidade universitaria estamos con preocupación pero temos que estar aí e afrontar a situación como un reto e se algo temos claro en deporte é que estamos para superar retos", afirma por último Patricio Sánchez ●

Cambios de localización e redución de alumnado por materias, principais novidades para o novo curso do Programa de Maiores

A docencia será presencial e tamén se ofertan, por primeira vez, materias virtuais

M. Del Río
DUVI 11/09/2020

Se hai uns meses o alumnado da Universidade miraba cara este curso con inqueda, os estudantes sénior da Universidade de Vigo tiñan aínda máis incertezas sobre como se ía desenvolver o seu regreso ás aulas ao seren, en moitos casos, poboación de risco. Pero as medidas de seguridade e os cambios de localización van permitir que o [Programa de Maiores](#) comece, a partir do día 28 deste mes, coa docencia presencial en todos os seus niveis.

Como explica José Luis González Cespón, director do Programa Universitario para Maiores, "este ano é algo diferente, xa que debido á pandemia debemos manter unha serie de protocolos de hixiene, distancia, etc. que limitan algúns aspectos respecto ao que viñamos facendo pero, mantendo estes protocolos, as clases vanse desenvolver dunha maneira moi similar a cursos pasados".

De Torrecedeira ao campus

As principais novidades son o cambio de localización e a redución do número de alumnos en cada materia. Así, mentres en Pontevedra e Ourense as clases van seguir no mesmo campus, no caso de Vigo a docencia trasladarase de Torrecedeira ás facultades de Química e de Ciencias Xurídicas e do Traballo. A este respecto, Cespón explica que tanto a Escola Universitaria



Acto de graduación conxunto dos tres campus o pasado curso, celebrado en Ourense

de Estudos Empresariais como a sede da Escola de Enxeñaría Industrial na cidade "precisan todo o seu espazo para desenvolver o 100% das súas clases presenciais de grao coa distancia de seguridade que debe manter o alumnado", polo que foi necesario buscar outras instalacións para permitir a presencialidade tamén na docencia para o estudiantado sénior". Para iso "traballamos durante todo o mes de agosto na busca de alternativas", polo que agradece "aos centros do campus cos que falei e que tentaron axudar a buscar un emprazamento alternativo e, en especial, a Química e CCXX e do Traballo, "onde finalmente se vai impartir o programa durante

este curso 2020-2021". Para tratar de facilitar ao alumnado e ao profesorado a adaptación a este novo escenario, apunta González Cespón, tamén se reestruturaron os horarios das clases, de modo que as materias de dúas horas semanais impartiranse o mesmo día.

Sobre as aulas, nos campus de Ourense e Pontevedra reaxustáronse os espazos para adaptarse ás distancia de seguridade, mantendo así o mesmo número de prazas. Isto é 30 prazas para as materias de lección maxistral e 15 para prácticas. Mentres, en Vigo as materias de lección maxistral vanse ofertar para 18 estudantes e as de carácter práctico oscilarán entre os 10 e os 15 para respectar as distancias de seguridade. Ademais, como novidade este curso tamén se ofertan algunhas das materias do programa en formato virtual a través do Campus Remoto, tres no campus de Vigo (50 prazas en cada unha) e dúas en Ourense (30 prazas) e Pontevedra (25 prazas). "Se a experiencia é positiva, valoraremos a posibilidade de facer materias en liña intercampus nos vindeiros anos", remarca Cespón.

No referido ás medidas sanitarias, adoptaranse as mesmas que se están a implantar nos centros da UVigo, con ocupacións reducidas nas aulas, distancias de seguridades, uso de máscaras e xel hidroalcolico, sinalización nos espazos para evitar os contactos, etc. que garanten suficientemente a seguridade de todo o profesorado e o alumnado.

Todas estas medidas explicaranse ao alumnado nun acto de benvida que terá lugar antes do comezo da docencia.

Prazo de matrícula aínda aberto

Actualmente aínda están abertos os prazos de matrícula para o Programa de Maiores, tanto no ciclo intensivo como no integrado. O intensivo, con 54 créditos, é a etapa inicial do Programa de Maiores, na que os alumnos e alumnas intercambian coñecementos e experiencias de tipo científico e cultural, sen necesidade de ter ningunha titulación previa. Neste ciclo, que ten unha duración de tres anos, poden inscribirse as persoas con idade igual ou superior a 55 anos, sendo o número máximo de alumnado que poderá ser admitido en primeiro curso de 50 persoas en cada un dos campus. En caso de quedar

prazas sen cubrir, poderase admitir alumnado con idades inferiores a 55 anos, pero en ningún caso inferior a 50 anos. Unha vez realizada a inscrición, o prazo de matrícula abrirase entre o 8 e o 22 de setembro. Tamén nesta quenda poderá matricularse o estudantado que xa rematase o ciclo intensivo e queira seguir neste ciclo en materias soltas non superadas.

Pola súa banda, o ciclo integrado está pensado como continuación da etapa previa, co que obterán o título de Universitario Superior Sénior. Nesta etapa poden matricularse as persoas que teñan superado o ciclo intensivo (titulado/a universitario/a sénior ou graduado/a universitario/a sénior) ou ben todos os que estean en posesión de calquera outra titulación oficial universitaria e teñan unha idade igual ou superior a 50 anos. O prazo de matrícula para este nivel está xa pechado.

O curso pasado, no que a docencia dende marzo se desenvolveu de xeito virtual como no resto da Universidade, estaban matriculadas 600 persoas entre os tres campus da UVigo. De cara a este novo ano académico, González Cespón recoñece que se agarda unha caída da matrícula da orde do 40%, fundamentalmente porque a docencia en Vigo se traslada ao campus, cando habitualmente se desenvolvía no centro da cidade, e "porque hai algunhas persoas con patoloxías crónicas", conclúe ●

A Universidade dá a benvida ao seu novo alumnado nun curso marcado pola covid-19

O ano académico 2020/2021 botará a andar o vindeiro luns 21

DUVI 14/09/2020

Unha semana antes a que dea inicio de xeito oficial o curso 2020/2021, un ano académico que virá marcado pola crise sanitaria xerada pola covid-19, as diferentes facultades e escolas da Universidade de Vigo reciben ao seu alumnado de novo ingreso. Fano a través da serie de actos benvida programados, desde este luns e ata o vindeiro mércores 23, polos diferentes centros, tanto de xeito presencial, na meirande parte dos casos, como de forma virtual. As facultades de Fisioterapia e Belas Artes, xunto coa Escola de Enfermería, en Pontevedra; a Escola de Enxeñaría Industrial, no campus de Vigo, e a Facultade de Dereito do campus ourensán, esta última de xeito virtual, foron os primeiros centros en recibir ao seus alumnos e alumnas de primeiro curso. Ademais de para presentarlles as titulacións e os diferentes servizos da Universidade e facerlles entrega dunha máscara hixiénica reutilizable, estes actos serviron tamén para informarlles dos plans de prevención dos centros e das medidas que deberán seguir ao longo do curso.

Aínda que varios centros desenvolven desde a pasada semana actividades docentes, de acollida, de fin de carreira ou prácticas non dirixidas a alumnado de novo ingreso, o curso arrincará o luns "coas incertezas que todos temos por mor da situación sanitaria", recoñecía a vicerreitora de Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria, Natalia Caparrini, que este luns participou no acto desenvolvido en Belas Artes. Non obstante, "desde a Universidade temos todo preparado para calquera dos escenarios", subliñou Caparrini respecto dun curso que 17 titulacións de grao arrincarán con docencia totalmente presencial, máis dunha vintena farano de forma parcialmente presencial, optando o resto dos graos por un modelo mixto. Para iso,



Un intre do acto de benvida celebrado na Facultade de Belas Artes



O alumnado recollendo unha máscara reutilizable xunto co seu 'kit de benvida'

a Universidade desenvolveu o Campus Integra, que permitirá combinar a docencia simultánea entre o alumnado que se atope na aula e aquel que siga as clases de xeito virtual a través do

Campus Remoto. Estas dúas plataformas farán posible, como sinalou Caparrini, dar resposta a tres posibles escenarios, "o modelo presencial, o modelo mixto e o dunha docencia totalmente virtual", no caso de que a situación sanitaria obrigase a suspender a actividade presencial, contando a Universidade para facer fronte a este escenario co Campus Remoto, a nova plataforma de teledocencia MooVi, e a posibilidade de ceder ordenadores e dispositivos Mifi ao alumnado que os precise.

Reparto de máscaras

No transcurso destes actos de benvinda, a Universidade está a facer entrega ao alumnado de primeiro curso dunha máscara hixiénica reutilizable, nas mesas informativas instaladas pola Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria. Para o resto da comunidade universitaria, atendendo ás recomendacións sanitarias vixentes e co fin de evitar la formación de colas nas conserxerías, o reparto será progresivo. Deste xeito, o PDI e o PAS poderá recollelas a partir de mañá martes. Mentres, os días 21 e 22 de setembro poderá pasar a pola súa máscara o alumnado de 2º curso; o día 23 o de 3º, o 24 o de 4º e o día 28 os estudantes de mestrado e doutoramento.

O primeiro percorrido polos centros pontevedreses

Fisioterapia foi esta mañá o primeiro centro en recibir de xeito presencial ao seu novo alumnado, nun acto no que participou o equipo decanal e a coordinadora de relacións internacionais da facultade. Divididos en dúas quendas, as e os novos estudantes recibiron información xeral sobre o funcionamento da facultade e a titulación, así como da oferta formativa do Centro de Linguas. Tras darlles a benvinda "a un curso con características especiais, que esperamos que se noten o menos posible na vosa formación", a decana, Eva María Lantarón, lembroulles que o centro estableceu unha serie de medidas "para que as clases sexan o máis seguras posibles", instándoo, como "futuros profesionais da saúde, a velar pola vosa saúde e a dos vosos compañeiros". Lantarón apuntou tamén que o centro, que desenvolve nestas semanas "clases

de reforzo dos contidos prácticos" do pasado curso, apostou porque esta parte práctica das materias sexa "totalmente presencial", optando por un modelo mixto nas teóricas. De feito, o acto pechouse na Escola de Enxeñaría Forestal, cunha presentación do plan de prevención deste centro, onde terá lugar parte da docencia teórica.

Divididos en tres quendas, tamén este luns os novos alumnos e alumnas de Belas Artes puideron coñecer a que será a súa facultade, nun acto que contou coas intervencións do equipo decanal, a vicerreitora Natalia Caparrini e representantes da Delegación do Alumnado. Neste, o estudantado recibiu información do grao, a facultade, o portal da Universidade, a biblioteca e os diferentes servizos da institución académica, antes de realizar un percorrido polos talleres do centro.

"Este é un momento moi emocionante para vós, malia estas circunstancias tan especiais, porque pasar pola universidade é unha experiencia que supera con creces á meramente académica", trasladoulles o decano, Xosé Manuel Buxán, que incidiu en que a pesares das "dificultades engadidas" que supón para un grao como Belas Artes, a facultade apostou porque comezasen o curso de xeito presencial, coa excepción dunha materia de carácter teórico. Así mesmo, tamén a Escola Universitaria de Enfermaría celebrou este luns un acto de benvinda presencial, mentres que a Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte farao o mércores de xeito virtual, como tamén fará Ciencias Sociais e da Comunicación o luns 21, día no que a EE Forestal recibirá de forma presencial ao seu novo alumnado.

En Vigo, presentacións presenciais

O campus de Vigo optou pola presencialidade nos actos de benvinda de todos os seus centros. A Escola de Enxeñaría Industrial foi a primeira en celebrar este evento que, dada a gran cantidade de alumnado, ten lugar entre hoxe luns e mañá martes en pequenos grupos para o primeiro curso e mércores, xoves e venres para o estudantado de 2º, 3º e 4º curso.

O centro optou por dar a opción de seguir estes actos presencial ou virtualmente, para que cada estudante apostase pola modalidade coa que se sentise máis cómodo. O director, Juan Pardo, é o encargado de darlle a benvinda aos máis de 500 alumnos e alumnas de novo ingreso que inician os seus estudos na escola. Farano




A decana de Fisioterapia, Eva Lantarón, recibindo ao alumnado

O resto dos centros do campus vigués irán celebrando as benvidas ao longo desta semana. Así, mañá martes será a quenda da Escola de Enfermaría e das Facultades de Química e Ciencias Económicas e Empresariais. O mércores 16 Bioloxía, Enxeñaría de Telecomunicación e Ciencias Xurídicas e do Traballo, repetindo este último centro o acto o xoves 17. Tamén o día 17 terá lugar a benvida da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía. Ciencias do Mar e Filoloxía e Tradución recibirán ás e aos estudantes de novo ingreso o luns 21 e a Escola Universitaria de Estudos Empresariais o mércores 23. No campus de Vigo haberá un reforzo dos autobuses de subida e baixada ao campus durante os días 15 e 16 entre as 09.00 e 10.00 horas e sobre as 13.00 horas.

Benvida virtual no campus de Ourense

No campus de Ourense, a Facultade de Dereito foi o primeiro dos centros en dar a benvida ao seu novo alumnado. Fíxoo cunha sesión virtual na que as e os estudantes de cada titulación tiveron a oportunidade de coñecer ao equipo decanal, a estrutura e contidos do grao que realizarán, as guías docentes e os servizos de teledocencia, as materias, os programas de mobilidade, a orientación académica e plan de acción tutorial e a delegación de alumnos. A xornada, explicou na presentación Marta Fernández, decana do centro, tivo como obxectivos "facilitar ao alumnado o tránsito dende o ensino de Secundaria ao ensino universitario" e "presentarlles o grao e os recursos e ferramentas ao seu dispor na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito". A decana deulle a benvida ao novo alumnado recalzándolle como "o curso 2020/21 comezará coa adopción de medidas extraordinarias na impartición da docencia e na disposición das aulas, tendo en conta a situación de crise sanitaria ocasionada pola covid-19" e lembrándolle "a importancia de que coñezades e cumprades as medidas sanitarias de autoprotección que deben ser respectadas dentro da facultade". O calendario de actos de benvida continuará no campus de Ourense o día 17, neste caso de xeito presencial, en Historia, Educación e Traballo Social e Ciencias, e o día 18 en Enxeñaría Informática, de xeito presencial, e Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo, de xeito virtual. A Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo pechará, cunha sesión tamén virtual, esta xeira de presentacións no campus de Ourense o luns 21 de setembro ●



O acto da Escola de Enxeñaría Industrial seguido tamén de xeito virtual

divididos en 16 grupos, "cando normalmente en primeiro curso tiñamos 11 grupos", explica Pardo. E é que este será un curso "un tanto diferente, cunhas condicións excepcionais, pero debedes saber que dende a Escola de Enxeñaría Industrial estivemos traballando dende o primeiro momento para que as clases se puidesen iniciarse da forma máis normal posible". Deste xeito, o docencia impartirase en grupos máis reducidos e empregando sempre as mesmas aulas, "podendo ser, incluso, o mesmo sitio na aula, excepto para as prácticas de laboratorio". Pero o director quixo tamén remarcar que estas medidas, ademais de ter unha finalidade sanitaria, "poden tamén incidir nunha mellora da calidade docente ao traballar en grupos máis reducidos". De cara ao comezo deste nova etapa na súa vida, como estudantes universitarios, recomendoulles unha mestura de esforzo, traballo e constancia "pero sempre divertíndovos, facendo o que vos gusta, con paixón pola enxeñaría industrial".

A Universidade de Vigo aposta pola prevención temperá fronte á covid-19

Nas vindeiras semanas arrancarán as probas PCR mediante *pooling* a todo o persoal

Os 200 test de control semanal poderán concentrarse nun único centro en función das necesidades

D. Besadío
DUVI 15/09/2020

Desde a Universidade de Vigo farase este curso todo o necesario para evitar que as súas escolas e facultades sexan un foco de contaxio e expansión da covid-19: probas PCR para o persoal e alumnado, ampliación de aulas, creación de novos espazos para a docencia, instalacións de códigos QR á entrada das clases... Así o explicaron este martes o reitor Manuel Reigosa e os vicerreitores de Planificación e Sostenibilidade, José Luis Míguez, e de Investigación, Belén Rubio, nunha rolda de prensa na que deron conta dalgunhas das accións que se van levar a cabo nun curso, "extraordinario", que arrancará oficialmente o vindeiro luns día 21 pero para o que se levan meses traballando.

Tal e como xa se adiantara a pasada semana, a Universidade de Vigo realizará nas vindeiras semanas probas PCR mediante saliva a todo o seu persoal. Serán arredor de 3000 persoas as que se someterán a estes test, incluíndo o persoal de administración e servizos, o docente e investigador e todas as demais modalidades de contratos de investigación (de predoutoramento, con financiamento de Xunta de Galicia ou do Estado, etc.). Se ben estaba previsto que esta semana se contara xa co material necesario para arrancar as probas o vindeiro luns, finalmente un retraso na entrega do material adiará uns días o arranque dos test.

Con respecto ás 200 PCR aleatorias de control semanal que está previsto manter ao longo de todo o curso e que se realizarán preferentemente ao alumnado, o vicerreitor de Planificación insistiu en que serán probas "moi flexibles" que se adaptarán á situación sanitaria que haxa en cada momento. "Se ben en principio son test

aleatorios poderán concentrarse nun único centro se as circunstancias así o recomentan porque previamente se detectase algún caso positivo nese lugar e, nesa situación, podería incluírse tamén o PDI e o PAS dese centro", subliñou Míguez, que fixo fincapé en que en todo momento se seguirán as recomendacións das correspondentes autoridades sanitarias.

"A idea fundamental é facer unha especie de foto fixa de como se atopa a Universidade nada máis arrancar o curso e, a partires de aí, facer un seguimento ao longo de todo o curso coa realización desas 200 PCR semanais", subliñou o reitor.

"Pórse as pilas" e adiantarse, no posible, ao virus

Manuel Reigosa lembrou como o curso pasado a Universidade de Vigo, ao igual ca o resto de universidades españolas, tivo que "pórse as pilas" para levar a cabo toda unha serie de medidas para as que, en principio, non se estaba preparado, pero que resultaron de grande utilidade e foron en moitos casos pioneiras. Neste sentido o reitor tamén fixo fincapé en que a pesares de todo o acontecido coa covid, a institución académica viguesa está a acadar este curso uns excelentes resultados de matrícula, o que, ao seu xuízo, quere dicir que a cidadanía foi quen de percibir a preocupación da institución, tanto polos temas de seguridade, "algo prioritario nestes momentos", como por garantir unha docencia de calidade. "É importante que sexamos quen de formar aos



Un intre da rolda de prensa

nosos alumnos coas mesmas competencias que terían nun curso normal", subliñou Reigosa, quen fixo fincapé en que o curso pasado as cousas fixéronse sobre a marcha, con moito esforzo por parte de todo o mundo, gabando o esforzo levado a cabo por todo o PDI, o PAS e o alumnado, "un esforzo común que permitiu rematar o curso con éxito".

Todo listo para adaptarse aos diferentes escenarios

Os tres participantes na rolda de prensa insistiron en que se ben o curso arranca nunha evidente situación de incerteza, na Universidade de Vigo está todo listo para adaptarse aos diferentes escenarios que poidan ir xurdindo. "Canto menos teñamos que estar na casa e máis na aula moito mellor", insistiu Reigosa, pero, en previsión do que poida pasar, o reitor explicou que a Universidade puxo en marcha toda unha serie de medidas, a maiores da realización dos test PCR, que inclúen desde facer obras para dotar aos centros de novos espazos docentes, ata ampliación de aulas para que poidan cumprirse as distancias de seguridade ou a instalación de códigos QR na entrada das clases.

Son diferentes medidas que dende o equipo de goberno agardan que permitan actuar coa máxima seguridade e garantir que a docencia sexa o mellor posible, o que significa un grao de presencialidade moi alto e, ao mesmo tempo, estar preparados para, se en calquera momento hai que pasar a unha situación de non presencialidade, ter as ferramentas preparadas, especialmente o Campus Remoto, que se puxo

en marcha nun tempo récord e que se reforzou ao longo do verán, e o Campus Integra, que vai permitir combinar a docencia física e a virtual, con alumnos e alumnas que poidan estar presentes na aula diante do profesor con outros que seguirán as clases desde a casa pero que, igualmente, van a poder interactuar de xeito continuo co docente. "Se hai que pasar a unha situación de illamento temporal dun un curso, aula ou grupo determinado non cabe dúbida que tamén o imos poder facer", recalcou Reigosa, neste sentido indicou que hai titulacións enteiras que van estar funcionando de xeito totalmente presencial, tanto nas aulas teóricas como nas prácticas e nos seminarios.

Metidos de cheo na procura de solucións contra a pandemia

Na rolda de prensa houbo numerosas palabras de felicitación e agradecemento para o investigador da Escola de Enxeñería Industrial e do Cintecx, (Centro de Investigación en Tecnoloxías, Enerxía e Procesos Industriais) da Universidade de Vigo Jacobo Porteiro, que foi quen inicialmente tivo a idea de empregar o coñecido como sistema pooling para facer test masivos de detección da covid-19. Segundo explicaron os vicerreitores, esta proposta de Porteiro foi "desde o minuto un" posta en coñecemento do Sergas e da vicepresidencia da Xunta, que axiña se puxeron mans a obra para que a iniciativa chegase a bo fin. "Desde o primeiro momento os responsables do Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur implicáronse de cheo neste proxecto", explicou Rubio.

Máis aló deste caso concreto, a vicerreitora de Investigación quixo pór en valor a rapidez coa que actuaron as e os investigadores da Universidade de Vigo a raíz da crise da pandemia, un esforzo conxunto que se traduciu na posta en marcha de diferentes proxectos de investigación que acadaron financiamento en convocatorias impulsadas por diferentes organismos creadas exprofeso para facerlle fronte a unha situación sanitaria de emerxencia. "Hai en marcha proxectos referidos á detección temperá do virus; estudos xenómicos que afondan no percorrido que seguiu a covid-19 en Galicia; investigacións sobre os mellores métodos para proceder á limpeza de locais feitos con drones e tamén estudos que se anticipan aos gromos que se van producindo a través, por exemplo, do estudo

das augas residuais", explicou Rubio, quen fixo fincapé en que "todos estes son proxectos que se están a desenvolver aquí, que se conseguiron en diferentes convocatorias que lanzaron institucións como o Instituto de Saúde Carlos III ou o Banco Santander e nas que os nosos investigadores presentaron propostas moi competitivas, acadándose o éxito en cando menos, seis delas", recalcou a vicerreitora. Como efecto positivo de toda esta situación, a vicerreitora destacou o feito de que se demostraron claramente as vantaxes da interdisciplinabilidade, de que especialistas de ámbitos diferentes traballen de xeito conxunto ●

Ultiman a primeira plataforma europea que centralizará toda a oferta formativa e de emprego no sector marítimo-portuario

Esta industria ten dificultades para cubrir boa parte dos perfís profesionais que demanda

D. Besadío
DUVI 16/09/2020

Puxéronse en marcha a comezos de ano e este mércores presentaron xa os resultados destes meses de traballo: a primeira plataforma europea sobre oferta formativa e de emprego no sector marítimo-portuario, unha ferramenta pioneira que aínda non está de todo operativa pero que o estará en breve. Falamos dos integrantes do proxecto europeo [MarENet, Atlantic Maritime Ecosystem Network](#), un consorcio de oito entidades españolas, irlandesas e francesas lideradas polo Campus do Mar e que hoxe celebraron, en liña, o seminario internacional *Carreiras azuis como estratexia para fomentar a industria azul atlántica*, un taller no que debater sobre as habilidades e coñecementos que deben ter os profesionais dos principais sectores marítimos, tanto dos ámbitos máis tradicionais (construción naval, loxística e servizos de portos marítimos, pesca e acuicultura) como dos emerxentes, caso da biotecnoloxía azul ou as enerxías renovables.

O encontro foi inaugurado pola vicerreitora de Investigación, Belén Rubio, e polo director do Campus do Mar, Daniel Rey, que estiveron acompañados de xeito telemático polo director da Autoridade Portuaria de Vigo Enrique López Veiga e dous altos executivos da Comisión Europea: o director xeral de Asuntos Marítimos e Pesqueiros da Dirección Xeral do Mar, Andreea Strachinescu, e un dos responsables da Axencia Executiva para as pequenas e medianas empresas, EASME, Vicent Favrel.



Seguiron o taller máis de 150 profesionais de distintos países

Na reunión participaron -a inmensa maioría de xeito telemático- máis de 150 profesionais que se uniron ao seminario desde os seus respectivos países, tanto de Europa –Bélxica, Francia, Holanda, Irlanda, Portugal, Suecia...- como de África –Camerún, Guinea, Ghana...-. Entre estas persoas non só había representantes das diferentes administracións e institucións académicas, senón tamén numerosos representantes das empresas,

tanto públicas como privadas, dos sectores naval, tráfico marítimo, biotecnoloxía, loxística, pesca... Precisamente na importancia da unión entre a industria e a academia foi un dos aspectos nos que máis fixo fincapé na inauguración a vicerreitora de Investigación, quen tamén recalcou a necesidade de crear consorcios e unir esforzos para lanzar ao mercado novos produtos e servizos.

A nova plataforma dá acceso a tres tipos de ferramentas dixitais

A nova plataforma desenvolta polos socios de MarENet está constituída por tres ferramentas dixitais que facilitan o acceso á información xerada respecto a itinerarios, oferta formativa, e ofertas-demandas de emprego no ecosistema marítimo-portuario. "Estas 'digital tools' permitirán integrar toda a información que se xere no proxecto de forma sistematizada, facéndoa facilmente accesible aos potenciais usuarios, así como facilitar a interacción entre os actores da empresa, o mundo da formación, os traballadores, os demandantes de emprego, etc.", explican os responsables do proxecto.

A primeira destas ferramentas que se insiren na plataforma está vinculada ás carreiras profesionais e amosará de forma didáctica en que consiste o traballo e as tarefas técnicas de cinco perfís profesionais chave de cada un dos segmentos da economía azul que abrangue o proxecto. Segundo se explicou permitirá aos potenciais usuarios coñecer de primeira man a formación requirida para un posto dado, as tarefas a executar no día a día, o salario potencial, as oportunidades de progresar nese eido, etc. A segunda, xa operativa, está vinculada aos cursos e proporcionará información a aqueles interesados en atopar formación e oportunidades de mellora das súas capacidades profesionais, ofrecendo información sobre a oferta formativa (regulada e non regulada) para cada un dos segmentos en España, Francia e Irlanda. No caso da terceira, céntrase nos empregos e supón unha oportunidade para aquelas persoas que están na procura de traballo ou prácticas en empresas relacionados coa economía azul.

Cales son os perfís profesionais máis demandados?

No seminario, cuxa parte presencial se celebrou no edificio Miralles, presentáronse tamén os resultados dun traballo de campo realizado nos tres países socios no que, a través de enquisas a profesionais dos sectores máis representativos, se tratou de identificar as principais demandas desta industria en termos de formación e capacitación. Unha vez analizados estes datos amosan que na industria do sector da construción naval resulta difícil atopar perfís cualificados no mercado laboral, sobre todo, eléctricos, eléctricos de motor, soldadores, persoal de operacións e de uso de máquinas... Ademais, tamén se fixo mención especial á falta de expertos en Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC), así como persoas con experiencia profesional no manexo e xestión de datos (data science).

No sector de portos e servizos loxísticos demándase, sobre todo, persoal con coñecementos en navegación marítima e contaminación mariña; condutores/as de grúas e de vehículos pesados e tripulantes/capitáns en barcos de prácticos. No caso da pesca e a acuicultura tamén se admitiron dificultades para cubrir postos de traballo como capitáns pesqueiros, tripulantes para barcos de pesca, mergulladores... A xuízo das entidades entrevistadas a razón principal pola que non se atopan estes perfís débese principalmente ao descoñecemento xeral sobre as oportunidades de traballo que ofrece o sector, a falta de atractivo das tarefas a realizar e as duras condicións da contorna laboral.

Máis formación dual e promoción das carreiras azuis

En canto ás principais medidas que deberían pórse en marcha para solucionar estas carencias, boa parte das entidades entrevistadas salientaron a importancia de que a industria e os centros de educación colaboren, tanto no deseño de programas de formación dual que combinen a teoría coa experiencia práctica, como na promoción das denominadas "carreiras azuis". A maiores, tamén se fixo fincapé na necesidade de adaptar os diferentes programas formativos á actual normativa pola que se rexe esta industria

e á necesidade de harmonizalos no conxunto da Unión Europea.

Identificáronse seis segmentos claves dentro da Economía Azul

Tal e como se salientou no seminario, todos estes recursos que se están creando e poñendo en marcha no marco do proxecto MarENet, buscan proporcionar información e conectar a aquelas persoas interesadas en desenvolver ou mellorar as súas oportunidades profesionais nalgunhas das moitas actividades produtivas e servizos que integran o amplo sector da Economía Azul. A efectos operativos, os responsables do proxecto explicaron que as actividades da Economía Azul que se contemplan neste estudo agrúpanse en seis segmentos: construción e reparación naval; enerxías renovables; loxística e servizos portuarios; pesca, acuicultura e biotecnoloxía azul; transporte, navegación marítima e servizos; seguimento, seguridade e vixilancia e turismo costeiro-marítimo ●

Nacen os premios GirlGeekCovid para incentivar, apoiar e fomentar os estudos STEM entre as mulleres

Poden presentarse as alumnas matriculadas nestas titulacións
dos campus de Vigo e Pontevedra

M. Del Río
DUVI 22/09/2020

Segundo o Observatorio da Igualdade da UVigo publicado este mes, as alumnas son maioría en todos os eidos do coñecemento, excepto no da enxeñaría e a arquitectura, no que representan tan só o 23% do total de estudantes matriculados. Esta infrarrepresentación pode xerar unha enorme fenda económica e salarial nun futuro no que es agarda que o 90% dos traballos van a pertencer a estes ámbitos.

Para facer fronte a esta situación e fomentar a presenza de mulleres no eido científico e tecnolóxico, a Universidade de Vigo conta con varias iniciativas como as xornadas Elas fan CienTec ou Exxperimenta en Feminino, ao tempo que colabora cos institutos que imparten o Bacharelato de Excelencia en Ciencias e Tecnoloxía, STEMbach. A estas propostas agora súmanse os [Premios GirlGeekCovid](#), que se enmarcan na Cátedra de Feminismos 4.0 DEPO-UVigo que ambas institucións renovaron este pasado mes de xullo. A convocatoria está destinada ás alumnas da Universidade de Vigo matriculadas nalgunha das titulacións STEM nos campus de Vigo e Pontevedra e ten como obxectivo incentivar, apoiar e fomentar este tipo de estudos entre as mozas con dous galardóns de 2000€ e dous accésits de 1000€ para as que teñan mellor expediente e maior motivación.

A presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, animou ás estudantes a presentarse a estes premios "porque as rapazas máis novas necesitan referentes femininos que



lles expliquen a importancia de cursar estas carreiras, que lles reafirmen que unha nena pode estudar o que ela queira, e o relevante que é para a sociedade actual poder contar co talento e co coñecemento das mulleres". "O que non se coñece non se pode desexar", sinalou a presidenta provincial, "por iso é tan importante que visibilicemos ás mulleres que xa están nas STEM e que poidan falar diso". Pola súa banda, o reitor da Universidade de Vigo, Manuel Reigosa, remarcou que "o firme compromiso da Presidencia da Deputación e da nosa Universidade está posibilitando impulsar e reforzar as oportunidades para que as mozas opten e

permanezan formándose no ámbito STEM, tan estratéxico na actualidade".

Dous premios de 2000€ e dous accésits de 1000€

Segundo explica a directora da Unidade de Igualdade da UVigo Águeda Gómez, "estes premios nacen co fin de reforzar e apoiar as vocacións STEM das mozas da nosa Universidade e está na liña marcada por esta cátedra co fin último e incorporar ás mulleres ao mundo dixital e acabar co machismo e o sexismo dixital, máis aínda neste tempo de covid-19 onde o ámbito dixital resulta fundamental en todos os ámbitos da nosa vida social, laboral e persoal".

Os premios recoñecerán o mellor aproveitamento académico das candidatas, ademais da súa motivación explícita nos estudos STEM. Así, poderán presentarse as mulleres matriculadas na Universidade de Vigo no curso 2020/2021 en 60 créditos en titulacións de grao ou mestrado das ramas de Enxeñaría ou Ciencias dos campus de Pontevedra e Vigo. Deberán ter superados ata o curso 2019/2020 como mínimo 60 créditos da titulación na que se atopa matriculada e ter unha nota media do expediente ata o curso 2019/2020 igual ou superior a 7 nas titulacións da rama de Enxeñaría e a 8 nas titulacións da rama de Ciencias. O prazo de presentación das solicitudes remata o 16 de outubro.

A convocatoria contempla que se outorgará un primeiro premio de 2000€ e un accésit de 1000€ en cada rama (Ciencias e Enxeñaría). O xurado valorará tanto o expediente académico como a motivación das mozas, que deberán presentar unha carta na que amosen, por unha banda, as razóns que as levaron a optar por realizar estudos universitarios no ámbito das STEM e, por outra, onde reflexionen sobre a súa experiencia persoal como mulleres nun ámbito tradicionalmente masculinizado ●

A demanda de madeira de piñeiro experimentará un crecemento sostido vinculado á construción

Ao tempo que algúns países poderían ver reducida a súa oferta de materia prima

DUVI Pontevedra 23/09/2020

O mercado da madeira serrada de árbores da familia das coníferas, como o piñeiro, experimentará nas próximas décadas un "crecemento sostido", derivado principalmente da demanda deste recurso por parte do sector da construción. Esta é a principal conclusión do informe sobre as perspectivas futuras do mercado desta madeira que o director da Escola de Enxeñaría Forestal, Juan Picos, realizou no marco dos traballos do [grupo operativo Genmac](#). Contribuír a incrementar a competitividade deste sector a través dun mellor uso dos recursos xenéticos é o obxectivo central dun proxecto que nestes días celebra, a través da rede, os seus últimos seminarios, como o celebrado na mañá deste mércores, no que Picos deu conta das principais conclusións dun estudo que xa abordara previamente cos diferentes socios do proxecto.

A Confederación de Organizacións de Silvicultores de España, Neiker-Tecnalia, o Clúster da Madeira e do Deseño de Galicia, Tragsa e os outros dous centros de investigación vinculados co eido forestal con sede en Pontevedra, a Misión Biolóxica de Galicia (CSIC) e o CIF de Lourizán, son os socios deste grupo operativo supraautonómico, beneficiario dunha axuda Feader de máis de 500.000 euros nunha convocatoria da Asociación Europea para a Innovación en Materia de Produtividade e Sustentabilidade Agrícolas (Aei-Agri). Centrado en promover o uso dos mellores materiais forestais de reprodución para incrementar a produtividade e calidade na produción de madeira de coníferas, a EE Forestal achegou ao proxecto unha análise dirixida a coñecer, "desde o punto de vista do



Xuntanza presencial. Foto: Genmac

mercado e das industrias", que factores sería necesario ter en conta en materia de mellora xenética. Nese obxectivo insírese o informe *Perspectivas futuras del mercado de la madera de coníferas*, que será publicado como un dos resultados finais deste grupo operativo, e así como a enquisa que Picos realizou a diferentes industrias, cuxos resultados serán presentados polo Clúster de Madeira a vindeira semana no seminario final do proxecto.

Un mercado en crecemento

"Todo indica que vai haber un incremento do consumo moi importante desta madeira, derivado

sobre todo da construción”, salienta Picos, que incide no seu informe en que, segundo a Plataforma Tecnolóxica Forestal Europea, en 2040 a construción con base biolóxica no continente triplicará a súa cota de mercado con respecto a 2015. Tratarase, así mesmo, dun crecemento vinculado a “tecnoloxías e produtos relativamente innovadores”, como a madeira contralaminada (CLT) ou a chapa de madeira laminada (LVL), “que permiten facer construcións estruturais de madeira” e que se realizan fundamentalmente a partires de coníferas, xa que “teñen menores densidades que as frondosas e tamén menos taninos”.

O informe, ao que no seminario desta xornada Picos engadiu unha análise respecto dos efectos da covid-19 nesta industria, ten como punto de partida unha análise do contexto internacional da industria baseada na madeira de coníferas, como a do piñeiro no noroeste penínsular ou a de abeto en América do Norte e no centro de Europa. Nel, obsérvase como nos primeiros anos do presente século se rexistraron xa aumentos de produción e de comercio internacional, pero tamén como “a maior parte dos gobernos” teñen establecido “incentivos á construción en madeira, que fan prever que este é un mercado que vai crecer”, sinala Picos.

Un mercado con “ocos” na oferta futura

Máis aló deste previsible crecemento, as perspectivas de futuro veñen marcadas tamén por “outro factor moi importante e moi relacionado co cambio climático, que é que en moitos países as masas de coníferas están en retroceso”. Deste xeito, sinala Picos, poderían darse á vez dúas circunstancias, “que haxa un certo incremento do consumo e unha diminución dos recursos que ata agora eran a materia prima”. De aí que o investigador poña o acento no “oco” que poderían atopar no mercado aqueles países ou rexións “que sexan capaces de producir madeira de piñeiro para a construción nun tempo máis curto”, dada a mortalidade de grandes masas de coníferas en América do Norte ou no centro de Europa que fan que países que “tradicionalmente dominaban este recurso” poidan a medio prazo “pasar apuros” para prover esta demanda crecente.

A partires deste escenario, o informe pon o foco na existencia dunha “oportunidade de

mercado” nas próximas décadas no referido á produción de madeira “coa suficiente calidade tecnolóxica” como para ser empregada en sectores emerxentes como á construción. Nese senso, Picos sinalou tamén na súa análise unha serie de accións precisas para “aproveitar esa oportunidade” e que abranguen desde o mantemento da superficie dedicada ao piñeiro en España e a mellora dos procesos silvícolas ao impulso da mellora xenética no referido á características, como a resistencia, acordes coas necesidades deste sector ●

Supéranse en
149 as prazas de
grao ofertadas
e a taxa de
ocupación
sitúase no
103,79%

Con máis de 3800 matriculados a Universidade de Vigo acada os mellores rexistros de novo ingreso dos últimos 15 anos

O reitor cualifícao de "éxito extraordinario" e asegura que "o alumnado galego confía na UVigo"

DUVI 23/09/2020

Cómpre retroceder 15 anos para atopar uns datos de novo ingreso en titulacións de grao na Universidade de Vigo que superen a cifra de 3804 matriculados que a día de hoxe se rexistra neste curso 2020/2021. Cando aínda restan tres chamamentos máis para a pechar a matrícula, as prazas de novo ingreso cubertas nos 60 títulos de grao, que este curso oferta a UVigo, superan en 149 as prazas ofertadas, 3655 sen incluír as do Centro Universitario da Defensa, o que representa unha taxa de ocupación do 103,79%. Por campus, este curso 20/21 as prazas cubertas en Vigo son 2061; en Ourense 986 e en Pontevedra 757, o que se traduce nunhas taxas de ocupación do 102%, 107% e 106%, respectivamente.

Fronte ás estimacións da Crue e das propias universidades que prevían unha caída na matrícula, tanto dos graos (ata un 7%), coma nos mestrados (ata un 30%), "aquí ocorreu exactamente o contrario, é dicir, temos datos de matrícula que non se vían pasados 15 anos. Habería que remontarse a cando aínda tiñamos alumnos do 'baby boom', con moita máis xente en Galicia que puidera acceder a títulos universitarios en primeira matrícula, e o que temos é un éxito extraordinario, que creo que hai que louvar a moita xente", dixo o reitor este mércores na presentación a medios dos datos provisionais. Para Reigosa este incremento na matrícula de novo ingreso nas titulacións de grao ten varias explicacións, dunha banda, a situación de incerteza derivada da covid-19 que levaría ao alumnado que pensaba



en marchar a estudar fóra a quedar na casa, e doutra, "temos un factor diferencial porque as cousas se fixeron, sen presumir, se fixeron ben durante o pasado curso, no que resolvemos sobre a marcha unha situación de paso abrupto dende a normalidade con presencialidade total, ata unha situación en liña que se fixo ben. Polo tanto eu creo que hai moita xente que confía na Universidade de Vigo e o éxito está aí". A estes factores, o reitor engadiu un terceiro que é que a programación deseñada para este curso aposta pola máxima presencialidade, con titulacións impartidas integramente nesta modalidade, agás que haxa algún problema, en cuxo caso

as alternativas xa están previstas. "Este é un compromiso co noso alumnado e eu entendo que a xente está satisfeita e tranquila. A xente pode confiar na Universidade de Vigo para desenvolver a súa carreira mesmo en tempo de covid", destacou Reigosa, para quen os datos rexistrados evidencian unha realidade: "que o alumnado galego apostou pola Universidade de Vigo".

As cifras polo miúdo

A vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria, Natalia Caparrini foi a encargada de debullar os datos de novo ingreso e globais en titulacións de grao e tamén en mestrado, incidindo en ambos casos na súa provisionalidade, dado que, tanto nun caso, coma noutro, aínda quedan prazos de matrícula abertos. Tras lembrar que este curso a UVigo ofertou 3655 prazas de novo ingreso en 60 titulacións de grao, Caparrini confirmou que á espera da matrícula do alumnado da convocatoria extraordinaria de setembro da ABAU, o número de prazas cubertas é de 3804, que se traduce nunha taxa de ocupación do 103,79% , fronte ao 98,2% do 19/20, ou o 97,4% do 18/19.


No que se refire aos datos globais de persoas matriculadas en todos os cursos de todas as titulacións de grao que oferta este curso 20/21 a UVigo, a cifra acada as 16.257, das que 9006 corresponden ao campus de Vigo (55%); 4122 a Ourense (25%) e 3129 (19%) a Pontevedra. Esta cifra global de 16.257, que no curso pasado se situou en 16.409, aínda non inclúe as matrículas da convocatoria extraordinaria da ABAU, nin as correspondentes ao Centro Universitario da Defensa, nin as do Programa de maiores, "polo que se pode falar dun dato moi positivo para este curso 20/21", explicou Caparrini.

En canto aos datos de novo ingreso en titulacións de máster, a UVigo ofrece este curso 59 títulos e un total de 1811 prazas. No período de preinscrición rexistráronse 3953 solicitudes, o que representa unha taxa de ocupación do 224% e xa no primeiro prazo de matrícula o número de prazas ocupadas é de 1283 e a taxa acada o 70,8%, "datos moi positivos tendo en conta que son provisionais e que aínda queda o segundo prazo e o extraordinario", dixo a vicerreitora. Do total de prazas ocupadas, 748 (66%) corresponde ao campus de Vigo; 252 a Ourense (74%) e 247 (90%) a Pontevedra.

Datos de novo ingreso

Matriculacións de novo ingreso en titulacións de grao

- Número de prazas de grao cubertas: 3804*
- Taxa de ocupación global: 103,79%*



(* pendiente matrícula da convocatoria extraordinaria ABAU)

Universidade de Vigo

Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria

Datos de novo ingreso

Matriculacións de novo ingreso en titulacións de grao



Universidade de Vigo

Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria

No curso pasado (19/20) matriculáronse en todas as titulacións que se impartían na UVigo, agás no Programa de maiores 20.129 persoas.

Titulacións con prazas vacantes e novos prazos de matrícula

Na rolda de prensa, o vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado Manuel Ramos foi o encargado de detallar as titulacións nas que a oferta de prazas aínda está aberta ás persoas que realizaron as probas ABAU no mes de setembro. Neste sentido subliñou que no campus de Ourense se ofertan 35 prazas en Enxeñaría Agraria e 15 en Turismo; no de Pontevedra 15 en Dirección e Xestión Pública e outras tantas en Enxeñaría Forestal e, no caso do campus de Vigo, a dispoñibilidade é de 35 prazas en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios; 15 en Enxeñaría da Enerxía; 25 en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación, cinco delas en inglés; 50 en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos; 15 no grupo de inglés de Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais; 15 tamén en Tradución e Interpretación (Galego-Inglés) e outras tantas

para a titulación de Administración e Dirección de Empresas no centro adscrito de IESIDE.

En canto aos prazos de matrícula que quedan pendentes Manuel Ramos explicou que con respecto ao alumnado de primeiro que se matricula por primeira vez nun grao “se abrirán tres prazos ao longo do mes de outubro: o primeiro será os días 7 e 8 e o último do 17 ao 20, data na que se dará por rematado o proceso de matriculación do novo alumnado de grao”. En canto aos mestrados haberá un terceiro prazo de preinscrición e matrícula naquelas titulacións nas que aínda queden prazos e rematará este proceso o 16 de outubro. No caso dos programas de doutoramento a matrícula realizarase entre o 1 e o 7 de outubro e, de quedar prazos vacantes, abriríase unha nova convocatoria no vindeiro mes de febreiro ●

Universidades á disposición do país para facer de Galicia un lugar máis próspero

Na inauguración do curso, Reigosa gabou a capacidade das institucións para afrontar a pandemia

Feijóo, que as cualificou de “referente para a sociedade”, animounas a acadar a excelencia

DUVI 25/09/2020

Catro días despois de que o curso 20/21 arrancase nas aulas das tres universidades do SUG, o salón de actos da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais acolleu este venres un acto de inauguración oficial no que as máscaras e as distancias de seguridade entre o reducido grupo de persoas presentes no salón, evidenciaron a excepcionalidade dun curso marcado desde o seu comezo pola covid-19. Aínda que a pandemia tamén estivo moi presente nos discursos do reitor da Universidade de Vigo e do presidente da Xunta, así como na lección inaugural do catedrático Xosé Carlos Arias, o acto celebrado este mediodía no campus de Vigo, serviu, tanto a Reigosa, como a Núñez Feijóo, para reiterar “o papel referente das universidades para a sociedade galega”, dixo o titular do goberno galego, así como “a súa disposición para facer do país un lugar máis próspero”, asegurou o reitor vigués.

Acompañados na mesa presidencial polos reitores da Universidade de Santiago de Compostela, Antonio López, e da Coruña, Julio Abalde, e ante un restrinxido auditorio, integrado por membros da comunidade universitaria e representantes de institucións políticas, económicas e sociais, Reigosa e Feijóo, destacaron a capacidade das institucións académicas para adaptarse desde o curso pasado á pandemia, garantindo a formación do seu alumnado, así como o traballo desenvolvido para dar resposta á docencia en calquera dos escenarios que se poidan producir ao longo dos próximos meses, xa sexan estes presenciais, semipresenciais ou virtuais. Pola súa banda, nun discurso, no que avanzou que “vou falar do país”, Manuel Reigosa referiuse aos que considera grandes problemas da sociedade galega, “declive demográfico e abandono do rural”,



así como as solucións que, tanto desde Europa, como desde España e desde o propio país cómpre activar para facerlle fronte, asegurando que “as universidades galegas poden e deben estar, como non pode ser doutro xeito, a dispor da sociedade galega no só para docencia, investigación e transferencia, senón para calquera obxectivo de país. Estamos a disposición para intentar elevar a mirada e facer de Galicia un lugar mellor, máis próspero”. Mentres, Feijóo, tras lembrar que xa se está a negociar o Plan de Financiamento 2022-2026, apuntou que tras acadar a calidade “agora toca traballar na procura da excelencia académica”. O presidente da Xunta tamén demandou a implicación das universidades nos proxectos tractores polos que a Xunta aposta para pilotar a reactivación da economía, e asegurou que “coa afouteza de todos en especial dos universitarios, Galicia disipará de novo todas as sombras que se nos presenten”.

No acto de inicio do curso, no que Rodrigo Román e Bea Martínez interpretaron coas súas arpas, entre outras pezas, o *Gaudeamus* e o *Himno de Galicia*, o catedrático do Departamento de Economía Aplicada Xosé Carlos Arias, ofreceu unha lección inaugural titulada *Finanzas relampo e economía política. Economía política do nanosegundo* na que reflexionou sobre o impacto que na economía produce a aceleración que está a caracterizar as primeiras décadas deste milenio.

As universidades como ferramenta clave para solucionar os grandes problemas do país

En clave de país. Así realizou o reitor da Universidade de Vigo, Manuel Reigosa, o seu discurso de apertura do novo curso académico, fíxoo nunha intervención na que non dubidou en afirmar que a sociedade vive “tempos difíciles nos que hai que tomar decisións que afectarán profundamente ao futuro de Galicia”. Neste contexto quixo pór enriba da mesa o ofrecemento das universidades galegas non só para seguir cumprindo as súas misións fundamentais, “formar ás persoas egresadas, producir novos coñecementos e transferilos ao tecido social”, senón tamén para colaborar co resto de axentes sociais en todo o que sexa “elevar a mirada e facer de Galicia un lugar mellor, máis próspero e cun futuro asegurado como país produtor de coñecemento”. Esta é, ao seu xuízo, “a clave” para arranxar os que considera tres grandes problemas da sociedade galega: declive demográfico, envellecemento e abandono do rural.

“Nun ano especial, no que o país vive unha situación excepcional”, a intervención do reitor arrancou botando a mirada cara o curso pasado. Neste senso, defendeu que o sistema universitario de Galicia “fixo ben os deberes” e entre todos conseguíuse que o curso rematase con “nobre éxito” e que as alumnas e alumnos gañasen as competencias que precisaban e que fosen avaliados de xeito xusto. “As tres universidades preparámonos para solucionar os mesmos problemas e fixémoslo o mellor que puidemos”, admitiu o reitor vigués, ao tempo que subliñou que houbo que facer fronte, “de xeito totalmente inesperado”, ao dobre reto de: por unha banda, mudar a docencia tradicional-presencial por outra virtual-a distancia e, pola outra banda, superar a denominada fenda dixital, xa que moitos

estudantes non contaban cos medios necesarios que lles permitise seguir a actividade normal desde o seus fogares. “A solución que atopamos na Universidade de Vigo foi facer chegar de balde a 350 estudantes que tiñan este tipo de problemas unha solución técnica que lles permitise resolver este tipo de problemas”, explicou Reigosa. Seis meses despois, o novo curso chega, tal e como explicou, con tres modalidades de docencia: presencial, mixta ou totalmente telemática, permitindo a docencia simultánea a estudantes na aula física e na aula virtual.

“Primeiro, crise sanitaria; logo, crise económica”, salientou Reigosa, quen lamentou que Galicia



está claramente por debaixo da media europea en patentes, en colaboración público-privada na innovación, no deseño de aplicacións e na innovación en pemes, se ben, “afortunadamente, non todo é negativo”, e sitúase claramente por enriba desta media en porcentaxe de poboación con estudos superiores, produción científica e solicitudes de marca rexistrada. “Temos moita xente moi ben formada e dispomos de centros de investigación de excelencia, así como outras institucións dedicadas á I+D e potentes centros tecnolóxicos que participan na innovación das nosas empresas”, salientou o reitor, quen quixo deixar claro que “existen oportunidades de financiamento para mellorar as condicións do país a medio e longo prazo”.

Entre estas ventás de financiamento, o reitor lembrou a importancia que está a acadar Europa que, esta vez, “si estivo á altura”, polo que, desde

o seu punto de vista, se Galicia é quen de sacar proveito da situación, "traballando todos xuntos", as oportunidades que se abren son inmensas e "van permitir levar adiante grandes cousas". Entre outras iniciativas que se están a fomentar desde a UE o reitor destacou o fomento do emprego indefinido, especialmente da xuventude, o impulso da innovación ou o apoio á dixitalización das empresas...

Como exemplos das capacidades do país, o reitor fixo unha breve repaso dos centros de investigación e agrupacións estratéxicas da Universidade de Vigo: o Centro de Investigación Mariña, CIM; o centro de investigación de Tecnoloxías das Telecomunicacións, atlantTic; o Centro de Investigación en Tecnoloxías, Enerxía e Procesos Industriais, Cintecx; o Centro

representar un enorme obstáculo que cambiou as nosas vidas", afirmou que "os galegos poden seguir mirando con orgullo á institución universitaria". Tras lembrar que "non é doado para unha comunidade coma esta, que ten a súa razón de ser en estar xuntos, adaptarse ao contexto novo", o presidente subliñou que "a colaboración entre as universidades e a Xunta permitiu anticipar medidas que fan posible que o curso se inicie con garantías".

Ante o novo ano académico que comeza, Núñez Feijóo destacou que "non teño a máis mínima dúbida de que as nosas universidades volverán a dar exemplo" e amosou a súa confianza en que a volta ás aulas e o curso 2020/2021, "un dos máis complexos da historia recente", "se realizará de xeito que nos sintamos satisfeitos,



A vicerreitora de Comunicación, Mónica Valderrama, explicando como funciona unha Aula Integra

“Non teño a máis mínima dúbida de que as nosas universidades volverán a dar exemplo”

de Investigacións Biomédicas, Cinbio; Ecobas (Economics and Business Administration for Society), primeira e única agrupación estratéxica galega no ámbito xurídico-social, e Citaca, o clúster de investigación e transferencia agroalimentaria do Campus da Auga.

Universidades referentes e tractoras

No seu discurso, Alberto Núñez Feijóo salientou como "o pobo galego, que soporta hoxe unha situación inédita, onde se precisan certezas, ten nas súas universidades unha referencia fundamental". Nun tempo no que a covid "ben a

entre outras cousas, polo deber cumprido". O presidente da Xunta lembrou durante a súa intervención medidas levadas a cabo como a aprobación de plans de continxencia "que contemplan tres escenarios para as diferentes situacións sanitarias"; os plans de prevención sanitaria "axustados a cada centro universitario"; o establecemento dos requisitos para a docencia non presencial "de maneira que non supoña unha mingua notable" e a adaptación das guías docentes de cada materia de grao e mestrado. "As cousas fixéronse ben", apuntou.

En 2020, detallou o presidente da Xunta, os recursos públicos asignados "acada os 443 millóns de euros, o teito histórico de financiamento das universidades galegas"

e en investigación o marco definido para o período 2019-2022 tradúcese nunha inxección de 20,5 millóns de euros. Os galegos, engadiu, "achegamos 1.214.000 euros diarios ao noso sistema universitario". Recoñecendo que "manter uns estándares axeitados esixe recursos", Alberto Núñez Feijóo indicou como a Xunta vai a transferir tres millóns de euros para facer fronte aos gastos extraordinarios deste inicio de curso universitario.

Sobre o futuro, o titular do executivo galego lembrou que actualmente estase negociando o plan de financiamento universitario 2022-2026, "que fixará os obxectivos básicos en docencia, en investigación e en transferencia de coñecemento". Neste senso apuntou que "o paso seguinte no que debemos traballar xuntos témolo claro: logramos a calidade e agora toca traballar na procura da excelencia académica". Con este reto no horizonte, dixo, establécese "o pacto para o mapa de titulacións, que supón a entrada de 13 novos graos ao sistema universitario por consenso" e enumerou outras medidas como a realización da primeira convocatoria en España en mestrado de excelencia, a convocatoria de excelencia académica para alumnado universitario e a mellora da convocatoria dos premios fin de carreira.

O presidente tamén se referiu durante a súa intervención no acto de inauguración do curso aos proxectos tractores polos que a Xunta de Galicia aposta para "pilotar a reactivación da nosa economía" e que se presentarán ao fondo de reconstrución europea. Neles, indicou, as administracións "serán só unha pequena parte" e "precisaremos a implicación dos axentes sociais, entre eles as universidades". Neste senso, Núñez Feijóo recalcou como "máis aló destes proxectos existen institucións tractoras do país, capaces de estimular a creatividade, o enxeño e talento e sen dúbida as universidades galegas son parte das institucións tractoras que fan forte a Galicia". Como peche ao seu discurso, o titular do executivo galego amosou a súa confianza en que "coa afouteza de todos, en especial dos universitarios, Galicia disipará de novo todas as sombras que se nos presenten".

Cambios económicos en nanosegundos

Na lección inaugural, o catedrático do Departamento de Economía Aplicada Xosé Carlos

Arias reflexionou sobre como a aceleración que caracteriza estas primeiras décadas do milenio ten impacto sobre a economía. Segundo o docente, esta velocidade xurde "da gran revolución tecnolóxica dos fluxos de información e a dixitalización masiva" e de transformacións estruturais do proceso económico que poñen como modelos de éxito a compañías como Toyota e a súa filosofía do *just in time* ou Inditex.

Na súa opinión, este é un "desafío moi importante para os procesos de formación das políticas económicas", xa que as diferentes temporalidades de finanzas e política "presionan fortemente sobre esta última, creando restricións difíciles de superar, unha xenuína camisa de forza imposta polos mercados de capital". O catedrático sostén que isto conduce a "algúns cambios de gran transcendencia nos procesos políticos contemporáneos, como o acurtamento dos ciclos políticos, un superior peso da improvisación e a experimentación, e sobre todo un gran protagonismo dos órganos máis rápidos, co predominio crecente do poder executivo e, aínda máis, dos órganos non elixidos, como os bancos centrais". Para Arias, "o problema crucial é que, con eses cambios, as políticas tenden a acelerarse, pero non deixan de ir por detrás dos mercados, nunha dinámica de aberta desincronización, un dos problemas máis complexos nos arduos labirintos da política democrática do noso tempo". E é que en tempos de finanzas-lóstrego "se acertas, pero es lento, es un perdedor e, nesas condicións, é evidente que as decisións xa no son humanas: a megamáquina decide" e por iso Arias remarca que "necesitamos unha economía política do nanosegundo".

Visita a unha Aula Integra

Antes do acto académico, o presidente da Xunta acompañado por unha comitiva de representantes da Universidade de Vigo realizou un percorrido por varias instalacións da Facultade de Ciencias Económica e Empresariais para coñecer como a institución se adaptou á situación actual de pandemia para iniciar o curso coa maior presencialidade posible. Núñez Feijóo puido comprobar como funciona o prototipo instalado á entrada do centro que mide tanto a temperatura como a cantidade de persoas que acceden ao centro. Posteriormente visitou unha das Aulas Integra, espazos dotados con equipos


persoais como ordenadores ou tabletas, que dan soporte a un "encerado virtual" que pode verse simultaneamente polos alumnos presentes na aula e por aqueles que sigan as clases desde a súa casa, ademais de permitir a adecuada interacción destes últimos. Estes dispositivos permiten tamén a docencia desde o domicilio do profesorado se nalgún momento é necesario.

Outra das medidas adoptadas pola UVigo para este curso que tamén puido coñecer o presidente da Xunta é o sistema de códigos QR, que permite o rexistro persoal dos postos empregados por cada usuario das aulas. Esta base de datos fará posible desenvolver actuacións de rastrexo no caso de presentarse algún positivo de covid-19 nunha aula. Posteriormente tamén visitou unha das máis de 70 aulas de informática adaptadas con anteparos transparentes que permiten optimizar o espazo mantendo a seguridade sanitaria e mantendo en uso a maior parte posible dos postos.

Feijóo valorou a iniciativa da UVigo de "aproveitar a pandemia para facer cousas que quedarán para sempre e poder acreditar que se pode dar formación e docencia presencial, semipresencial e en remoto en calquera lugar e para calquera lugar do mundo". Isto, segundo o presidente, "acredita que esta Universidade soubo aproveitar os recursos para consolidarse como unha universidade aberta ao mundo" ●




OUTUBRO



Co obxectivo de seguir diversificando a súa oferta académica, o Claustro da UVigo aprobou este mes de outubro o inicio dos trámites para creación da Facultade de Relacións Internacionais no campus de Ourense e das facultades de Dirección e Xestión Pública e de Deseño en Pontevedra. Así mesmo, no campus pontevedrés concedeuse a licenza para a instalación dunha rede de biomasa co fin de seguir reducindo as emisións de CO₂ dos seus centros.

Nun mes no que Jesús Simal e Xosé Ramón Nóvoa recibiron as Medallas de Investigación 2020 da Real Academia Galega de Ciencias e no que se seleccionaron catro novos investigadores e investigadoras ao abeiro do Programa de Retención de Talento da UVigo, a covid continuou deixando a súa pegada. Desta volta, o Observatorio de Persoas Tituladas da Universidade de Vigo confirmaba que o 54% das persoas egresadas da institución teletraballou durante o confinamento.



A moda, un elemento “imprescindible para entender a cultura contemporánea”

Promovida polo grupo DX7, arrincou cunha mesa sobre sustentabilidade

Eduardo Muñiz
DUVI Pontevedra 02/10/2020

Promover unha reflexión académica sobre a moda desde múltiples ámbitos, desde a arte, a historia, o deseño ou os estudos culturais ata a antropoloxía e a socioloxía, é o propósito central da Fashion And Design Conference (FADC), o encontro de estudos interdisciplinares sobre deseño e moda que Esdemga e o grupo de investigación DX7 promoven este venres e sábado no Museo de Pontevedra. Preto de 50 investigadores e investigadoras de diferentes países participan, tanto de xeito presencial como telemático, na primeira edición dun congreso que busca xerar “un diálogo construtivo na intersección entre a moda e a formación académica de máximo nivel”, como salientou na súa inauguración a directora de Esdemga, Lola Dopico. Nos últimos anos, sinalou a responsable do comité organizador, “puidemos observar e comprobar o desenvolvemento do campo da moda como área de estudio definida e puxante, cunha produción teórica destacable, capaz de trazar un corpus imprescindible á hora de entender a cultura contemporánea”. De aí que puxese o acento, na apertura dun encontro no que se presentan 40 comunicacións, na importancia da “interdisciplinariedade” na abordaxe dun ámbito que implica creatividade e experimentación, pero que “tamén é industria, tecnoloxía, linguaxe, produto e cultura visual”.

Inicialmente programado para o mes de marzo, a crise da covid-19 obrigou a trasladar a outubro a celebración da primeira edición deste encontro, nacido co obxectivo de converterse nun “espazo de investigación e reflexión sistematizado” en



torno á moda. “Máis que nunca antes, a moda está sendo consciente de si mesma e das súas implicacións e por iso non podemos resignarnos a que se lle siga considerando inocua, frívola ou insubstancial”, engadiu Dopico, que lembrou que a FADC é o resultado dun traxecto que arrincou coa posta en marcha dos estudos sobre deseño e moda na Universidade de Vigo en 2004, primeiro como un título propio e, desde 2017, como o Mestrado en Deseño e Dirección Creativa en Moda. “Moitas das estratexias para consolidar o deseño de moda desde o punto de vista académico e de investigación están por facer e por iso é tan importante esta reunión”, engadiu nese senso o vicerreitor do campus, Jorge Soto, quen, no acto de apertura, puxo o acento na importancia que para o campus pontevedrés, ao

abeiro da súa especialización como Campus Crea, ten a investigación en deseño.

Múltiples prismas para unha análise transversal

Nunha edición marcada polas medidas sanitarias, a presentación presencial e virtual de comunicacións irase combinando nas seis mesas que integran o programa do encontro, complementadas á súa vez polas conferencias da profesora da Universidade Lusiáda de Porto Isabel Cantista, o catedrático da Universidade da Coruña Chema Paz Gago e a presidenta da Asociación de Creadores de Moda de España, Pepa Bueno.



A sustentabilidade nos diferentes aspectos relacionados coa produción e consumo de moda, na mesa que puxo inicio a este encontro, "a comunicación, como eixo central no posicionamento e impacto das marcas" e a "historia e as historias da moda" son, como explicou Dopico, o eixo das catro mesas programadas para este venres. Na segunda xornada, porase o foco "na identidade de xénero e no papel que nela xoga a indumentaria", nos "numerosos puntos de intersección entre moda e arte" e, nun último bloque, na análise da moda "como creación e proceso". Con ese obxectivo de facer visibles "os procesos de investigación que se concretan en torno ás coleccións de moda e que se internan en territorios inexplorados e híbridos", esta última mesa vese complementada

coa exposición, na planta baixa do museo, dunha serie de proxectos desenvolvidos polas egresadas do mestrado Laura Murillo, Tania González, Silvia Marra e Icíá Vázquez.

Unha industria que camiña cara a sustentabilidade?

Complementando a mesa sobre sustentabilidade, a FADC acolleu na mañá deste venres unha conferencia de Isabel Cantista, profesora da Universidade Lusiáda e do ISEM Fashion Business School de Madrid, centrada en analizar o impacto na industria de dous documentos asinados nos últimos anos por diferentes empresas, a *UN Fashion Charter* e o *Fashion Pact*. "Despois da industria de produtos de consumo corrente como os alimentos, a moda é a segunda que máis vende no mundo", lembrou Cantista, que puxo o foco en como, no referido á sustentabilidade, trátase dunha industria "na que non se tomaron medidas específicas ata hai moi pouco tempo". No seu relatorio, Cantista presentou algúns dos primeiros resultados do estudo que desenvolve xunto a tamén docente do ISEM Business School Silvia Pérez Bou sobre como estes dous acordos, que non implican obrigas legais para as empresas, si están a provocar "un movemento" no sector, "á hora de chamar a atención das empresas e de pórllles metas no camiño cara ser máis sustentables".

Concretamente, Cantista centrou a súa intervención na análise das medidas levadas a cabo por catro das empresas estudadas, dúas multinacionais da chamada fast fashion, Inditex, e H&M, e dúas representantes da moda "de luxo", o grupo Kering e Burberry. "Hai algúns puntos fortes", sinalou a conferenciante, que salientou por exemplo a importancia que as dúas primeiras empresas outorgan as medidas relacionadas coa "igualdade de oportunidades entre homes e mulleres" ou os "estándares" que o grupo Kering fixou tanto para empresa como para os seus provedores. "Trátase dun estudo que vai achegar algunhas luces sobre empresas que están investindo verdadeiramente para ser sustentables e sobre outras que non fixeron moitas cousas", concluíu Cantista, que puxo o acento en que, no referido á sustentabilidade desta industria, "hai un camiño longo por facer", lembrando nese senso a a problemática que, en termos de polución por mor do transporte, supón o aumento do comercio electrónico, acentuado nos últimos meses por mor da pandemia ●

Jesús Simal e Xosé Ramón Nóvoa, Medallas de Investigación 2020 da Real Academia Galega de Ciencias

Simal recibirá o galardón na sección Química e Xeoloxía e Nóvoa na de Ciencias Técnicas

Os premios, que acadan a súa segunda edición, serán entregados o vindeiro xoves 8 de outubro

DUVI 05/10/2020

Dúas das cinco Medallas de Investigación que a Real Academia Galega de Ciencias outorgará o vindeiro xoves 8 de outubro terán como destinatarios aos investigadores da UVigo Jesús Simal e Xosé Ramón Nóvoa. Os galardóns cos que a RACG recoñece a traxectoria consolidada de cinco científicos galegos recaeron nesta segunda edición na sección de Química e Xeoloxía (Medalla Antonio Casares Rodríguez) no catedrático Jesús Simal Gándara, responsable do Grupo de Investigacións Grupo de Investigacións Agro- Ambientais e Alimentarias, mentres que na sección de Ciencias Técnicas, a Medalla Isidro Parga Pondal é para o tamén catedrático da UVigo e coordinador do Grupo Encomat (Enxeñaría de Corrosión e Materiais) Xosé Ramón Nóvoa Rodríguez. Pola súa banda, os investigadores da USC Carlos Salgado, José Manuel Sabucedo e Luis Miguel Botana, recibirán as medallas das seccións de Matemáticas, Física e Ciencias da Computación; Ciencias Económicas e Sociais e Bioloxía e Ciencias da Saúde, respectivamente.

O Colexio de Fonseca en Santiago de Compostela acollerá o vindeiro xoves o acto de entrega das Medallas de Investigación 2020, que estará presidido polo titular do executivo autonómico, Alberto Núñez Feijóo, e polo presidente da RACG, Juan M. Lema Rodicio, e no, ademais de render homenaxe ao enxeñeiro Andrés Comerma, deseñador do Dique da Campá no Arsenal de Ferrol, entregaranse os Premios de Investigación Ernesto Viéitez. Precisamente neste apartado o enxeñeiro do grupo de Xeotecnoloxías Aplicadas

da UVigo Jesús Balado recibirá a mención honorífica sénior que a Real Academia Galega de Ciencias (RAGC) outorga en recoñecemento ao desenvolvemento dun método para minimizar o uso de mostras en nubes de puntos para o adestramento de redes neuronais capaces de clasificar dixitalmente obxectos urbanos como bancos, colectores de lixo ou semáforos, cun 99,5% de precisión.

Un estímulo para seguir pola senda do esforzo e un recoñecemento a un labor de 30 anos

Jesús Simal agradece á Real Academia Galega de Ciencias "o inmenso honor que me outorga" ao concederlle unha medalla "en lembranza do profesor e investigador Antonio Casares Rodríguez, catedrático de universidade, químico e farmacéutico, e un referente a seguir". Simal, que en 2018 foi incluído na lista dos 100 autores máis citados no mundo no campo da tecnoloxía dos alimentos, amosa a súa gratitude ás persoas que apoiaron a solicitude para a súa concesión e ao equipo de goberno e departamentos de Ciencias da Universidade de Vigo. Este recoñecemento, e a propia celebración do Día da Ciencia en Galicia, considera o catedrático da UVigo, serven "de estímulo e acicate para seguir pola senda do esforzo para contribuír a mellorar o presente construíndo un futuro prometedor, o que no meu



Os catedráticos da UVigo Jesús Simal e Xosé Ramón Nóvoa

campo científico ten que ver con tratar de mellorar o sistema de produción e consumo de alimentos". Neste senso, o presidente da Asociación Internacional de Nutrición e Seguridade Dietética destaca "a importancia do sistema de produción e consumo de alimentos para a nosa supervivencia como especie" e apunta como supón un "gran paso nesta dirección" traballar na posta en marcha dun centro internacional de investigación en alimentos con esa visión.

Pola súa banda, Xosé Ramón Nóvoa considera o galardón "un recoñecemento a un labor duns 30 anos nunha actividade que en Galicia non ten ningunha historia e que empezou precisamente coa miña tese alá no ano 1984 e que dende entón fomos formando toda unha serie de doutorandos; fixemos proxectos fin de grao, de master de carreira e, en fin, un grupo de profesionais que hoxe en día atenden unha necesidade que teñen as empresas que é a de prolongar a vía útil das súas estruturas". Con máis de 150 artigos publicados e unha ducia de teses dirixidas, o investigador, que centra a súa actividade das aplicacións industriais da electroquímica asegura sentirse especialmente orgulloso das e dos doutorandos "que se formaron aquí e que debido á crise económico de 2008 se viron forzados a marchar fóra e a satisfacción é que están desenvolvendo actividades plenamente recoñecidas, tanto no ámbito da investigación como en empresas e todos con postos realmente relevantes, o cal me gratifica porque é unha garantía ou un recoñecemento de que o que se fixo estaba ben feito". Cunha carreira docente e investigadora sempre ligada á Escola de Enxeñaría Industrial, Nóvoa sinala que "son moitas horas nesta historia e que haxa un recoñecemento é agradable. Moitas horas aquí, pero que mereceron a pena, digamos".

A entrega das medallas forma parte da celebración do Día da Ciencia en Galicia coa que a RAGC promove a posta en valor da traxectoria das e dos científicos que historicamente e na actualidade contribúen de xeito significativo ao avance do coñecemento e á súa aplicación á mellora da calidade de vida das persoas e ao progreso económico de Galicia.

Mención honorífica para o enxeñeiro Jesús Balado

O enxeñeiro do grupo de Xeotecnoloxías Aplicadas da UVigo Jesús Balado tamén recibirá o vindeiro xoves unha das dúas mencións honoríficas que a Real Academia Galega de Ciencias (RAGC) outorga dentro dos seus Premios de Investigación Ernesto Viétez correspondentes ao ano 2020. A mención honorífica ao investigador sénior outorgada a Balado, recoñece o desenvolvemento dun método para minimizar o uso de mostras en nubes de puntos para o adestramento de redes neuronais capaces de clasificar dixitalmente obxectos urbanos como bancos, colectores de lixo ou semáforos, cun 99,5% de precisión. Este galardón polos seus estudos centrados nas nubes de puntos súmase ao que Balado recibira o pasado mes de xullo, o Premio Abertis 2019 sobre Seguridade Vial pola súa tese de doutoramento na que investigou a creación de mapas de peóns xerados a partir de nubes de puntos para calcular rutas seguras para as e os viandantes ●

O 54% das persoas egresadas da UVigo teletraballaron durante o confinamento

Segundo un estudo pioneiro do Observatorio de Persoas Tituladas, con 3217 participantes

Os autores relacionan a baixa porcentaxe de traballadores en ERTE coa súa elevada cualificación

D. Besadío
DUVI 06/10/2020

Antes da actual crise sanitaria, a maioría das persoas tituladas pola Universidade de Vigo (60,8%) carecía de experiencia previa na realización do teletraballo ou traballo remoto, pero a situación cambiou radicalmente co confinamento, chegando este xeito de traballar ao 54% dos egresados que participaron no [Estudo sobre o impacto laboral da actual crise por covid-19 nas persoas tituladas da Uvigo](#). O informe, realizado polo Observatorio de Persoas Tituladas da propia Universidade e cuxo primeiro adianto de resultados acaba de facerse público na web do Consello Social, é "o primeiro que, no ámbito do sistema universitario español, avalía o impacto laboral da primeira vaga da pandemia no colectivo de egresados dunha universidade pública", subliñan os seus impulsores: Luis Espada, director do observatorio, e Víctor R.


Martínez Cacharrón, enxeñeiro industrial que se encargou de realizar a análise dos datos.

O estudo realizouse entre os días 25 de maio e 8 de xullo e nel participaron 3217 persoas tituladas –de múltiples promocións e titulacións– que responderon unha enquisa en liña que estaba aloxada na web do observatorio e que foi tamén enviada de xeito masivo por correo electrónico. "Neste adianto de resultados o impacto da actual crise por covid-19 é avaliado desde tres perspectivas: laboral, atendendo á incidencia na taxa de ocupación; sanitaria, en relación coa porcentaxe de contaxios no ámbito laboral, e modo de traballo, é dicir, principais medidas organizativas tomadas polas empresas/organizacións para afrontar a crise derivada", explica Espada.

"Estes estudos son crónicas impagables que conforman unha visión humana privilexiada do que está a acontecer arredor da pandemia e que reflicte unha máis das inmensas e impensables posibilidades da rede de alumnos que están a tecer Luis Espada e Víctor M. Martínez", explica o presidente do Consello Social, Ernesto Pedrosa.

O 86% das persoas participantes mantiveron o seu posto de traballo

Para avaliar o impacto laboral da crise sanitaria no colectivo de egresados da UVigo inquiriuse pola situación socio-laboral de cada unha das persoas enquisadas no momento previo á crise



por covid-19 (marzo de 2020) e no momento de responder a enquisa. Os resultados poñen agora sobre a mesa unha conclusión clara: a inmensa maioría (85,9%) segue no mesmo emprego/actividade que tiña antes do inicio da pandemia. Un 5% perdeu o traballo que tiña durante esta crise; o 4,3% xa estaba desempregado; un 3% segue na mesma situación anterior (estudante, xubilado/pensionista, prepara oposicións,...); un 1,2% mudou de emprego e só o 0,6% encontrou emprego no período avaliado.

Segundo os datos analizados, como consecuencia dos efectos económicos da crise a ocupación experimentou unha diminución do 4,88%, pasando dunha taxa de actividade do 92,2% no momento anterior á crise a un 87,7% no momento de responder. "A crise xerada pola covid-19 provocou un aumento da taxa de desemprego, pasando dun 4,7% en marzo a un 9,3% en xuño", explican os autores do estudo, ao tempo que apuntan que as principais causas referidas polos que perderon o seu emprego foron a finalización de contrato (46,2%), seguida pola suspensión da actividade profesional (33,%) e os despedimentos (8,8%), sen ben, "a metade espera recuperar o emprego perdido", recalca Martínez Cacharrón.

Máis do 60% exercen como persoal técnico cualificado

A baixa porcentaxe de persoas tituladas en ERTE (5,7%) é outra das grandes conclusións que se extraen deste primeira análise de datos. Desde o observatorio relacionan este dato con varios factores: dunha banda, o sector económico no que traballan, sobre todo docencia, administración pública, sanitario; doutra, a súa categoría profesional, xa que a maioría traballa como técnico cualificado (61,8%), mandos intermedios (20,6%) e directivos (11,9%) e apenas un 5,7% son empregados/as sen cualificación. Ademais, nesta cuestión tamén inflúe a área na que traballan, destacando -das 17 áreas avaliadas- a formación e ensino (16%), administración e finanzas (12%) e servizos (9,4%).

O 34% viviron casos de contaxio na súa contorna laboral

En atención do impacto sanitario da crise, o 34,3% das persoas que participaron no estudo referiu a existencia dalgún caso de contaxio por covid-19 na súa contorna de traballo. Neste senso, desde o observatorio indican que o impacto foi superior no resto de comunidades autónomas (58%) e no estranxeiro (44,8%) ca en Galicia (28,4%). A maior incidencia deuse no ámbito público (43,7%) e os sectores económicos máis afectados foron o sanitario (70,8), banca e seguros (57,1%) e aeroespacial (53,8%).

Aos directivos e mandos intermedios que participaron na enquisa preguntóuselle tamén sobre as medidas que tiveron que tomar para encarar a pandemia nas súas organizacións. Entre as principais accións adoptadas destacaron aplicar o teletraballo/traballo remoto (82,6%), seguida pola restrición de viaxes e reunións presenciais (56,7%), intensificar a seguridade e hixiene (55,7%), flexibilidade de horarios e quendas do persoal (50,4%) e medidas formativas e informativas (48,2%) ●

O persoal da UVigo participa masivamente na realización das probas PCR

2303 PDI e PAS entregaron o martes os test de saliva, o 79,1% do total de convocados

En breve iniciarase tamén a realización das PCR semanais ao alumnado

DUVI 08/10/2020

O persoal da Universidade de Vigo participou esta semana masivamente na realización dos test masivos PCR sobre saliva, unha resposta que dende o equipo de goberno foi valorada como "tremendamente positiva". En total foron 2303 os traballadores e traballadoras que o martes se achegaron ás conserxarías dos seus centros para entregar as probas, o que supón un 79,1% das persoas convocadas. "Son datos que amosan que o noso persoal está preocupado pola situación sanitaria que estamos a vivir e que é tremendamente responsable", explica o vicerreitor de Planificación e Sostibilidade, José Luis Míguez.

A participación rexistrada foi moi similar nos tres campus. No caso de Vigo estaban chamadas a realizar as probas 1929 persoas e, finalmente, entregaron os kits 1538, un 79,7% do total; en Ourense entregaron os tubos 441 persoas dun total de 578 (76,3%) e, en de Pontevedra 324 de 403, acadando neste caso o 80,4% de participación.

O persoal do parque móbil foi o encargado de recoller nos centros dos tres campus as caixas coas mostras para trasladalas ao Hospital Álvaro Cunqueiro, onde se procedeu ao seu procesado. Os resultados coñeceranse nas próximas horas e, no caso de confirmarse algún positivo, seralle comunicado á persoa afectada.

200 PCR aleatorias por semana

Tras esta avaliación inicial de todo o persoal universitario, o equipo de goberno ten previsto levar a cabo un seguimento periódico que se



Algunhas mostras recollidas o pasado martes

prolongará durante todo o curso e no que en todo momento se seguirán as recomendacións das autoridades sanitarias. A idea é realizar un total de 200 PCR aleatorias por semana, neste caso centradas principalmente no alumnado. Neste sentido, o vicerreitor de Planificación e Sostibilidade, José Luis Míguez, ten reiterado en diferentes ocasións que serán probas "moi flexibles" que se adaptarán á situación sanitaria que haxa en cada momento ●

‘Nature Communications’ publica un artigo de Ephyslab que conclúe que o cambio climático está incrementando a humidade dos ríos atmosféricos

O traballo forma parte da primeira tese presentada no programa de doutoramento do Campus da Auga

DUVI Ourense 08/10/2020

A revista científica *Nature Communications* publicou este xoves un artigo liderado por investigadores do Grupo Ephyslab da Universidade de Vigo (CIM-UVigo) no que se indica que a humidade dos ríos atmosféricos está aumentando un 7% por cada grao de incremento da temperatura global do planeta. O texto é froito dun estudo realizado sobre o período temporal 1980-2017 e o seus resultados “revelan un aumento moi importante e significativo da cantidade de humidade dende as rexións que achegan a auga precipitable que será transportada cara os continentes polos chamados ríos atmosféricos”.

O artigo leva por título [Significant increase of global anomalous moisture uptake feeding landfalling atmospheric rivers](#) e é froito dun estudo realizado no último ano e medio dirixido por Luis Gimeno e Raquel Nieto e desenvolvido por Iago Algarra, pertencentes todos eles ao grupo Grupo Ephyslab. No artigo participan ademais os investigadores Jorge Eiras-Barca, tamén de Ephyslab, e Alexandre M. Ramos e Ricardo M. Trigo, do Instituto Dom Luiz da Universidade de Lisboa (Portugal), instituto onde Algarra realizou unha estadía de investigación ao abeiro do contrato FPI do que é beneficiario.




O rol “esencial” dos ríos atmosféricos

Segundo explican a e os investigadores de Ephyslab, “un dos sinais máis sólidos do cambio climático é o aumento incesante da temperatura media global superficial, a cal se relacionase estreitamente coa capacidade de retención de vapor de auga da atmosfera, que tamén aumenta”. Unha atmosfera máis húmida, detallan, supón un maior aumento do transporte de humidade. Neste contexto, os ríos atmosféricos, engaden na

súa análise os autores do traballo, "xogan un rol esencial xa que son os principais mecanismos de transporte de humidade desde rexións subtropicais cara rexións extratropicais".

Os resultados da investigación exposta no artigo de *Nature Communications*, indican os seus autores, "revelan unha tendencia positiva na humidade captada polos ríos atmosféricos na mesma magnitude (un 7%) que a tendencia observada no vapor de auga a nivel global". Ademais, engaden, os resultados amosan "que estes incrementos de vapor de auga, que ocorren a nivel global, tamén ocorren a escala rexional, cun subministro maior de humidade dende o hemisferio norte que dende o hemisferio sur". Segundo explican os autores do traballo, no artigo detéctanse as fontes de absorción anómala de humidade para estes sistemas meteorolóxicos, sendo a principal rexión de achega o golfo de México e o mar do Caribe, que alimentan especialmente de humidade aos ríos atmosféricos que se desenvolven no Océano Atlántico.



Os contidos do artigo forman parte da tese de doutoramento de Iago Algarra

A detección destas fontes de humidade asociadas aos ríos atmosféricos, indican, realízase no estudo mediante a análise nos cambios de humidade relativa en millóns de volumes de aire (partículas) que son seguidas no seu movemento na atmosfera mediante un modelo de dispersión lagrangiano, técnica na que os autores levan traballando nas últimas décadas. "Unha vez detectadas as fontes de humidade, e aplicando técnicas estatísticas, obsérvase que nas rexións fontes de humidade, durante o período de estudo, que foi 1980-2017, a cantidade achegada de humidade dende elas para os ríos atmosféricos está en claro aumento",

explican a e os investigadores da UVigo-CIM. A importancia deste aumento, puntualizan, radica en que na atmosfera global estase a observar a mesma tendencia, cun aumento dun 7% do vapor de auga por cada grao de aumento de temperatura atmosférica superficial. "Así pois, e baixo o contexto actual de quecemento global no que nos atopamos, a intensificación dos ríos atmosféricos debido a este aumento no transporte de humidade que os alimenta, terá un papel aínda máis relevante no ciclo hidrolóxico, aumentando o seu impacto socioeconómico, xa que os ríos atmosféricos son responsables de moitos dos eventos de precipitacións extremas", recalcan os autores do traballo.

Contidos da primeira tese do Campus da Auga

O traballo exposto no artigo formou parte da tese de doutoramento presentada por Iago Algarra e dirixida por Luís Gimeno e Raquel Olalla Nieto e centrada no estudo dos principais mecanismos de transporte de humidade atmosférica. A tese, que acadou a máxima cualificación e levou por título [Moisture transport associated with atmospheric rivers and low level jets at global scale](#), foi a primeira defendida no Programa de Doutoramento de Auga, Sustentabilidade e Desenvolvemento, posto en marcha no campus de Ourense no marco do seu proxecto de especialización como Campus da Auga.

Ademais, o artigo e o estudo que o avala forman parte e dan continuidade á liña de traballo que desenvolve desde a súa sede no edificio do Campus da Auga, no campus de Ourense, o grupo de investigación Ephyslab. Esta liña, explican os seus responsables, está enfocada "nos últimos anos á determinación do rol da atmosfera no transporte de humidade, analizando en profundidade o papel deste transporte no ciclo hidrolóxico global e rexional". Así, poñen como exemplo, neste momento teñen en vixencia o proxecto, financiado polo entón Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, *Lagrangian analysis of the impact on the global hydrological cycle of the major mechanisms of atmospheric moisture transport*, no que se encadra a investigación exposta agora en *Nature Communications*. Tamén teñen activo un convenio coa Axencia Espacial Europea para a validación de produtos de vapor de auga satelitais ●

Catro mostras do talento investigador que se queda na UVigo

Sergio Gómez, Marta Conde, Cristina Delgado e Santiago Pozo son xa investigadores distinguidos

O programa de retención ofrécelles un contrato de tres anos prorrogables a outros dous

M. Del Río
DUVI 14/10/2020

Sergio Gómez, Marta Conde, Cristina Delgado e Santiago Pozo están a piques de comezar unha nova etapa profesional como investigadoras e investigadores distinguidos da Universidade de Vigo, para seguir desenvolvendo os seus proxectos nos eidos da química física, a fisioloxía, a ecoloxía e bioloxía animal e a conservación de patrimonio cultural inmovible, respectivamente. Eles e elas son os seleccionados no Programa de Retención de Talento Investigador da UVigo 2020, que ten como finalidade a contratación de persoas de traxectoria destacada que tiveran desenvolvido a súa actividade de posdoutoramento na Universidade de Vigo. O contrato como persoal laboral temporal a tempo completo, na modalidade de investigador/a distinguido/a, terá unha duración de tres anos prorrogables a outros dous.

Sergio Gómez

Sergio Gómez leva na Universidade de Vigo máis de dez anos, na última etapa como investigador Juan De La Cierva no Departamento de Química Física, centrando o seu traballo na síntese, caracterización e autoensamblaxe de nanopartículas plasmónicas (ouro e prata). Explica que este programa da UVigo "supón que non se pare a miña carreira investigadora e docente. Agora mesmo, teño 3+2 anos para conseguir financiación tanto en plans nacionais como internacionais, demostrando así que os egresados da UVigo somos competitivos a todos os niveis".

Gómez formouse na UVigo e continuou na institución viguesa para facer a tese de



doutoramento. "Ao acabar, tiven que emigrar como moitos outros, e despois de cinco anos conseguín unha axuda estatal para volver á miña universidade". Mentres estivo no estranxeiro xurdiulle a posibilidade de realizar "un sensor baseado en nanopartículas de ouro, e cando volví, continuamos traballando nel". Agora "estamos a desenvolver novas sínteses de nanopartículas que lles conceden novas propiedades, e a idea é utilizalas para a detección precoz de biomoléculas, como catalizadoras de reaccións de interese para a sociedade e, finalmente pero non menos importante, para o tratamento de cancro mediante hipertermia".

Respecto ás oportunidades futuras de estabilización, reconece a perspectiva é moi complicada. "Dende que inicie a miña carreira investigadora pensei pouco a pouco: primeiro a tese, despois o primeiro posdoc, o segundo, o

terceiro... e agora, a pesar de que xa teño unha idade, teño que seguir igual, pensando que teño tres anos máis para demostrar á Universidade a miña valía". Por outro lado, tamén fai fincapé en que actual situación de pandemia non axuda, xa que "por mor da covid-19 os orzamentos do Estado destinados ás universidades poden variar, podendo afectar isto ás vindeiras prazas da taxa de reposición que oferte a Universidade".

Marta Conde

Marta Conde é outra das catro persoas seleccionadas, ata agora persoal de posdoutoramento da Xunta de Galicia na modalidade B no Departamento de Bioloxía Funcional e Ciencias da Saúde, en concreto na Área de Fisioloxía. A investigadora do Centro de Investigación Mariña explica que esta é unha oportunidade de seguir traballando e mellorando o CV para poder optar a programas ou contratos de estabilización na Universidade. "Tamén me permite poder continuar coa liña de investigación propia que iniciéi hai dous anos e seguir dirixindo as dúas teses de doutoramento que están en marcha neste momento", engade.

Conde cursou Ciencias do Mar en Vigo e, tras o paso pola empresa privada, regresou cunha bolsa FPI para realizar a tese de doutoramento baixo a dirección de José Luis Soengas e Jesús Míguez e posteriormente continuar coa etapa de posdoutoramento. A súa actividade investigadora céntrase no estudo dos sistemas neuroendócrinos e metabólicos que controlan o apetito en especies de peixes de interese na acuicultura. Recentemente, iniciou unha liña de investigación propia baseada no estudo da regulación hedónica do apetito en peixes, e en concreto da implicación dos sistemas cannabinoide e opioide nesta regulación. Coa vista posta nos próximos tres anos como investigadora distinguida plantéxase "seguir desenvolvendo e afondando nesta liña, codirixindo as teses que están en marcha e tamén pretendo dirixir novos TFG/TFM. Nos vindeiros anos espero tamén poder ter a posibilidade de conseguir financiamento propio para algún novo proxecto como investigadora principal e, ao mesmo tempo, seguirei cos labores docentes e intentarei conseguir a acreditación de Profesor Titular, o cal me daría a posibilidade de seguir contratada dous anos".

Cristina Delgado

Cristina Delgado, tamén persoal de posdoutoramento da Xunta de Galicia na modalidade B no Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal, pasará tamén a ser investigadora distinguida para serguir traballando en ecoloxía e taxonomía das diatomeas, tanto en ecosistemas mariños como en auga doce. Segundo explica, o seu interese principal é "afondar no uso destas algas como bioindicadores" e este contrato, recoñece, é un "gran paso" na súa carreira. "Levo moitos anos traballando intensamente para chegar a un momento como este" e valora moi positivamente que a Universidade de Vigo "fora pioneira neste tipo de programas de retención, porque é unha oportunidade que hai anos non existía, e que nos permite poder continuar coas nosas liñas de investigación e os nosos proxectos, e ogallá se puidera continuar no tempo". Con todo, asume que o mundo da investigación é "duro e complicado" pero agarda que este contrato lle permita ter unha oportunidade de estabilización. "Nunca sabes con certeza o que pode pasar", remarca, "son das poucas que decidín ser nai antes incluso de rematar a miña tese, e se todo era complicado pois complicóuseme todo un pouco mais. Agora estou moi contenta de todo o traballo realizado e todo o esforzo que fixen eu e a miña familia para poder conciliar vida laboral e familiar e xa con iso estou contenta!".

Nos próximos tres anos tratará de afondar no coñecemento ecolóxico das diatomeas e recoñece tamén que agarda "identificar algunha especie nova máis para a ciencia", xa que durante as súas etapas de pre e posdoutoramento xa describiu catro novas especies, unha delas dedicada o Prof. Ramón Margalef (*Cymbopleura margalefii* C.Delgado, M.H. Novais, S. Blanco & L. Ector 2013). "Agardo agora xa dende a Universidade de Vigo poder avanzar con este tema da taxonomía que tamén me apasiona".

Iago Pozo

Finalmente, completa a listaxe de novos investigadores distinguidos José Santiago Pozo, ata agora no Departamento de Enxeñaría dos Recursos Naturais e Medio Ambiente como persoal do programa Juan de la Cierva e actual subdirector de Relacións Exteriores e Mobilidade da Escola de Enxería de Minas e Enerxía. Pozo forma parte do grupo de investigación de

Explotación de minas e, xunto coa profesora Teresa Rivas, céntrase na conservación de patrimonio cultural inmovible. "Dedícome á avaliación e desenvolvemento de tecnoloxías e metodoloxías destinadas á conservación das obras, como son monumentos e fachadas en pedra, morteiros de cal ou cemento, pinturas murais tanto históricas como contemporáneas, etc". A súa investigación céntrase, principalmente, "na limpeza de obxectos de patrimonio empregando técnicas mecánicas, químicas ou láser, aínda que tamén realizo estudos de consolidación e hidrofugación das obras. Por isto, este contrato dentro do programa de retención de talento é "unha pílula de tempo para continuar no que en España e en Galicia resulta tan difícil acadar profesionalmente: dedicarse ao mundo da investigación".

“A súa investigación céntrase na limpeza de obxectos de patrimonio con técnicas mecánicas, químicas ou láser”

Pozo láíase de que, a pesar de que os ritmos de produción científica son moi valorados para acadar boas posicións nos ránkings, "a inversión para reter a investigadores noveles con carreiras punteiras é pequena e en moitas ocasións fai que teñan que buscar novas oportunidades noutros países". No seu caso, leva máis de dez anos "inmerso nesta carreira de fondo a través de bolsas e diferentes contratos da Xunta de Galicia e do Ministerio de Ciencia, realizando estadias en EEUU, Portugal, Grecia, etc. e deste xeito seguir nadando, grazas a este contrato poderei continuar cunha das miñas vocacións: a de ser investigador". Remarca que este contrato lle outorga "máis tempo para poder seguir ensinando, xestionando, publicando, asistindo a conferencias, dirixindo TFG, TFM e teses de doutoramento coas que estou comprometido e deste xeito, seguir facendo méritos para acadar o contrato por excelencia no ámbito investigador nacional,

os contratos Ramón y Cajal do Ministerio de Ciencia e Innovación, xa que é o único contrato a través do cal podo acadar a estabilización na Universidade".

No que se refire á investigación, durante os próximos tres anos centrarase en dous piares principais. "Por un lado, realizaremos a limpeza láser de obras en pedra con volumes a través de sistemas robotizados, para automatizar as limpeza das obras de maneira que se consiga extraer o depósito do substrato sen danalo, como consecuencia da dificultade de manter o láser sempre á mesma distancia do obxecto. Por outra banda, ao abeiro do proxecto europeo CAPuS (Conservation of Art in Public Spaces), dedicareime ao desenvolvemento de metodoloxías de limpeza e protección de pinturas acrílicas, alquídicas e vinílicas empregadas nos murais contemporáneos que hoxe en día forman parte do escenario urbano" ●

A sesión celebrouse cunha sede en cada campus, ademais de poder seguirse telematicamente

O Claustro aproba o inicio dos trámites para a creación das facultades de Dirección e Xestión Pública, Deseño e Relacións Internacionais

O reitor anunciou a chegada de máis financiamento adicional para facer fronte aos gastos da pandemia

DUVI 16/10/2020

Este venres, nun formato dual, con asistencia tanto virtual como presencial, e con tres sedes en paralelo celebrouse o primeiro Claustro Universitario despois de que a pandemia interrompese o discorrer habitual da vida académica no mes de marzo. Para poder levar a cabo esta cita en condicións de seguridade sanitaria, os membros puideron participar na xuntanza dende cadanseu campus, con tres salas habilitadas para debater, intervir e votar a distancia. Entre as principais decisións adoptadas, o Claustro aprobou instar ao Consello de Goberno a iniciar os expedientes de creación de tres novas facultades: Dirección e Xestión Pública e Deseño, en Pontevedra e Relacións Internacionais, en Ourense.

Nesta sesión tamén se aprobou a creación da Escola Aberta de Formación Permanente, que dará acubillo a todos os estudos propios da UVigo. Asemade, presentouse o borrador do Plan Estratéxico 2021-2026 e o informe de Transparencia 2019 e o reitor informou de que tras a xuntanza mantida onte xoves coas consellerías de Facenda e Educación, a UVigo contará con máis financiamento adicional para facer fronte aos gastos da pandemia.

Inicio dos trámites para a creación de tres novas facultades

Uns dos principais puntos da orde do día da sesión referiuse ao inicio dos trámites para a creación de tres novas facultades. O Claustro aprobou instar ao Consello de Goberno ao inicio dos expedientes para poñer en marcha estes novos centros. No que respecta á Facultade de Dirección e Xestión Pública, como explicou o vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, Manuel Ramos, a proposta parte dos membros da Comisión Académica do Grao en Dirección e Xestión Pública e da Comisión Académica do Máster en Dirección Pública e Liderado Institucional, coincidindo coas dúas décadas de estudos relacionados coa administración pública na UVigo. Tras solucionar os problemas de matrícula que existían co grao, apostando por unha modalidade totalmente virtual, que se estreou este curso, persiste un problema de



Asistentes ao Claustro no salón de actos da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

“visibilidade”, motivo polo que apostan coa creación dunha facultade propia. “Compartimos a idea, xa que o grao e máster teñen un encaixe relativo na actual facultade, tanto no que se refire aos contidos como, ámbito xeográfico do alumnado”, explicaba Manuel Ramos. O novo centro seguirá compartindo edificio coa Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación.

Ben diferente son os casos das novas facultades de Deseño e Relacións Internacionais, que xorden pola próxima posta en marcha de novas titulacións. A nova facultade pontevedresa terá a súa sede na antiga sede da Xunta en Benito Corbal, “na que se están rematando as obras e onde a UVigo conta con tres plantas das oito do edificio”. Dúas delas serán para impartir o novo Grao de Deseño e o Máster Universitario en Deseño e Dirección Creativa en Moda. No que se refire á Facultade de Relacións Internacionais, que tamén dará resposta ás necesidades dunha nova titulación, prevese que arranque a docencia o vindeiro curso e barállase como sede inicial o Edificio Xurídico-Empresarial, mentres tamén se negocian “outras localizacións alternativas na cidade de Ourense”. O vicerreitor tamén apuntou que se traballa coa vista posta para que no futuro, a oferta académica dese centro se poida ampliar con PCEO (Programacións Conxuntas de Ensinanzas Oficiais) e mestrados.

Creación da Escola Aberta de Formación Permanente

Nesta sesión, o Claustro aprobou a creación da Escola Aberta de Formación Permanente, un novo organismo a través do cal se xestionará toda a oferta de estudos propios da Universidade de Vigo, é dicir, aqueles que non sexan ensinanzas oficiais reguladas. Trátase de atallar un “déficit importante na atención deste tipo de formación” e dotar á institución dunha estrutura organizativa que reverta “a situación actual de dispersión organizativa, normativa, decisoria e de xestión das diferentes actividades formativas non oficiais da nosa Universidade, o que permitirá materializar o obxectivo estratéxico de apertura a toda a sociedade mediante unha oferta de títulos propios coordinada, de calidade e adaptada á demanda”.

Deste xeito, a través da EAFP planificáronse unha oferta de ensinanzas propias vinculadas ás necesidades e demandas da sociedade, complementando os estudos oficiais, deseñando

programas educativos que favorezan a empregabilidade, a reciclaxe e a promoción profesional das persoas traballadoras, xerando convenios de formación con empresas ou institucións externas e detectando e atendendo as necesidades formativas do PDI da Universidade de Vigo. Tamén pasarán a entrar nesta estrutura os programas de actualización docente, que se viñan desenvolvendo a través da Área de Formación e Innovación Educativa e o Programa Universitario de Maiores.

María José Moure, profesora da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación será a encargada de dirixir a EAFP, que terá a súa sede no edificio Ernestina Otero. A planificación presentada polo vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado prevé que a oferta inicial de cursos esté lista en setembro de 2021.

As cuestións relativas á pandemia protagonizan o informe do reitor

As cuestións relativas á pandemia protagonizaron, dez meses despois do seu último informe anual, a intervención do reitor, unha comparecencia na que ademais de aproveitar para agradecer o esforzo ímprobo de alumnado, PDI e PAS, “que traballaron arreo para sacar o curso adiante”, sacou tamén peito dalgún dos principais logros acadados ao longo destes meses. Falou da posta en marcha do Campus Remoto, o xemelgo dixital da UVigo; das diferentes medidas que se puxeron en marcha para evitar que ninguén quedase atrás por cuestións técnicas (equipos, mini-moodles...) ou económicas (novas bolsas); da creación de novas ferramentas para este curso (plataforma Moovi, Campus Integra); das distintas solucións adoptadas nos diferentes centros, e tamén do acondicionamento de novos espazos docentes, lugares que antes se empregaban como salas de estudo, de xuntanzas, etc e que agora pasaron a empregarse como aulas.

Todas estas medidas supuxeron, tal e como recalcou o reitor, un esforzo económico “extraordinario e urxente” ao que houbo que facer fronte tanto con financiamento da propia Universidade de Vigo como do executivo autonómico e central, o que permitiu “aliviar a situación”. Neste senso Reigosa lembrou os tres millóns de euros achegados pola Xunta para as tres universidades galegas, dos que a Vigo lle corresponderon 966.000 euros, e aos que hai que

sumar 2.987.774 euros que chegaron de xeito directo desde o ministerio. Neste sentido o reitor tamén informou aos claustrais que onte xoves os reitores galegos mantiveron unha xuntanza cos conselleiros de Facenda e Educación e, froito desta xuntanza, se conseguiron novos fondos adicionais que ascenden a 1,9 millóns de euros para as tres universidades, dos que arredor de 600.000 corresponderán á Universidade de Vigo, fondos que, "probablemente, non se recibirán ata o vindeiro ano".

Boa parte de todo este diñeiro dedicouse e seguirase a dedicar, segundo o reitor, ao axeitado equipamento das aulas. Neste sentido Reigosa anunciou a chegada a vindeira semanas de 500 ordenadores portátiles con pantalla táctil e 500 tabletas que serán empregadas polos docentes que imparten docencia no primeiro cuatrimestre nas aulas Integra. "Ademais, grazas á chegada deses fondos extra procederáse tamén a xestionar xa a compra de novos equipamentos para o segundo cuatrimestre", informou Reigosa.

A maiores destas cuestións, pero tamén relacionado co tema sanitario, o reitor felicitou á comunidade investigadora polo "grande éxito" acadado no denominado Fondo Supera Covid. A maiores, deu conta tamén das 2800 probas PCR realizadas a todos os traballadores da institución, "afortunadamente con resultado negativo", e dos test aleatorios que se van realizar ao longo de todo o curso ao alumnado e que arrancaron esta mesma semana coa realización de 400 probas "sobre todo a aquelas alumnas e alumnos que teñen que facer o practicum".

Traballando na posta en marcha de novas titulacións

Con respecto á actualización das titulacións que se imparten na UVigo o reitor destacou como "especialmente positivo" o acordo alcanzado entre as universidades da Coruña e Vigo para a implantación no curso 21/22 do Máster de Enxeñaría Aeronáutica. "Afortunadamente chegamos a un moi bo acordo, xa que o primeiro curso do mestrado vaise impartir integramente no campus de Ourense", apuntou o reitor, ao que engadiu que no segundo ano do mestrado o alumno terá que elixir especialidade e, caso de elixir a que se vai impartir na UDC, o estudante terá que solicitar o traslado de expediente.

Reigosa informou tamén que a titulación de Relacións Internacionais -primeiro grao de carácter interuniversitario- que se impartirá entre Ourense e Ferrol segue o seu curso e que desde a Escola de Enxeñaría Industrial, en Vigo, se traballa xa no novo Grao en Enxeñaría de Automoción, se ben admitiu que a pandemia ralentizou as xuntanzas que se estaban a manter cos diferentes axentes sociais para a súa posta en marcha. Máis preocupado se amosou Reigosa coa tramitación do Grao de Filoloxía Aplicada Galego-Español, titulación chamada a substituír o Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios, e o Mestrado de Dereito de Empresa. "Nós entendemos que ambas titulacións son irrenunciáveis e tentaremos que as dúas sexan aprobadas o antes posible", explicou Reigosa, quen agradeceu o gran traballo realizado desde a Facultade de Filoloxía e Tradución para facer un grao "o máis atractivo posible".



Manuel Reigosa e Miguel Michinel nun intre da sesión

Ao marxe das cuestións académicas, o reitor tamén salientou no seu informe a situación actual do edificio do Berbés no que, pese a producirse certos retrasos, xa está practicamente listo para inaugurar, á falta do mobiliario e da resolución dunha denuncia que foi presentada polos veciños e na que xa se traballa en colaboración coa arquitecta por se houbera que corrixir algunha cousa. Tamén se anunciou que de cara a finais de ano está previsto volver sacar a concurso os servizos de copistería e se está tamén vendo como se poden reformular os servizos de comedor e cafetería, moi afectados pola pandemia.

Logros e temas pendentes do segundo ano de goberno

Ao igual ca en 2019, o Claustro foi o lugar elixido polo reitor para facer balance dos logros acadados polo equipo de goberno ao longo do seu segundo ano de mandato. Neste sentido eloxiou a recuperación deste órgano como lugar de debate, os avances acadados na negociación coa representación dos traballadores, a senda de recuperación dos cadros teóricos de profesorado, o establecemento do límite máximo de docencia en 280 horas anuais ou o baleirado progresivo das bolsas de acreditados. Como cuestións que precisan aínda un pouco máis de tempo para acadarse destacou a axilización dos trámites de xestión, a negociación xeral da Relación de Postos de Traballo e a instalación da planta piloto de ciencia e tecnoloxía de alimentos en Ourense, sobre a que agarda, "dar resultados máis positivos no meu terceiro informe". En canto ás materias pendentes, o reitor salientou que se segue a traballar no pagamento das pagas íntegras ao PDI, indicando que, "este ano chegamos á metade do que correspondería e esperamos o ano que vén chegar ao 75% e ao seguinte ao 100%", recalcou Reigosa, quen tamén mencionou que se segue a traballar na recuperación da posibilidade de usar FEUGA.

“Este ano chegamos á metade do que correspondería e esperamos o ano que vén chegar ao 75% e ao seguinte ao 100%”

Pola súa banda o voceiro da oposición, o profesor Emilio Fernández, coincidiu co reitor en que a Universidade deu unha resposta "máis que digna" ante unha situación de emerxencia tremendamente complexa. Neste sentido, agradeceu aos diferentes equipos directivos, incluído o propio equipo

de goberno, todo o esforzo realizado. Na súa intervención, Fernández destacou como un dos aspectos máis positivos da resposta dada dende a UVigo a posta en marcha de maneira moi rápida do Campus Remoto, "algo que é tamén froito da aposta que fixo esta Universidade desde hai décadas por todas as cuestións relacionadas coa dixitalización" e ao que tamén contribuíu, ao seu xuízo, o Campus de Excelencia. Admitindo que agardaba "un pouco máis de análise crítico" por parte do reitor, ao que advertiu do perigo de caer "na autocomplacencia" o portavoz de Ideas que Suman acusou ao actual equipo de goberno de falla de visión estratéxica, así como de realizar un uso partidista da institución.

Proxecto do Plan Estratéxico

Outro dos puntos da orde do día do Claustro foi a presentación do informe sobre o estado actual do proxecto de Plan Estratéxico da Universidade de Vigo 2021-2026, que substituirá ao anterior, aprobado en 2008 durante o mandato de Alberto Gago. Segundo explicou Jacobo Porteiro, secretario da Comité de Dirección encargado da elaboración deste documento, este "elaborouse a partir dunha diagnose DAFO (Debilidades-Ameazas-Fortalezas-Oportunidades) tanto interna como externa e artéllase arredor de cinco eixos estratéxicos (a formación; a relación coa sociedade; a organización e os recursos; a investigación e a transferencia e as persoas), tres valores (internacionalización, defensa da igualdade e fomento da lingua galega) e os obxectivos de desenvolvemento sostibilidade e Axenda 2030.

Na elaboración do borrador do Plan Estratéxico participaron 65 membros da comunidade universitaria, tanto PDI e PAS e como estudiantado, divididos en tres comisións, que contaron coas achegas de representantes da cidadanía e o tecido empresarial. O documento, que comprende 27 obxectivos, queda a exposición pública durante o prazo dun mes para recibir as achegas da comunidade universitaria.

O Portal de Transparencia supera os 70.000 accesos anuais

A a vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación foi a encargada

de presentar o informe de Transparencia correspondente ao ano 2019 no que a cuestión máis destacable foi o alto grao de cumprimento das obrigas de publicidade activa, incluíndo a publicación das viaxes institucionais que se atopaba pendente no anterior informe. En relación coa información máis consultada no Portal de Transparencia da Universidade de Vigo, produciuse un aumento dun 2,24% das visitas reais, con respecto ao 2018, acadando un total de 70.470 accesos. UVigo en cifras segue a ser o apartado do portal que maior número de visitas recibe, acadando o 57,60% das mesmas. Por outra banda, con respecto á posición da Universidade de Vigo nos ránkings, Doval destacou que a UVigo volve a estar entre as universidades máis transparentes, ocupando a sexta posición na clasificación publicada pola Fundación Compromiso e Transparencia e a terceira na publicada pola plataforma Dyntra. "Cumprimos máis do 91% dos ítems de transparencia e, ademais de ser a sexta institución pública en España entre 700, somos a primeira de Galicia".

do Regulamento de Inspección da Universidade, así como modificacións puntuais do Regulamento Electoral e a elección de varios representantes do sector estudiantado para diferentes órganos ●

Remuda á fronte do Consello de Estudantes e outros temas

Nesta sesión, o Claustro tamén deu o visto bo ao regulamento da Valedoría Universitaria, cargo que ostenta a catedrática Esther Pillado dende hai xusto un ano, tras ser elixida por este mesmo órgano para suceder a Argimiro Rojo.

Por outra banda, aprobouse o nomeamento de Paula Gil Hidalgo como nova presidenta do Consello de Estudantes, quen agradeceu o esforzo do seu antecesor, Daniel Couto, e a "confianza" que agora deposita nela o Claustro e comprometeuse a traballar arreo "en tempos complicados para que todo vaia o mellor posible".

Tamén se aprobou a adhesión da UVigo ao documento de apoio ás Universidades públicas galegas, así como a incorporación ao Claustro das persoas que ocupan os decanatos e direccións de centros, unha medida que xa se recolle nos novos Estatutos da Universidade, de xeito que se lles dará entrada para a próxima sesión, prevista para decembro.

A xuntanza completouse coa aprobación da creación da comisión de traballo para a elaboración

Concedida a licencia para a instalación dunha rede de biomasa que reducirá ás emisións de CO₂ dos centros pontevedreses

Este 'district heating' será un dos primeiros nas universidades españolas

DUVI Pontevedra 19/10/2020

A Xunta de Goberno do Concello de Pontevedra aprobou este luns conceder á Universidade de Vigo a licencia de obras para a instalación dunha rede de produción e distribución de calor baseada en biomasa no campus, que se emprazará entre as facultades de Ciencias Sociais e da Comunicación e Ciencias da Educación e do Deporte. Este *district heating*, que, segundo salientou o vicerreitor de Planificación e Sostibilidade, José Luis Míguez, [no Consello de Campus celebrado o pasado o xoves](#), vai ser "un dos primeiros" que se instalen nunha universidade española, terá unha potencia de 2MW, conectara nunha primeira fase a estas dúas facultades e permitirá limitar a emisión de preto de 250 toneladas de CO₂ á atmosfera.

O proxecto presentado pola Universidade ao Concello contempla a instalación dunha nave cunha ocupación e unha superficie construída de 272 metros cadrados e un tendido de tubaxe que comunique os edificios das dúas facultades, utilizando o trazado dos viais do campus; canalización que tamén foi autorizada na Xunta de Goberno deste luns. Trátase dun dos sete proxectos de eficiencia e fomento de enerxía renovables [presentados pola Universidade a comezos do presente 2020](#) e financiados nun 80% polo Instituto Enerxético de Galicia (Inega) ao abeiro da convocatoria de axudas para este tipo de actuacións nas universidades públicas.

Esta serie de proxectos de enerxías renovables térmicas e proxectos integrais de aforro e



eficiencia enerxética, están cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia, desenvolvendo dous tipos de actuacións. Trátase, por unha banda, de proxectos de enerxías renovables técnicas, que favorezan a transición cara unha economía baixa en carbono en todos os sectores, fomenten a produción e distribución de enerxía derivada de fontes renovables para usos térmicos, en particular, a biomasa, o biogás e os biocombustibles para o transporte, en consonancia co Plan de enerxías renovables 2011-2020. Por outra banda, atópanse os proxectos integrais de aforro e eficiencia enerxética que favorezan a

transición a unha economía baixa en carbono, así como a eficiencia enerxética, a xestión intelixente da enerxía e do uso das enerxías renovables nas infraestruturas públicas.

Segundo informou o Concello, o orzamento de execución declarado ascende a máis de 570.000 euros e o prazo de inicio das obras non debe superar os seis meses desde a notificación da aprobación da licencia, mentres que o prazo de remate queda fixado en doce meses desde a notificación. Con carácter previo á concesión da licencia, os servizos técnicos municipais emitiron un informe sobre a non interferencia da instalación das tubaxes noutras redes de servizos municipais, mentres que a Universidade de Vigo achegou unha resolución da Consellería de Medio Ambiente respecto da non procedencia de formulación de declaración de incidencia ambiental, así como autorización da Axencia Estatal de Seguridade Área ●

As Digital JAI converten Vigo desde hoxe no epicentro das tecnoloxías e solucións para a automatización industrial

Ata o venres, 30 empresas e 75 poñentes participan na primeira edición dixital das xornadas

O reitor avoga por aproveitar os fondos europeos para reindustrializar a comarca

M^a del Camen Echevarría
DUVI 26/10/2020

Desde hoxe e ata o venres desenvolveranse as [Digital JAI](#), as Xornadas sobre Tecnoloxías e Solucións para a Automatización Industrial da Universidade de Vigo, coa participación de preto dunha trintena de empresas, 75 poñentes e máis de 40 horas de conferencias. Na súa primeira edición integramente dixital e a oitava da súa historia, as xornadas comezaron esta mañá tras un acto inaugural no que representantes dos ámbitos empresarial, académico e institucional incidiron na importancia da automatización e da dixitalización e na necesidade de aproveitar as oportunidades que a pandemia pode ofrecer para impulsar sectores produtivos máis competitivos e xeradores de máis emprego de calidade.

En paralelo ás máis de 40 horas de sesións técnicas de media hora de duración, nas que os fabricantes poderán presentar as principais novidades nos seus desenvolvementos, en colaboración con AER Automation e ISA Sección Española, as Digital JAI acollen, como novidade nesta edición, catro mesas redondas nas que concorrerán destacados representantes da industria, tanto do ámbito da tecnoloxía industrial, como usuarios finais, que se centrarán en cuestións como a robótica, a automatización na industria da alimentación ou a ciberseguridade. Organizadas polo Departamento de Enxeñaría de Sistemas e Automática; a Escola de Enxeñaría Industrial e a Universidade de Vigo, as I Xornadas Dixitais sobre Tecnoloxías e Solucións para a Automatización Industrial contan entre os



seus socios con Beckhoff, Bonfiglioli, Bosch Rexroth, B&R, Delta, Endress+Hauser, Festo, HMS Networks, HP, IFM, Kepware (Logitek), KUKA Robots Ibérica y Lapp, OnRobot, Phoenix Contact, Pilz, Rockwell Automation, SAS, Schneider Electric, Sick, Siemens, Universal Robots, WEG, Weidmüller, Yamaha e Yaskawa.

Aposta pola innovación, a dixitalización e a ecoloxía

No acto inaugural das xornadas celebrado esta mañá, o reitor da Universidade de Vigo destacou

a importancia de aproveitar o fondos europeos, en especial os Next Generation, para facer no contexto actual marcado pola covid “unha aposta pola innovación, a dixitalización e a ecoloxía”. Reigosa incidiu na disposición da UVigo para participar nun proceso, no que xunto ás empresa tractoras e centros tecnolóxicos “debemos aproveitar o impulso para reindustrializar a comarca e ser máis competitivos, para axudar que a vida dos cidadáns sexa mellor, con máis emprego e de máis calidade”, dixo o reitor. Pola súa banda, o presidente do Consello Social da UVigo, Ernesto Pedrosa, gabou, como o resto de participantes na inauguración, o traballo desenvolvido por José Ignacio Armesto, director das JAI, das que destacou o seu valor “para a formación avanzada de estudantes e capacitación profesional e excelencia, así como a súa utilidade para as empresas da contorna, que teñen un

Zaragoza de Groupe PSA confirmou que en Vigo e Zaragoza volveuse a volumes precovid, froito da estrita aplicación dun protocolo de medidas sanitarias reforzadas que se convertu nunha referencia na industria. No proceso de transformación no que nos atopamos, Muñoz Codina reclamou a participación da contorna e das institucións “para favorecer o avance cara á industria 4.0 e así converter as nosas plantas en plantas smart e Green Factories, como se di agora”. Pola súa banda, o director xeral de Denso Sistemas Térmicos e membro do padroado de Ceaga, Roberto Cavallo, destacou a capacidade de reacción da industria do sector da automoción nos últimos meses,” reforzándose o papel do motor da economía galega”. Cavallo asegurou que segundo as previsión de Ceaga, en 2020 a venda de vehículos apunta a un descenso do 20% respecto de 2019, aínda que cara a 2021 se agarda unha recuperación. “A previsión para o sector da automoción galego a medio prazo, con toda a prudencia, é positivo”, dixo.



Mentres, o director xeral do CTAG, Luis Moreno, sinalou á dixitalización e á transición dixital como elementos fundamentais na modernización do tecido produtivo. “Ese é o noso grande reto e tamén deberemos atraer novas actividades e desenvolver novos mercados” dixo o director do CTAG, que reivindicou o papel dos centros tecnolóxicos para aproveitar o coñecemento desenvolvido.

Novas tecnoloxías “feitas con xeito”

O presidente de Asime, Justo Sierra, referíuse á automatización como a un dos maiores avances da historia da humanidade durante o século XX. “Big data, internet das cousas e para min a máis disruptiva: a intelixencia artificial. Estas ferramentas están chamadas en todas as organizacións en maior ou menor medida a completar e modificar a automatización tradicional”, dixo Sierra, que apuntou, que máis que nunca, non se debe perder a estratexia e historia das organizacións, mantendo a cultura organizativa e o ADN. “Máis aló da vertente tecnolóxica está a vertente humana e temos que contar con ela en calquera proceso de automatización revolucionario como no que estamos. Non confundamos as ferramentas cos fins. Calquera tipo de implementación de ferramentas relacionada coa automatización

elevado grao de automatización, así como para as e os investigadores”.

Nunha inauguración, na que o sector da automoción gozou dunha ampla representación, o director del Clúster Ibérico e da planta de Zaragoza de Groupe PSA, Juan Antonio Muñoz Codina, destacou que nesta crise sanitaria que estamos a vivir “a capacidade de adaptación vai marcar a diferenza. Adaptarse con axilidade e determinación ou desaparecer, esa é a cuestión a resolver”, dixo Muñoz Codina, que lamentou o efecto que pandemia ten sobre o sector do automóbil. Non obstante, este contexto adverso, o director del Clúster Ibérico e da planta de

con calquera nova tecnoloxía debe estar feita con xeito", afirmou o presidente de Asime.

Pola súa banda o director de Aimen, Jesús Ángel Lago, lembrou o traballo que desde hai anos desenvolven na automatización e monitorización de procesos de fabricación en xeral.

O papel das administracións

Pola súa banda, o director do Igape; o delegado da Zona Franca de Vigo e a concelleira a Área de I+D do Concello de Vigo, foron os encargados de achegar na inauguración a perspectiva das administracións. Así, Fernando Guldrís apelou a unir esforzos para enfrontar os retos da competitividade a globalización, destacando a importancia da colaboración entre empresas e administracións públicas e de foros como as Digital JAI "para que as empresas fagan chegar ás universidades as súas necesidades de formación e esforzos realizados na dixitalización e automatización de procesos". Pola súa banda, a concelleira Ana Mejías, destacou que a pandemia pon de relevo a importancia do local e "a necesidade de tecer un ecosistema de valor na contorna próxima a través da conectividade e da colaboración de axentes. É momento de ver na crise a grande oportunidade de transformar a contorna local cun impulso en sostenibilidade, innovación, progreso e cohesión social", dixo Mejías.

Mentres, David Regades insistiu na importancia da loxística e da automatización industrial, pero "non para substituír as persoas, senón para liberalas de tarefas mecánicas. Hai quen fala de que estamos na idade de ouro da robótica e da automatización industrial e en Vigo diso sabemos moitos", dixo o delegado do Estado na Zona Franca de Vigo ●

Tras máis dun ano de traballo coordinado pola UVigo, este xoves presentáronse os resultados

O proxecto Melinco tende unha ponte lingüística para mellorar a comunicación entre as ONGD e as persoas migrantes ou refuxiadas

O equipo realizou traducións culturalmente adaptadas, cursos e unha guía de boas prácticas

M. Del Río
DUVI 29/10/2020

Cando unha persoa doutra nacionalidade, cultura ou relixión chega a un país alleo atopa múltiples barreiras, comezando pola lingüística. Pero cando esas persoas migrantes se atopan nunha situación de vulnerabilidade, en busca de asilo ou refuxio, o descoñecemento do idioma pode ter consecuencias moi severas. Así o explican as ONG que atenden a mulleres e homes que precisan establecer con estas institucións unha vía de comunicación. En moitos casos a falta de tradutores e intérpretes con formación e coñecementos neste eido é a principal eiva. É nesta necesidade na que traballa un equipo de investigación coordinado pola Universidade de Vigo, en colaboración coas universidades da Coruña, Alacant, Granada, Trás-os-Montes e Alto Douro e Jaime I no [proxecto Melinco. Mediación lingüística para a cooperación ao desenvolvemento](#). Esta iniciativa, financiado pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, celebrou este xoves a súa xornada de peche, organizada polas investigadoras do proxecto Maribel del Pozo e Silvia Pérez. Ademais de conferencias e mesas redondas ao longo de todo o día, tamén se presentaron os resultados do proxecto así como as ferramentas desenvolvidas para mellorar a situación da interpretación e a tradución no campos dos dereitos humanos e a cooperación.



A profesora do Departamento de Tradución e Lingüística e coordinadora do proxecto, Maribel del Pozo, explica que a investigación, iniciada hai ano e medio, constata "que nas ONGD existe unha enorme demanda de tradución e interpretación e que esta demanda adoita cubrirse con solucións ad hoc, é dicir, con persoas voluntarias que non teñen formación específica en tradución e interpretación" e isto provoca que, en moitas ocasións, se confunda "o papel de intérprete co do mediador intercultural". Os resultados tamén demostran que a demanda se agudiza cando


se trata de linguas máis exóticas, como urdú, xeorxiano ou ucraíno pero a Administración non proporciona recursos para paliar estas necesidades. Estas conclusións obtivéronse a partir do traballo de campo do equipo sociolóxico, que consistiu en dous grupos de discusión, un con ONGD e outro con intérpretes, así como cuestionarios destinados aos mesmos colectivos.

Un proxecto con continuidade

A xornada de peche foi seguida por máis de 150 persoas dende España, Australia, Reino Unido e Arxentina. O evento foi inaugurado pola vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación, María Isabel Doval, xunto con José Montero, decano da Facultade de Filoloxía e Tradución e Águeda Gómez, directora da Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo, ademais da profesora Maribel del Pozo, que lembrou que estas xornadas, financiadas pola Unidade de Igualdade, deberían terse celebrado na Facultade de Filoloxía e Tradución, pero por mor da situación sanitaria todos os espazos se están empregando para unha docencia segura e con distancia de seguridade.

A investigadora agradeceu ao decano o apoio do centro a un proxecto cuxo obxectivo inicial era "mellorar a comunicación interlingüística e intercultural" entre as ONGD e as persoas migrantes ou refuxiadas e establecer e consolidar unha nova liña de investigación multidisciplinar no eido da cooperación ao desenvolvemento unindo disciplinas como a tradución e a interpretación, a pedagogía, a antropoloxía e a socioloxía. "Para min, como coordinadora, o máis importante desta experiencia foi levar a Universidade ao terreo da realidade, para que dende a ciencia e con fondos públicos abordemos cuestións que afectan á vida de moitas persoas". Remarcou tamén que este proxecto serviu para visibilizar o "excelente traballo" que se realiza dende as periferias, tanto xeográficas como académicas, "dende as ciencias sociais e humanas unidas baixo este proxecto, disciplinas que non sempre reciben a atención e a financiación que necesitan". Neste sentido, a vicerreitora María Isabel Doval remarcou que esta proxecto "posiciona a Universidade de Vigo na vangarda da investigación en cooperación universitaria ao desenvolvemento" dende un punto de vista multidisciplinar, "que é como se resolven os problemas do planeta".

Pola súa banda, José Montero, decano da Facultade de Filoloxía e Tradución, fixo fincapé nas posibilidades de continuidade desta liña de investigación sobre protección dos dereitos lingüísticos e culturais que, segundo a vicerreitora, pode ter percorrido en convocatorias estatais e europeas. Finalmente, Águeda Gómez felicitou ás



investigadoras pola inclusión da perspectiva de xénero na tradución no eido da cooperación para o desenvolvemento.

Presentación de resultados

Na presentación das conclusións, as investigadoras Maribel del Pozo, Silvia Pérez, David Casado e Luzía Oca, explicaron que, ante a falta de tradutores e intérpretes, as ONGD vense obrigadas a empregar aos seus voluntarios para facer este labor. Pero outras malas prácticas moi estendidas está o de Google Translator, o que xera "consecuencias nefastas como a conculcación do dereito de defensa ou o desamparo". Tamén comprobaron que, no caso do árabe, non se ten en conta a diversidade interna da lingua e as diferencias sociopolíticas e amosaron unha "crítica unánime" ao sistema de tradución telefónica.

Ante esta situación, os membros do equipo presentaron unha serie de propostas, que pasan pola creación dun rexistro de tradutores e intérpretes e dun banco de intérpretes en

desenvolvementos sociais, que permitiría eliminar as empresas intermediarias e mellorar as condicións laborais destes profesionais.

Recursos elaborados


No transcurso da xornada tamén se presentaron os recursos elaborados ao abeiro do proxecto. Por unha banda, fixéronse traducións culturalmente adaptadas, un total de 28 documentos, como cuestionarios, guías de voluntariado, dípticos informativos sobre proxectos de acollida, etc. Estes textos foron traducidos a inglés, francés, galego, español, persa, urdú, ruso, árabe e ucraíno. Neste proceso enfrontáronse á dificultade de "atopar profesionais da tradución con determinadas combinacións lingüísticas, por exemplo para o xeorxiano, e o alto custe de certas combinacións", apunta Del Pozo. Por outra banda, tamén se impartiu un curso de formación para as ONGD sobre como traballar con intérpretes, no que participaron 16 persoas. Finalmente, o equipo de investigadores elaborou unha guía de boas prácticas sobre este aspecto, que estará dispoñible na web de Melinco.

A xornada completouse cunha conferencia plenaria da man de María Naredo, xurista, asesora de Amnistía Internacional e do Ministerio de Igualdade e experta en perspectiva de xénero e dereitos humanos. Na súa intervención, remarcou a importancia de garantir os dereitos lingüísticos das persoas, especialmente das migrantes e refuxiadas, xa que moitas delas son discriminadas por motivos de xénero, raza ou idioma, polo que "é fundamental que poidan entender e ser entendidas". Este dereito, apunta Del Pozo, "só se pode facer efectivo cando o Estado pon á súa disposición intérpretes formadas".

Xa pola tarde ten lugar unha mesa redonda para dar voz a algunhas das ONGD que máis activamente participaron no proxecto: Aire e Cruz Vermella e a conferencia plenaria sobre as "tradutoras sociais" do Perú e o seu papel como facilitadoras do acceso dos pobos indíxenas aos dereitos humanos, da man de Raquel de Pedro, investigadora da Universidade de Stirling. A xornada remata coa presentación dos catro traballos fin de grao ligados ao proxecto Melinco por parte do alumnado das universidades de Vigo e Jaume I ●




NOVEMBERO



O mes no que 24 novos e novas catedráticas tomaron posesión, a UVigo tamén se situou como terceira universidade española no Highly Cited Researchers 2020 e preto dunha trintena de investigadores e investigadoras apareceron no ránking dos máis citados da Stanford University.

O Consello de Goberno aprobou o novo Plan de Igualdade da Universidade de Vigo e tamén se confirmou que a institución recibiría 3,6 millóns de euros na repartición de fondos covid estatais, tras o acordo acadado entre a Xunta de Galicia e as tres universidades galegas.

Nun curso marcado pola covid, a UVigo acolleu alumnado de 26 nacionalidades e unha vintena de estudantes dos tres campus creaba UVigo SpaceLab co obxectivo de fabricar e operar pequenos satélites e misións espaciais.



Manuel Reigosa: “Os cartos acordados no reparto de fondos covid estatais permítennos ser máis ambiciosos nas medidas que estamos tomando”

10,9 M€ achegaranse ás tres institucións para paliar o sobreforzo económico

DUVI 03/11/2020

A Universidade de Vigo recibirá 3,6 millóns de euros no reparto de fondos covid estatais tras o acordo acadado entre a Xunta de Galicia e as tres universidades galegas. En total son 10,9 millóns de euros os que percibirán as tres institucións académicas galegas (4,2 USC; 3,6 UVigo e 3 UDC) e que se suman aos tres millóns de euros propios da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, que xa se asignaran ás universidades para facer fronte aos gastos derivados da covid desde a declaración en marzo do Estado de Alarma.

“Quero facer constar a miña satisfacción co acordo acadado entre a Xunta de Galicia e as tres universidades, a través dos tres reitores. Penso que é un bo acordo, que nos vai permitir facer as cousas mellor, tanto desde o punto de vista da seguridade sanitaria, coma da adaptación á docencia nos diferentes escenarios posibles durante todo o curso 20/21”, explica Manuel Reigosa. O reitor da Universidade de Vigo sinala que, ademais de permitir levar a cabo as medidas destinadas a garantir a formación e a seguridade sanitaria, “sen adelgazar os nosos orzamentos”, os cartos finalmente acordados entre o executivo autonómico e as universidades “permítennos tamén ser máis ambiciosos nas medidas que estamos adoptando”.



O reitor da UVigo Manuel Reigosa

Tomando como base da distribución dos fondos o número de alumnado de grao e mestrado de cada universidade, o gasto baséase en programas aos que se deben axustar as propostas das institucións, estruturadas en tres áreas: melloras sanitarias, dixitalización e actuacións en infraestruturas. Estes fondos adicionais acordados entre a Xunta e as universidades, procedentes do Fondo covid creado polo Real Decreto-lei 22/2020, do Goberno central, teñen o obxectivo de facer fronte ao sobreforzo económico, en beneficio da seguridade sanitaria das universidades públicas galegas, tendo en conta os gastos adicionais nos que tiveron que

incurrir, imprevistos pero imprescindibles, para manter a calidade da oferta académica e da investigación.

Meses de medidas na UVigo cun forte investimento

A confirmación do acordo acadado entre as universidades e a Xunta prodúcese tras meses nos que a UVigo, por mor da situación creada pola pandemia, "tivo que facer fronte a moitos gastos inesperados", recoñece o reitor. Así, ademais de contribuír ao fondo Supera-Covid, co obxectivo de financiar proxectos de investigación destinados a facer fronte á pandemia, a Universidade de Vigo adoptou medidas como dotarse dunha nova liña de bolsas para o estudantado; reparto de mifis (pequenos *routers* con wifi) para evitar a fenda dixital; desenvolver un sistema propio de videoconferencia –Campus remoto– para a realización de clases a distancia ou reforzo dos sistemas de teledocencia. "Ademais, loxicamente, investiuse en material sanitario (hidroxeles, máscaras, etc.) e todos estes gastos supuxeron dedicar partidas inicialmente previstas para outros fins nos orzamentos propios da UVigo", explica o reitor, que incide en que estas medidas tamén van a seguir durante este curso no momento en que sexan necesarios. Precisamente en relación co actual curso 20/21, Reigosa lembra o forte investimento que se realizou co obxectivo de acadar o maior grado de presencialidade adecuando os centros habilitando novos espazos, marcando os postos con códigos QR, axustando as circulacións nos edificios, electrificando aulas, montando "aulas Integra" ou mellorando a rede sen fíos. "Tamén se fixo un investimento en formación con novos cursos para a utilización das ferramentas de teledocencia, Organizouse a nova plataforma de teledocencia (moovi) e, por suposto, reforzáronse os servizos de limpeza", detalla o reitor, que destaca tamén en relación coas medidas sanitarias a realización dun cribado PCR a todo o persoal contratado na UVigo e de 200 probas adicionais por semana para todo o curso, "que esperamos nos sirvan para impedir que as aulas se convertan nun lugar no que aparezan gromos".

Cos fondos agora acordados entre a Xunta e as universidades, a UVigo poderá, ademais da partida inicialmente dedicada a mercar ordenadores portátiles e tabletas dixitalizadoras, cuxo reparto

estase a realizar estes días, poñer en marcha unha compra mais importante para o segundo cuadrimestre. Coa vista posta nun futuro próximo o reitor sinala que, "algunhas das medidas que se están adoptando, ademais de servir para o tempo afectado pola pandemia, poden servir para que a UVigo faga mellor algunhas cousas no futuro. Un bo exemplo sería a mellora da rede con fíos nos tres campus ou o reforzo da rede sen fíos, a posta en marcha do Campus Integra (no que coinciden alumnos na aula e outros desde outras localizacións) ou a nova plataforma de teledocencia", explica Reigosa ●

A UVigo ‘capta’ sete novos investigadores distinguidos


Catro proceden doutros organismos de España e do estranxeiro e tres xa forman parte da institución

M. Del Río
DUVI 04/11/2020

Aínda que con retraso por mor da pandemia, a Xunta de Galicia fixo pública esta semana a resolución de investigadores seleccionados no programa de atracción e retención de talento. Ao seu abeiro, a Universidade de Vigo poderá incorporar sete expertas e expertos distinguidos referentes en eidos científicos que a institución buscar potenciar.

A convocatoria, que se lanzou este ano por primeira vez con estas características, é para a vicerreitora de Investigación, Belén Rubio, unha iniciativa que se debería manter no futuro, “xa que sitúa o sistema de investigación galego entre un dos máis atractivos para desenvolver a carreira profesional dos investigadores novos”.

O programa oferta dez prazas na modalidade de atracción de talento e cinco para retención para as tres universidades, con contratos por un período de catro anos. A UVigo, con catro e tres investigadores seleccionados respectivamente, conseguiu unha taxa de éxito do 40% nunha modalidade e do 60% noutra, o que Belén Rubio valora “moi positivamente”. A vicerreitora explica que estes resultados son froito do “traballo levado a cabo na selección dos candidatos que presentou a UVigo” a esta convocatoria, xa que cada centro de investigación e agrupación estratéxica “tivo a responsabilidade de captar os mellores candidatos para os contratos de atracción e claramente o conseguiron”. Así, os novos investigadores “veñen a reforzar a estrutura de estes centros que xa son excelentes”. Mentres, os resultados na modalidade de retención, engade, “reflexan a aposta da UVigo pola excelencia tamén nos seus programas de retención, onde nos últimos anos deuse



continuidade a aqueles investigadores e investigadoras de posdoutoramento cos mellores currículos”.

Catro novos investigadores na modalidade de atracción de talento

A modalidade de atracción pretende traer a Galicia científicos “de recoñecido prestixio” para que se incorporen ao sistema universitario galego por un período de catro anos. O importe da axuda é de 91.000 euros que se reparten entre os 50.000 euros de soldo e outros 40.000 euros para a liña de investigación. Para acceder a un destes postos, as e os investigadores deberon

acreditar un mínimo de catro anos de experiencia de posdoutoramento, dos cales dous deben ser de estadía no estranxeiro. Os candidatos, sinala a vicerreitora, foron previamente seleccionados pola Universidade en función das necesidades existentes e o interese por reforzar ámbitos vinculados ao CIM, Cinbio e atlantTIC e a agrupación estratéxica Ecobas. "Temos grandes expectativas nestes perfís dos novos profesionais que se incorporarán á UVigo e que veñen a cubrir aspectos que queremos potenciar dende a Universidade".

Os investigadores que se incorporarán en próximas datas á Vigo nesta modalidade son catro. Por unha banda, José Luis Izquierdo, actualmente no Departamento de Química en Ciencias Farmacéuticas da Universidad Complutense de Madrid onde traballa no eido das aplicacións da imaxe biomédica. Outro dos seleccionados é Mario Pansera, investigador italiano, actualmente na Universitat Autònoma de Barcelona, onde desenvolve unha investigación que ten como obxectivo analizar como sería unha sociedade capaz de prosperar sen necesidade dun crecemento económico continuo. Pansera tamén foi seleccionado no programa de bolsas Starting Grant do Consello Europeo de Investigación (ERC), que ten como obxectivo que novas e novos investigadores destacados poidan crear os seus propios equipos de traballo e desenvolver liñas de investigación pioneiras. O terceiro experto que chegará á UVigo é Juan Ramón Troncoso, formado na Escola de Enxeñaría de Telecomunicación da Universidade viguesa, que actualmente desenvolve a súa carreira profesional na École Polytechnique Fédérale de Lausanne. Regresará a Vigo para seguir traballando en criptografía aplicada, procesamento da sinal e seguridade multimedia. Finalmente, na modalidade de atracción tamén está Iván Franco, procedente da Universidade de Helsinki, onde desenvolve proxectos sobre ecoloxía das praias areosas, a influencia dos grandes procesos oceanográficos, o funcionamento do ecosistema, a perda de biodiversidade e especies invasoras e as variables de cambio climático e as súas interaccións e modificacións do funcionamento do ecosistema. Franco ten publicado traballos con investigadores da Universidade de Vigo como Mariano Lastra ou Celia Olabarría, xa que aquí estudou Ciencias do Mar, así como os estudos de mestrado e doutoramento.

Tres especialistas que continuarán na UVigo, na modalidade de retención de talento

A modalidade de retención ten como finalidade "promocionar" o persoal que na actualidade está xa vinculado ás universidades galegas nos campus de especialización ou en áreas de coñecemento estratéxicas. Para iso, a Xunta de Galicia achega 71.000 euros, divididos en 50.000 euros de salario e 20.000 euros para a investigación, para cada un dos seleccionados, durante un período máximo de catro anos. Os requisitos esixen catro anos de experiencia de posdoutoramento e estar acreditado como profesor contratado doutor pola Aneca ou a Acsug. Explica a vicerreitora que "son a nosa aposta dende o principio, formáronse na casa e realizaron estadias en centros internacionais de prestixio, onde se especializaron e construíron relacións con outros investigadores". Precisamente pola súa traxectoria, engade, "a UVigo non pode perder esta experiencia e especialización, pretendemos non desperdiciar o que xa investimos para evitar que finalmente acabemos exportando ao estranxeiro investigadores con grande experiencia".

No marco da modalidade de retención de talento, quedarase na UVigo Francisco Javier Pena, investigador do Departamento de Química Analítica e Alimentaria, onde estuda aspectos como miniaturización e preparación de mostra; microextracción; química analítica verde; espectrometría atómica e molecular e detección non instrumental. Sandra Martínez é outra das investigadoras que a UVigo retén. Especialista en ecoloxía mariña e oceanografía biolóxica, traballa actualmente no Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal. Finalmente, Iria Fernández tamén continuará desenvolvendo o seu traballo no Laboratorio de Filoxenómica, centrándose na xenómica mariña ●

Santiago Lago, novo membro electo da Real Academia de Ciencias Económicas y Financieras

No seu discurso de ingreso falará sobre estabilidade fiscal e orzamentaria

DUVI Ourense 09/11/2020

O catedrático do Departamento de Economía Aplicada da Universidade de Vigo Santiago Lago vén de ser elixido académico de número da Real Academia de Ciencias Económicas y Financieras (RACEF). Agradecendo ao membros da entidade a súa elección por unanimidade, Santiago Lago recibe este recoñecemento salientando como "é unha honra" pasar a formar parte "dunha institución tan reputada e importante" e comprometéndose a "traballar todo o que poidamos para deixar ben o nome da Universidade de Vigo".

Para Santiago Lago, este recoñecemento á súa traxectoria tamén o é para a Universidade de Vigo. Así, recalca, "eu sempre incido na enorme importancia que ten a institución onde estás: somos o que a institución nos permite que sexamos e o que nos axuda a ser". Por este motivo, quere aproveitar esta ocasión para agradecer o apoio recibido nos 20 anos que leva traballando na UVigo, nomeadamente o apoio dos diferentes equipos reitorais. "Teño clarísimo que unha boa parte deste recoñecemento ten que ver coa Universidade de Vigo", afirma o catedrático, o primeiro desta institución académica que é nomeado académico de Real Academia de Ciencias Económicas y Financieras.

Na cerimonia de ingreso, pendente de datar debido á situación provocada pola pandemia, Santiago Lago ofrecerá un discurso no que abordará o problema do déficit estrutural que sofre España. Como recoñecido especialista en financiamento público, o novo membro electo abordará as novidades que presentan os



Santiago Lago é catedrático do Departamento de Economía Aplicada da UVigo

orzamentos xerais do estado presentados polo goberno, as dificultades para o cumprimento dos obxectivos fiscais e o marco legal da estabilidade fiscal a nivel comunitario, hoxe en revisión polos efectos da pandemia, e as políticas europeas de recuperación. Nunha conxuntura "absolutamente extraordinaria" provocada pola covid-19, na que en Europa hai unha "suspensión temporal das regras fiscais do 20/21" e unha discusión "de se hai que mudar as regras vixentes", Santiago Lago comenta que o seu discurso "tocará tanto as regras europeas como o plan de estabilidade orzamentaria que deberemos ter en España para volver a unha situación de normalidade".

Contribuír ao coñecemento

A Real Academia de Ciencias Económicas y Financieras é unha corporación oficial de carácter científico e técnico que ten por obxectivo a investigación, estudo e fomento das ciencias económicas e financeiras. A entidade está dividida en castro seccións que abranguen as ciencias económicas; a técnica económico-contable e financeira; a psicoloxía e ciencias sociais e a lexislación e xurisprudencia. Os seus académicos e académicas de número, entre os que xa está Santiago Lago de xeito electo ata o seu discurso de ingreso, son elixidos, segundo explica a entidade, "entre as persoas que se distinguen polos seus coñecementos nas ramas da corporación". Estes académicos de número constitúen o núcleo da entidade e deben, entre outras funcións, "contribuír ao progreso da ciencia". Santiago Lago asume este cargo co compromiso de "contribuír na medida en que se poida". "Eu son unha persoa á que sempre lle gusta contribuír, gústame achegar cousas, dinamizar, non me gusta ser testemuña, gústame participar, axudar, empurrar, sempre cunha lóxica de equipo", indica o catedrático da UVigo, que fai fincapé en como "en investigación, en ciencia, en transferencia, o dinamismo é fundamental".

Santiago Lago, ademais de catedrático da UVigo, dirixe o grupo de investigación Gen (Governance and Economics Research Network), con sede na Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo do campus de Ourense, e é editor executivo da revista *Hacienda Pública Española / Review of Public Economics*. O profesor dirixe ademais a Red de Investigadores en Financiación Autónoma y Descentralización Financiera en España, o Foro Económico de Galicia e a Cátedra de Empresa Familiar da Universidade de Vigo. É ademais investigador asociado do Institut d'Economia de Barcelona da Universitat de Barcelona e é colaborador da Fundación de Cajas de Ahorro (Funcas), entre outros méritos ●

Un proxecto internacional liderado pola UVigo divulgará o patrimonio que rodea ás grandes vías de peregrinación de Europa

15 socios de seis países europeos participan nesta iniciativa multidisciplinar

DUVI Ourense 09/11/2020

rurALLURE é unha mestura de termos en inglés (*rural*; *lure*, atraer e *alure*, encanto) que dá nome ao proxecto internacional liderado pola Universidade de Vigo, no que participan máis dunha decena de socios de seis países europeos, e que ten por obxectivo a divulgación do patrimonio cultural que rodea ás grandes vías de peregrinación de Europa. Financiado con preto de 3 millóns de euros procedentes do programa Horizonte 2020 da Comisión Europea, *rurALLURE: Promoción de museos e sitios culturais en áreas rurais na contorna dos camiños de peregrinación de Europa*, procurará cun enfoque multidisciplinar e o traballo de grupos de investigación de universidades, empresas, institucións públicas e museos, ampliar as experiencias dos peregrinos que discorren polas grandes vías europeas, achegándolles a oferta cultural das áreas rurais próximas, a través de ferramentas tecnolóxicas e estratexias de innovación. "Trátase de promover o patrimonio rural como un engadido cara ao interese que poida suscitar unha ruta de peregrinación que se fai de extremo a extremo ou por tramos", explicou o docente e investigador da UVigo e investigación principal do proxecto, Martín López Nores, na presentación de *rurALLURE*, celebrada hoxe no campus de Vigo e na que tamén participaron o reitor, Manuel Reigosa, e a vicerreitora de Investigación, Belén Rubio.

Tanto Reigosa, como Rubio, felicitaron ás e aos investigadores dos departamentos de Enxeñaría Telemática; Historia, Arte e Xeografía; Didácticas




Susana Reboreda, Manuel Ramos, Belén Rubio, Manuel Reigosa, Jose Pazos, Martín López e Martín Llamas

Especiais e Socioloxía da Universidade de Vigo, que participan no proxecto, do que destacaron o seu carácter multidisciplinar. Neste sentido, a vicerreitora de Investigación incidiu no incremento rexistrado no número de proxectos H202 solicitados e concedidos á UVigo desde a posta en funcionamento da Oficina de Proxectos Internacionais (OPI), ao tempo que animou a outros grupos "a seguir este exemplo de proxecto multidisciplinar no que hai grupos de historia, turismo, tecnoloxía e que é una oportunidade de potenciar o patrimonio cultural nas rutas de peregrinación europeas", sinalou Rubio.

De España a Romanía, pasando por Italia e Noruega

rurALLURE ten a súa orixe nunha conversa mantida hai un ano entre Martín López Nores e os responsables da Fundación Uxio Novoneyra, na que se falou de aproveitar o tirón do Camiño de Santiago para derivar ás e aos peregrinos a contornas rurais próximas. Tendo en conta o atractivo económico (só o ano pasado calcúlase que se xeraron 300 millóns de euros arredor do Camiño de Santiago), a diversidade do público que realiza peregrinacións e que o impacto desta actividade queda exclusivamente limitada aos lugares por onde discorren os camiños, o proxecto traballará en “desviar” o impacto desta actividade ás zonas rurais circundantes, “aumentando a



visibilidade e accesibilidade a museos, lugares de interese patrimonial e cultural e expoñendo aos peregrinos a achados inesperados”, explica o investigador de *atlanTTic*. Cunha duración de tres anos e a participación de universidades como a de A Coruña, Autónoma de Madrid, Bratislava, Padua, Boloña ou a Universidade Noruega de Ciencia e Tecnoloxía, o consorcio, ademais de conformar unha rede de institucións, desenvolverá unha plataforma tecnolóxica que reúna os lugares con patrimonio que rodean as grandes vías de peregrinación e institucións de interese cultural (patrimonio relixioso, etnográfico, museos, recursos naturais, etc.) e os porá en relación

cos servizos da zona (aloxamento, restauración, transporte), coa finalidade de definir un produto turístico completo que enriqueza e amplíe a experiencia da peregrinación.

Co obxectivo de validar os resultados da investigación e o funcionamento da plataforma, o proxecto desenvolverá catro experiencias piloto, unha delas sobre o patrimonio literario no Camiño de Santiago, no que se poñerá en valor o patrimonio literario nas inmediacións dalgúns tramos do camiño como de Pedrafita do Cebreiro a Santiago, das Médulas a Chantada e de Porto a Vilarinho, pasando po Vila do Conde en Portugal. A partir de aí tamén se abordará o patrimonio termal nos camiños a Roma; o patrimonio etnográfico do Camiño de San Olaf (Noruega) e o patrimonio natural nas vías de peregrinación mariana a Sumuleu Ciuc (Romanía). “Esperamos que nos tres próximos anos o proxecto se deixe sentir en España, Portugal, Hungría, Eslovaquia e Noruega porque temos aí socios directamente representados no consorcio. Así mesmo tamén temos contactos preliminares con axencias de amigos do camiño e similares en países do Benelux, Irlanda, Lituania e ao longo do próximo ano temos que falar con axentes que están a traballar en Albania, Macedonia, Grecia e na parte europea de Turquía”, detalla o investigador principal do proxecto.

Unha iniciativa axeitada á era covid

Na presentación do proxecto, no que a decana da Facultade de Historia, Susana Reboreda, incidiu na importancia de establecer colaboracións entre os ámbitos humanístico e tecnolóxico, Martín López Nores tamén se referiu ao valor extra que este proxecto adquire nun contexto afectado por unha pandemia como a xerada pola covid-19. “Os destinos rurais están a gañar interese por ser menos concorridos e polo tanto máis seguros, ao tempo que derivando aos peregrinos a outras zonas, desconxestiónanse os albergues”, explico o IP do proxecto, que tamén sinalou que estes destinos encaixan perfectamente nun contexto no que as persoas procurarán, cando pase ou remita a pandemia, alivio espiritual e experiencias lentas ●


A Universidade de Vigo suma desde hoxe 172 catedráticos e catedráticas

O reitor lamentou a escasa presenza de mulleres

DUVI 12/11/2020

A Universidade de Vigo acada desde hoxe a cifra de 172 catedráticos e catedráticas, ao sumarse aos 148 contabilizados ata agora (109 homes e 39 mulleres), as e os 24 que hoxe asinaron os seus nomeamentos, nun acto celebrado no paraninfo do campus vigués. A escasa representación feminina (catro mulleres, fronte a 20 homes) e a consecución dun recoñecemento, retrasado anos nalgúns casos e mesmo anulado noutros, confluíron este xoves nunha xornada, que o reitor denominou como "día grande para a institución, porque tedes méritos máis que sobrados para chegar ao máximo nivel ao que se pode chegar dentro da universidade española".

Do total de catedráticos e catedráticas que hoxe tomaron posesión, 19 pertencen a facultades e escolas do campus de Vigo (José Manuel García, Pedro Pablo Gallego e Juan José Pasantes da Facultade de Bioloxía; Mariano Lastra, Emilio Marañón, Manuel Martínez e María Teresa Pérez da Facultade de Ciencias do Mar; Jorge Bravo, Jesús Antonio Castro, María Soledad García e Ana Graña da Facultade de Química; Jesús González da Facultade de Filoloxía e Tradución; Enrique Granada, Leandro Rafael Alejano; Pedro Arias e José Benito Vázquez da Escola de Enxeñaría Industrial; José Luis Rodríguez e José Luis Alba, da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación e Miguel Ángel Michinel da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo); catro ao campus de Ourense (Inés Iglesias Canle da Facultade de Dereito e José Manuel Domínguez; José Luis Alonso e Gil Garrote da Facultade de Ciencias) e un ao campus pontevedrés (Adolfo Cordero, docente e investigador da Escola de Enxeñaría Forestal). 24 novas e novos catedráticos que, segundo Manuel Reigosa, permiten ir recortando un déficit crónico que se arrastra desde a



creación da institución e que agora "amosa que o que se sementou inicialmente agora está dando froitos".

Na súa intervención, o reitor lamentou a escasa presenza de mulleres no acto celebrado hoxe (catro, fronte a 20 homes), que deixa un global a día de hoxe na UVigo de 129 catedráticos, fronte a 43 catedráticas. Reigosa asegurou que "o número de mulleres que hoxe facemos catedráticas é moi pequeno. Cabería pensar que tivésemos a metade e metade, por iso imos tentar entre todos e todas conseguir unha universidade absolutamente igualitaria e aí temos que dar exemplo", dixo Reigosa, que tamén manifestou a súa esperanza de en anos sucesivos, poder baleirar totalmente a bolsa de persoas acreditadas a cátedra que xa poida ser automática.

O teito de cristal é unha realidade, tamén no ámbito universitario

Poucos actos deixan tan claro coma esta toma de posesión dos novos catedráticos e catedráticas que o teito de cristal é unha realidade, tamén no ámbito universitario. Das 24 persoas que hoxe tomaron posesión só catro son mulleres: M^a Soledad García Fontán, da Área de Química Inorgánica; Ana María Graña, de Química Física;



A catedrática do campus de Ourense Inés Iglesias Canle

M^a Teresa Pérez Iglesias, de Física Aplicada, e Inés Celia Iglesias Canle, de Dereito Procesual.

"Os obstáculos existen, a realidade é teimuda e a sociedade non nolo pon fácil". Así de claro resume a situación Iglesias Canle, ao que engade que conciliar supón para as mulleres unha tarefa complexa, pero que é importante "seguir empurrando con ilusión e gañas porque a alternativa non é viable, non podemos dar un paso atrás". Desde o seu punto de vista, a igualdade é un tema moi serio e por iso hai que "romper estereotipos, rachar coa imaxe de submisión, de dependencia. Somos iguais e libres e a liberdade lévache a facer sacrificios, non é doado, pero pódese conseguir". Con moitos anos de traballo, sacrificio e tamén renuncias detrás, as novas catedráticas recoñecen que o día de hoxe "é unha alegría e un acto de xustiza", apunta Iglesias Canle, quen quixo tamén lembrarse das mulleres que marcaron e marcan o seu camiño "as miñas

avoas, que foron mestras, a miña nai e a miña filla, que como todas as mulleres seguen comezando un camiño día a día cara á igualdade efectiva de todas nós".

No caso de M^a Soledad García Fontán e Ana M^a Graña, ambas levaban xa preto de nove anos acreditadas a catedráticas. Levaron a espera con calma, "entendendo que as circunstancias non se daban e tratando de aproveitar o momento cando por fin se deron", recoñece Graña. Ao respecto do baixo índice de mulleres que hoxe recolleron as súas acreditacións opinan que "os tempos pasan e as cousas non cambian. Sempre pensamos que estamos a punto e pasa o tempo e non estamos. As nosas nais pensaban que nós chegaríamos e nós pensamos que chegarán as nosas fillas, pero non sei se iso acontecerá", admitiu Graña. Ambas consideran que, en certa maneira, as novas xeracións aínda o van ter máis difícil, pois cada vez o mundo é máis competitivo, aínda que deixan un lugar para esperanza, "pese a todas as dificultades quero pensar que pouco a pouco imos seguir avanzando".

Teñen claro que tiveron máis trabas ca os seus compañeiros para avanzar na carreira académica, tanto no sentido persoal, como no profesional, algo que consideran non é necesariamente condicionado polas persoas que as rodean, senón por elas mesmas. "No meu caso, por exemplo, non tiven máis presión para atender ás miñas fillas que o seu pai, pero no fondo creo que o fixen, os condicionamentos sociais lévannos a facernos cargo da familia, aínda que ninguén nos presione somos nós mesmas quen o facemos", explica Graña. Centrándose no ámbito profesional, Graña admite que demasiadas veces as mulleres non dan pasos cando os seus compañeiros homes os dan, renuncian por compañeirismo e por manter o bo ambiente e iso é algo que hai que cambiar. "Son demasiadas as ocasións nas que renunciamos por manter o equilibrio e eles iso nunca o fan", insiste García Fontán, quen á hora de aconsellar ás futuras profesionais, xa sexa da Química ou de calquera outro ámbito, teno claro "que pelexen e que non cedan", ao que Graña engade que deben ser elas mesmas as que se sitúen nun plano de igualdade cos homes, "elas séntense capaces, porque o son, pero deben ter claro que non son as responsables de manter o bo ambiente e a tranquilidade, simplemente son tan responsables como calquera".

Un estímulo e unha sensación agridoce

Entre os novos catedráticos que hoxe asinaron a súa acreditación está o propio secretario xeral da Universidade de Vigo, Miguel Ángel Michinel, profesor da Área de Dereito Internacional Privado. Desde o seu punto de vista, "sempre é moi positivo que te recoñezan os anos de traballo desenvolvidos ata agora" e días como o de hoxe supoñen tamén "un estímulo para seguir con máis enerxía na investigación e na docencia". Admite que no seu caso sempre tivo claro que o seu perfil se axustaba máis ao mundo académico, aínda que é certo que o dereito ten moitas saídas. "Ata que chegas á universidade non sabes o que é o dereito. Estudas física, matemáticas ou historia desde neno, pero o dereito non o coñeces ata que chegas á propia Universidade", recoñeceu Michinel.

Pola súa banda, o xa catedrático do Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal Adolfo Cordero aseguraba ter hoxe unha sensación agridoce, "amarga pola lentitude, porque eu fun catedrático no 2003, así que xa pasaron 17 anos, polo que non é de recibo, por así dicilo, pero é o que hai. É unha desas cousas que quedaban pendentes e agora xa está solucionada". Logo de acadar o nomeamento, Cordero sinala que enfrontará outras metas como tentar estabilizar un grupo pequeno e repartido entre os tres campus. "Iso é o que me gustaría, poder conseguir, non para min senón para outra xente, ese recambio. Ademais, moitas das persoas que están traballando son mulleres, que tiveron máis dificultades, con fillos e demais, así que iso será o que procurarei, o que queda por ver", explica ●

A escavación arqueolóxica na Ciadella permite determinar as fases de ocupación deste campamento militar romano

O Grupo de Estudos de Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio realizou a intervención

DUVI Ourense 16/11/2020

O Grupo de Estudos de Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio da Universidade de Vigo vén de completar unha campaña de conservación-restauración do xacemento arqueolóxico da Ciadella, no concello coruñés de Sobrado, que permitiu determinar as diferentes fases de ocupación deste campamento militar romano así como sacar á luz importantes restos e pezas de cerámica. A intervención forma parte dun proxecto que arrancou o pasado mes de marzo con financiamento da Xunta de Galicia e que serviu para descubrir un gran patio, sacar á luz un novo tramo da 'via sagularis', identificar un gran 'horreum' e documentar un pórtico monumental. Para coñecer de primeira man estes avances, o xacemento foi visitado este sábado por Manuel Reigosa, reitor da Universidade de Vigo, e Román Rodríguez, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

O proxecto, no que o Goberno galego inviste preto de 240.000 euros e que está cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (80%), no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, remata agora despois de desvelar novos detalles sobre este forte militar. Durante a visita, o titular de Cultura e Educación salientou a importancia dos restos atopados, así como a calidade do traballo "levado a cabo polos técnicos da Universidade de Vigo durante estes meses". Nesta mesma liña, Román Rodríguez celebrou que os achados permitan ter máis



Susana Reboreda, Manuel Ramos, Belén Rubio, Manuel Reigosa, Jose Pazos, Martín López e Martín Llamas

coñecemento "deste complexo e importante asentamento militar para seguir afondando no noso pasado romano".

Catro décadas antes do que se pensaba

O traballo realizado polo GEAAT baixo a dirección do arqueólogo Adolfo Fernández permitiu definir as fases cronolóxicas de ocupación deste

xacemento, determinando que a súa construción foi no século I despois de Cristo, o que supón que se realizou catro décadas antes do que se pensaba, segundo explican os responsables do proxecto. Aínda que o equipo continúa analizando os restos, estableceuse tamén que os militares abandonaron o asentamento a finais do século III e que as estruturas foron reutilizadas como vivendas e talleres ata o século VII.

A escavación arqueolóxica descubriu un gran patio no centro das estancias xa coñecidas e permitiu rexistrar por completo unha superficie de 1800 metros cadrados. Ademais, ao longo dos traballos tamén sacaron á luz un novo tramo do camiño perimetral do forte romano, a '*via sagularis*', no exterior do campamento. Entre os achados destaca a identificación dun gran '*horreum*' de planta rectangular destinado a gardar os alimentos das tropas ou a documentación dun pórtico monumental no edificio principal que supón "un exemplo único do Imperio Romano neste tipo de construcións". Ademais, os traballos tamén permitiron recuperar milleiros de restos, especialmente de cerámica, pero tamén de vidro e metal, así como moedas, segundo indican os seus responsables.

Todo o material recuperado está sendo estudado nos laboratorios do GEAAT, na Facultade de Historia do campus de Ourense. En paralelo, estanse a desenvolver estudos multidisciplinares que abarcan desde datacións de carbono 14 (Beta Analytic) e termoluminiscencia (Instituto Universitario de Xeoloxía Isidro Parga Pondal da UDC), estudos de caracterización de morteiros (Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía da UVigo), estudos de arqueobotánica (Universidade de Porto) e tamén de zooarqueoloxía (Universidad de León) ●

Unha vintena de estudantes crean UVigo SpaceLab co obxectivo de deseñar, fabricar e operar pequenos satélites e misións espaciais

Tras presentar un proxecto á ESA, agora preparan o deseño de dúas misións en satélites de 1U

M^º del Camen Echevarría
DUVI 16/11/2020

Xatcobeo, Humsat-D, Serpens e Lume-1. A historia recente da Universidade de Vigo non se pode entender sen o traballo que desde hai máis de 13 anos están a desenvolver docentes, investigadores e alumnado e co lograron converter á institución académica viguesa nunha referencia no deseño, fabricación e operación de *cubesats*, pequenos satélites de 10 cm de arista e masa inferior a 1,33 kg. Logo do deseño, construción e posta en órbita de catro nanosatélites entre os anos 2008 e finais de 2018, neste 2020, que está a piques de rematar, preto dunha vintena de estudantes das escolas de enxeñaría de Telecomunicación, Aeronáutica e do Espazo, Industrial e da Escola Superior de Enxeñaría Informática toman a remuda coa posta en marcha de [UVigo SpaceLab](#), unha asociación de estudantes e egresados, asesorados por docentes, co obxectivo de "deseñar, fabricar, verificar e operar pequenos satélites e misións espaciais". Así explica Manuel Diz, un dos estudantes que integran o grupo, a finalidade de UVigo SpaceLab, que comezou a xestarse a principios de ano, cando varios estudantes acordan preparar unha proposta para participar nunha xornada de traballo que a Axencia Espacial Europea (ESA) celebraba en Bélxica. "O equipo presentou á ESA Academy un proxecto de microtelescopio espacial *Open Little Luminary Observatory* (OLLO), que representaba o primeiro intento concreto de realizar unha misión de



observación espacial no reducido formato dun *cubesat*", detalla Diz, que lembra que varios dos membros do equipo, como recoñecemento ao seu traballo, foron seleccionados para visitar as instalacións da axencia en Bélxica, xunto a outros estudantes de universidades de toda Europa.

Logo da proposta presentada á ESA, as e os integrantes de UVigo SpaceLab están a estudar dúas posibles misións en satélites 1U (100X100X100 mm) ou *pocketcube*, unha de observación da Terra e outra de carácter máis

científico, no campo da bioloxía, para o que están na procura de empresas que queiran patrocinar o proxecto. "Actualmente aínda non decidimos a plataforma, se *cubesat* ou *pocketcube*, un estándar de pequeno satélite menor que un *cubesat*, e que dependerá das análises técnicas se é viable nun ou noutro", sinala Manuel Diz.

Fernando Aguado: "Ilusionado e co máximo apoio pola miña parte"

O laboratorio que nace para complementar a formación académica que recibe o alumnado nun proxecto real e multidisciplinar, similar ao que poden atopar cando emprendan a súa vida laboral, conta co asesoramento do docente, investigador e responsable da Agrupación Aeroespacial da Universidade de Vigo, Fernando Aguado e dos tamén docentes e investigadores da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo, Arno Formella, e Fermín Navarro, que recentemente participou na misión internacional Solar Orbiter, un proxecto conxunto da NASA e a ESA coa finalidade de obter as medicións solares máis precisas ata a data.

"Ilusionado e co máximo apoio pola miña parte. Que o que comezou co proxecto educacional Xatcobeo lograse a atención do alumnado da Universidade é moi ilusionante", asegura Fernando Aguado, para quen este tipo de proxectos multidisciplinares axudan a formarse ao alumnado, non só como mellores enxeñeiros, senón tamén persoalmente, "xa que o traballo en grupo é crucial". Os tres docentes, aos que poderían sumarse outros profesores de diversas enxeñarías que xa manifestaron o seu interese no proxecto, desenvolverán un traballo de advisor ou conselleiro coa case vintena de estudantes e egresados que a día de hoxe integran o laboratorio e que podería ver incrementado o seu número nun futuro, se a carga de traballo así o requirise.

A peculiaridade de estar liderado e dirixido por estudantes

A posta en marcha de UVigo SpaceLab produciuse logo dun duro traballo do alumnado e do profesorado, recoñecen os estudantes que conforman a laboratorio, que fronte a proxectos similares que existen noutras universidades, onde se involucran máis a investigadores e docentes,



Arno Formella e Fernando Aguado



Integrantes do equipo do campus de Ourense

destacan que no caso de Vigo, SpaceLab "é liderado e dirixido por estudantes, aínda que teñamos profesores como *advisors*". Neste sentido, Aguado considera que o modelo é moi interesante e "complementario ás actividades de investigación, tal e como demostran, por exemplo, os laboratorios de estudantes das universidades de Calpoly en USA, apoiado e fomentado polo profesor Jordi Puig e en Noruega, na Universidade de Trondheim NTNU".

Aínda que a finalidade de UVigo SpaceLab é principalmente educativa, o alumnado que o integra tamén quere aproveitar esta iniciativa para participar en congresos e xornadas de traballo de ámbito educativo dentro de sector espacial, ao tempo que tamén lle permitirá "ao alumnado formado dentro da asociación integrarse nos proxectos de investigación da Universidade, así como en empresas do sector aeroespacial de Galicia, a nivel nacional e internacional", apunta Fernando Aguado ●

Malia a pandemia, a Universidade acolle este curso estudantes de 26 nacionalidades

Francia, Italia e Alemaña mantéñense como principais países de procedencia

D. Besadío
DUVI 17/11/2020

Nun contexto global de redución da mobilidade por causa da pandemia as aulas da Universidade de Vigo seguen acollendo este curso a estudantes de múltiples nacionalidades. Como non podía ser doutro xeito a covid-19 freou a chegada de alumnas e alumnos estranxeiros, pero aínda así [as aulas da UVigo acollen este curso a 237 estudantes de 26 nacionalidades](#), manténdose Francia (57), Italia (50) e Alemaña (36) como principais países de procedencia. A redución con respecto a novembro de 2019 é do 53% - naquel momento había 439 estudantes internacionais-, algo que era previsible dada a actual situación de emerxencia sanitaria que levou a moitos mozos e mozas a aprazar a tempos mellores a realización das súas estadias internacionais.

Destes 237 estudantes estranxeiros, 34 pasarán aquí o curso completo; 84 só o primeiro cuadrimestre e 119 son as solicitudes que se contabilizan nestes momentos para realizar as estadias de febreiro a xuño, se ben esta cifra pode aínda sufrir variacións, xa que aínda non se pechou o prazo de solicitudes e sempre poden rexistrarse renuncias.

As persoas que máis se animan a viaxar seguen sendo as mulleres, 120 mozas fronte a 82 mozos e, se se atende aos diferentes programas de mobilidade cos que chega este alumnado, maioritariamente ségueno facendo a través do programa Erasmus+ (197), se ben as posibilidades de realizar estadias internacionais son cada vez máis amplas. Nesta ocasión, 25 estudantes chegaron a través de convenios bilaterais asinados con universidades de países

como México (11), Brasil (7), Arxentina (3), Colombia (2), Corea do Sur (1) ou Kazaxistán (1); oito son Erasmus+ Prácticas; dous chegaron de Alxeria a través de Erasmus+ KA CBHE ANL-MED; dous de Estados Unidos, a través de ISEP, e outros dous a través dos programas Erasmus+ K107 (El Salvador) e como estudante visitante estranxeiro (Ecuador).

183 estudan en Vigo e 54 divídense entre Ourense e Pontevedra


Destas 237 alumnas e alumnos, 183 elixiron como destino as diferentes escolas e facultades do campus de Vigo e 54 divídense a partes iguais entre os campus de Ourense e Pontevedra. No caso do campus de Vigo hai alumnado internacional en practicamente todos os centros, se ben como é habitual a facultade con máis presenza internacional é Filoloxía e Tradución, con 73 estudantes internacionais procedentes dunha ducia de países; seguida de Ciencias Económicas e Empresariais, con 33 de dez países; Ciencias Xurídicas e do Traballo con 22 de cinco nacionalidades, e a Escola de Enxeñería Industrial con 20, de nove nacionalidades. Ademais, entre os centros de acollida están tamén a Oficina de Relacións Internacionais e a Área de Benestar, Saúde e Deporte, onde realizan as súas prácticas Erasmus+ unha estudante francesa e dous alumnos portugueses.

En Ourense hai matriculados 27 estudantes internacionais procedentes de dez países: Italia (11), Francia (4), México (2), Alemaña (2), Portugal (2), República Checa (2), Brasil (1), Lituania (1), Romanía (1) e Turquía (1). Neste caso están moi distribuídos por todo o campus: seis na Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo; outros seis na Facultade de Ciencias; cinco na Facultade de Educación e Traballo Social; tres na Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo; tamén tres en Dereito; dous na Escola Superior de Enxeñaría Informática e outros dous na Facultade de Historia.

O campus de Pontevedra acolle tamén este curso a 27 estudantes provenientes de 11 nacionalidades: Arxentina, Brasil, Reino Unido,

normas sanitarias, non se debe renunciar a vivir este tipo de experiencia, pois para moitos deles ou o facían agora ou xa non o ían poder facer.

Katherine Xiomara chegou a Vigo procedente da Universidad Centroamericana José Simeón Cañas de El Salvador para asistir ás clases do Máster en Dirección Pública e Liderado Institucional. Propuxéronlle realizar a estadia na UVigo antes de que xurdise a pandemia. “En países e contextos como nos que eu vivo estas oportunidades non caen do ceo, así que a miña intención era aproveitar con gratitude o que me estaban a ofrecer”, explica a estudante. Cando decretaron a alerta sanitaria pensou que as circunstancias non permitirían a mobilidade, pero, finalmente, déronse as condicións necesarias e puido viaxar. Agora



Catro dos 237 alumnos e alumnas internacionais matriculados na UVigo

“En países e contextos como nos que eu vivo estas oportunidades non caen do ceo”

Colombia, México, Francia, El Salvador, Italia, Polonia, Portugal e Lituania. 13 estudan na Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación; sete en Fisioterapia, cinco en Belas Artes e dous en Ciencias da Educación e do Deporte.

En primeira persoa: Katherine Xiomara, El Salvador

A historia de cada estudante internacional é diferente, pero este ano, máis que nunca, todas e todos teñen algo en común: o desexo de viaxar, de aproveitar ao máximo as súas estadias e a convicción de que, se ben hai que ser prudentes e ser moi escrupulosos co cumprimento das

vive en Pontevedra e desde o principio adaptouse sen maior problema ás restricións. “Non nego que me encantaría coñecer outros sitios, pero, por outra banda, teño moito que ler, que escribir e investigar, actividades que perfectamente podo desenvolver desde a miña casa”, subliña Xiomara, quen tamén destaca que España segue sendo para América Latina referente cultural en moitos ámbitos e, neste caso, Galicia adáptase perfectamente aos seus fins académicos.

Katie Liddle, Inglaterra

No caso da estudante inglesa Katie Liddle coñecía España desde que era cativa, xa que os seus

avós tiñan un apartamento en Mijas e lembra con moito agarimo esa época. "Tamén estiven en Salamanca, Madrid, Estepona e Mallorca", explica a estudante, alumna da Facultade de Filoloxía e Tradución no campus de Vigo. "Estudo linguas na Universidade de Chester, francés, español e portugués", recalca a alumna, quen explica que o segundo cuatrimestre o realizará en Burdeos. "Para completar os meus estudos teño que ter un ano de experiencia no estranxeiro e, de non facelo este curso, tería que agardar un ano máis para poder rematar a titulación", explica a estudante, ao que engade que desde a súa universidade lle ofreceron a posibilidade de realizar a estancia en liña, pero que isto a ela lle pareceu "un verdadeiro absurdo". Desde o seu punto de vista, nas aulas apréndese moito, pero "fágoos tamén, incluso máis, das conversas co resto do alumnado, coas miñas compañeiras de piso, cos voluntarios Erasmus ou, incluso, nas tendas". Admite que cando chegou a Vigo non tiña medo e, "de feito sentíame máis segura aquí ca en Inglaterra".

Mikolaj Semba, Polonia

Para o alumno polaco Mikolaj Semba, alumno de mestrado na Escola de Enxeñería Industrial, este tamén era o último ano no que podía realizar o intercambio. "Desde que comecei a estudar tiña o soño de viaxar a outro país para completar alí os meus estudos e esta era a miña última ocasión para facelo", explica o estudante, quen admite que tivo e ten certa preocupación pola situación sanitaria "pero debemos ser racionais e saber superar estes medos". Vive con dous alumnos alemáns e un asturiano, todos de intercambio na UVigo. "Todos temos a mesma idade e compartir piso con eles é un pracer e tamén unha gran avantaxe", recalca Semba, ao tempo salienta que tivo a sorte de "atopar xente marabillosa e de aproveitar moito a experiencia aquí".

Victoria Barazer, Francia

Procedente de Francia, Victoria Barazer chegou a Vigo para realizar as súas prácticas na Oficina de Relacións Internacionais da propia Universidade. Graduada en Educación e Psicoloxía e con dous mestrados, un de ensinanza do francés como idioma estranxeiro e outro de coordinación de proxectos educativos, Barazer admite que elixiu

vir a Galicia porque o seu mozo lle vendeu "súper ben esta rexión marabillosa". Desde o seu punto de vista no seu país as cousas non están mellor que en España e "aquí polo menos podo seguir saíndo á rúa ou a dar un paseo a carón do mar e, sinceramente, penso que non podería estar nun lugar mellor nunha situación así", apunta Barazer, quen recalca que vivir no estranxeiro te afasta dos amigos máis próximos e da familia e, nesta situación, "os compañeiros de piso ou, no meu caso, o meu mozo se converten nos soportes principais, o que para min é suficiente, pero entendo tamén que para as e os estudantes máis novos, que se atopan por primeira vez fóra do seu domicilio e do seu país, vivir esta experiencia en plena pandemia non sempre é doado" ●

A UVigo sitúase como terceira universidade española no Highly Cited Researchers 2020


Tras Granada e Barcelona

DUVI 18/11/2020

A Universidade de Vigo sitúase como terceira universidade española no [Highly Cited Researchers 2020](#), realizado por Clarivate e feito público este mércores. A inclusión nesta clasificación de Jesús Simal, Francisco J. Barba, Seid Mahdi Jafari e Jianbo Xiao permite á institución viguesa colocarse tras a de Granada e Barcelona neste ránking de investigadores altamente citados. Os catro investigadores da UVigo traballan no eido da ciencia e tecnoloxía dos alimentos e aparecen incluídos no listado internacional no ámbito das Ciencias da Agricultura.

A listaxe, que este ano inclúe 6167 investigadores e investigadoras de 60 países e rexións, identifica, tal e como indican os seus promotores, "aos investigadores que demostran unha influencia significativa no seu campo ou campos de investigación elixidos a través da publicación de múltiples artigos altamente citados durante a última década". España ocupa neste 2020 o posto número dez no ranking de países, con 103 investigadoras e investigadores. Tendo en conta a primeira afiliación das e dos investigadores incluídos na clasificación, a institución académica viguesa, ademais de terceira no eido universitario español, lidera a presenza galega cos seus catro investigadores (aos que se suma Juan José Nieto da USC) e supera a cifra acadada en 2018, cando tivo nesta listaxe a Jesús Simal e Maurizio Battino, e en 2019, cando estiveron Maurizio Battino, Francesca Giampieri e Bruno Mezzetti.

Simal-Gándara, catedrático da Área de Nutrición e Bromatoloxía da Universidade de Vigo dende 1999 e vinculado a esta institución dende 1991,



subliña sobre a presenza acadada na listaxe este ano como "todo isto é froito dun traballo colectivo", indicando como este tipo de resultados "axuda a mellorar a visibilidade da Universidade de Vigo no contexto da actividade científica mundial, especialmente no ámbito agroalimentario". Esta visibilización internacional, engade, "é importante para o prestixio da institución de cara á captación de estudantes, á participación en consorcios ou estruturas de investigación a nivel internacional ou a atracción de talento internacional, por exemplo". "Na carreira polo coñecemento, o capital humano é fundamental", afirma o investigador.

[Jesús Simal](#), doutor en Farmacia pola Universidade de Santiago de Compostela, é director do Grupo de Investigacións Agro-Ambientais e Alimentarias da UVigo, especializado en separacións cromatográficas, técnicas de

bioloxía molecular e proteómica, e investiga sobre a distribución de contaminantes químicos orgánicos agrícolas e ambientais na cadea de produción de alimentos e sobre a mellora da calidade sensorial y funcional de alimentos. Na súa dilatada traxectoria ten sido por máis de dez anos director científico do CIA3 (Centro de Investigación Agro-Ambiental e Alimentario); membro do Comité Científico da Agencia Española de Consumo, Seguridad Alimentaria y Nutrición; director do Departamento de Química Analítica e Alimentaria e vicerreitor de Internacionalización. Recentemente elixido académico de número da Real Academia de Farmacia de Galicia e premiado coa medalla da Real Academia de Galicia 2020 Antonio Casares Rodríguez, é presidente da Asociación Internacional de Nutrición y Seguridad Alimentaria.

Tres incorporacións á UVigo

Outro dos investigadores que no Highly Cited Researchers 2020 ten á UVigo como primeira afiliación é [Francisco J. Barba](#). O seu nomeamento como investigador honorífico desta Universidade levarase, despois de ser aprobado en comisión de investigación, a aprobación na sesión de Consello de Goberno que se celebrará o vindeiro venres. Licenciado en Farmacia e en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, Barba é doutor europeo pola Universitat de València, onde actualmente é profesor. Ten participado en diversos proxectos de investigación nacionais e internacionais, froito dos cales ten máis de 250 artigos en revistas de alto impacto na área de ciencia e tecnoloxía de alimentos. Xa en 2019 foi Highly Cited Researcher. Actualmente colabora con Jesús Simal en diferentes liñas de investigación de valorización de subprodutos da industria agroalimentaria mediante procesos non convencionais para a extracción de nutrientes e compostos bioactivos e a avaliación do procesado non térmico sobre características nutricionais e compostos bioactivos de alimentos.

No caso de [Seid Mahdi Jafari](#), o Consello de Goberno da UVigo do próximo venres tamén abordará a convocatoria, aprobada na mesa de negociación do 2 de novembro, do programa de captación de talento investigador de excelencia para a contratación a tempo parcial dun director científico para a creación dun laboratorio ibérico alimentario entre a Universidade e o Politécnico de

Bragança. Seid Mahdi Jafari, doutor en Enxeñaría de Procesos de Alimentos pola University of Queensland (Australia), ten traballado en nanoemulsificación e nanoencapsulación de ingredientes bioactivos de alimentos durante os últimos 15 anos. Membro académico da Gorgan University of Agricultural Sciences and Natural Resources (Irán), ten publicado máis de 250 artigos en revistas internacionais e 60 capítulos de libros xunto coa edición de 36 libros. En 2015 foi galardoado como un dos mellores científicos do 1% do mundo por Thomson Reuters no campo das ciencias biolóxicas e en 2017 foi seleccionado como un dos principais investigadores nacionais polo Ministerio de Ciencia, Investigación e Tecnoloxía de Irán. Xa formou parte da listaxe HCR de Clarivate en 2018 e 2019.

Por último, [Jianbo Xiao](#) é o candidato seleccionado na resolución provisional do programa de captación de talento HCR da UVigo 2020, cuxa convocatoria foi aprobada no Consello de Goberno celebrado o pasado mes de setembro. Jianbo Xiao é doutor en Nutrición pola Okayama Prefectural University (Xapón). Ten traballado na University of Würzburg (Alemaña) e na University of Macau (China), é editor xefe de *Food Frontiers* (Wiley), editor asociado de *Food Chemistry and Journal of Berry Research* e membro do consello editorial de 13 revistas indexadas por WOS en ciencias da alimentación. A súa liña de investigación céntrase no eido da estabilidade dos polifenos dietéticos e os seus beneficios. É a cuarta vez que é incluído na listaxe de Clarivate Analytics Highly Cited Researchers desde 2016 ●

Un novo Plan de Igualdade para a UVigo na procura dunha total incorporación da perspectiva de xénero a todos os ámbitos

Luz verde ás OEP para PDI e PAS e ao nomeamento dun novo investigador honorífico

M^a del Camen Echevarría
DUVI 20/11/2020

A Universidade de Vigo conta desde hoxe cun novo Plan de Igualdade, o terceiro da súa historia, aprobado por asentimento polos membros do Consello de Goberno. Unha vez rematada a vixencia do seu antecesor e cos atrancos sufridos no seu proceso de elaboración por mor da pandemia, o novo documento, que terá vixencia entre os anos 2020 e 2024, recibiu hoxe o apoio unánime do órgano de goberno da Universidade, ante o que a directora da Unidade de Igualdade, Águeda Gómez, o definiu como "un elemento vivo, polo que pode incorporar modificacións en función das necesidades detectadas". O novo Plan, aínda que ten un carácter continuista respecto do seu antecesor, que acadou un grao de cumprimento de máis do 50%, e mantén a estrutura en catro eixos principais (*Cultura da igualdade: Medidas relativas á igualdade nas estruturas funcionais e organizativas da universidade; Docencia, investigación e transferencia de coñecemento con perspectiva de xénero e Traballar e estudar na Universidade en igualdade*), afonda, segundo Gómez en ámbitos vinculados a estas catro liñas de traballo, "con propostas de accións innovadoras que pensamos que poden axudar á consecución dos obxectivos propostos".

O respaldo unánime ao III Plan de Igualdade foi un dos asuntos abordados este venres na sesión ordinaria de Consello de Goberno, na que tamén se aprobaron as ofertas de emprego público do PDI e do PAS para este ano; así como as medidas



Asistentes ao acto

sobre as condicións de traballo para o PDI ou o nomeamento de Francisco J. Barba como investigador honorífico da UVigo. A sesión, que se desenvolveu de xeito presencial no paraninfo do edificio Ernestina Otero e tamén a través de Campus Remoto, comezou co informe do reitor, no que Manuel Reigosa confirmou que finalmente a Universidade recibirá, tras o acordo acadado coa Xunta e as outras universidades, 3,6 millóns de euros dos fondos achegados polo Ministerio para as institucións académicas para facer fronte á covid. Así mesmo, Reigosa manifestou a súa expectativa en que, unha vez superados os atrancos atopados para a posta en marcha do Grao en Filoloxía Aplicada Galego-Español, que

substituirá ao e Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios, este poida implantarse o vindeiro curso. Xa na quenda de intervencións, o reitor, a preguntas de representantes do alumnado, rememorou as diferentes probas que para a detección da covid-19 se teñen realizado na UVigo, tanto propias, como as promovidas pola Xunta, e que continúan desenvolvéndose todas a semanas. "Ata o de agora cremos que todos os contaxios foron fóra e ninguén se contaxiou dentro da casa e os peches que se produciron foron con números moi baixos", dixo Reigosa, que animou ao alumnado a utilizar os códigos QR dispostos nos centros, porque "queremos un espazo seguro, sen contaxios aquí dentro". Pola súa banda, o vicerreitor de Planificación e Sostibilidade, José Luis Míguez, confirmou que nos últimos 10 días se rexistraron 35 casos activos (19 en Vigo, 7 en Ourense e 9 en Pontevedra), que nun colectivo de máis de de 20.000 persoas, "son números moi bos".

Novidades do III Plan de Igualdade

O III Plan de Igualdade da Universidade de Vigo aprobado hoxe polo Consello de Goberno, incorpora no seu primeiro eixe, Cultura da igualdade: sensibilizar, visibilizar e comunicar, un distintivo de igualdade que se outorgará aos centros que cumpran unha serie de requisitos a prol da igualdade nos plans de estudo, materias e contidos con perspectiva de xénero, paridade nos cargos, etc. No caso do Eixe II, Medidas relativas á igualdade nas estruturas funcionais e organizativas da universidade, mantéñense moitas das actividades anteriores e incorpórase "unha moi ambiciosa", recoñece Águeda Gómez, favorecer o deseño de orzamentos con perspectiva de xénero. O novo documento achega ao Eixe III, Docencia, investigación e transferencia de coñecemento con perspectiva de xénero, o que a directora da Unidade de Igualdade considera máis novo: o reforzamento da incorporación da docencia con perspectiva de xénero cunha oferta formativa en liña e respecto do Eixe IV, Traballar e estudar na Universidade en igualdade as novidades principais pasan pola creación dunha ludoteca ocasional para cubrir as necesidades puntuais do persoal en relación coa conciliación para eventos, congresos ou atender os momentos entre o tempo laboral e a apertura das escolas.

Tras agradecer o traballo desenvolvido pola Unidade de Igualdade e pola comunidade

universitaria, o reitor lamentou os desequilibrios que aínda persisten nalgúns ámbitos como o número de catedráticos e catedráticas, así como os efectos que o traballo desde a casa, por mor da pandemia, están a ocasionar ás mulleres. "Os datos están a amosar que as mulleres sofren máis na súa produción científica, e tamén as PAS, pola fenda de coidados en tempos de covid", avanzou Reigosa, que deixou aberta a porta a que a Universidade poida tomar algunha medida para contrarrestar esta situación.

Medidas para PDI e PAS

Este venres aprobáronse as ofertas de emprego público para PDI e PAS para este ano 2020, que en ambos casos conteñen o número máximo de prazas que a taxa de reposición fixada para este 2020 permite. "Sacamos todas as prazas de persoal permanente que nos permite a lei e ambas foron negociadas e acordadas coa representación sindical nas mesas de negociación, polo que seguimos a ter unha relación fluída entre o goberno e os traballadores, chegando a acordos", sinala Manuel Ramos, vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado. No caso do PDI a oferta aumenta, respecto do ano pasado, xa que o número de baixas en 2019 foi maior e pásase de ofertar 23 prazas de titular de universidade e 23 de catedrático o ano pasado, a 34 de titular e 34 de catedrático este ano. Neste sentido Ramos sinala que "temos unhas bolsas importantes de persoal interino que nos gustaría consolidar, pero as limitacións de taxa de reposición non nos permite facelo á velocidade que quixeríamos. Polo de agora, a taxa de reposición de PDI utilízase para avanzar en baleirar as listas de acreditados, o cal nos gustaría facer tamén a unha maior velocidade", aínda que lembra que coa OEP que se aproba agora se bailar completamente a bolsa de acreditados a catedrático, que tiña xente acumulada, desde que se pechou a taxa en 2012.

En relación coa OEP do PAS, a xerenta da UVigo lembra que a oferta de emprego público de cada ano vén marcada polo que indican as leis de orzamentos do Estado e da Comunidade Autónoma. "No ano 2019 só houbo tres xubilacións dentro do PAS laboral, polo que de acordo coas ditas normas, só se poden computar na taxa de reposición tres postos a ofertar. Así mesmo, tamén se inclúe un praza ocupada por un laboral indefinido non fixo por sentenza, que non computa dentro da dita taxa, e que tamén



Michinel, Reigosa e Ramos na presentación

de prazas de catedrático e profesorado titular correspondentes á OEP para PDI para o ano 2019 e da creación de prazas correspondentes. "Cando chegamos ao goberno cumprimos co noso compromiso de facer listaxes baseados na antigüidade na data de acreditación para baleirar as bolsas de acreditados e polo tanto o que facemos agora non é máis que seguir esas listaxes para seleccionar as áreas nas que saen as prazas", explica o vicerreitor.

Por outra banda, o Consello deu o seu visto e prace ás medidas sobre condicións de traballo para o PDI este curso. Acordadas na mesa de negociación do PDI, as medidas teñen o obxectivo de determinar o marco axeitado para que o persoal docente e investigador da UVigo poida desenvolver o seu traballo nas mellores condicións na situación actual durante este curso, en aspectos como os seus dereitos e deberes; a actividade docente, investigadora e de transferencia e a formación. Nunha situación condicionada pola pandemia, as medidas acordadas contemplan situacións que non se darían nun curso normal como é o paso da docencia presencial á virtual, así como a presenza de persoal vulnerable ou con fillos menores ou maiores ao cargo, se estes quedasen confinados en caso de pechase os centros aos que asisten.



A vicerreitora de Investigación, Belén Rubio, durante a súa intervención

ten que saír na OPE", explica Raquel Souto, que detalla que despois da negociación cos órganos de representación de persoal (co voto favorable dos Comités de empresa de Pontevedra e de Ourense e coa abstención da Xunta de Persoal) acordouse convocar tres prazas de técnicos especialistas de biblioteca, que se cubrirán: dous pola quenda de promoción interna e unha por acceso libre. Así mesmo tamén se convocará a praza de técnico especialista de bioloxía, ocupada por persoal laboral indefinido non fixo, polo que o total de prazas da OPE ascende a catro. "Con esta OPE, xunto coas anteriores de 2018 e 2019, a Universidade de Vigo reduciu notablemente a taxa de temporalidade do PAS, a norma estatal marca como obxectivo baixar do 8%, e xa estamos por debaixo en PAS funcionario co 6,48%, superándoo lixeiramente no PAS laboral cun 9,04%", explica a xerenta.

Así mesmo, aprobáronse as seleccións de áreas de coñecemento para participar na convocatoria

Nomeamento dun investigador honorífico da UVigo

Por asentimento, o Consello aprobou o nomeamento de Francisco José Barba como investigador honorífico da UVigo, unha figura que desempeñando a súa actividade principal fóra da UVigo colaborará na realización de actividades ocasionais de investigación, así como impartir conferencias e cursos. Barba, que será o segundo investigador honorífico tras Maurizio Battino, é profesor titular da Universitat de València no Departamento de Medicina preventiva e saúde pública. Ciencias da alimentación, toxicoloxía e medicina legal; obtivo máis de 300 investigacións publicadas das que máis de 250 son artigos en revistas de factores de alto impacto na área da Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos. HCR en 2019 e 2020 xa participou en proxectos internacionais e publicacións con investigadores da UVigo.

Precisamente nas vantaxes que a colaboración con Barba reportará á Universidade insistiu a vicerreitora de Investigación, Belén Rubio, ante as preguntas do voceiro de Ideas que suman, Emilio Fernández, que manifestou as súas dúbidas sobre o que investigador podería achegar. Fernández amosárase previamente moi crítico en relación coa convocatoria do programa de captación de talento investigador de excelencia para a contratación a tempo parcial dun director científico para a creación dun Centro ibérico alimentario, que tería como liñas de accións preferentes a produción primaria sustentable; o desenvolvemento de alimentos innovadores e a promoción de hábitos alimentarios saudables e da saúde planetaria. "Se no ámbito agroalimentario estamos, segundo o ránking de Shanghai, entre os mellores do mundo, non hai ninguén nesta universidade que poida dirixir o centro e non traer alguén de fóra?", lamentou o voceiro de Ideas que suman, que tamén lembrou a experiencia do director de Cintecx que "marchou o primeiro ano porque non tiña o apoio do equipo reitoral", dixo. Rubio e o reitor rebateron as palabras de Emilio Fernández cualificando de éxito a xestión de José Luis Martínez Lastra, que aseguraron "foi quen de potenciar os grupos que integran o centro", achegando ademais máis capacidade para unha diagnose rápida, que alguén de dentro da institución.

Outros acordos

Na sesión de hoxe aprobouse a normativa de titorías, ata o de agora inexistente no caso da UVigo e que ten como obxectivos normalizar a situación actual, regular aspectos que non o estaban, garantindo o dereito a titorías do alumnado. A nova normativa, baseada principalmente na da Univesitat Politècnica de València, contempla cuestións como o período de dedicación a titorías e as súas modalidades (horario fixo, concertadas, mixta); delimitación de responsabilidades; titorías intercampus ou o caso do alumnado con necesidades especiais. Así mesmo, foi aceptada a solicitude das direccións de centros de investigación e agrupacións estratéxicas de recoñecemento da categoría de subdirección de centro, outorgándolles unha valoración equivalente a un secretaría de departamento coa correspondente desgravación docente e compensación económica.

Por outra banda, aprobouse un novo regulamento de réxime interno do Consello de Goberno,

adaptado aso novos estatutos, dentro do proceso de adaptación á normativa que supón a súa entrada en vigor. Neste punto tratáronse varias enmendas presentadas polo sindicato UGT, relativas á presenza dos representantes das e dos traballadores nas comisións delegadas; do director da EEI, Francisco Rodríguez, sobre a Publicidade das convocatorias das comisións delegadas e dos acordos adoptadas nas mesmas e do representante do PDI-A, Antonio Collazo, sobre a denominación da comisión e investigación, como de investigación e transferencia, así como avaliar as axudas relacionadas co doutoramento industrial e aprobar os modelos oficiais para a tramitación das actividades de transferencia. Na sesión de hoxe, tamén veu a luz a creación da comisión de estudos propios en liña coa creación no último Claustro da Escola Aberta de Formación Permanente. Este órgano de goberno da comisión ocupárase de todo o que ten que ver cos títulos propios en aspectos como revisar e aprobar as solicitudes de títulos propios do Programa de Formación e Innovación Educativa; solicitar informes externos; establecer o calendario académico ou propor prezos mínimos e máximos por ECTS ●

26 investigadores e investigadoras da UVigo, no ránking dos máis citados da Stanford University

David Posada sitúase como noveno no mundo no campo da Bioloxía Evolutiva

DUVI 26/11/2020

Unha das facianas do traballo investigador é a difusión dos avances acadados en publicacións científicas. As citas que unha ou un investigador ten, a súa cantidade e o tipo de publicacións nas que se inclúen, son tidas en conta en diferentes eidos académicos e investigadores. Co obxectivo de ofrecer "información estandarizada sobre citas", desde a Stanford University púxose en marcha unha [base de datos](#) que recolle os indicadores das e dos investigadores máis citados do mundo nos diferentes campos de coñecemento. Nela, a Universidade de Vigo conta coa presenza de 26 científicas e científicos, encabezados polo catedrático David Posada, que ocupa no campo da Bioloxía Evolutiva o primeiro posto en España e o noveno no mundo en canto a citas.

A base de datos de finais de 2019 foi publicada recentemente, baseada no traballo de PLOS Biology, e está coordinada por John P. A. Ioannidis, de Stanford University (USA); Kevin W. Boyack, de SciTech Strategies, Inc. (USA) e Jeroen Baas, de Research Intelligence, Elsevier B.V (Países Baixos). Segundo explican na súa presentación, ante o feito de que as métricas de citas empréganse amplamente pero de xeito incorrecto, puxeron en marcha esta base de datos dispoñible publicamente e que enumera case 160.000 científicas e científicos "de primeiro nivel", é dicir, investigadores no 2% superior de citas, proporcionando de cada un información estandarizada sobre citas, índice h, índice hm



O catedrático David Posada é o mellor situado da UVigo

axustado por coautoría, citas de artigos en diferentes posicións de autoría e un indicador composto, entre outros aspectos, proporcionando métricas con e sen autocitas. A base de datos abrangue 22 campos científicos e 176 subcampos e permite coñecer os resultados das e dos investigadores ou ben tendo en conta toda a súa traxectoria ou ben só os datos referidos concretamente ao ano 2019.



Isabel Pastoriza é a investigadora da UVigo mellor situada no ránking

Posto por campo de coñecemento

Atendendo á listaxe que valora toda a traxectoria da e do científico, nesta base de datos hai referenciados 2290 investigadoras e investigadores españois. De cada un deles pódese coñecer a súa posición a nivel mundial no seu campo científico. Así, da UVigo en Bioloxía Evolutiva David Posada está no posto 9 do mundo e Armando Caballero no 450; en Biotecnoloxía están Juan Carlos Parajó (posto 149 deste campo a nivel mundial), José M. Domínguez (423), M^a Ángeles Sanromán (639) e Gil Garrote (845); en Ciencias dos Alimentos están Jesús Simal (232), Herminia Domínguez (419) e Maurizio Battino (576); en Ciencias do Deporte Carlos Lago (298); en Agronomía e Agricultura Jorge Domínguez (309) e María Jesús Briones (896); en Ciencias do Comportamento e Psicoloxía Comparada Alberto Velando (416); en Fisioloxía José L. Soengas (473). En Bioloxía e Hidrobioloxía Mariña está Emilio Maraño (posto 599 deste campo a nivel mundial); en Ciencias Ambientais Ricardo Beiras (670); en Química Analítica Carlos Bendicho (690); en Nanociencia e Nanotecnoloxía Isabel Pastoriza (803) e Jorge Pérez (919); en Matemáticas Xerais Eduardo Liz (1005); en Enxeñaría Eléctrica e Electrónica Óscar López (1281), Jesús Doval (1436) e Alejandro G. Yepes (1524); en Sistema Cardiovascular e Hematoloxía está Ramón C. Hermida (1907); en Enerxía Andrés Feijóo (3199); e en Redes e Telecomunicacións Roberto López-Valcarce (2946). David Posada, Isabel Pastoriza e Jorge Pérez-Juste pertencen ao Cinbio; Ramón C. Hermida e Roberto López-Valcarce a atlantTIC e José L. Soengas, Armando Caballero, Alberto Velando, Emilio Maraño, Ricardo Beiras e Carlos Bendicho ao Centro de Investigación Mariña.


Nos datos xerais, xa sen ter en conta os campos de coñecemento, a participación da UVigo está liderada polo catedrático de xenética da UVigo David Posada, do que desde 1998 ata 2020 inclúese 149 papers e desde 1996 a 2019 58.921 citas. Así, sitúase no posto 633 do ránking xeral mundial (sen incluír autocitas), cun índice h de 47. A primeira muller da Universidade de Vigo que aparece nesta listaxe xeral é a profesora e investigadora da área de nanomateriais Isabel Pastoriza. No seu caso, os datos recollidos son que desde 1999 ata 2020 inclúese 147 papers e desde 1996 a 2019 13.915 citas. Así, sitúase no posto 95.265 do ránking xeral mundial (sen incluír autocitas), cun índice h de 58. O número total de citas do período 1996 a 2019 de investigadoras e investigadores da UVigo ascende a 183.171.

Atendendo aos datos de citas só do ano 2019, a fotografía de investigadoras e investigadores da UVigo que entran neste ránking amplíase coa incorporación de Francisco Pena, Francesca Giampieri, Claudio Cameselle, Marcos Curty, Alejandro Cabrera, José Fernández-Seara, Mohamed Boutinguiza, Andrés Moure, Juan Pou, Leandro R. Alejano e Adolfo Cordero, aos que se suman Moncho Gómez-Gesteira e Luis Gimeno, estes dous do Centro de Investigación Mariña. Nesta listaxe, que continúa encabezada por David Posada no caso dos membros da UVigo, as posicións nos respectivos campos de coñecemento sofren variacións, pasando por exemplo Carlos Lago a ser o primeiro do seu eido en España.

Sobre a presenza nesta listaxe, David Posada sinala como aínda que "hai unha tradición por facer ránkings" e que "está ben" medir o impacto da produción científica, apunta como "ao final o impacto é un número máis e o que hai que facer é ler os artigos dunha persoa para realmente entender a importancia deles". Na súa opinión, a clave está na colaboración científica, apuntado como "quizais o que debiamos aprender de todo o que está pasando coa pandemia é que os científicos debemos de colaborar e preocuparnos por facer boa ciencia que sexa útil á sociedade". Do mesmo xeito, Isabel Pastoriza comenta como na súa opinión, "que a Universidade de Vigo e o Cinbio aparezan neste tipo de ránkings ou bases de datos é positivo, porque son un indicativo máis de que o están facendo ben" pero apunta como "hai que darlle a importancia que teñen" tendo en conta que "o máis importante é facer investigación de calidade" ●




DICIEMBRE



Tras catro anos de incremento, os orzamentos da UVigo aprobados para o exercicio 2021 sufriron un descenso do 5,3% e situáronse en 184.640.912€. Así o acordaron o Consello de Goberno e o Consello Social da Universidade de Vigo en decembro, un mes ao que a institución chegou con 168 positivos por covid desde o inicio do curso, unha prevalencia inferior á de Galicia.

O ano pechouse coa UVigo como terceira universidade española no ránking de transparencia voluntaria na web da Fundación Compromiso e Transparencia e coa toma de posesión de 23 docentes titulares, 15 mulleres e 8 homes. Así mesmo, no derradeiro mes do ano 2020, o grupo LaserON recibía o primeiro premio do Instituto Americano do Láser.



Maioría de mulleres na toma de posesión de docentes titulares

A cerimonia, presidida polo reitor, estivo marcada polas novas medidas de hixiene e sanitarias

23 docentes da Universidade, 15 mulleres e 8 homes, acadan esta nova categoría profesional

DUVI 01/12/2020

15 profesoras e oito profesores da Universidade de Vigo tomaron este martes posesión das súas prazas como docentes titulares nun acto que se levou a cabo no paraninfo do edificio Ernestina Otero e que estivo marcado polas medidas de hixiene e sanitarias derivadas da covid-19. A cerimonia estivo presidida polo reitor, Manuel Reigosa, quen non dubidou en darlles os seus parabéns e as grazas por todo o traballo realizado. "Hoxe comezades a recoller o froito do esforzo que levades anos sementando", subliñoulles Reigosa, nunha cerimonia na que estivo acompañado polo secretario xeral, Miguel Ángel Michinel. "Estou seguro que vos ides pór as pilas e seguir traballando arreo pola vosa institución, institución que non sempre o agradece como debería, pero da que vos aseguro está dirixida por persoas que somos moi conscientes de que o voso esforzo é o que fai grande á Universidade de Vigo", recalcou o reitor.

A toma de posesión do profesorado titular ten lugar apenas tres semanas despois da dos novos catedráticos e catedráticas e, se naquel acto as mulleres foron unha minoría –catro catedráticas e 20 catedráticos- nesta ocasión a maioría foi para elas: 15 mulleres e oito homes, o que parece indicar que, a medio e longo prazo, as cousas van mellorando e, pouco a pouco, se vai camiñando cara unha Universidade máis igualitaria. Destas novas quince profesoras titulares, oito pertencen ao ámbito científico e sete ao tecnolóxico, mentres que no caso dos homes: cinco pertencen ao científico, dous ao tecnolóxico e un ao xurídico-social.



O acto tivo lugar no paraninfo do edificio Ernestina Otero

18 novos titulares para o campus de Vigo, catro para Ourense e un para Pontevedra

Dos 23 docentes que hoxe acadaron a praza de profesor titular, 18 imparten clase no campus de Vigo: Castor Muñoz, da Área de Botánica; Adela María Sánchez, da de Fisioloxía vexetal; Eva María Teira, Maruxa Álvarez e Beatriz Mouriño, da de Ecoloxía; Alberto Luis Velando, da de Zooloxía; Isabel Pastoriza e Jorge Pérez Juste, da de Química física; José Lorenzo Alonso, da de Química orgánica; Diego Moldes, María Remedios Yáñez, Ana María Rodríguez, Ana Belén Moldes e Marta María Pazos da de Enxeñaría química; M^a Consuelo Pérez, de Ciencia dos materiais e enxeñaría metalúrxica; Miguel Rodríguez, de Enxeñaría telemática; Jaime Aneiros, de Dereito

financeiro e tributario, e María Soledad Torres, de Teoría do sinal e comunicacións.

No caso do campus de Ourense tomaron posesión como titular Raquel Rial e Ana María Torrado, da Área de Nutrición e bromatoloxía; Olalla Nieto, de Química orgánica, e Daniel González Peña, de Linguaxes e sistemas informáticos.

En Pontevedra acadou esta nova categoría profesional a profesora da Escola de Enxeñaría Forestal María Cristina Sobrino, da Área de Ecoloxía ●

Vigo, terceira universidade española no ránking de transparencia voluntaria na web da Fundación Compromiso e Transparencia

A UVigo sitúase no terceiro posto da clasificación, empatada con Burgos e Oviedo

Mª del Camen Echevarría
DUVI 02/12/2020

Nun ano marcado pola pandemia, a Universidade de Vigo confirmase como unha das tres terceiras mellores universidades de España no ránking elaborado pola Fundación Compromiso y Transparencia. Segundo o [Informe de transparencia voluntaria en la web de las universidades españolas](#), entendendo por transparencia voluntaria na web "o esforzo por difundir e publicar a información relevante da organización, facéndoa visible e accesible a todos os grupos de interese de xeito íntegro e actualizado", a [UVigo](#) acada o terceiro posto da clasificación das universidades públicas e privadas do país, empatada a 50 puntos coas universidades de Burgos e Oviedo, e só por detrás de Castilla-La Mancha e Huelva, que encabezan a clasificación con 53 puntos e seguidas por Rey Juan Carlos e Cantabria, que acadan os 51 puntos. Respecto do informe do ano pasado, a institución académica viguesa, a primeira de Galicia (Coruña sitúase no posto 18 e Santiago no 26), suma seis puntos máis, ao rexistrar melloras en varios dos indicadores avaliados pola Fundación Compromiso e Transparencia.

"Para nós é importante acadar este posto no ránking porque somos unha universidade pública e a posición nesta clasificación, e tamén no índice de transparencia Dyntra, sitúanos como unha das administracións públicas máis transparentes do estado español e probablemente a máis



Maribel Doval, vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación

transparente de toda a comunidade autónoma de Galicia", explica Maribel Doval, vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación, para quen este recoñecemento está a transmitir un modelo de gobernanza e o cumprimento dunha obriga como universidade pública, que é o de ser o máis transparente posible e comunicalo ao público. "Ademais queremos exercer de panca de cambio e que outras administracións públicas da contorna poidan copiar modelos dunha universidade que ademais de impartir docencia de moita alta calidade, e

onde se investiga, transfere e innova cada vez mellor, faise de xeito responsable, ético e sobre todo transparente", sinala Doval.

Descrición de áreas e indicadores

O Informe de transparencia voluntaria en la web de las universidades españolas avalía un total de dez indicadores que abranguen desde o plan estratéxico, á oferta e demanda académica, pasando polo PDI, alumnado, a información económica ou os resultados (labor investigadora, rendemento académico e satisfacción do alumnado ou posicionamento en ránkings nacionais e internacionais), atendendo a visibilidade, accesibilidade, actualidade e integralidade do contido da información, que as institucións académicas proporcionan nas súas páxinas web. O primeiro informe da Fundación remóntase ao ano 2011, cando máis do 50% das universidades foron clasificadas como opacas e non había ningunha transparente, de acordo aos indicadores que propuña a organización e dende entón, as institucións públicas pouco a pouco foron acadando un estado de transparencia idóneo, mentres que no caso das privadas o avance rexistrado é máis lento.

Da decena de áreas e indicadores avaliados no informe, a UVigo cumpre con todos eles, agás dous: o plan estratéxico, que neste intre se atopa en proceso de elaboración, e o informe de control do Consello Social, "un formalismo", segundo a vicerreitora, que avanza que cara ao vindeiro ano se vai cumprir con este indicador, ao igual que o referido ao plan estratéxico. "Hai que mellorar estes dous indicadores e non perder de vista o acadado, porque as universidades o fan cada día mellor e temos que incorporar a transparencia como unha rutina máis e capilarizalo na institución, non por que queiramos estar nun ránking, senón por que mellora a marca UVigo", asegura Maribel Doval.

O ránking da Fundación Compromiso e Transparencia establece que para recibir a cualificación de transparente cómpre cumprir un criterio cuantitativo (no caso das públicas sumar cando menos 40 dos 54 puntos posibles e no caso das privadas 36 dos 48 máximos) e cualitativos (cumprir cos indicadores de información económica: estados financeiros e informe de auditoría), de xeito que, con

independencia da puntuación acadada, unha universidade non será considerada transparente se non publica os seus estados financeiros e o informe do auditor externo u organismo fiscalizador correspondente. "A transparencia é moi importante e a verdade é que non había tradición, pero cada vez máis empresas ou entidades da contorna se fixan en como son os nosos modelos de traballo e gobernanza. Estas cousas téñense cada vez máis en conta, ademais de ser unha obriga para a administración pública", lembra a vicerreitora, que agradece a toda a comunidade universitaria as súas achegas, e en especial o traballo que neste ámbito desenvolven a Unidade de Análises de Programas, a Secretaría Xeral e o Consello Social ●

UVigo e Deputación de Pontevedra erguen a bandeira violeta fronte os ‘machitroles’ do mundo dixital

Na 2ª edición do workshop 'Sociedade dixital e xénero. Hackeando o patriarcado'

A xornalista Montserrat Boix inaugurou a xornada lembrando a importancia de verificar a información

M.Del Río
DUVI 03/12/2020

Noticias falsas e desinformación sobre cuestións de xénero, acoso ás mulleres nas redes sociais, ameazas ás feministas, algoritmos machistas nas plataformas web ou empregos tecnolóxicos masculinizados. Todas estas realidades conforman un patriarcado dixital que vén a unirse ás tradicionais desigualdades de xénero que as mulleres levan sufrindo historicamente. Estes novos comportamentos sexistas e discriminatorios relacionados coas novas tecnoloxías centraron a segunda edición do workshop [Sociedade dixital e xénero. Hackeando o patriarcado](#) organizado no marco da Cátedra de Feminismos 4.0 Depo-UVigo en formato virtual.


Ao longo da xornada deste xoves, mulleres expertas en economía dixital, TIC e contorna virtual crearon un espazo de reflexión colectiva arredor do denominado "patriarcado dixital". O acto de apertura comezou coa condena conxunta polo asasinato machista dunha veciña de Gondomar onte mércores. A presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, amosaban o seu "rexeitamento e indignación" e lembraba que son 42 as mulleres asasinadas no que vai de ano e 1075 dende que hai rexistros. O reitor da Universidade, pola súa banda, denunciou que unha sociedade que "non é quen de protexer á metade da súa poboación é unha sociedade enferma".



A xornada abriuse coa intervención da xornalista Montserrat Boix sobre sexismo e desinformación

O 60% de nenas e adolescentes sofren acoso en liña

Carmela Silva, xunto con Manuel Reigosa, como representantes das entidades impulsoras da Cátedra de Feminismos 4.0, foron os encargados de inaugurar a xornada e alertaron de que queda moito por facer para acadar unha igualdade real. Silva alertaba sobre as "novas formas de exercer violencia sobre a mulleres" que aparecen no mundo dixital e referiuse a un estudo da ONG Plan Internacional que sostén que o 60% de nenas e adolescentes sofren acoso en liña. Delas, o



estudo publicado pola UVigo sobre o impacto da pandemia na I+D+i que demostra que mentres os homes incrementaron a súa produción científica con respecto ao mesmo período do ano anterior, a das mulleres decreceu. "Isto significa que os homes aproveitamos para o noso beneficio en termos curriculares e de promoción profesional" a situación de confinamento, remarcada Reigosa, o que demostra a persistencia da fenda de coidados que fai que sobre as mulleres recaia o labor de coidado "dos nenos, os maiores ou as persoas enfermas". Quixo tamén o reitor recoñecer o traballo realizado polos investigadores e investigadoras que traballan no eido da igualdade e o feminismo lembrando que os "estudos de xénero non son estudos menores" e animou a "non afrouxar, erguer a bandeira ben alta e aproveitar a vaga de cor violeta para seguir loitando pola igualdade".

"O sistema patriarcal está hackeando ás mulleres"

A xornada abriuse coa intervención da xornalista Montserrat Boix sobre sexismo e desinformación nos novos escenarios dixitais. Boix traballa dende 1986 nos servizos informativos de TVE, na sección Internacional, ademais de dar clase en mestrados universitarios en igualdade, tecnoloxías, comunicación e desenvolvemento con perspectiva de xénero. En 1996 creou Mujeres en Red, xornal dixital feminista e ten sido recoñecida con diversos premios polo seu traballo a favor dun xornalismo máis igualitario.

Boix comezou deixando un titular moi claro: "non estamos hackeando o patriarcado, en realidade o sistema patriarcal está hackeando ás mulleres e ao feminismo porque baixamos a garda". Segundo a xornalista "non somos capaces de protexernos e unha das nosas vulnerabilidades son as emocións e os sentimentos, porque tiramos de vivencias individuais e isto fai que perdamos a perspectiva do colectivo que tiñamos hai 15 ou 20 anos". Dende o seu punto de vista, o feminismo cría que as novas tecnoloxías podían axudar a que se escoitase a voz das mulleres pero, lonxe diso, o que se produciu foi unha "democratización da desinformación".

Outra das vulnerabilidades ás que se referiu é o feito de que as mulleres son tratadas "como consumidoras, non como usuarias, perdemos a

25% delas sinte que está en perigo físico como resultado dese acoso; o 42% manifesta ter perdido a confianza a raíz do acoso e unha de cada dúas sinte que o acoso en internet é máis forte que o que sofren na rúa. Revela tamén o estudo, como destacaba Silva, que as nenas enfróntanse a experiencias de acoso dende os 8 anos, pero é entre 14-16 cando o sofren con máis frecuencia. Estas formas de violencia inclúen a recepción de mensaxes explícitas, imaxes de contido sexual, ameazas de violencia física e sexual, comentarios racistas e anti LGTBI, humillacións e burlas e ataques polo aspecto físico. Antes estes datos, a presidenta da Deputación preguntábase "por que non hai medidas explícitas para protexer ás mulleres destes ataques nas redes? Como podemos combatelos? Como podemos visibilizar os traballos da mulleres? Como podemos organizarnos en rede?" Moitas desta preguntas analízanse nesta xornada con mesas redondas, relatorios e talleres, cuxa organización Silva quixo agradecer á Universidade de Vigo, que "leva o compromiso coa igualdade no seu ADN".

O reitor da UVigo, Manuel Reigosa, recoñecía que "temos certa igualdade formal, pero a real está moi lonxe, incluso en institucións públicas e universitarias". Neste sentido referiuse ao

tensión de analizar como estamos consumindo as tecnoloxías, utilizamos moitas plataformas que funcionan en contra nosa e son hostís para as mulleres en xeral, e para as feministas en especial". Neste sentido remarcaba o perigo que supón non verificar a información e analizou os perigos da desinformación, das noticias falsas e da manipulación das redes, poñendo a Trump como exemplo, "porque existen un antes e un despois da campaña electoral de 2016 en EEUU". Trasladado a España, referiuse ás campañas que levan anos tratando de desautorizar ás mulleres feministas e ás políticas de igualdade, como as que sosteñen a existen de multitude de denuncias falsas por violencia de xénero, cando segundo o Consejo General do Poder Judicial só representan o 0,1%.

Algoritmos machistas e problemas de privacidade

Para Boix, "cda vez costa máis identificar o que é verdade e o que non, polo que verificar a información debe ser unha función esencial do feminismo". Neste sentido, remarcou que un dos principais problemas "é que nos fomos acomodando, permitimos que plataformas como Google nos dean as respostas sen cuestionarnos o que nos devolve ás preguntas que facemos" en referencia ao uso de algoritmos "pouco transparentes" con nesgos "machistas e racistas". É por iso polo que considera Boix que Google e outras plataformas "poden ser unha importante ferramenta de desinformación se non prestamos atención e non somos críticos".

A experta tamén quixo alertar de que "estamos aceptando que se invada a nosa privacidade, se acumulen datos sobre nós e se organicen modelos de negocio con eles". Como consecuencia, engadía, recibimos propaganda política personalizada, ofertas de emprego clasificadas por xénero e mesmo poden xerarse situacións de perigo, xa que "os abusadores poden conseguir detalles das súas ex-parellas a través dun mercado de compra-venda de datos". Para responder a todo isto, remarcaba a xornalista, "é preciso tomar conciencia, empoderarnos, establecer límites e loitar contra os monopolios das grandes tecnolóxicas e a prol da neutralidade da rede".

Para concluír, Boix fixo un chamamento para "seguir poñendo en valor o coñecemento colectivo

e libre, temos que aprender a defendernos do ciberacoso contra as feministas, de insultos, noticias falsas, ameazas, intimidacións, etc. Non podemos esperar a que nos maten para tomar medidas, temos que establecer mecanismos para defendernos e esixir unha resposta contundente da xustiza".

Fenda salarial

Tras a conferencia de apertura foi a quenda da catedrática da UVigo Coral del Río que se centrou nas diferencias entre homes e mulleres no mercado laboral. Segundo explicou, a fenda salarial vai en aumento a partires do nacemento do primeiro fillo ou filla no seo dunha parella heterosexual, o que representa unha especie de 'imposto á maternidade' que ten que ver máis con factores culturais que naturais. Así, a relación salario/hora é un 12,74% máis alta para os homes que para as mulleres en postos con ocupacións similares, o que quere dicir que "as mulleres están sobrerrepresentadas en sectores que pagan menos ou en ocupacións con salarios máis baixos".

A xornada da mañá completouse coa intervención da enxeñeira Ana Freire sobre estereotipos de xénero vencellados aos estudos científico-tecnolóxicos e unha mesa redonda sobre a fenda dixital, os nesgos de xénero en tecnoloxía e as nova formas de fascismo. Xa apola tarde está previsto un wikimaratón feminista para xerar biografías de mulleres e poñer en valor o seu traballo e un obradoiro virtual para combater machitroles, que achegará ferramentas para dar respostas aos comentarios machistas e misóxinos nas redes ●

A Universidade rexistrou 168 positivos por covid-19 dende o inicio do curso, unha prevalencia inferior á de Galicia

A evolución do número de casos activos por semana amosa como descende a curva da segunda vaga

M. Del Río
DUVI 09/12/2020

O curso 2020-2021 arrancaba no mes de setembro con moitas novidades pero tamén con moita incerteza sobre como a evolución da pandemia da covid-19 afectaría á vida académica e laboral da comunidade universitaria. Pasados xa catro meses, o número de casos acumulados nos tres campus demostra que as medidas postas en marcha pola Universidade durante este tempo foron efectivas. Así, dende o 21 de setembro, día no que se iniciou o curso oficialmente, ata o día 6 deste mes de decembro, nos tres campus rexistráronse 168 casos confirmados, dos cales, 148 foron entre o estudiantado, 5 entre o PAS e o 15 entre o PDI.

A Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade está a realizar un seguimento semanal dos casos e, atendendo aos datos dispoñibles, o vicerreitor e responsable do Comité de Seguimento da covid-19, José Luis Míguez, explica que na Universidade de Vigo "a prevalencia é inferior á de Galicia e á de España". Lembra que o curso comezaba sen saber "como ía ser o comportamento do estudiantado, que ten unha grande interacción social, pero excepto casos puntuais de casos confirmados en pisos alugados, o comportamento en xeral ten sido moi bo".

Os datos amosan que se produciron dous picos, ambos con 29 positivos, no mes de outubro en Ourense e no de novembro en Vigo, coincidindo tamén cun repunte de contaxios nestas cidades. Na actualidade, con 8 casos activos na institución na semana entre o 30 de novembro e o 6 de

decembro, a curva desta segunda vaga estase aplanando de igual xeito que o está a facer en Galicia.

Un evolución parella á segunda vaga en todo o Estado

A evolución dos contaxios entre a comunidade universitaria foi parella á da segunda vaga deste outono en toda España. Na primeira semana do curso rexistráronse 5 casos e a segunda, 4. A partir de aí, a confirmación de positivos foise incrementando semana a semana: 8, 10, 29, 19, 29, 22 e 19 e comezou a decrecer notablemente a partir da semana do 23 ao 29 de novembro, na que se rexistraron 14 casos e na primeira de decembro, con só 8.

Atendendo aos últimos casos analizados, os correspondentes ao período do últimos dez días (do 27 de novembro ata o 6 de decembro) rexistráronse 11, todos eles estudantes. Vigo foi o campus con maior incidencia, con sete casos, dos cales dous corresponden ao edificio de Ciencias Experimentais; tres á EE Industrial (un no campus e dous en Torrecedeira) e outros dous á Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais. En Ourense foron tres casos no Edificio de Ferro e en Pontevedra un, na EE Forestal.

Sen apenas impacto na docencia

Os casos rexistrados ao longo destes meses tan só provocaron incidencias puntuais na planificación docente. Así, a finais de outubro pasaron a docencia virtual todas as titulacións de Ciencias da Educación e do Deporte e 4º de Publicidade e RRPP, ambos centros no campus de Pontevedra. No primeiro caso, o cambio foi durante só dous días, despois de realizar PCR ás persoas que deran positivo nos test rápidos. No caso de 4º de Publicidade e RRPP, o cambio durou cinco días, volvendo á normalidade o día 2 de novembro, tamén tras os resultados das probas PCR. Xa no mes de novembro, entre o día 16 e o 25 de novembro, pasaron a modalidade virtual un grupo de 1º da Escola de Enxeñería Industrial, en Torrecedeira, e o 2º curso do Grao de Traballo Social da Facultade de Educación e Traballo Social do campus de Ourense.


Unha aposta pola prevención temperá

Para a planificación deste curso académico, o equipo reitoral da UVigo apostou pola prevención temperá do coronavirus e deseñou unha serie de medidas orientadas a evitar que as escolas e facultades se convertesen nun foco de contaxio e expansión da covid-19. As cifras de casos detectados, asegura José Luis Míguez, "demostran que tanto as medidas adoptadas en función das recomendacións do Sergas" como as deseñadas pola propia institución académica, funcionan e que "se pode intentar, cunha prevención temperá, poñer cortalumes á transmisión do coronavirus".


Así, por unha banda púxose en marcha unha campaña de rastrexo de casos que comezou coa realización de probas a través do sistema *pooling* a todo o persoal, tanto PAS como PDI, ao inicio do curso. A estas únense outros 200 test semanais ao alumnado, que poden ser aleatorios ou ben concentrarse en centros e cursos nos que se detecte maior incidencia do virus.

Outra das medidas destacadas para este curso foi a instalación de códigos QR nas aulas, que permiten facer un seguimento das

CASOS COVID-19 acumulados por semana



CASOS CONFIRMADOS COVID-19



persoas usuarias en caso de detectarse algún caso positivo nunha clase. Ademais, escolas e facultades adaptáronse a esta nova contorna docente ampliando espazos para asegurar as distancias de seguridade e poñen a disposición de toda a comunidade universitaria as medidas hixiénicas e sanitarias precisas para facer deste curso un curso o máis seguro posible.

No que se refire á organización docente, a UVigo decidiu que cada escola ou facultade elixise, segundo as súas necesidades, entre a docencia mixta, parcialmente presencial ou 100% presencial. Para isto, e coa experiencia da posta en marcha do Campus Remoto o curso pasado, a Universidade seguiu ampliando e mellorando as plataformas e ferramentas para a docencia virtual. Así, xunto co xemelgo dixital, creáronse as Aulas Integra, espazos dotados con equipos persoais como ordenadores ou tabletas, que dan soporte a un "encerado virtual" que pode verse simultaneamente polos alumnos presentes na aula e por aqueles que sigan as clases desde a súa casa, ademais de permitir a adecuada interacción destes últimos. Tamén se puxo en marcha o novo portal de teledocencia, MooVi, que irá progresivamente substituíndo a FaiTic ●

Unha campaña institucional convida a unificar a sinatura científica para mellorar a visibilidade e o impacto da investigación

Nalgunhas bases de datos detectáronse 200 formas diferentes de referirse á Universidade de Vigo

M. Del Río
DUVI 10/12/2020

O uso de formas diferentes no nome persoal ou no nome da institución na sinatura das publicacións ten consecuencias non desexadas no proceso de comunicación científica: erros na atribución de autorías, inadecuada recuperación da información, perda de visibilidade do traballo de investigación dos autores e autoras e da súa institución e dificultade para analizar as publicacións científicas empregando indicadores bibliométricos. De feito, a Área de Servizos Bibliométricos da Biblioteca Universitaria ten detectado que o nome da Universidade de Vigo e dos seus centros de investigación aparece nas bases de datos bibliográficas de moitas formas diferentes. Ana Martínez, responsable desta área apunta que, por exemplo, "en WOS e Scopus temos localizadas máis de 200 formas diferentes para referirse á Universidade de Vigo; isto débese a que no momento de publicar, os autores e autoras empregan formas diferentes para indicar a súa filiación institucional". Doutra banda, os nomes persoais tamén aparecen nas bases de datos de formas diferentes, dependendo de se os autores e autoras empregan sempre a mesma sinatura cun apelido ou dous, co nome composto ou sinxelo, etc. e isto afecta á correcta indexación das publicacións científicas nas bases de datos, no cálculo de indicadores como o número total de citas, o índice h ou o impacto normalizado.

Para tratar de poñer unha solución e unificar criterios, a Biblioteca Universitaria e a Vicerreitoría de Investigación acaban de publicar un [Protocolo de normalización da filiación institucional e](#)



Ana Martínez, Héctor Castro, Ana Bernabeu e Belén Rubio

[do nome persoal nas publicacións do persoal vinculado á Universidade de Vigo](#) que recolle unhas normas básicas para a redacción das sinaturas das publicacións científicas, tanto no que se refire ao nome persoal como ao institucional. O seu obxectivo é garantir unha correcta identificación das publicacións nas fontes de información.

Para dalo a coñecer entre a comunidade científica da UVigo hoxe xoves arranca unha campaña informativa composta de varios vídeos divulgativos protagonizados por técnicas da Biblioteca Universitaria e persoal investigador. Ademais, o vindeiro martes día 15

ás 13.00 h, desenvolverase un seminario web no que participarán Belén Rubio, vicerreitora de Investigación e Ana Martínez, responsable da Área de Servizos Bibliométricos da Biblioteca Universitaria.

Un dos principais problemas detectados, o nome da institución

A vicerreitora de Investigación, Belén Rubio, explica que este protocolo é froito de dous anos de traballo conxunto cos servizos e os centros da Universidade e permitirá "facer as buscas bibliométricas e que aparezan todos os traballos que se asignan á Universidade de Vigo". Lembra que un dos problemas detectados estaba no nome da propia institución, xa que "algunhas persoas o puñan en castelán, outras en inglés, outras en galego e ao final non se identificaba como o mesmo documento". Tamén os nomes dos centros de investigación pertencentes á UVigo aparecían de diferentes formas polo que unificar os criterios en todos estes eidos "vainos axudar a facer as buscas bibliométricas e avaliar, dun xeito máis áxil, a produción científica". Neste sentido, Ana Bernabeu, directora da Área de Investigación, recalca que "se trata de mellorar a visibilidade da produción científica da Universidade de Vigo, dos seus centros de investigación e de cada investigador individualmente".

A vicerreitora tamén recomenda ás persoas que se atopan na etapa inicial da súa carreira investigadora, "que decidan se queren poñer un apelido, os dous apelidos cun guión, etc. pero que intenten poñer sempre a mesma sinatura nos seus traballos". Para facilitar estes procesos, lembra Héctor Castro, responsable da Sección de Soporte á Aprendizaxe e á Investigación, a Biblioteca presta servizo de asesoramento e de formación sobre a normalización da súa firma e sobre os identificadores persoais como Orcid, ResearcherID, ScopusAuthorID. "Isto forma parte do papel activo que a Biblioteca quere desenvolver, proporcionando ao persoal investigador un conxunto de servizos específicos orientados a facilitarlles determinadas tarefas da súa carreira investigadora".

As vantaxes para o persoal investigador e para a institución

Entre as vantaxes que este protocolo ofrece ao persoal investigador, está o feito de que permite indexar correctamente as publicacións nas fontes de información; distinguir as publicacións das doutras persoas con nome similar; recuperar todas as publicacións na busca por autoría nas fontes de información; obter con máis facilidade as citas e outros indicadores bibliométricos e aumentar a visibilidade e o impacto das publicacións.

Dende o punto de vista institucional tamén supón vantaxes, xa que permite evitar que se omitan publicacións da Universidade e dos seus centros de investigación nas fontes de información; analizar con maior facilidade e rigor a produción científica da Universidade e aumentar a visibilidade e o impacto das publicacións da institución e dos seus centros de investigación ●

O Concello fornece con 350.000 euros un programa de axudas sociais para o alumnado da UVigo

Nalgunhas bases de datos detectáronse 200 formas diferentes de referirse á Universidade de Vigo

DUVI 10/12/2020

O desenvolvemento dun programa de concesión de axudas sociais ao alumnado, que ten por finalidade acadar que ningún estudante quede excluído dos estudos universitarios por razóns económicas é o obxecto do convenio asinado hoxe polo alcalde de Vigo, Abel Caballero, e o reitor da UVigo, Manuel Reigosa. As bolsas, ás que o Concello achegará 350.000 euros, pretenden garantir a igualdade de oportunidades do alumnado cunha situación económica ou circunstancias familiares que poidan dificultar o seu acceso e permanencia na universidade.

Segundo se recolle no convenio asinado por Caballero e Reigosa, e en palabras do alcalde de Vigo, "o obxectivo é que ninguén quede excluído dos estudos universitarios por falta de recursos", de maneira que, por exemplo, poidan recibir unha bolsa de comedor no caso de que precisen comer nas instalacións educativas, garantido a igualdade de oportunidades" do alumnado cunha situación económica ou familiar que poida dificultar o seu acceso ou permanencia na universidade. Na procura deste obxectivo o goberno municipal achega 350.000 euros neste ano 2020 para financiar o programa de axudas que se conceden con "criterios de política social", tal e como explicou o alcalde.

Bolsas comedor e axudas ao estudo

En virtude ao convenio subscrito hoxe a Universidade desenvolverá un programa de



axudas destinadas ao alumnado con dificultades económicas que comprenderá bolsas de comedor e axudas ao estudo para o estudiantado con circunstancias familiares ou económicas desfavorables, na procura de que poidan continuar realizando os seus estudos. Con este obxectivo, a UVigo convocará o programa de axudas que estime axeitadas destinadas a garantir que ninguén abandone os seus estudos e elaborará as bases reguladoras das convocatorias garantindo a igualdade de oportunidades, asegurando a súa difusión entre o alumnado. A Universidade tamén xestionará o procedemento de outorgamento das bolsas, de conformidade coas bases reguladoras, nas que se terá en conta o nivel de renda e condicións familiares das persoas solicitantes e outras circunstancias sociais.

“Queremos que estes 350.000 euros sexan para política social”, apuntou o alcalde, aínda que estritamente non contabilicen neste departamento municipal senón que se financian dende a área de Educación. Con todo, dixo, “continuamos co noso proceso de ser a cidade de España coa máis importante política social” ●

Unha nova aproximación á inspección de infraestruturas con drones desenvolvida na UVigo gaña a fase rexional galega do Galileo Masters

O reitor e o delegado de Zona Franca presidiron hoxe a entrega do galardón

M^a del Carmen Echevarría
DUVI 11/12/2020

Como "un recoñecemento ao traballo realizado nos últimos cinco anos en temáticas como os sistemas de navegación e os vehículos aéreos non tripulados" valora o docente e investigador da UVigo Higinio González Jorge o premio acadado por Contact-Drone na fase rexional do concurso internacional de innovación Galileo Masters, no que compiten proxectos de desenvolvemento de aplicacións de navegación por satélite na procura dos mellores servizos, produtos e innovacións que utilicen a navegación por vía satélite na vía cotiá. Contact-Drone, o proxecto premiado na fase rexional do certame internacional, promovido pola Axencia Espacial Europea, a Axencia Europea GNSS, o Centro Aeroespacial Alemán e o Ministerio Federal Alemán de Transportes e Infraestruturas Dixitais, é, segundo o docente e investigador da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo, "unha nova aproximación á inspección de infraestruturas con drones. Pensamos que é unha novidade, porque permite realizar inspeccións de grandes estruturas dunha forma diferente e accedendo a datos que nas inspeccións tradicionais non se fan, permitindo obter medidas, por exemplo, con sensores de ultrasóns, que dan información sobre o estado interno da estrutura". Nacido hai tres anos, Contact-Drone deriva da tese de doutoramento de Luis Miguel González de Santos, "cuxa achega foi fundamental para o desenvolvemento do proxecto e sen o que non poderíamos acadar este



premio", explica González, e nel tamén participa o docente e investigador da UVigo Joaquín Martínez Sánchez.

O xurado dos coñecidos como "Óscar do Espazo" decidiu premiar a idea de negocio de Contact-Drone baseada nos servizos do satélite europeo Galileo, ao considerar que amplía o campo de aplicación das tecnoloxías de navegación ao sector da construción, ademais de que promoverá novos empregos de alto valor engadido. Por mor das restricións derivadas da pandemia, o equipo

de Contact-Drone non puido asistir á cerimonia de entrega de galardóns, polo que hoxe nas instalacións de Zona Franca en Bouzas, o seu delegado, David Regades, e o reitor da UVigo, Manuel Reigosa, procederon a entregarlles o corresponde diploma. O reitor amosou o seu agradecemento a Zona Franca "pola súa aposta decidida polo talento, que é algo que para nós como Universidade de Vigo é fundamental. Que o noso talento agrome e que sexa quen de facer cousas importantes desde o punto de vista social", sinalou Reigosa. Pol súa banda, David Regades destacou que "un proxecto como este para nós é un sinal de identidade. É economía, industria e coñecemento e neste caso ademais dámoslle un dos aloxamentos de Zona Franca a este proxecto que nace aquí como idea e que antes do que todos pensamos se converterá nunha empresa na que se xerará emprego e riqueza", dixo o delegado.

Unha empresa xa constituída para dar servizo a principios do vindeiro ano

Máis alo das inspeccións con drones, utilizando cámaras de espectro visible, infravermello cercano e infravermello térmico, que se realizan na actualidade para o mantemento de grandes estruturas como presas, parques eólicos, pontes ou edificios, "Contact- Drone presenta unha carga útil que permite un contacto suave e robusto entre o drone e a estrutura. Deste xeito é posible traballar con tecnoloxía de inspección como ultrasóns ou resistívimetros e obter información máis aló do estado superficial da estrutura", sinala Higinio González, que se refire a Contact-Drone como unha tecnoloxía disruptiva que pode revolucionar o sector da inspección industrial en altura e contribuír ao uso masivo de drones neste tipo de tarefas.

Canalizado a través dunha start-up chamada Unmanned Galicia S.L, que xa está constituída e en vías de darse de alta como operadora de drones, o proxecto espera comezar a dar servizo orientado á inspección de infraestruturas e edificios, con cámara RGB e termográfica, a principios de 2021. Mentres, os servizos de inspección avanzada, como os relativos á inspección de contacto con ultrasóns ou medicións de resistividade, agardan os

promotores do proxecto, comezar a prestalos cara a finais do vindeiro ano.

Outros proxectos da UVigo, gañadores de pasadas edicións do concurso

A participación do persoal investigador da UVigo neste concurso ten acadado importantes éxitos en pasadas edicións. Na de 2019 o proxecto CX-Geodrone resultou gañador destes Space Oscar na categoría de mellor idea do ano. A proposta, impulsada polas universidades de Vigo e de Oviedo, foi elixida entre 300 iniciativas emprendedoras de toda Europa baseadas na navegación por satélite. O proxecto, no que por parte da UVigo estaba implicado o grupo de Antenas, Radar e Comunicacions Ópticas -integrado dentro do centro de investigaciónatlanTTic- propuña instalar sensores radar en drones en voos a baixa altura, unha sensórica que abre todo un novo abano de posibilidades de uso.

En anteriores edicións, os proxectos vigueses tamén se fixeron con premios na fase rexional galega do concurso ●

A UVigo reduce o seu orzamento para 2021 en máis do 5%, ata os 184,6 millóns de euros, pero incrementa os ingresos estruturais

Á espera dos fondos autonómicos, estatais e europeos, podería finalmente superar o de 2020

M. Del Río e D. Besadío
DUVI 16/12/2020

Tras catro anos de incremento, os orzamentos da Universidade de Vigo para o exercicio 2021 van sufrir un descenso do 5,3%. Así se recolle nas Liñas básicas de actuación orzamentaria que o vicerreitor de Economía, José María Martín Moreno, presentou este mércores na derradeira sesión do Claustro Universitario de 2020. Deste xeito, e á falta da aprobación por parte do Consello de Goberno e do Consello Social, a UVigo contará en 2021 cun orzamento de 184.640.912€ "á espera das novas partidas procedentes de fondos autonómicos, estatais e europeos para infraestruturas e programas de I+D+i". Con estes novos ingresos, remarcou Martín Moreno, "agárdase que as contas da UVigo poida superar incluso as de 2020, que rozaron os 195 millóns de euros, cifra récord da UVigo. A demora na aprobación das contas estatais e autonómicas, así como a previsión da chegada de fondos europeos extraordinarios para o próximo exercicio inflúen en que aínda non sexa posible traballar con cifras pechadas".

Con todo, o vicerreitor de Economía remarcou que, a pesar do descenso no montante total, a Universidade contará en 2021 co orzamento estrutural máis alto da súa historia. "Os ingresos estruturais, é dicir, os non afectados, ascenderán a 150.806.172€, 3 millóns de euros máis que nas contas de 2020. Este incremento confirma a senda de estabilidade orzamentaria da institución



A UVigo agarda que o orzamento mesmo poida superar o de 2020, o maior da súa historia

académica e a súa capacidade de funcionamento pleno no actual contexto, e permitirá seguir avanzando nos eixos estratéxicos do programa de goberno, especialmente centrados nas persoas".

Por outra banda, nesta derradeira sesión do Claustro, o reitor presentou o seu informe anual, no que repasou, entre outros temas, as cifras acadadas en captación de fondos de I+D+i, os datos de produción científica e as últimas negociacións que están tendo lugar no Consello Galego de Universidades. Ademais, tamén se

abordou a creación dun centro interuniversitario de matemáticas e o cambio de nome da EU de Estudos Empresariais, que pasará a chamarse Facultade de Comercio. Finalmente, a Valedora Universitaria presentou os informes correspondentes aos anos 2018 e 2019, nos que se constata unha diminución dos expedientes abertos e tamén se aprobou a proposta do Plan Estratéxico 2021-2026, tras a presentación de emendas.

O principal capítulo de gasto, o persoal

Segundo explicou o vicerreitor de Economía, a redución do 5,3% do orzamento respecto ao 2020 xustifícase en que no 2021 "non se acadarán tantos fondos coma no exercicio precedente nas convocatorias de infraestruturas de investigación e infraestruturas de eficiencia enerxética" e por mor de non ter asinado aínda o convenio coa Xunta de Galicia para o exercicio 2021. Así, o orzamento de ingresos redúcese en 10,3 millóns respecto dos 194,9 millóns de euros do exercicio actual pero con todo, segue a ser o segundo máis alto da súa historia.

No que se refire á distribución dos ingresos por capítulos, destaca "o considerable descenso das transferencias de capital (-43,37%) debido á redución de captación de fondos alleos" nas convocatorias de infraestruturas. Por outra banda, a variación de activos financeiros (+84,63%) vén derivada do desfaseamento entre ingresos e gastos do financiamento afectado froito das prórrogas das convocatorias de infraestruturas científicas e outros proxectos con financiación europea e o descenso dos ingresos patrimoniais (-8,63%) é consecuencia dos baixos tipos de interese.

Atendendo á distribución dos gastos, Martín Moreno explicou que se manteñen "criterios de previsión racionais, marcados pola xestión eficiente dos recursos ordinarios, garantindo a capacidade de funcionamento para o noso nivel de gasto, e potenciando o gasto no capítulo de persoal asociado ás novas políticas e garantindo a suba salarial". Así, o capítulo de persoal segue a ser a principal partida de gasto (63,28% do total) e un importe de 116.833.700€, por riba dos 112.996.556€ de 2020. "A xustificación deste cambio está en varias causas: o incremento salarial do 0,9% reflectido nos orzamentos do Estado para o exercicio



O vicerreitor de Economía, José María Martín Moreno, presentou as liñas básicas de actuación orzamentaria para 2021

2021, os sexenios de transferencia e as ofertas de emprego público 2021". O capítulo de gasto corrente ten unha previsión de 30.712.733€, experimentando un descenso do -0,48% o que mostra unha contención dos gastos correntes. Tamén se reduce o capítulo de transferencias correntes (-9,45%), acabado os 6.407.864€, debido á diminución de axudas do ministerio para os proxectos de relacións internacionais (Erasmus, Marmoooc, Leap..., axudas para dotacións bibliográficas e bolsas de mobilidade internacional). Descenden nun -32,41% os investimentos reais, cunha contía de 28.307.165€, un descenso que se explica "polo grande éxito na consecución de fondos finalistas do exercicio precedente destinados a infraestruturas de investigación e de eficiencia enerxética e porque a data da elaboración deste orzamento non se ten asinado aínda o convenio anual coa Xunta de Galicia". Polo que se refire aos recursos propios, o esforzo da Universidade mantense nas cifras dos exercicios anteriores.

Liñas básicas de actuación

As liñas de actuación do Equipo de Goberno para 2021, explicou Martín Moreno, avanza na construción "dunha Universidade de futuro adaptada á nova realidade social que atinxa ás máximas cotas de calidade formadora, investigadora e de transferencia". Así, nas propostas presentadas ao Claustro conséntase que a política de persoal continúa a ser un dos piares fundamentais, tanto no referente á recuperación e consolidación de dereitos, como na consolidación e promoción do PDI, tentando, ao mesmo tempo, comezar unha senda de rexuvenecemento do cadro de persoal. Entre os

retos para 2021 está avanzar no cumprimento do obxectivo de aboar as pagas extras íntegras ao PDI no ano 2022 e seguir apostando pola promoción e estabilización do PDI, volvendo a utilizar as Ofertas de Emprego Público co máximo de prazas de funcionarios que permite a taxa de reposición (108%), e creando tamén o máximo de prazas de catedrática/o legalmente posible. Promoverase a promoción a figuras estables de todo o profesorado axudante doutor e seguirase coa aposta pola retención de talento de máximo nivel, estabilizando a todo o persoal que ocupa unha praza Ramón y Cajal e finaliza o seu contrato, así como plans de captación e retención baseados en criterios de mérito e capacidade.

a captación de novo alumnado. Coa vista posta no futuro, as novas contas contemplan tamén como liña estratéxica o avance na dixitalización, con inversións no despregue da rede MIFI como resposta ante a fenda dixital, entre outras iniciativas. Do mesmo xeito, consolidaranse os plans en materia de eficiencia enerxética e sostibilidade como outro dos eixos prioritarios das contas.

Pese á pandemia, a UVigo acadou en 2020 cifras récord de captación de fondos de I+D+i

Ademais de facer un detallado repaso sobre as diferentes medidas adoptadas pola Universidade de Vigo en relación á xestión da covid, o reitor aproveitou o seu informe anual ao Claustro para facer un pormenorizado debuxo de cal é a realidade actual da Universidade de Vigo. En canto aos fondos captados de I+D+i destacou que o 2020 foi un ano "excelente" acadándose a cifra de 22,9 millóns de euros, "o que, sen dúbida, reflicte a boa saúde do noso sistema investigador". Entre outros aspectos o reitor subliñou que se logrou un incremento dun 17% na captación de proxectos internacionais, superándose os cinco millóns de euros. Por outra parte, destacou que a nivel nacional os resultados tamén foron "excelentes" conseguíndose 33 proxectos de investigación por valor de 3,7 millóns de euros e, en diferentes convocatorias autonómicas captáronse máis de 8 millóns de euros: 4,8 millóns nas axudas aos centros de investigación de referencia da Xunta de Galicia; 2,9 nas axudas aos grupos de investigación; 345.000 euros para tres axudas á consolidación para proxectos de persoal investigador con traxectoria excelente e 283.000 en convenios de colaboración. No relativo aos contratos de I+D, aínda que o reitor admitiu que foi un ano "atípico" debido á desaceleración económica provocada pola pandemia, o efecto sobre os ingresos que se lograron por proxectos de transferencia, "non foi demasiado importante".



A vicerreitora Belén Rubio presentou o informe sobre a creación do Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia

No concernente á política dirixida ao PAS, as propostas pasan por revisar e reorganizar as relacións de postos de traballo (RPT), corrixindo os desequilibrios e disfuncións da estrutura actual que xera unha diminución nos niveis de eficacia, eficiencia e calidade na prestación de servizos. Este proceso estará necesariamente ligado ao avance das negociacións da proposta de funcionarización, recentemente presentada pola Xerencia aos órganos de representación do PAS. En canto á política de consolidación do emprego e redución das cotas de temporalidade, "a OEP 2021 vainos permitir baixar do 8% en ambos colectivos".

No relativo ao alumnado, priorízase o mantemento das bolsas e o lanzamento de novas convocatorias extraordinarias, así como

No relativo á produción científica, Reigosa destacou que en 2019 se bateran todos os récords e que este ano a pandemia apenas vai provocar un lixeiro descenso, "de feito, contamos con que os datos sexan moi semellantes aos do ano anterior, se ben, si se nota que as mulleres sufriron moito máis os problemas derivados da conciliación e si poden ver reducida a súa

producción, polo que haberá que tomar medidas que poidan axudar a resolver esta situación". En relación tamén ao potencial investigador da UVigo, o reitor explicou que se lle pediu aos centros singulares de investigación e ás agrupacións estratéxicas ideas nas que se poidan presentar proxectos, de selo caso con outros socios, ante os fondos Next Generation EU e que todas as propostas presentadas foron xa entregadas ao Igape e comentadas coas consellerías correspondentes.

Con respecto ao mapa de titulacións, Reigosa deu conta da celebración a pasada semana dunha nova sesión do Consello Galego de Universidades, no que a Universidade de Vigo fixo constar o seu malestar coa proposta –que ten informe desfavorable da Xunta- de Grao en Intelixencia Artificial da Universidade de Santiago de Compostela e lembrou que houbo unha proposta previa da Universidade de Vigo que non foi enviada á Xunta por estar o mapa de titulacións pechado. "Fixemos constar que a nosa Escola Superior de Enxeñaría Informática xa fixera chegar no seu día unha proposta semellante na Universidade de Vigo que, por prudencia, o Consello de Goberno decidira paralizar ata que se abra o mapa", salientou o reitor, ao tempo que fixo fincapé na importancia de que as tres universidades estean en pé de igualdade cando se abran as negociacións.

Nesta liña, o reitor tamén manifestou o seu desacordo co informe negativo que recibiu o Mestrado en Dereito de Empresa, "entendemos que se debe volver a impartir e loitaremos por acadalo con éxito" e salientou que no caso do Grao en Filoloxía Aplicada Galego Español, se ben houbo diferentes atrancos, segue adiante e agárdase que, en breve, poida substituír ao pouco exitoso título de Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios. Lembrou ademais que o Grao en Deseño aínda non conta con informe da Secretaría Xeral, pero que desde a Universidade se sigue "teimando" para que saia adiante en canto sexa posible. Seguen tamén os traballos para a futura posta en marcha do Grao dual en Enxeñaría da Automoción –en breve asinarase un convenio coas empresas e os centros tecnolóxicos do sector- e para o Mestrado en Enxeñaría Aeronáutica, "neste caso estamos pendente do informe, pero somos moi optimistas".

Os excelentes datos de matrícula acadados este curso, tanto en primeiro como en créditos totais, e a forte aposta da Universidade de



Vigo pola implantación de enerxías renovables –de xeotermia en Ourense e de biomasa en Pontevedra- foron outros aspectos no que o reitor tamén quixo facer fincapé. "Agardamos poder chegar á pegada cero nalgúns edificios e a medio prazo a compoñente económica tamén vai ser importante, xa que haberá que contratar menos enerxía fóra, pero penso que o máis relevante é a imaxe que proxectamos de universidade sostible preocupada polo medio ambiente", recalcou Reigosa.

Na súa intervención Reigosa tamén actualizou os datos sobre os casos covid-19 acumulados por semana, salientando que dende o inicio do curso se detectaron un total de 172 positivos: 151 entre o alumnado, 16 entre o persoal docente e investigador e 5 entre o persoal de administración e servizos. "Son datos perfectamente asimilables que demostran que a comunidade universitaria está sendo moi coidadosa e, en xeral, actúa con moita responsabilidade", salientou.

O alumnado, protagonista da maioría de expedientes presentados á Valedora Universitaria

A valedora universitaria, Esther Pillado, presentou na sesión do Claustro os informes correspondentes aos anos 2018 e 2019. En ambos casos produciuse un lixeiro descenso do número de expedientes tramitados con respecto aos anos anteriores (23 en 2019; 33 en 2018 e 36 en 2017). En termos comparativos, este número confirma unha tendencia á baixa no número de reclamacións iniciadas no ano 2014, "que nos afasta da cifra récord de 66 expedientes acadada no ano 2013".

En 2018, a maioría dos expedientes e dos asuntos tratados están referidos ao alumnado (76%), seguido a bastante distancia polo PDI (15%) e polo PAS (9%). Atendendo aos campus, mantense un comportamento parecido ao de anos anteriores, cun claro predominio de expedientes tratados no campus de Vigo (79%), seguido a bastante distancia polos campus de Ourense (15%) e de Pontevedra (6%). Os principais motivos que levaron á apertura de expedientes no sector do alumnado están relacionados, en primeiro lugar, con reclamacións en relación coa revisión de cualificacións de materias de grao e tamén de posgrao e, en segundo lugar, pola desconformidade cos métodos de avaliación, coa modificación dos criterios de avaliación e realización de exames.

En 2019, a distribución por sectores segue a mesma tónica, cunha clara maioría de reclamacións presentadas polo alumnado (83%), seguido a bastante distancia polo profesorado (13%) e polo persoal de administración e servizos (4%). Por campus, mantense un comportamento parecido ao de anos anteriores, aínda que este ano se acentúa máis a diferenza: campus de Vigo (87%), campus de Ourense (9%) e campus de Pontevedra (4%). Na división por sexos, apréciase unha porcentaxe maior entre o colectivo feminino (57%) en relación co masculino (39%). Os principais motivos que levaron á apertura de expedientes no sector do alumnado están relacionados, en primeiro lugar, coa revisión de cualificacións de materias de grao e de posgrao e, en segundo lugar, por desconformidade cos métodos de avaliación, coa avaliación nas convocatorias de exame e coa cualificación das prácticas.

Creación do Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia

A creación do Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia (CITMAga), impulsado polas tres universidades galegas, foi outro dos temas abordados na xuntanza. O obxectivo, como explicou a vicerreitora de Investigación, Belén Rubio, é "compartir visión e estratexia para aproveitar as capacidades e reputación actuais das matemáticas galegas, creando unha entidade de I+D sostible, con relevante impacto académico, social e económico". Trátase de integrar as capacidades científicas e tecnolóxicas máis competitivas de las tres universidades nunha axenda científica común, aliñada cos retos globais definidos polo Programas Marco europeo (Horizon Europe), a Estrategia Española de Ciencia, Tecnología e Innovación e a RIS3 de Galicia. Ademais, esta nova alianza permitirá rendibilizar a experiencia organizativa e colaborativa de Itmati e o seu impacto e equilibrio interinstitucional actual. As catro áreas de investigación sobre as que se asentará a Agenda M4 (Maths for) son ciencia e coñecemento; sociedade dixital; vida e sostibilidade e competitividade industrial.

Avances na elaboración do Plan Estratéxico

Outro dos puntos da orde do día referiuse ao Plan Estratéxico 2021-2026. Tras presentar na anterior sesión do Claustro un informe sobre o proxecto, este mércores aprobouse un novo texto que incorpora as modificacións pertinentes. Como explicou o profesor Jacobo Porteiro, secretario do Comité de Dirección encargado da elaboración deste documento, unha ducia de persoas presentaron emendas e, tras reunirse con todas elas, "chegouse a un texto final que recolle todas as achegas e sensibilidades". Esta folla de ruta artéllase arredor de cinco eixos estratéxicos (a formación; a relación coa sociedade; a organización e os recursos; a investigación e a transferencia e as persoas), tres valores (internacionalización, defensa da igualdade e fomento da lingua galega) e os obxectivos de desenvolvemento sostibilidade e Axenda 2030.

Paloma Morán, en presentación de Ideas que Suman, expresou a postura deste colectivo

respecto deste futuro Plan Estratégico explicando que "independentemente do recoñecemento ao esforzo das persoas implicadas na elaboración do borrador", o plan "non conta coa participación activa da comunidade universitaria, non expón obxectivos cuxo alcance poida ser cuantificable, non describe os recursos necesarios para o seu cumprimento, non identifica responsabilidades e, en definitiva, é máis unha relación de boas intencións que un plan estratégico. Este é un documento inútil para a institución."

Proposta para unha Facultade de Comercio

O Claustro tamén deu o visto bo ao informe sobre o cambio de denominación da EU de Estudos Empresariais, que este curso 2020/2021 cumpre 100 anos. Segundo explicou a súa directora, Consuelo Currás, co obxectivo de adaptar o nome "á nova realidade da universidade española", o centro defende a nova denominación de Facultade de Comercio, unha demanda que naceu xa en 2010 e conta co apoio da Xunta de Centro, con 21 votos a favor e ningún en contra. Actualmente neste centro impártense o Grao Comercio e os mestrados en Comercio Internacional e en Dirección de Pequena e Mediana Empresa ●

A responsabilidade social dos deportistas de alto nivel centra a primeira tese do Campus Crea

O estudo permitiu constatar un "alto descoñecemento" deste concepto

Eduardo Muñiz
DUVI Pontevedra 17/12/2020

Nacido en 2017 ao abeiro do proxecto de especialización do Campus Crea, o [Programa de Doutoramento en Creatividade, Innovación Social e Sustentable](#) busca promover investigacións de carácter interdisciplinar, que vinculen diferentes áreas de análise. Comunicación e deporte foron os dous ámbitos en torno aos que Javier Abuín articulou a súa tese de doutoramento, que na tarde deste mércores defendía de xeito virtual diante do tribunal. A primeira tese saída do doutoramento do Campus Crea analiza as motivacións e a comunicación das accións de responsabilidade social das e os deportistas españois de alto nivel e constata, como explica o seu autor, que a pesares de que a maioría participa en iniciativas de carácter solidario, as e os deportistas de alto nivel "teñen un amplo descoñecemento do que é a responsabilidade social".

A investigación comprendeu así mesmo unha análise da comunicación que as e os deportistas realizaban deste tipo de iniciativas a través das redes sociais, na que Abuín Penas puido detectar unha serie de eivas como a falta de interacción, que contribuían a que súas mensaxes non fosen "todo o efectivas que poderían ser". Os deportistas, sinala, "son admirados por gran parte da sociedade e tomados como modelos ou incluso ídolos", o que implica que "todas as súas accións teñan un grande impacto e repercusión, tanto nos medios tradicionais como agora nas redes sociais". Graduado en Publicidade e Relacións Públicas, o investigador desenvolveu a súa tese *A responsabilidade social e a súa comunicación nos deportistas de alto nivel* baixo



a dirección da profesora da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación Mabel Míguez, tendo como codirectora á docente da Facultade Ciencias da Educación e do Deporte María José Martínez Patiño.

Accións iniciadas por patrocinadores ou institucións

A través dun cuestionario, que responderon 313 deportistas de alto nivel, Abuín buscou en primeiro termo coñecer as motivacións das e dos deportistas para levar a cabo accións de responsabilidade social, o tipo de accións nas que participaban e como as comunicaban aos seus seguidores e seguidoras. Este estudo

permiúlle comprobar como, a pesares de que "a maioría realizan accións solidarias de cando en cando", as e os deportistas teñen "un amplo descoñecemento do que é a responsabilidade social", xa que preto do 60% dos enquisados e enquisadas manifestaron que "non coñecen o concepto ou non o saberían explicar".

Porén, a maioría amosaron "moito interese en poder axudar en todo o que poidan e en participar máis neste tipo de actividades". De feito, o 70% das e os participantes considera que "debería involucrarse máis en accións solidarias". Na maioría dos casos, as iniciativas de responsabilidade social nas que participan "son desenvolvidas por patrocinadores ou colaboradores", explica Abuín. De feito, os enquisados e enquisadas consideran de xeito maioritario que os patrocinadores e institucións "son as que teñen a forza" para iniciar este tipo de accións.

Así mesmo, o estudo amosou tamén que "un elevado salario" leva aparelado un "maior interese e unha maior actividade social", xa que a maioría dos deportistas cuns ingresos de máis de 60.000 euros brutos anuais "desenvolven a súas propias accións solidarias, mentres que os deportistas que perciben menos de 10.000 euros anuais case non participan en actividades solidarias".

Accións que comunican de forma pouco efectiva

Na segunda parte desta investigación, Abuín buscou coñecer como as e os deportistas comunicaban esas accións, a través dunha análise de contidos das mensaxes publicadas en Facebook ao longo do ano 2018 por 29 deportistas recoñecidos co Premio Nacional, entre os que figuraban Rafael Nadal, Garbiñe Muguruza, Andrés Iniesta, Marc Márquez, Carolina Marín ou Pau Gasol.

Esta análise permitiúlle detectar como, a pesares de que no cuestionario existía unha "certa unanimidade" á hora de considerar que "as redes sociais son un espazo ideal para a comunicación de actividades solidarias", estas só centraban o 5% das publicacións realizadas ao longo dun ano, mentres que o resto abordaban "outros temas relacionados co deporte ou coa vida persoal". A "pouca frecuencia" destas mensaxes, sumada ao feito de que os "niveis de interacción" por parte



das e os deportistas eran "case nulos" e á falta de información "sobre como axudar nas causas que se comunican" provoca, conclúe Abuín, "que as mensaxes sobre responsabilidade social emitidas polos deportistas españois non sexan todo o efectivas que poderían ser".

Proposta de modelo comunicativo

A raíz dos resultados, Abuín, que desenvolve a súa traxectoria profesional nos ámbitos da comunicación e o márketing dixital, completou o seu estudo cunha proposta de modelo comunicativo. Trátase, explica, dunha "guía con puntos a seguir para desenvolver unha estratexia adecuada para a comunicación de accións solidarias", entre os que se atoparían o establecemento dun obxectivo, a definición do público e das características da mensaxe ou a elección das canles adecuadas. Esta proposta, explica Abuín, que desenvolveu a súa investigación cunha bolsa predoutoral no grupo Sepcom, de CCSS e da Comunicación, está dirixida a que a comunicación deste tipo de accións "sexa adecuada e positiva tanto para o atleta que comunica como para a organización ou causa solidaria que promove".

Un doutoramento definido pola interdisciplinidade

Con máis de 70 matriculados, o doutoramento en Creatividade e Innovación Social e Sustentable caracterízase por promover investigacións que poñan en relación cando menos dúas das súas seis liñas de investigación, centradas

na innovación nos ámbitos da saúde, a sustentabilidade e a comunicación, o deseño, a sustentabilidade dos recursos naturais, a gobernanza e a profesionalización docente. "Na dirección das teses teñen que participar docentes de dúas destas liñas", explica a profesora Ángeles Cancela, directora dun programa que, deste xeito, promove "unha interdisciplinabilidade que che facilita facer unha tese que doutra forma non sería posible levar a cabo". Con respecto á defensa da primeira tese, Cancela pon o acento en que "para calquera programa de doutoramento, o fin último é que se defendan investigacións, polo que isto indica que o doutoramento está avanzando e conseguindo o seu obxectivo". Nese senso, a directora do programa destaca que, se trata dun primeiro fito, que se verá sucedido por novas defensas nos vindeiros meses, "con independencia de que gran parte do alumnado son profesionais que non se dedican a tempo completo á investigación" ●


O grupo LaserON recibe o primeiro premio do Instituto Americano do Láser

Cun láser de alta potencia e un chorro supersónico de aire quentan e moldean o material de partida

M. Del Río
DUVI 18/12/2020


O grupo de Aplicacións dos Láseres ([LaserON](#)) da Universidade de Vigo acaba de ver recoñecido o seu traballo co primeiro premio do LIA (Laser Institute of America). O galardón *William M. Steen Award* outórgase a organizacións cunha significativa innovación no uso de láseres para o procesamento avanzado de materiais. En concreto, os investigadores da Escola de Enxeñaría Industrial acadaron esta distinción polo desenvolvemento dun proceso que permite, por primeira vez, conseguir nanofibras de vidro sen limitación de lonxitude. Patentado e bautizado como Cofibras (Continuous fiberizing by laser melting – fibrado continuo por fusión láser), combina un láser de alta potencia e un chorro supersónico de aire para quentar e moldear o material de partida, conseguindo fibras de vidro continuas e dun espesor que pode ser controlado a vontade, entre 300 nanómetros e 30 micras. Para facerse unha idea, os investigadores apuntan que un cabelo humano medio ten un espesor de 70-80 micras.

A catedrático Juan Pou, coordinador do grupo, considera que recibir este galardón é unha "enorme satisfacción" por tres razóns. Por unha banda, porque é un premio colectivo, que recibe todo o grupo de investigación que leva máis de 25 anos traballando nas aplicacións dos láseres na EE Industrial. "Gustaríame facelo extensivo a todas as persoas que nos axudaron durante todo este tempo, incluído o persoal de administración e servizos". En segundo lugar, remarca que é un premio "no que compiten as institucións de investigación e desenvolvemento no campo da tecnoloxía láser máis relevantes de todo o



Imaxe de arquivo do grupo de Aplicacións dos Láseres (LaserON) da UVigo

mundo", dende EEUU e Europa a Xapón ou China... "competimos por este premio e foi para a nosa Universidade". De feito, os investigadores da UVigo fixéronse coa distinción por diante do NIST (National Institute of Standards and Technology), de EEUU, e da empresa alemá de tecnoloxía láser Precitec, que acadaron o segundo e terceiro lugar respectivamente. Finalmente, Pou destaca tamén o feito de que o premio leve o nome do profesor William Steen, "pioneiro na aplicación do láser para o procesamento de materiais, con quen o estrañado profesor Mariano Pérez-Amor, fundador do noso grupo de investigación, iniciou unha colaboración e amizade nos anos 80 que perdura hoxe en día entre nós e o xa retirado profesor Steen".



Fibras nanométricas continuas

A entrega do premio, debido á crise da covid-19, tivo lugar no marco do Congreso Internacional sobre as Aplicacións dos láseres e a electro-óptica, Icaleo, celebrado en modalidade virtual, retransmitido dende a cidade estadounidense de Orlando, en Florida.

Un fibra continua que facilita a súa manipulación

O principal aspecto innovador deste proxecto reside en que, ata o momento, tan só se podía producir fibra de vidro deste espesor cunha curta lonxitude, limitando as aplicacións para as que poderían utilizarse. Con este novo proceso "pódese producir unha fibra continua, que pode ser fiada ou tecida, o que facilita a súa manipulación, abre a porta a un maior número de aplicacións e elimina un dos riscos que se asocian aos nanomateriais: a seguridade das persoas, xa que, ao ser tan longa, non pode ser inhalada accidentalmente".

Os investigadores de LaserON destacan o "laborioso traballo que supuxo a posta a punto deste novo proceso" e amósanse convencidos de que abrirá novas posibilidades. "A fibra de vidro é moito máis barata que outros materiais que se empregan actualmente, como a fibra de carbono ou o kevlar", remarcan. Ademais pode reciclarse moi facilmente e o material de partida -a sílice- é moi abundante nas rochas, solo e area e resiste mellor a radiación solar que a fibra de carbono".

Das propiedades físicas das fibras obtidas a través deste proceso, os investigadores da UVigo destacan a súa gran flexibilidade e resistencia. Por todo isto, este material resulta de interese


para reforzar materiais nanocompostos ou para producir composites flexibles destinados a aplicacións de optoelectrónica. Ademais, ao non arder, poderíase incorporar a téxtiles ignífugos e de altas prestacións. Finalmente, apuntan que a posibilidade de incorporar compostos bioactivos no material de partida posibilitaría o seu uso en aplicacións biomédicas aínda por explorar.

Coa vista posta na explotación comercial

O grupo de investigación LaserOn conta con máis de 25 anos de experiencia ás súas costas e tense convertido nunha referencia nacional e europea no eido do procesamento de materiais con láser. O segredo do éxito radica, como recoñecen, "na conxunción de dous elementos: un grupo humano compacto e multidisciplinar con experiencia comprobada neste campo e o parque láser dispoñible". Como explican os investigadores, o conxunto de equipos, principalmente fontes de láser de alta potencia e equipos auxiliares, constitúen unha infraestrutura única na península ibérica e é un dos dez máis relevantes en Europa neste campo".


No proxecto Cofiblas comezaron a traballar hai máis de dez anos, apostando por levar a cabo un desenvolvemento teórico inicial, con múltiples simulacións matemáticas. Grazas a estes resultados aborouse a construción dun sistema experimental co que se realizaron múltiples probas, "co obxectivo de axustar os parámetros que permiten un perfecto control de todo o proceso". A partir de agora, o seu traballo centrarase en buscar unha posible explotación comercial do proceso, para o que será necesario adaptalo a unha escala industrial ●





En xaneiro comezaron as celebracións do centenario do nacemento da Escola Universitaria de Estudos Empresariais pola que, desde 1921, pasaron máis de 20.000 estudantes. O ano arrancou tamén coa realización de exames, por vez primeira na historia da institución, no pavillón universitario do campus vigués. Ademais da instalación deportiva, outras 150 prazas do edificio da Zona Franca na rúa de López Mora de Vigo puxéronse á disposición dos centros para facer probas de avaliación.

A inclusión nas convocatorias propias dunha acción positiva para paliar os paróns na carreira do PDI derivados da fenda de coidados e a posta en marcha, na Facultade de Filoloxía e Tradución, dunha formación única no mundo para aprender interpretación simultánea de voz a texto no binomio inglés-español, tamén marcaron a actualidade informativa no inicio do ano.



A UVigo pon a disposición dos seus centros 150 prazas para a realización de exames no edificio de Zona Franca en López Mora

Por mor da covid tamén se habilitarán outros tantos espazos no pavillón do campus vigués

Mª del Carmen Echevarría
DUVI 09/01/2021

Aquelas escolas e facultades do campus de Vigo que por mor da covid precisen máis espazo do que actualmente teñen para a realización de exames, poderán dispor nas próximas semanas de entre 140 e 150 prazas no edificio da rúa López Mora que albergaba o centro de informática de Caixanova e que agora é propiedade de Zona Franca. A Universidade de Vigo "deslocalizará" así a realización de exames fóra dos centros do campus de Marcosende co obxectivo de garantir a seguridade da comunidade universitaria durante a realización das probas, evitando por unha banda, que os exames "poidan ser un foco de contaxio e que haxa tanta xente subindo ao campus, ao mellor en autobuses máis ou menos ateigados", dixo este mediodía o reitor.

Manuel Reigosa, xunto ao vicerreitor de Planificación e Sostibilidade, José Luis Míguez, visitou xunto ao alcalde de Vigo, o delegado de Zona Franca e a presidenta da Deputación de Pontevedra, un dos inmobles que o consorcio adquiriu a Abanca e no que nas próximas semanas se realizarán os exames da primeira convocatoria do curso 20/21. Ademais da planta do edificio que no seu día acolleu o centro de informática de Caixanova e ao que a UVigo achegará as cadeiras, mesas e medidas de seguridade precisas para a realización dos exames, as probas tamén se poderán realizar no



Un intre da visita ao interior dun dos espazos do inmoble

pavillón universitario do campus vigués, no que se habilitarán outras 150 prazas.

Avanzando na construción dun campus no centro de Vigo

Á espera das solicitudes que para a realización de exames fagan os centros, o reitor agradeceu a disposición de Zona Franca a ceder un espazo

no seu inmoible de López Mora, que tamén, segundo avanzou Reigosa, se poderá utilizar para a preparación das probas. "Está no centro da cidade nunha ubicación excelente e vai permitir que os desprazamentos se poidan facer a pé e cumprindo todas as distancias de seguridade. Para nós é importante contar con este espazo durante este tempo covid dentro da cidade", sinalou Reigosa, que cree que conta con que neste lugar se realicen exames de diferentes materias e distintas titulacións.

“Os exames que antes precisaban de dúas aulas para ubicar 100 estudantes, agora necesitan oito”

Despois que o delegado de Zona Franca, David Regades, lembrese o por mor a covid "os exames que antes precisaban de dúas aulas para ubicar 100 estudantes, agora necesitan oito", e a presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, cualifícase esta cesión como "un enriquecemento para o estudantado e o conxunto da cidade", o alcalde amosou a súa satisfacción por un acto que dixo, estaba cargado de simbolismo e expectativas. "Temos que ir avanzando para constituír un campus centro nesta zona. Xa está a Escola de Enxeñaría Industrial, a Facultade de Comercio, tamén a UNED, e cerca faremos a biblioteca do Estado e gustaríame que os edificios dos xulgados actuais pasaran á Universidade e que os tivera para a súa propia acción na cidade", dixo Caballero, que reiterou o seu apoio e cooperación desde a presidencia de Zona Franca e desde o Concello coa institución académica.

A UVigo preparada para os exames en liña, caso de ser preciso

Na súa comparecencia deste mediodía o reitor tamén se referiu á petición realizada a través de Change.org por un grupo estudantes das tres universidades na que solicitan a realización de exames telemáticos ante a evolución que está a experimentar a pandemia nos últimos días. Reigosa asegurou que os representantes do alumnado da UVigo nunca pediron tal cousa "e se a piden estudarase se realmente a situación da pandemia fai necesario facer exames en liña". O reitor lembrou que a UVigo está preparada por se se produce unha situación sanitaria que esixa pasar os exames á modalidade en liña, "xa o fixemos o curso pasado, pero nós entendemos que os exames ideais son os presenciais e contar un espazo grande como é este de López Mora, permítenos facelos gardando todas as medidas de seguridade, porque un exame non pode ser un foco de contaxio", asegurou Reigosa ●


A Universidade estrea o pavillón universitario como sede para a realización de exames

Ao longo de todo o mes examinaranse nestas instalacións preto de 1800 alumnos e alumnas

D. Besadío
DUVI 11/01/2021

As estritas medidas de seguridade fronte á covid-19 fan necesario este ano incrementar os lugares dispoñibles para a realización de exames e, neste contexto, a Universidade de Vigo empregou este luns por primeira vez na súa historia as instalacións do pavillón de deportes do campus de Vigo para facer estas probas, unha medida que chega tras utilizarse con éxito este espazo o pasado verán nos exames da ABAU, Avaliación de Bacharelato para o Acceso á Universidade. Con esta medida búscase por novos espazos á disposición dos centros e seguir incrementando as medidas de seguridade, evitando que a convocatoria oficial de exames do primeiro cuatrimestre, que arrancou hoxe, poida converterse nun foco de posibles contaxios.

Os exames no pavillón arrancaron ás 10.00 horas coa proba de Matemáticas por parte do alumnado de primeiro curso do Grao en Administración e Dirección de Empresas, na que participaron máis de 200 alumnos e alumnas. As seguintes serán xa o mércores 13 ás 15.00 horas coa materia Dirección de Recursos Humanos, de segundo curso deste mesmo grao, nas que están previsto participen arredor de 280 estudantes. En total ao longo de todo o mes examinaranse nestas instalacións deportivas preto de 1800 alumnas e alumnos do Grao en Administración e Dirección de Empresas, se ben esta cifra é posible que se incremente si se producen novas solicitudes de uso por parte dos centros. Segundo explicaron desde a Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade, a finais de novembro informouse á dirección de todas as escolas e facultades que tiñan ao seu dispor a posibilidade de solicitar



estas instalacións para a realización dos exames e, ata o de agora, soamente Ciencias Económicas e Empresariais solicitou o seu uso para levar a cabo un total de sete exames de primeiro e segundo curso de ADE.

Á espera de solicitudes para realizar exames no edificio de Zona Franca na rúa López Mora

Os exames do primeiro cuatrimestre deben rematar antes da finalización do primeiro cuatrimestre, o vindeiro día 29. Nesta ocasión, ademais das instalacións do pavillón universitario aquelas escolas e facultades do campus de

Vigo que por mor da covid precisen máis espazo poderán dispor tamén nas próximas semanas de entre 140 e 150 prazas no edificio da rúa López Mora que albergaba o centro de informática de Caixanova e que agora é propiedade de Zona Franca. Trátase, segundo explicaba o reitor da Universidade de Vigo, Manuel Reigosa, o pasado sábado nunha visita a este edificio de garantir a seguridade da comunidade universitaria durante a realización das probas, evitando que os exames "poidan ser un foco de contaxio". Neste senso, a Universidade atópase agora á espera das solicitudes que para a realización de exames nestas instalacións fagan os centros.

Con respecto á posibilidade de realizar exames en liña, o reitor lembrou neste mesmo acto que a UVigo está preparada por si se produce unha situación sanitaria que esixa pasar os exames á modalidade telemática, tal e como se fixo o curso pasado, se ben, desde esta institución se considera que o ideal é a realización de probas presenciais, para o que resulta imprescindible contar con instalacións de gran tamaño tipo o propio pavillón de deportes ou os espazos do edificio de López Mora ●

Un consorcio europeo impulsa o proxecto IM-SAFE para actualizar o estándar de control e seguridade das infraestruturas de transporte

Para poñer ao día o Eurocódigo da construción que afecta a estradas, ferrocarrís, viadutos e túneles

M. Del Río
DUVI 11/01/2021

O viaduto Polcevera, tamén coñecido como ponte Morandi, en Xénova, viuse abaixo en agosto de 2018 levándose con el a vida de preto de medio cento de persoas. O seu derrubamento causou un fondo impacto en Italia tanto pola cantidade de vítimas como porque non se tiña detectado ningún tipo de problema técnico que fixera sospeitar algún risco no viaduto. "A partir de aquí, a Comisión Europea tomou cartas no asunto", explica o catedrático Pedro Arias e, entre outras iniciativas lanzou, lanzou unha convocatoria H2020 para proxectos relacionados co liderado industrial, a fabricación e os procesos avanzados e os novos materiais. O proxecto IM-SAFE, impulsado por un consorcio de dez universidades, centros de investigación e empresas de oito países (Holanda, Noruega, España, Austria, Alemaña, Italia, Polonia e Suíza). O [Grupo de Xeotecnoloxías Aplicadas](#) da Universidade de Vigo é un do membros deste consorcio, liderado por Nederlandse Organisatie voor Toegepast Natuurwetenschappelijk Onderzoek, que ten como finalidade apoiar á Comisión Europea e ao Comité Europeo de Normalización (CEN) para actualizar o estándar de control para o mantemento e seguridade óptimos da infraestruturas de transporte baseado nunha visión completa das tendencias, desafíos, boas prácticas e desenvolvementos tecnolóxicos, incluída a integración de innovacións dixitais.

Esta iniciativa, explica Pedro Arias, investigador principal do grupo de Xeotecnoloxías Aplicadas,



ten como obxectivo "evitar calquera tipo de situación como a descrita na Ponte Morandi en calquera outra infraestruturas de transporte, aínda que as normativas do Eurocódigo tamén se aplicarán as infraestruturas de nova construción".

Os desafíos do envellecemento e o crecemento do tráfico

A infraestruturas de transporte é moi importante na axenda estratéxica da Unión Europea e enfróntase a verdadeiros desafíos debido ao

envellecemento, ao rápido crecemento das cargas de tráfico e ás ameazas de resistencia naturais e provocadas polo home. Os riscos para a seguridade volvéronse críticos nos últimos anos e manifestáronse en desastres importantes causados por fallos estruturais ou deficiencias de mantemento. Precisamente para que o mantemento sexa o óptimo, o proxecto IM-SAFE constitúe unha rede europea de expertos centros de investigación, grandes industrias, pemes e unha plataforma sen ánimo de lucro que traballa na Rede Transeuropea de Transporte e os corredores rexionais. Ademais, o consorcio colabora cos principais propietarios e operadores de activos de infraestrutura, así como con empresas de control e mantemento na procura dun estándar actualizado de control, seguridade e mantemento das infraestruturas de transporte.

O orzamento total é de 1.999.978€, dos que á Universidade de Vigo lle corresponden 209.200€. O proxecto da convocatoria Horizonte 2020 arrancou este mes de novembro e estenderase ata abril de 2023. Xunto coa UVigo e a entidade coordinadora participan Norges teknisk-naturvitenskapelige universitet, Universitaet Fuer Bodenkultur Wien; Safecertifiedstructure Ingegneria Srl; Aec 3 Deutschland GmbH; Ferrovial Construcción; Mostostal Warszawa; Stichting Crow Kennisplatform Voor Infrastructuur Verkeer Vervoer en Openbare Ruimte e Ibm Research GmbH.

Traballo de Vigo

O equipo de investigadores da Universidade de Vigo enfocará o seu traballo á selección das tecnoloxías mais axeitadas para a detección e diagnose predictiva dos diferentes problemas máis recorrentes ou máis importantes que afectan a estes activos. O catálogo de tecnoloxías a empregar deberá basearse principalmente en técnicas non destrutivas, nas cales o noso grupo ten ampla experiencia, e semidestrutivas. "Teremos que definir que novas solucións tecnolóxicas xa existentes no mercado, deberán empregarse en cada situación que os expertos en patoloxías de este tipo infraestruturas, consideren relevantes", remarca Arias. A este respecto engade que non se busca a aplicación de novas tecnoloxías que se atopen en fase de investigación, "senón as que estean suficientemente maduras e contrastadas e permitan unha aplicación directa no ámbito da

inspección, monitorización e control de grandes infraestruturas do transporte".

Os resultados plasmaranse nun Eurocódigo, que son os documentos que publica a Unión Europea co ánimo de uniformizar e establecer uns mínimos comúns en todo o ámbito europeo, a través de directivas comunitarias de obrigado cumprimento polos estados membros, que se trasladan posteriormente as normativas nacionais ●

A UVigo ofrece unha formación única no mundo para aprender interpretación simultánea de voz a texto no binomio inglés-español

Trátase de producir subtítulos en pantalla nunha lingua diferente da do orixinal

M. Del Río
DUVI 13/01/2021

Para as persoas con algún tipo de limitación auditiva os medios audiovisuais poden supor unha barreira infranqueable e precisan do apoio da interpretación simultánea que converta a voz nun texto lexible para eles. Ese proceso de subtitulación, tanto de español-español como de inglés-español, é no que se centra o [curso de especialista en interpretación simultánea de voz a texto](#) posto en marcha pola Facultade de Filoloxía e Tradución.

Un dos seus coordinadores, o profesor Luis Alonso Bacigalupe, destaca que se trata dunha formación especializada pensada para aquelas persoas interesadas na tradución audiovisual e a provisión de servizos de accesibilidade para persoas con limitacións auditivas. Explica que o que se coñece como refalado ou interpretación simultánea de voz a texto na modalidade intralingüística, é dicir, sen cambiar de lingua, vense empregando dende hai anos por empresas audiovisuais de Europa central e do norte, Reino Unido, Australia, USA ou Canada, e serve para fornecer servizos de accesibilidade nos medios de comunicación e en educación para persoas con problemas auditivos ou xordas, maiores, ou inmigrantes que poden ler os subtítulos pero non entenden o discurso oral. A achega da Universidade de Vigo neste eido, principalmente da man dos investigadores Pablo Romero e



Pablo Romero e Luis Alonso Bacigalupe, responsables do curso

Luis Alonso Bacigalupe, foi plantexarse o reto de realizar este proceso pero cambiando de lingua, traducindo simultaneamente. "Aínda que semella o mesmo, non é en absoluto a mesma tarefa e o labor en interlingüístico implica procesos mentais novos e a necesidade, logo, de desenvolver destrezas novas. De aí xurde o noso curso", que se desenvolverá dende finais deste mes ata xuño.

Un curso único no mundo, unha profesión por desenvolver

Esta formación é herdeira do Curso de especialista en refalado interlingüístico. O cambio de nome, explica Alonso Bacigalupe, "é froito das discusións cos profesionais e investigadores" no marco do proxecto ERASMUS+ ILSA no que a UVigo participa como GALMA (Galician Observatory on Media Accessibility) xunto coas universidades de Viena, Amberes e Varsovia e coa cadea de TV belga VRT. A denominación "refalado", avanza, "non reflicte o labor destes profesionais, xa que é a que se empregaba cando a técnica só se utilizaba para producir subtítulos escritos na mesma lingua do orixinal, mentres que o que se fai neste curso, así como nesta nova profesión e no proxecto ILSA, é producir subtítulos en pantalla nunha lingua diferente da do orixinal... e iso xa ten un nome: interpretación de linguas". O curso segue a ser "único no mundo neste par de linguas (inglés-español)", aínda que xa se están a introducir cursos coma este noutros países coas súas linguas de traballo. De feito, a existencia de "tan pouca oferta formativa" é porque "é absolutamente novidoso, é dicir, estamos inventando algo que non existía... e que é moi complicado". De feito, o docente defíneo como "un traballo tan complicado dende o punto de vista das esixencias cognitivas para as e os intérpretes que hai nada de tempo estabamos aínda a discutir se era viable ou non... o tempo demostrou que si".

Agora, tras presentar as conclusións do proxecto ILSA e mentres seguen avanzando neste campo de estudo, os investigadores tamén están a traballar coa TVG co obxectivo de que estes servizos de accesibilidade estean dispoñibles tamén en galego.

Interpretación simultánea, refalado intralingüístico e interpretación simultánea de voz a texto
O curso consta dunha parte teórica, de 5 créditos, e outra práctica de 15, nas que se abordarán tres bloques temáticos: interpretación simultánea, refalado intralingüístico español-español e interpretación simultánea de voz a texto inglés-español. O fin último do curso é que o alumnado domine o refalado interlingüístico, é dicir, o que implica cambio de lingua, pero os dous primeiros módulos serven para dotar o alumnado de "destrezas básicas que hai que desenvolver para chegar a dominar esta profesión". Para Luis

Alonso Bacigalupe, a formación debería pasar nun primeiro intre pola interpretación simultánea, "porque é a técnica básica desta profesión e ten preceptos e implica destrezas moi semellantes". Ao mesmo tempo, o alumnado aprender a técnica do refalado intralingüístico (sen cambio de lingua), que consisten en saber como hai que falarlle a un programa de recoñecemento de voz, como deben ser os subtítulos en pantalla, como se identifican os oradores, a capacidade para resumir información... "Estes dous módulos van á vez e son a base para poder desenvolver despois outras destrezas", remarca. Así, unha vez se domina isto, a segunda parte do curso "céntrase no refalado interlingüístico ou interpretación de voz a texto, que é o obxectivo final".

Prazos, prezos e docencia

O curso conta de 20 créditos e desenvolverase en formato completamente virtual entre o 25 de xaneiro e o 4 de xuño. O prazo de matrícula estará aberto entre o 12 e o 19 deste mes para titulados universitarios de primeiro e segundo ciclo, alumnado cos tres primeiros cursos superados e profesionais relacionados con esta especialidade con mínimo de tres anos de experiencia no sector. As clases serán diarias, de luns a xoves, de dúas horas de duración. O importe da matrícula é de 855 euros ●

De 1921 a 2021, a Universidade celebra un século de estudos mercantís e empresariais en Vigo

Reitor e alcalde destacaron a importancia dunha escola pola que pasaron xa máis de 20.000 estudantes

D. Besadío
DUVI 15/01/2021

Polas súas aulas pasaron xa máis de 20.000 alumnas e alumnos, moitos deles e delas convertéronse co tempo en destacados profesionais do tecido empresarial e industrial galego e outros tantos ocuparon e ocupan postos de moi diversa responsabilidade en empresas e institucións no ámbito local, autonómico e nacional. A outrora Escola Pericial de Comercio, agora Escola Universitaria de Estudos Empresariais e, en breve, Facultade de Comercio, inaugurou este venres as celebracións do seu centenario rememorando o seu primeiro Claustro, xuntanza que tivo lugar o 15 de xaneiro de 1921. Xusto cen anos despois a escola celebra esta data convertida nun referente, embrión, xunto coa súa veciña escola de Enxeñería Industrial, da actual Universidade de Vigo, entidade que este ano porá todo o seu empeño en celebrar esta data tal e como se merece un centro que foi gañando protagonismo e prestixio a medida que Vigo se foi tamén convertendo no motor industrial e comercial de Galicia.

O reitor, Manuel Reigosa; o alcalde, Abel Caballero, e a actual directora da escola, Consuelo Currás enfatizaron neste acto a importancia dun centro que foi e é fío condutor da cidade, tal e como recalcou o reitor na súa intervención. Xunto a eles estiveron tamén a presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva; o que foi primeiro reitor da Universidade de Vigo, Luis Espada, e algúns dos docentes que dirixiron a escola, entre



eles as dúas persoas que precederon no cargo a Consuelo Currás: María del Pilar López Vidal, que exerceu de 1993 ao 2000, e Patricio Sánchez Bello, que chegou ao cargo no ano 2000 e foi a principal cabeza visible da loita desta escola por implantar o Grao en Comercio en substitución da antiga Diplomatura en Ciencias Empresariais.

Entre as lembranzas do pasado e os retos futuros

Tras apertura do acto por parte do reitor, Consuelo Currás fixo un percorrido pola historia do centro

dende a súa creación ata a actualidade, unha traxectoria temporal na que destacou, sobre todo, o papel que xogaron todas aquelas persoas que “co seu traballo, co seu esforzo e o amor polo ben feito e, sobre todo, polo seu compromiso coa Universidade, a sociedade e a súa xente” loitaron porque a escola mantivese e manteña un proceso de mellora continua. “A traxectoria vital da nosa escola amosa que sempre foi un centro dinámico, flexible e con gran capacidade de adaptación como o demostran os diferentes trocos aos que se viu sometida e que representan fitos históricos na súa andadura vital”, recalcou Currás.

Despois deste repaso histórico realizado pola directora, a secretaria da escola, María Jesús Barsanti, continuou esta particular viaxe no tempo botando a ollada a ese 21 de xaneiro 1921 coa lectura da acta do Claustro constituínte da Escola de Comercio, presidido polo catedrático José Benítez Galán, primeiro director da escola e no que se acordou o inicio das clases do curso 1920/1921, con 70 estudantes matriculados, para o 17 de xaneiro.

Situándose nos anos vinte iniciou a súa intervención o catedrático emérito Antonio Vaamonde, que, tras corenta e cinco anos como docente da escola –de 1983 a 1985 exerceu o cargo de director-, foi o encargado de pór voz no acto ao profesorado e persoal do centro. Ao igual que Currás, na súa intervención Vaamonde realizou unha pequena viaxe no tempo, entre a lembranza do que foi historicamente a Escola de Comercio, “e o seu papel na formación dos que serían xestores e administrativos das empresas de Vigo”, e unha ollada ao futuro previsible, “no que a Facultade de Comercio ten a obriga de adiviñar os camiños dun cambio acelerado e formar axeitadamente aos profesionais que se van precisar”. Nesa viaxe ao pasado, o catedrático lembrou como no Vigo da década de 1920 aínda non existía o RC Celta e a rúa do Príncipe acababa de ser lastrada. “Galicia era maioritariamente rural, pero en Vigo xurdiran xa varios centenares de empresas, maioritariamente relacionadas co mar, o sector naval e as conserveiras”, lembrou Vaamonde, quen fixo fincapé en que todo ese tecido empresarial precisaba de persoal cualificado para a súa xestión e, neses intreos, “a cidade non contaba aínda nin sequera con ningún instituto de ensinanza media”. Finalmente conseguiu a escola e, a partir de aí, “todas as empresas contaron con directivos saídos destas



aulas”. Como retos futuros destacou a necesidade de seguir avanzando cara a docencia virtual, “tal e como nos está ensinando a pandemia” e de adaptarse a cambios que xa poden verse de xeito claro como o dominio absoluto do comercio electrónico e dunha industria cada vez máis automatizada.

En representación do alumnado interveu Arame Taboada, que, como delegada e alumna da escola, quixo pór en valor a palabra evolución, evolución que, ao seu xuízo, non podería terse levado a cabo, sen as profesoras e profesores, “os que xa pasaron e os que están actualmente na escola”, así como polos diferentes equipos de dirección, o persoal de administración “e os exalumnos e alumnas que, no seu conxunto, fixeron que este centro conte con fama e prestixio a nivel nacional”.

Unha escola marcada pola “loita constante e a mellora continua”

As intervencións do reitor e do alcalde foron tamén unha auténtica loanza para a escola. Pola súa banda, Manuel Reigosa quixo remarcar a estreita unión entre a historia da escola e a da propia cidade. Ao seu xuízo, ambas están marcadas por dous feitos: a loita constante e a mellora continua. Esa mudanza continúa que caracteriza a escola permite “mirar ao pasado con satisfacción e ao futuro con ilusión”, un futuro no que, en resposta ao profesor Vaamonde, haberá que prestar máxima atención á docencia non presencial, “tentaremos sacarlle o máximo



Alcalde e directora vendo a placa identificativa do edificio no exterior da escola

partido", apuntou Reigosa, quen admitiu que o previsible descenso poboacional "fará cada vez máis necesario atraer estudantado doutras latitudes, sobre todo, por evidentes cuestións de afinidade lingüística, de Latinoamérica". Neste sentido, o reitor explicou como este ano a Universidade conta xa cun grao cen por cen virtual –Administración e Dirección Pública no campus de Pontevedra- e como esta escola leva xa anos impartido títulos cun forte compoñente de virtualidade, referíndose neste caso, aos dous mestrados que se imparten no centro: Comercio Internacional e Dirección de Pemes, aos que a curto prazo se unirá tamén o título de Negocio Dixital.

“Este centro significa unha forma de entender a cidade”

Pola súa banda, Abel Caballero fixo un paralelismo entre a situación actual e a vivida en 1920 "cando xusto acababa de terminar a anterior pandemia que viviu a humanidade" e cando a cidade "en plena revolución industrial" necesitaba novos profesionais capaces de adaptarse ás novas necesidades empresariais. "Este centro significa unha forma de entender a cidade, de adaptación permanente e de entender e adaptarse aos cambios económicos e sociais", explicou Caballero, quen tamén remarcou a

importancia doutro ano, o 1990, data de creación da Universidade de Vigo, da que a escola pasou a formar parte.

Placa conmemorativa e múltiples actividades de celebración ao longo de todo o ano

Este inicio dos actos de celebración do primeiro século de existencia da escola, que ademais de ser presencial con moi reducida presenza de público, foi retransmitido telematicamente, continuou no exterior do centro co descubrimento dunha placa de bronce conmemorativa desta data no acceso que distingue ao edificio histórico como emblema da arquitectura racionalista da cidade.

Logo deste primeiro evento conmemorativo e ao longo dos vindeiros meses, a dirección da nova Facultade de Comercio programou diversas exposicións de documentación histórica e de publicacións salientables de membros da facultade; un concurso de fotografía; xornadas con conferenciantes e mesas redondas; actividades organizadas polo alumnado e pola asociación Mercurio; así como sesións de portas abertas e celebracións con distintas promocións de alumnado que pasou pola escola, así como con profesorado e persoal, tanto actual como antigo. Trátase de facer unha posta en común de recordos, anécdotas, imaxes ●

Hoxe abren as salas de lectura acondicionadas no centro de Vigo para o alumnado da Universidade


Poderán preparar neles os exames do primeiro cuadrimestre

DUVI 19/01/2021

Os 156 postos de lectura acondicionados nos últimos días pola UVigo en dúas plantas do inmoble número 6 da rúa López Mora están operativos desde hoxe e ata o vindeiro 12 de febreiro, co obxectivo de que o alumnado poida preparar neles os exames do primeiro cuadrimestre. Amosando o seu carnet, o estudiantado pode acceder ás salas de estudo, que se localizan en dúas plantas do edificio cedido por Zona Franca á Universidade. Entre as 09.00 e as 21.00 horas de luns a venres, o alumnado que curse calquera titulación das que se imparten na Universidade de Vigo pode facer uso das salas: unha na planta baixa do inmoble con 15 postos, para persoas con mobilidade reducida, e outras dúas na segunda planta, con 115 postos unha e 26 a outra.

Tanto no acceso ao inmoble, onde se tomará a temperatura ao estudiantado que queira facer uso das salas, como no interior cumpriranse coas normas sanitarias, respectando as distancias entre os postos de lectura, que acadan como mínimo o 1,80 m de distancia entre eles; a través de códigos QR situados nas mesas e garantindo a ventilación dos espazos a través das ventás.

Os postos de lectura dispoñen de mesas e cadeiras que a UVigo adquiriu cos cartos de medidas covid outorgados pola Xunta, que permitiron comprar un total de 1140 mesas e cadeiras, que ademais de neste inmoble se



Unha das salas acondicionadas

distribuíron no pavillón do campus de Vigo e no da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte do campus de Pontevedra, así como no campus de Ourense, para a realización de exames.

As bibliotecas centrais dos campus abertas nas fins de semana ata o 24 de xaneiro

Coa posta en servizo destas salas, o equipo de Goberno atende a demanda en tempos de covid de habilitar máis espazos para a preparación e

realización dos exames, garantindo así seguridade e saúde do alumnado.

Así mesmo, cómpre lembrar que ata o domingo 24 de xaneiro, as bibliotecas centrais dos campus de Vigo, Ourense e Pontevedra amplían o seu horario de atención ao público e estarán dispoñibles os sábados e domingos en horario ininterrompido de 09.00h a 21.00h. Tamén abre co mesmo horario a biblioteca de Torrecedeira, pero neste caso o servizo restrínxese unicamente ao estudantado da Universidade de Vigo, de xeito que non se permite a entrada ao público alleo ●

A Universidade recibirá da Xunta 3,16 millóns de euros adicionais para innovación e dixitalización

Entre outras cousas, dedicaranse a impulsar a captación 'en remoto' de alumnado internacional

DUVI 19/01/2021

A Universidade de Vigo recibirá da Xunta de Galicia 3,16 millóns de euros adicionais que se incorporan aos orzamentos de 2021 e que suporán un importante impulso á innovación e dixitalización tanto das súas infraestruturas como dos seus servizos de cara aos vindeiros anos. O anuncio produciuse tras unha xuntanza mantida este martes entre os tres reitores das universidades galegas –Julio Abalde, da Universidade da Coruña; Antonio López, da Universidade de Santiago de Compostela, e Manuel Reigosa, da Universidade de Vigo- e o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, Román Rodríguez.

O conxunto de accións previstas cínguense aos ámbitos específicos da innovación e a dixitalización, o que suporá un forte impulso da modernización universitaria en Galicia. En total repartiranse entre os sete campus do Sistema Universitario Galego 10 millóns de euros, establecéndose o reparto en base ao peso dos créditos auditados para cada unha das universidades no período 2019-21, correspondéndolle á Universidade de Vigo un 31,6% do total dos créditos, 3,16 millóns de euros que serán destinados a seguir mellorando o sistema de administración electrónica integral da Universidade, á renovación tecnolóxica de infraestruturas e a internacionalización dixital, impulsando a captación en remoto de alumnado estranxeiro.



As accións a levar a cabo concretaranse nun convenio

As accións concretas a levar a cabo por cada unha das universidades con cargo a este fondo quedarán plasmadas de xeito pormenorizado nun convenio de colaboración entre as partes que se materializará proximamente, se ben, cada unha das universidades xa adiantou as temáticas cara as que dirixirá estes orzamentos. Se no caso da Universidade de Vigo se vai facer unha forte aposta pola internacionalización dixital, a Universidade de Santiago de Compostela centrará o investimento na adecuación das infraestruturas aos cambios dixitais, o que abrangue a nova

Facultade de Medicina e a licitación do proxecto básico do edificio de Ciencias da Saúde. Así mesmo, daralle un impulso á administración electrónica mediante a dixitalización de expedientes administrativos.

No caso da Universidade da Coruña centrará as súas melloras na área de dixitalización (sistemas de videoconferencia, accesos remotos, ciberseguridade) potenciando a conectividade e compatibilizando a docencia presencial e non presencial; a renovación tecnolóxica dos servizos centrais e o equipamento informático dos centros docentes e a potenciación da administración electrónica. Así mesmo, entre as súas propostas está a de incidir na formación do persoal en competencias dixitais e recursos electrónicos ●

A UVigo destina 90.000€ a paliar os efectos económicos da pandemia nas familias

O alumnado que cumpra os requisitos pode solicitar as axudas ata o 19 de febreiro

M. Del Río
DUVI 21/01/2021

O estourido da pandemia da covid-19 na pasada primavera xerou un impacto repentino non só na saúde, senón tamén na economía de moitas familias afectadas por ERTes, despedimentos, peches de negocios ou redución de ingresos. Para que esta situación non afecte negativamente ao rendemento académico do alumnado, a Universidade de Vigo puxo en marcha unha serie de medidas extraordinarias en materia de axudas ao alumnado máis vulnerable. A primeira convocatoria publicouse en maio e beneficiou a preto de 200 estudantes. Agora, a Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria lanza unha [nova proposta de axudas cun orzamento total de 90.000€](#) para o alumnado afectado pola declaración do estado de alarma "que lle impida ou dificulte a continuidade dos seus estudos", como recolle a Resolución Reitoral. A finalidade, explica a vicerreitora, Natalia Caparrini, é que "o alumnado que ten menos recursos económicos teña igualdade de oportunidades, que é o que se pretende desde unha universidade pública".

As bolsas cobren ata o 100% do prezo da matrícula, o que supón unha novidade respecto da convocatoria de maio, na que se cubría o 50% xa que, como resalta Caparrini, "a pandemia afectou a partir do segundo cuadrimestre" e, desta volta, semella que "afectará a todo o curso académico". De feito, a vicerreitora reconece que "se ben é verdade que distintas administracións, e mesmo empresas privadas, están dando axudas, polo que vemos a diario en prensa, televisión e ao noso redor, séguense dando situacións



O alumnado que cumpra os requisitos pode solicitar as axudas ata o 19 de febreiro

dramáticas". Por iso, recalca, "o obxectivo ao que deberíamos chegar é que ningunha persoa se quede sen estudos universitarios por motivos económicos, sexan estes debidos á pandemia ou a calquera outra circunstancia".

Axudas por motivos económicos ou por ter que reintegrar a bolsa do Ministerio

Poden solicitar estas axudas os estudantes matriculados en calquera titulación de grao, mestrado ou doutoramento de centros propios da Universidade de Vigo no curso 2020/2021 que se

encontren nunha das dúas seguintes casuísticas. Por unha banda, atoparse desde o 1 de setembro de 2020 algún membro da unidade familiar en situación de desemprego ou ERTE; ser traballador por conta allea e ter reducido a xornada laboral por coidados como consecuencia directa da covid-19; ser traballador por conta propia e ter concedida a prestación extraordinaria por cese de actividade ou ser traballador do fogar e ter concedido o subsidio extraordinario por falta de actividade. Por outra banda, e como novidade respecto da convocatoria do ano pasado, tamén poden solicitar estas axudas as e os estudantes que teñan que reintegrar a bolsa do Ministerio de Educación e Formación Profesional do curso 2019/2020 por baixo rendemento académico debido a causas derivadas da pandemia, como enfermidade da persoa solicitante ou dalgún outro membro da unidade familiar.

Prazo de solicitude aberto ata o 19 de febreiro

O prazo de presentación das solicitudes desta convocatoria está aberto ata o 19 de febreiro e o pagamento da bolsa efectuarase no prazo de un mes desde a resolución de adxudicación. Esta axuda é incompatible con calquera outra concedida para a mesma finalidade, polo que só é compatible coa bolsa de carácter xeral MEFP no que respecta ás materias cuxos prezos públicos non son obxecto de bolsa xeral (segundas e posteriores matrículas) ●

As convocatorias propias da UVigo xa inclúen unha acción positiva para paliar os paróns na carreira do PDI derivados da fenda de coidados

Para convocatorias de docencia, investigación e transferencia

M^a del Carmen Echevarría
DUVI 22/01/2021

En abril de 2019 a Universidade de Vigo convertíase na primeira institución académica española, e unha das poucas de Europa, en aprobar unha acción positiva, dentro das convocatorias propias de produción científica en investigación, docencia e transferencia, que aborda a denominada "fenda de coidados" por razón de maternidade, conciliación e/ou violencia de xénero, que afecta principalmente ás mulleres docentes e investigadoras. Esta acción positiva tradúcese en que "toda PDI da institución que se acolla a esta medida poderá substituír os seus méritos académicos durante os anos de coidado de dependentes co promedio de produción propia de cinco anos anteriores no caso de crianza de fillos e fillas ata que acaden os seis anos; así como coidado directo dun familiar ata segundo grao de consanguinidade ou afinidade, que non poida valerse por si mesmo; ou atención psicolóxica prescrita por sufrir violencia de xénero", enumera Águeda Gómez, directora da Unidade de Igualdade, que lembra que a esta acción tamén pode acollerse calquera investigador que ten un permiso ou excedencia por razón dos supostos detallados antes.

Co obxectivo de que esta medida acade unha maior aplicación por parte das potenciais beneficiarias, acaba de facerse pública una [resolución reitoral para incluír a acción positiva nas convocatorias propias de docencia,](#)



[investigación e transferencia da UVigo](#), reforzando así súa divulgación entre a comunidade universitaria e que poidan acollerse a ela as persoas que cumbran cos perfís sinalados. "Esta medida deseñouse co fin de corrixir os efectos non desexados da fenda de coidados existente na nosa sociedade e que está a afectar á carreira científica das investigadoras", sinala Águeda Gómez, que considera que ademais abre a porta a deseñar novas accións positivas que favorezan a igualdade de oportunidades nas institucións de ensino superior e investigación do país.

A complexidade de conciliar carreira científica cos coidados

As solicitudes que se presenten serán avaliadas pola comisión encargada da convocatoria para a aplicación desta acción positiva, unha estratexia temporal que contempla a Ley de Igualdad 3/2007 e a Ley 14/2011 de 1 de xuño de Ciencia, Tecnología e Innovación, no apartado cuarto da súa disposición adicional decimo terceira. "É importante sinalar que debido a que sempre foi moi complexo conciliar carreira científica e maternidade, de feito, as académicas, segundo investigacións da directora do Instituto Universitario de Estudos de Género, Rosa Sansegundo, temos una taxa de natalidade de 0,6 por muller aproximadamente, moi inferior á media española de 1,3, sendo esta tamén moi baixa, quizais as posibles beneficiarias desta medida



Águeda Gómez, directora da Unidade de Igualdade da UVigo

sexan pouco numerosas, pero é o único xeito de reverter esta tendencia e que 'as nais académicas' non sexan penalizadas", explica a directora da Unidade de Igualdade. Así mesmo, Águeda Gómez tamén destaca que o envellecemento do cadro de persoal de PDI en xeral, tamén supón un incremento da situación de dependentes maiores a cargo das académicas, debido á fenda de coidados, "que é outro elemento que lastra a nosa carreira científica e que, neste caso, este grupo é un dos que máis se acolla a esta medida".

“As académicas, segundo investigacións da directora do Instituto Universitario de Estudos de Género, Rosa Sansegundo, temos una taxa de natalidade de 0,6 por muller aproximadamente, moi inferior á media española de 1,3”

A directora da Unidade de Igualdade destaca outras medidas interesantes que xa se están a aplicar en relación coa acreditación das axencias de calidade autonómicas, promoción de mulleres para cátedras cando existe un empate en dous currículos ou mesmo a nova convocatoria posdoutoral da Xunta, "quizais controvertida nalgúns aspectos e que en cambio introduce un mecanismo compensatorio para as investigadoras nais que acaden esta axuda", explica. Trátase en definitiva, como sinala Águeda Gómez de corrixir as desigualdades de partida que sofren as mulleres investigadoras "que fai que pouco a pouco se vaian descolgando da carreira académica e científica e que a fenda salarial por sexos sexa tan marcada, derivada dos complementos salariais vinculados á produción científica, aos cargos académicos, etc. que a fenda de coidados está a provocar", conclúe ●

Por outra banda,
a sesión aprobou
a participación
da UVigo no
capital da spin-
off Unmanned
Galicia

O Consello de Goberno reconece a excelencia de 49 estudantes de grao

Hoxe tamén se fixo pública a resolución reitoral que adecúa a docencia ás novas restricións

DUVI 27/01/2021

O Consello de Goberno da Universidade de Vigo aprobou por asentimento na súa primeira sesión do ano 2021 a proposta de [premios](#) extraordinarios de grao do curso 19/20, outorgados a 49 estudantes dos tres campus, que recibirán a insignia da institución académica viguesa. Non obstante, a suspensión, por mor da covid, do acto de celebración de San Tomé, previsto para mañá xoves, impedirá que o alumnado galardoado poida recoller en persoa a insignia e o diploma acreditativo, que lle serán remitidos por correo, "aínda que non desbotamos poder facer máis adiante un acto semipresencial de recoñecemento", dixo o reitor, Manuel Reigosa no transcurso da sesión. No acto de celebración de San Tomé previsto para mañá, e finalmente suspendido, tamén estaba prevista a entrega dos premios Egeria á inclusión da perspectiva de xénero nos traballos de fin de grao e fin de máster e dos premios á excelencia académica de grao e de mestrado ao alumnado de novo ingreso.

Do total de 49 galardóns aprobados hoxe, 24 corresponden a estudantes do campus de Vigo; 14 a Ourense e 11 a Pontevedra. Un curso máis son as mulleres as que acadan un maior número de recoñecementos polo seu expediente, un total de 32, fronte aos 17 homes premiados. No caso do campus vigués, dos 24 galardoados, 15 son mulleres e 9 homes; no de Ourense, 8 son mulleres e 6 homes e en Pontevedra, 9 mulleres son recoñecidas polo seu expediente académico, fronte a 2 homes.



Apoio aos bos resultados da investigación

Por outra banda, o Consello aprobou hoxe a participación da UVigo no capital da spin-off Unmanned Galicia, un proxecto empresarial orientado á solución de metodoloxías actuais de traballo de inspección, baseadas na medición in situ por parte de operarios, que na maioría das ocasións traballan en altura e están suxeitos aos riscos asociados a dito traballo. A iniciativa promovida polos enxeñeiros Higinio González, Luis Miguel González e Joaquín Martínez traballará na incorporación de solucións baseadas en Sistemas Aéreos Remotamente Pilotados (RPAS), que permitirá un aumento de eficiencia nas tarefas de inspección de infraestruturas e a

diminución dos riscos laborais asociados a eses traballos.

Antes da votación, o reitor sinalou a importancia de que a Universidade siga cun labor continuista e "continúe apoiando ás spin-off que están acadando bos resultados no mercado".

Unha resolución reitoral concreta as medidas vixentes ata o 17 de febreiro

Por outra banda, hoxe publicouse a resolución reitoral para a adecuación da actividade docente na Universidade de Vigo ás novas restricións adoptadas pola Xunta. A resolución recolle que do 8 ao 17 de febreiro todas as actividades docentes de grao, mestrado e doutoramento realizaranse de maneira virtual, incluíndo as titorías; as revisións das probas de avaliación do primeiro cuatrimestre e as defensas públicas de Traballos Fin de Grao, Traballos Fin de Máster e teses de doutoramento. Respecto ás probas de avaliación fixadas para o primeiro cuatrimestre, a resolución confirma que continuarán a celebrarse de xeito presencial, tal e como estaba previsto, sen prexuízo de que os centros poidan levar a cabo os axustes menores que entendan oportunos, de tempo ou de espazos, de cara a facilitar a organización gradual das probas, para garantir o cumprimento das medidas de prevención, e que, de establecerse, deberán ser comunicados en todo caso ás persoas interesadas coa debida antelación.

No que se refire ás prácticas curriculares e extracurriculares, tanto en empresas como noutros organismos e institucións situados na Comunidade Autónoma de Galicia, o texto establece que se efectúen na modalidade de teletraballo, sempre que sexa posible. De non selo, estas actividades suspenderanse mentres estea en vigor a resolución. Constitúen unha excepción o prácticum das titulacións de Educación, que seguirá coa modalidade e coa programación prevista antes da entrada en vigor desta resolución, e as prácticas clínicas en institucións sanitarias, que os centros reprogramarán en función do que acorden con estas entidades.

Coa entrada en vigor desta resolución reitoral restrínxense, así mesmo, e ata novo aviso, as

actividades nas instalacións universitarias ao persoal con contrato en vigor coa Universidade, se ben os membros da comunidade universitaria e o público en xeral poderán acudir aos centros para realizar xestións presenciais empregando o sistema de cita previa. Nesta liña, tamén se especifica que só poderán acceder ás dependencias das bibliotecas da Universidade o persoal adscrito á Biblioteca Universitaria, se ben o PDI poderá facer uso deste servizo, sempre que sexa con cita previa. No caso das instalacións e pavillóns deportivos da Universidade o seu uso queda restrinxido ao persoal adscrito ao Servizo de Deportes, se ben, a maiores, se autoriza á Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade a autorizar o uso destas instalacións para a realización de probas presenciais do primeiro cuatrimestre.

Polo que respecta ao PDI e o PAS da Universidade a resolución establece que ambos grupos deben continuar realizando a súa actividade laboral na mesma modalidade na que o viñan facendo ata o de agora.


Acordo do Comité Asesor Covid-19

Pola súa banda, o Comité Asesor Covid-19 acordou hoxe que para o uso de establecementos de restauración de centros de traballo da Universidade de Vigo por parte de docentes e traballadores do centro, limitarán a súa actividade según se establece na orde do 26 de xaneiro de 2021 da Consellería de Sanidade (DOG núm 16-BIS), tendo en conta, como establece o punto III.2.5.3, que a ocupación máxima será de catro persoas, e deberán ser todas elas convivintes ou persoas traballadoras que formen un grupo de convivencia estable dentro do centro de traballo. Así mesmo, recoméndase facer un uso individual das mesas nestes casos.

Acórdase tamén realizar o reparto dun novo kit de prevención para cada membro dos colectivos PAS e PDI, consistente en 25 máscaras FFP2, dúas máscaras de tela serigrafiadas co logo da Universidade de Vigo e un dispensador individual de xel hidroalcohólico. Pola súa banda, a cada membro do alumnado facilitaráselle tres máscaras FFP2 para a súa utilización preferente nas prácticas, cando sexa autorizada a presencialidade polas autoridades competentes ●




FEBREIRO



Trinta anos despois do seu nacemento, a Universidade de Vigo puxo en funcionamento a Comunidade Alumni-UVigo, un novo espazo destinado a materializar o sentimento de pertenza das persoas vinculadas á institución académica.

No mes no que o proxecto Epicovigal iniciou a monitoraxe xenómica en tempo real da pandemia en Galicia, tamén se confirmaba a participación da Agrupación Aeroespacial da Universidade de Vigo nos plans da Axencia Espacial Europea para explorar covas na Lúa. Na súa loita contra a covid, a institución académica repartiu en febreiro preto de 80.000 máscaras e 3000 dispensadores de xel entre o seu PDI e PAS. Tamén se acolleron as primeiras probas piloto realizadas de tecnoloxía 'Network Slicing' 5G.



Por primeira vez
en Galicia e das
primeiras que se
poñen en marcha
a nivel mundial

A Universidade acolle as primeiras probas piloto que se realizan de tecnoloxía ‘Network Slicing’ 5G

Encargarase de realizalas o Grupo de Tecnoloxías de
Información e as empresas Cisco e Telefónica

D. Besadío
DUVI 03/02/2021

A Universidade de Vigo, como responsable do Laboratorio 5G e centro de investigación cunha ampla experiencia nesta temática, vai acoller as primeiras probas piloto que se realizan en Galicia, e das primeiras que se fan a nivel mundial, de Network Slicing 5G, unha tecnoloxía que permitirá xerar novos servizos e avanzar na transformación dixital da sociedade. O proxecto vai dirixido a demostrar a flexibilidade desta rede para adaptarse aos distintos casos de uso empresariais e, da súa posta en marcha, vanse encargar o Grupo de Tecnoloxías de Información da Universidade de Vigo, adscrito ao centro de investigación atlantTic, e as empresas Telefónica e Cisco, líder mundial en equipos de redes.

As redes 5G facilitarán casos de uso moi diversos e con distintos requisitos como vehículos autónomos, cidades intelixentes, robótica, Internet das Cousas... Para isto deben ser flexibles, programables e escalables e, neste senso, o Network Slicing permite crear capacidades de rede específicas para un servizo ou grupo de usuarios, ofrecendo así servizos diferenciados, algo que non era posible co 4G.

No marco do piloto 5G Galicia, impulsado polo Ministerio de Asuntos Económicos e transformación dixital, a través de Red.es, e apoiado polo Laboratorio 5G, que está promovido pola Amtega (Xunta de Galicia), Retegal e a Universidade de Vigo, este traballo pretende probar a tecnoloxía de diferentes provedores e empregar os resultados para definir as redes



David Rodríguez, Rubén Pérez, Alberto Estévez e Felipe Gil, investigadores da Universidade de Vigo implicados no proxecto

do futuro. A Universidade de Vigo vai traballar no deseño e despregue do demostrador, na súa validación e na medición das prestacións, demostrando os beneficios, a calidade e a versatilidade das tecnoloxías de Network Slicing.

**Redes máis fiables
e capaces de transmitir
máis información en
menos tempo**

Segundo explica Felipe Gil, investigador de atlantTic responsable na Universidade de Vigo

deste proxecto, a tecnoloxía Network Slicing busca ter unha rede completa virtual sobre a infraestrutura física, o que permite diferentes avances tecnolóxicos que hoxe en día aínda non son posibles e que inclúen desde ter unha rede a medida para cada tipo de tráfico, ata contar cunha rede 'propia' para grandes clientes ou despreparar outras 'baixo demanda' en función de necesidades puntuais. A proba piloto que se vai realizar na Universidade de Vigo está pensada especificamente para o primeiro caso, é dicir, para crear redes adaptadas a cada tipo de tráfico.

En concreto vaise traballar en tres aspectos: baixa latencia, alto ancho de banda e rede de emerxencias. Con respecto á baixa latencia, trátase de lograr que o tempo entre que se recibe a información e se fai chegar ao seu destino sexa moi baixo. "Por exemplo, podemos ter un sistema de control que mide un parámetro físico, llo envía a un servidor que analiza a información sobre a rede 5G e manda de volta instrucións a un actuador", explica Gil. Deste xeito, se o sensor mide unha situación anómala mándalle a información ao servidor que a detecta e actúa de xeito moi rápido para corrixir o problema.

No caso do alto ancho de banda, trátase de lograr transmitir moita información en moi pouco tempo. "Son as redes ás que nos estamos habituando e nas que, por exemplo, podemos ver vídeos cada vez de maior calidade sen telos que descargar", recalca Gil, quen, con respecto á rede de emerxencias, recalca que sería específica para empregar os corpos de emerxencias en situacións problemáticas nas que se precise a máxima fiabilidade posible.

"Exemplo de colaboración entre investigadores e provedores para acelerar a dixitalización"

Con esta iniciativa, Telefónica pretende non só demostrar a capacidade de Network Slicing nunha infraestrutura de 5G, senón tamén comezar a construír os servizos para clientes que se comercializarán a través da súa rede 5G, ofrecendo unha alta capacidade e unha baixa latencia para casos de uso como Internet das Cousas. "Con este proxecto de colaboración con Cisco e a Universidade de Vigo damos un importante impulso ao noso obxectivo de facer

as nosas redes máis flexibles e escalables para dar resposta co 5G aos diferentes requirimentos que formulan os servizos e os clientes", explica Mercedes Fernández, xerente de Innovación e responsable de Cidades Tecnolóxicas 5G de Telefónica España.

No caso de Cisco, como provedor contrastado en infraestrutura 5G, esta proba de concepto vaille permitir demostrar os beneficios do software cloud nativo coa plataforma Cisco Ultra Packet Core, que é o corazón da creación de servizos e funciona xunto con tecnoloxías clave como Network Slicing, NFV e automatización a través de Cisco Network Services Orchestrator (NSO) para apoiar casos de uso específicos de clientes, tanto gran público como empresariais, constituíndo un dos múltiples proxectos de dixitalización en España impulsados polo seu programa Digitaliza. "O 5G representa unha grande oportunidade para que os provedores poidan xerar novos servizos dixitais, rendibilizar os seus investimentos en infraestruturas e, sobre todo, liderar a transformación dixital", explica Andreu Vilamitjana, director xeral de Cisco España, quen subliña que este proxecto piloto constitúe "un exemplo de colaboración entre investigadores e provedores para acelerar a dixitalización".

"Traballar en este proxecto con Telefónica e Cisco permítenos avanzar na investigación sobre redes 5G dinámicas e achegar estes resultados ao mercado, xa que podemos colaborar coas persoas que están desenvolvendo os últimos produtos de Cisco e coas que están ideando as futuras redes de Telefónica", recalca desde a Universidade Felipe Gil, principal cabeza visible dun equipo do que tamén forman parte os investigadores Alberto Estévez Caldas, David Rodríguez Pereira e Rubén Pérez Vaz ●

A pandemia non frea o espírito emprendedor do alumnado vigués


A entrega de premios Incuvi Emprende, Avanza e Consolida adaptouse ao formato virtual

Manuel Reigosa, Natalia Caparrini e David Regades eloxian a orixinalidade dos 17 proxectos gañadores

D. Besadío
DUVI 04/02/2021

A covid 19 provocou que a sociedade se teña que adaptar ao teletraballo, a novas ferramentas de comercio en liña, a novos proxectos que facilitan a comunicación a distancia e que fan que o distanciamento social sexa máis levado, pero se algo non cortou foi a ilusión e o espírito emprendedor do alumnado da Universidade de Vigo. Este xoves tivo lugar a entrega da IX edición dos premios Incuvi Emprende, a quinta dos Incuvi Avanza e a primeira dos Incuvi Consolida, unhas axudas coas que a Universidade de Vigo, da man de múltiples patrocinadores e colaboradores, quere axudar ás súas alumnas e alumnos máis emprendedores a pór en marcha as súas ideas para que cristalicen "se non todas, a maioría delas, en proxectos de éxito", tal e como lles recalcou o reitor, Manuel Reigosa, nun acto de entrega de premios que, debido ás actuais circunstancias sanitarias, se levou a cabo de xeito virtual.

Xunto ao reitor contouse tamén coa participación do delegado do Estado na Zona Franca de Vigo, David Regades, e da vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria, Natalia Caparrini, que insistiron en achegar os seus parabéns e felicitacións aos promotores das 17 iniciativas que foron premiadas: doce axudas Incuvi Emprende, para aquelas ideas que se atopan no seu nivel de desenvolvemento máis básico; catro axudas Incuvi Avanza, para os proxectos que xa teñen certo nivel de maduración e, por primeira vez, unha axuda Incuvi Consolida para que aquelas iniciativas empresariais xa constituídas e que pasaron polo programa Avanza poidan seguir recibindo mentorización específica e unha axuda económica que lle facilite a súa consolidación empresarial.



Tanto o reitor, como a vicerreitora, como o delegado do Estado no Consorcio Zona Franca, destacaron a importancia do traballo en rede, pois sen este tipo de colaboracións sería, ao seu xuízo, imposible sacar adiante este tipo de iniciativas, que fan "de Vigo, da súa contorna e de Galicia en xeral, un lugar máis próspero, máis desenvolvido e con máis xustiza social", tal e como destacou Reigosa. Sobre a mesa deixaron tamén unha recomendación para os premiados e premiadas: aproveitar ao máximo esta oportunidade, ser flexibles e adaptarse á nova realidade que veu provocada pola pandemia.

Somos Terra, unha iniciativa disposta a consolidarse


A primeira edición das axudas Incuvi-Consolidaten como destinatarias a Eva López e Raquel Gómez, impulsoras da cooperativa Somos Terra, unha consultoría ambiental que ten como obxectivo "fomentar a sustentabilidade no territorio", centrando a súa actividade profesional en educar, sensibilizar e implicar aos diferentes axentes da sociedade co obxectivo común de incrementar o compromiso ambiental no seu ámbito de actuación".

Somos Terra ofrece servizos de formación en sustentabilidade, como cursos, xornadas ou programas educativos e, tamén asesoramento en desenvolvemento sostible, coa elaboración de proxectos, plans de acción, etc. Estes servizos son ofertados a centros educativos, institucións públicas, universidades e colectivos sociais que teñan interese en mellorar o seu compromiso ambiental. Tamén traballan no eido da divulgación científica e contan cunha plataforma virtual a través da cal crearán canles de comunicación entre os diferentes colectivos sociais nos que a sustentabilidade é a medula espiñal.

Catro proxectos que queren seguir avanzando

Por primeira vez este ano entregáronse na categoría Avanza catro premios en lugar dos dous habituais. Houbo máis solicitudes ca nunca, algo que se atribúe a que nesta edición se facilitou acceder non só a través da participación no programa Incuvi-Emprende, como se viña facendo ata o de agora, senón que tamén se lle deu a opción de participar a aqueles proxectos que, sen ter pasado previamente por este programa, dispoñían dun proxecto emprendedor o suficientemente maduro como para optar a esta modalidade. As catro propostas gañadoras recibirán un servizo de asesoramento personalizado e unha axuda económica para subvencionar os custos relacionados coa súa constitución como empresa.

Os catro proxectos gañadores teñen perfís moi distintos: ODS Protein, de Martín Rodríguez e Iria Varela, formula un proxecto de produción



de proteína alternativa á industria alimentaria; PaySecure, de Rodrigo Pelayo Rodríguez, céntrase en garantir a seguridade en procesos de compra-venda electrónica; LogicMelt, de Iago Seijo e Roberto Fernández, fai unha forte aposta pola dixitalización para a industria 4.0; e Wegoo, impulsada por Alejandro Viéitez, Diego Rodríguez e Rubén Ayuso, é unha plataforma de planificación de viaxes que lle permite ao usuario ganar eficiencia nos seus traslados.

12 ideas dispostas a abrirse camiño no mundo dos negocios

Os 12 proxectos gañadores dos Premios Incuvi Emprende recibirán formación, asesoría e apoio na elaboración dun plan de empresa. Son ideas aínda en xerme, algunhas que xurdiron en plena corentena, e outras que se viñan madurando desde tempo atrás e que, agora, logran o apoio necesario para botar a andar. Entre as propostas que recibiron unha maior puntuación do xurado está Vi&Go, impulsada por Marta Álvarez, Antón Illanes, Ignacio Iglesias e Adrián Marnotes, e dirixida a ofrecer solucións para transformar a mobilidade tal e como se entendeu ata o de agora. A través dun servizo de motos e bicicletas eléctricas e intelixentes daránlle ao usuario a posibilidade de desprazarse mediante o préstamo e uso dos seus vehículos, unha iniciativa a que se referiron como "escalable e exportable" e que buscará a implicación das principais empresas e institucións da cidade.

Da unión entre a arqueóloga Rita Pérez e o enxeñeiro Simón Fernández xurde Navia3D, un proxecto cultural que persegue salvar distancias



“Asegurámonos de que a revenda sexa 100% segura, acreditando a identidade e veracidade de ambas partes”

entre patrimonio histórico, cultura e tecnoloxía. “Axudamos á revalorización do patrimonio”, explica Pérez, ao que o seu compañeiro engade que un dos seus eixes básicos é a multidisciplinidade do seu equipo. No caso de SafeTransfer, impulsada por Pablo Esteban Ameijeiras e Alejandro José Álvarez, propoñen un labor de intermediación no proceso de revenda de entradas. “Asegurámonos de que a revenda sexa 100% segura, acreditando a identidade e veracidade de ambas partes, facilitando así a transferencia e evitando a estafa”, explican os alumnos.

Tamen recibirán axuda as impulsoras de Fortitude, unha marca de roupa cómoda e desenfada adaptada á economía circular. Andrea González, encargarse da parte creativa do proxecto, e Jessica Méndez, da empresarial. En Espacios, de Zaida López e Iván Trigás, o que buscan é facilitarlle ás empresas e institucións o proceso de busca de espazos de traballo de carácter temporal, unha opción que gaña protagonismo

co auxe do teletraballo. “O que buscamos é actuar de intermediarios entre as empresas e os posibles lugares nos que se vai celebrar esa posible reunión física. O empresario o único que tería que facer é chamarnos e dicirnos que espazo precisa, onde e a que hora”, explica López, graduada en Consultaría e Xestión da Información e en Administración e Dirección de Empresas pola Universidade de Vigo.

A maior parte dos proxectos son grupais, pero tamén os hai de carácter individual. É o caso de daOrixe, unha plataforma de venda de produtos de proximidade e responsables coa contorna, impulsada por Viviana Martínez, titulada do Máster de Responsabilidade Social Corporativa; EnGarde, de Xiana Pérez Ogando, do Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, propón unha escola de esgrima a pé e esgrima adaptada; Diana Torres, do Grao en Publicidade e Relacións Públicas, bautizou o seu proxecto de comunicación dixital e copyrighter especializado no sector artesán como Diana Limón; e Acción Rural Carballiza, de Estefanía Vázquez, traballadora social e profesional do ocio educativo, propón o fomento das contornas rurais como lugares nos que desenvolverse tanto profesional como personalmente.

Completan o catálogo de propostas premiadas ADM 3D, de Daniel Piñeiro, Abraham Lamela e Miguel Suárez, dirixida ao fomento da impresión 3D; Viroom, unha plataforma web de aloxamento para o estudantado ideada por Juan José Sánchez, José Raúl Prado e Ana Campos, e EasyMeals, cuxa idea central é un plan de comidas a domicilio baixo control nutricional.

Nesta edición as axudas non van vinculadas a un campus concreto

A diferenza doutros anos nesta edición estas axudas non van vinculadas a un campus concreto e os espazos facilitaranse só a aqueles equipos de traballo para os que dispor dun local poida axudarlles a desenvolver o seu proxecto. “Ademais, dadas as actuais condicións sanitarias, o uso dun espazo físico compartido non pode asegurarse”, explica a directora da Área de Emprego e Emprendemento Maruxa Álvarez que, xunto a vicerreitora Natalia Caparrini, quixeron agradecer o apoio recibido por parte de todos os

patrocinadores, colaboradores e as persoas que forman parte do comité avaliador que selecciona os proxectos gañadores.

Pola súa banda David Regades aproveitou a súa presenza neste acto para anunciar que a Zona Franca seguirá apoiando esta iniciativa en vindeiras edicións e pondo a disposición dun dos gañadores de Incuvi Avanza un dos seus locais en Porto do Molle, Nigrán. Tamén en colaboración coa Zona Franca, Caparrini anunciou a próxima posta en marcha dunha nova iniciativa, Sucede, un Servizo universitario de creación de empresas do estudantado, coa idea de axudar a aquel alumnado da comunidade universitaria que non opta a estes premios. Neste senso, David Regades fixo fincapé en que o talento que nace da Universidade de Vigo ten que ter "unha ponte, unha vía para poder desenvolverse de forma propia a través do autoemprego e a creación de empresas" e, nese contexto, os emprendedores que xurdan das aulas da UVigo sempre van contar co apoio da institución que el representa ●

A Universidade de Vigo aposta pola virtualidade para conmemorar o Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia

Charlas e obradoiros servirán para espertar vocacións científicas e tecnolóxicas nas nenas

DUVI 05/02/2021

A pesar da pandemia e das restricións por motivos sanitarios, a Universidade de Vigo fixo unha aposta firme por tentar manter a celebración do Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia, que se conmemora o vindeiro día 11. Así, os tradicionais obradoiros de Elas Fan CienTec, nos que centos de rapazas se achegaban aos laboratorios do campus de Vigo, pasarán a celebrarse virtualmente, ao igual que as charlas divulgativas que se viñan organizando dentro da Iniciativa 11F en centros educativos de toda Galicia e as actividades do Centro de Investigación Mariña (CIM). Por outro lado, a feira de Exxperimenta en Feminino non se poderá levar a cabo, pero as organizadoras optaron por ofrecer unha páxina web na que estarán a disposición da sociedade contidos divulgativos sobre mulleres importantes da historia da man de investigadoras do campus de Ourense.

Segregación na ciencia e na academia

Todas estas actividades, que as docentes e investigadora das UVigo organizan co gallo do 11-F, buscan dar visibilidade ao traballo das mulleres nestes eidos, amosar ás mozas de secundaria exemplos de mulleres que desenvolven súa traxectoria profesional no eido da ciencia e a enxeñaría e espertar vocacións nestes campos, especialmente masculinizados. Como explica a directora da Unidade de Igualdade da UVigo, Águeda Gómez, "na ciencia e na academia existe



Imaxe conmemorativa do 11F

unha segregación vertical e horizontal por razón de sexo, que abonda no feito de que, por exemplo, as titulacións STEAM, as que son claves nos empregos do futuro, son as máis remuneradas e posúen un alto estatus social, carecen dunha presenza feminina ampla". Isto, engade, vai redundar a medio prazo "no incremento do empobrecemento das mulleres. Hoxe a pobreza ten rostro de muller e se non cambiamos esta tendencia, isto agravarase no futuro".

Por todo isto, a responsable da Igualdade na UVigo remarca a necesidade de realizar este tipo de actividades e mantelas, a pesar da covid-19, aínda que sexa en formato virtual. A este respecto,

a vicerreitora de Comunicación e Relacións Institucionais, Mónica Valderrama, lembra que a Universidade conta con ferramentas como Campus Remoto cos que "estamos tentando que esta situación desfavorable non produza efectos moi negativos nas actividades que se desenvolven para seguir cumprindo cos obxectivos que nos marcamos".

Elas Fan CienTec e Charlas divulgativas

Elas Fan CienTec é un programa de obradoiros científicos e tecnolóxicos para rapazas de secundaria que, nesta ocasión, contará con preto de 80 nenas de catro centros educativos da provincia de Pontevedra (IES Val Miñor, IES Rosais II, Colexio Plurilingüe Alborada e IES A Cañiza). Da man de docentes e investigadoras da Universidade de Vigo coñecerán as liñas de investigación e os laboratorios do Centro de Investigacións Biomédicas (Cinbio), a Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía e a Escola de Enxeñaría Industrial.

Paralelamente, ao longo de todo o mes de febreiro, un total de 32 investigadoras e un investigador da Universidade de Vigo ofrecerán a 34 centros educativos de toda Galicia 70 charlas virtuais sobre o seu traballo e sobre o papel da muller na ciencia e na tecnoloxía. Estas enmárcanse na Iniciativa 11 de febrero, que se organiza a nivel nacional con motivo desta efeméride.

Todas estas actividades contan co apoio da Unidade de Cultura Científica e da Innovación da Universidade de Vigo na súa xestión.

11F no CIM

Outro dos centros que se une á celebración do Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia é o Centro de Investigación Mariña (CIM), que organizou actividades en liña para alumnado de secundaria, tanto rapaces como rapazas, de diferentes centros educativos de toda Galicia. O programa desenvolverase o día 12 e contará, por unha banda, coa Asociación Faraxa, que reflexionará sobre a necesidade do 11 F e, por outra, coa directora da Área de Investigación da UVigo, Ana Bernabeu, presentará os indicadores de igualdade na institución educativa e no CIM e

explicará a súa experiencia persoal. Ademais, o estudiantado participante poderá facer unha visita virtual ao CIM e participar en debates sobre todo o aprendido.

V Concurso de Creación Artística

Tamén o día 11 de febreiro daranse a coñecer as e os gañadores do V Concurso de Creación Artística do Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia, convocado pola Facultade de Ciencias, a Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo e a Escola Superior de Enxeñaría Informática do campus de Ourense. Nel convidábase ao alumnado de Primaria e ESO da provincia de Ourense a presentar traballos visuais ou literarios sobre as mulleres na ciencia e na enxeñaría ou nas tecnoloxías TIC. Nas anteriores edicións, estes premios entregáronse durante a celebración nestas datas da feira divulgativa Exxperimenta en Feminino, pero debido á pandemia este ano tivo que anularse a súa celebración, polo que a entrega dos galardóns do concurso queda aprazada ata que a situación sanitaria o permita.

Formación para a comunidade investigadora

A maiores de todas estas actividades, desde a Unidade de Igualdade abrírase a matrícula a partir do 11 de febreiro en novos cursos gratuítos dentro do Itinerario virtual de formación en xénero, un programa que trata de dar resposta ás necesidades de formación en xénero da comunidade universitaria. Os novos cursos versarán sobre A inclusión da perspectiva e a análise de xénero na investigación e a innovación, A muller e a ciencia e a Dimensión de xénero nos proxectos de I+D+i das TIC ●

O proxecto Bewats avanza na detección remota do lixo mariño na costa galega

Monitorea a procedencia e o destino dos residuos a través de imaxes de satélites e drones

M. Del Río
DUVI 09/02/2021

O lixo mariño, en particular os residuos plásticos, supoñen unha seria ameaza global para os ecosistemas, tanto pola gran cantidade que chega aos mares e océanos como pola súa composición, xa que poden tardar ata 1000 anos en biodegradarse. De feito, a maior parte do lixo que se rexistra e recolle nos areais son microplásticos, o que dificulta en gran medida a súa recollida debido ao seu tamaño. Un dos xeitos de controlar e frear a chegadas deste lixo aos ecosistemas mariños é coñecer a orixe e o percorrido destes residuos, que é o obxectivo do proxecto Bewats (Beach Waste Tracking System), impulsado por investigadores da Universidade de Vigo e do Instituto de Ciencias Matemáticas (CSIC-UAM-UCM-UC3M). A finalidade desta iniciativa, que botou a nadar en decembro de 2019, é buscar ferramentas innovadoras para a monitoraxe da procedencia e o destino do lixo mariño a través de imaxes de satélites e drones. Froito deste primeiro ano de traballo, os investigadores xa contan con avances destacados, como explica Fernando Martín, do Grupo de Procesado de Imaxe e Realidade Virtual (GPI-RV) da UVigo.

O proxecto, financiado polo programa Pleamar 2019 da Fundación Biodiversidade, céntrase nas rías de Vigo e Pontevedra, incluíndo o Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia. "As costas galegas chegan refugallos mariños, principalmente plásticos, impulsados polas fortes correntes oceánicas", explican os investigadores. Estes restos provocan graves impactos nos ecosistemas mariños, na saúde humana e perdas importantes nunha economía como a galega



Traballo en areais cos drones realizado polos investigadores da UVigo

que vive do mar. Así, a través de Bewats trátase de "buscar solucións a esta problemática e establecer estratexias de limpeza máis eficientes utilizando novas fontes de información".

Avances en tres eidos

Nestes meses de traballo, o equipo avanzou en varias fronteas. Por unha banda, Ana M. Mancho e Guillermo García Sánchez, do CSIC, desenvolveron modelos para o seguimento das rutas dos residuos baseados nas correntes mariñas proporcionadas polo Servizo de Monitorización Marina de Copernicus (CMEMS) e en desenvolvementos propios dos investigadores.

Os resultados proporcionados polos modelos delimitan as zonas de orixe para estes residuos nas diferentes épocas do ano.

Dende a Universidade de Vigo, os investigadores Fernando Martín e Orentino Mojón, do centroatlanTTic, comezaron a toma de imaxes con drones en diferentes puntos das rías de Vigo e Pontevedra, baseándose na experiencia e no software desenvolvido no [proyecto europeo Litterdrone](#), que a institución olívica coordinou entre 2017 e 2019. "O software foi mellorado redeseñando os algoritmos que permiten localizar os residuos para obter unha maior precisión", explican.

O proxecto Bewats rematará no mes de abril, xa que conta nunha prórroga pola pandemia da covid-19. Nestes próximos meses, e ante a falta de datos in situ para validar os datos remotos, o traballo dos investigadores da Universidade de Vigo centraranse nunha serie de obxectivos técnicos. Así crearán un obxecto de plástico a modo de branco flotante, co que realizarán varios experimentos para capturalo no mar coincidindo coa pasada do satélite e tomando imaxes de drone e procesarán as imaxes de satélites coincidentes co experimento, para validar os resultados do algoritmo desenvolvido pola empresa GMV. Ademais, continuarán mellorando o software Litterdrone. Por parte da Universidade de Vigo tamén participa no proxecto o grupo I-Mark, que xa comezou a realizar un estudo sobre a viabilidade comercial das tecnoloxías desenvolvidas en Bewats.

Detección de lixo mariño empregando imaxes Sentinel-2

Outro dos avances do proxecto viu da man da empresa GMV, colaboradora do proxecto, que desenvolveu un innovador enfoque baseado en datos remotos para a detección de lixo mariño empregando imaxes Sentinel-2, proporcionadas polo programa Copernicus, e técnicas de Machine Learning. Omjyoti Dutta, da división Remote Sensing and Geospatial Analytics de GMV, foi o encargado de procesar os datos de satélite de observación da Terra para detectar posibles restos e clasificar e cuantificar a fracción de residuos presente a nivel de píxel. Ademais, tamén se realizaron as primeiras investigacións para identificar os diferentes tipos de plásticos

detectados, sendo as acumulacións de PET, presente en botellas de plástico, as máis fáciles de identificar. En Galicia, GMV empregou as ventás espazo-temporais proporcionadas polos modelos matemáticos do CSIC para a predición sobre o posible percorrido destes residuos presentes no mar. Non obstante, para os anos analizados (2017-2020) "non se dispón de datos de lixo flotante no mar para validar a detección realizada coas imaxes de satélites". Por isto, GMV validou o enfoque en outras localizacións en Europa, América do Sur e África onde existen datos dispoñibles de desperdicios mariños e con licencia aberta ●

Máis de 74.000 máscaras FFP2, preto de 6000 de tea e 2900 dispensadores de xel para PDI e PAS da UVigo

Proximamente comezará a entrega ao alumnado

M^a del Carmen Echevarría
DUVI 09/02/2021

Nas conserxerías dos centros e dos edificios administrativos prosegue a entrega ao persoal docente e investigador (PDI) e de administración e servizos (PAS) dos kits de material de protección fronte á covid-19 que a UVigo pon a disposición destes dous sectores da comunidade universitaria. En total repartiranse 74.150 máscaras FFP2 e 5932 de tea co logo da institución e 2966 dispensadores de xel hidroalcohólico. Cada PDI e cada PAS pode recoller no seu centro de adscrición un sobre que inclúe 25 máscaras FFP2, dúas de tea e un dispensador de xel hidroalcohólico, "un material adquirido con cargo aos fondos covid-19 da Xunta de Galicia", sinala o vicerreitor de Planificación e Sustentabilidade, José Luis Míguez. No caso do alumnado, unha vez que as autoridades autoricen o regreso ás aulas, dará comezo a repartición entre o alumnado de tres máscaras FFP2 para usar de xeito preferente nas prácticas.

En canto á realización de probas á comunidade universitaria, o cribado semanal de pooling PCR por saliva continuará en próximos días, tras non detectarse ningún caso no último cribado realizado a derradeira semana de xaneiro.

Docencia integramente virtual ata o 17 de febreiro

Tal e como estaba previsto, o segundo cuatrimestre comezou este luns na UVigo con docencia exclusivamente virtual e sen que se



rexistrase incidencias máis aló da ampliación puntual da capacidade dalgunha aula virtual, atendendo á demanda dalgun centro que así o solicitou ao precisar incrementar o número de estudantes inicialmente previstos para participar nunha clase en liña. Á espera da confirmación da Xunta, o escenario de docencia virtual continuará ata o 17 de febreiro, despois que este curso 20/21 arrancase compaxinando a docencia presencial nunha vintena de graos e 30 mestrados, co sistema mixto que alternaba as clases na aula coa virtualidade, a través de Campus Integra, unha contorna que permite conxugar o Campus Remoto ou xemelgo dixital da UVigo coa presencialidade, proporcionando o soporte adecuado para os tres posibles escenarios de docencia previstos para este curso (presencial,

mixto ou totalmente telemática). Así mesmo, a Universidade conta desde este curso co novo portal de teledocencia, Moovi, mentres que o sistema actual, FaiTic, seguirá activo durante todo o curso, aínda que non permite crear contidos novos.

Así mesmo, co obxectivo de mellorar os medios técnicos do profesorado para desenvolver o seu labor docente, está en marcha o proceso de entrega ao PDI de ordenadores para este segundo cuadrimestre. Por outra banda, ao inicio de curso enviáronse máis de 200 dispositivos Mifi, pequenos routers con wifi, entregados pola institución académica para arranxar os problemas de conectividade que sofre o estudiantado nas súas vivendas ●


Unha Comunidade Alumni para materializar o sentimento de pertenza das persoas vinculadas á UVigo

“Faltaba a sensación de pertenza a unha institución da que estar orgullosos”, asegura Reigosa

Mª del Carmen Echevarría
DUVI 10/02/2021

30 anos despois do seu nacemento, a Universidade de Vigo pon en funcionamento desde hoxe a Comunidade Alumni-UVigo, un servizo que crea un novo espazo de comunicación que permite, non só manter activo o vínculo entre a institución e as persoas tituladas e outros colectivos que mantivesen relación académica ou contractual coa institución, senón tamén establecer sinerxías dentro do colectivo, que faciliten o seu desenvolvemento persoal e profesional. Este mediodía na presentación da Comunidade, o reitor destacou a importancia de pór en marcha este espazo de relación coas persoas egresadas que queren formar parte do futuro dunha universidade na que “faltaba a sensación de pertenza a unha institución da que podemos estar orgullosos”, dixo Reigosa. Xunto ao reitor, o presidente da Federación de Asociaciones de Antiguos Alumnos y Amigos de las Universidades Españolas, Alumni España, Antonio José Redondo; o presidente do Consello Social da UVigo, Ernesto Pedrosa e a vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria, Natalia Caparrini, incidiron na relevancia desta iniciativa, que segundo Pedrosa fai deste día “un dos máis gratificantes da miña etapa á fronte do Consello Social da Universidade de Vigo”.

Cunha [páxina web de seu](#), que as persoas interesadas deberán utilizarse para unirse á Comunidade Alumni-UVigo e na que se recompila toda a información de interese deste novo servizo, esta rede de contacto das



Un intre da presentación onde participaron Antonio José Redondo, Ernesto Pedrosa, Natalia Caparrini e Manuel Reigosa

persoas vinculadas á Universidade de Vigo ten como obxectivos principais os de colaborar coas tarefas de coñecemento da situación e da bagaxe profesional do antigo alumnado; facilitar a localización de antigo estudiantado a quen lle poida xurdir algún asunto de interese particular ou colectivo; favorecer as relacións da rede de contactos profesionais, así como aumentar as posibilidades de xerar oportunidades de negocio entre a comunidade ou organizar encontros ou estreitar vínculos de colaboración entre as empresas e as institucións nas que se atopen integrados os usuarios da comunidade Alumni-UVigo e a propia UVigo, en materias de interese común.

Tras estudar os modelos existentes noutras universidades, a UVigo optou por unha fórmula mixta para implantar este servizo que poderán integrar persoas tituladas, PDI, PAS ou alumnado de programas de mobilidade. Ademais, de forma motivada, poderáselles outorgar os recoñecementos de alumni-UVigo honorífico a persoas que sen pertencer a ningunha das categorías anteriores, teñan unha relevancia, ou méritos de excelencia, que as fagan merecedoras de tal distinción, como é caso dos doutores/as honoris causa pola propia universidade. Outras dúas categorías son as de alumni-UVigo distinguido en atención a súa especial implicación coa comunidade, sexa a través de accións de mecenado, mentoría, facilitadoras de emprego, acollida etc, e amigo de alumni-UVigo para persoas achegadas e amigos da institución, que sen pertencer a ningunha das categorías definidas previamente, mostren o interese en formar parte activa da comunidade.

“As persoas usuarias da comunidade Alumni-UVigo disfrutarán, entre outros, dos beneficios de participar de accións formativas, apoio laboral ou ao emprendemento; vantaxes que ofrezan tanto a UVigo coma entidades colaboradoras á comunidade, como actividades de extensión universitaria, tanto culturais coma deportivas, uso do servizo da biblioteca e servizos de préstamo de libros ou acceso á oferta formativa ofrecida polo Centro de Linguas”, explicou Natalia Caparrini, que agradeceu a implicación de todas as persoas e entidades que participaron na posta en marcha desta iniciativa. Pola súa banda, o reitor, desexou que todas as persoas que participen na comunidade obteñan dela as maiores vantaxes e que este servizo “sexo unha canle aberta coas persoas que forman parte dela”, sinalou Reigosa.

O mellor corpo diplomático co que contan as universidades

Nas súas respectivas intervencións, o presidente da Federación de Asociaciones de Antiguos Alumnos y Amigos de las Universidades Españolas, Alumni España, Antonio José Redondo e o presidente do Consello Social da UVigo, Ernesto Pedrosa, coincidiron en sinalar ás egresadas e egresados como “os mellores embaixadores que teñen as universidades”. Redondo, que lembrou que a día de hoxe son

máis de 50 as universidades que integran a Asociación de Antiguos Alumnos y Amigos de las Universidades Españolas, incidiu no papel das persoas egresadas para “axudar aos actuais alumnos sobre o que lles agarda fóra”. Así mesmo, lembrou o importante papel dos antigos alumnos nas campañas de recollidas de fondos, como as desenvolvidas recentemente polas universidades de Deusto e Valencia para acadar cartos destinados a paliar os efectos da pandemia e nas que acadaron máis de 700.000 euros.

Pola súa banda, o presidente do Consello Social da UVigo manifestou a súa satisfacción porque “por fin os alumni poidan encontrarse e apoiarse, aproveitando capacidades e potencialidades recíprocas”. Ernesto Pedrosa referiuse á creación da Comunidade Alumni-UVigo como “unha iniciativa fertilizadora, porque os exalumnos teñen o ben máis prezado que unha universidade pode ofrecer ao seu estudiantado: poñer ao seu servizo formación competencial e experiencia de quen os precedeu”, dixo o presidente do Consello Social da Universidade de Vigo.

Antecedentes da Comunidade Alumni-UVigo

Os antecedentes da Comunidad Alumni-UVigo que hoxe entra en funcionamento remóntanse ao ano 1997, cando se creou a Asociación de Amigos e Antigos Alumnos da Universidade de Vigo co obxectivo de impulsar e favorecer os lazos da sociedade, o tecido empresarial, e a Universidade. Na actualidade a asociación continúa a súa actividade con José María Franco García á cabeza e mais de 100 asociados que participan activamente nas accións que dende entón se levan impulsando.

Xa no ano 2016, botaba a andar o Observatorio das Persoas Tituladas da Universidade de Vigo, unha iniciativa pioneira en España, liderada por Luis Espada Recarey, primeiro reitor da UVigo coa finalidade de manter un canle que permitise continuar coa elaboración de estudos de seguimento da inserción laboral do antigo alumnado ●

Epicovigal inicia a monitoraxe xenómica en tempo real da pandemia en Galicia

“Se entendemos como evoluciona e se transmite poderemos combatela eficazmente”, asegura David Posada

M^º del Carmen Echevarría
DUVI 17/02/2021

Transcorridos catro meses desde o seu inicio, un período centrado na posta a punto e optimización dos protocolos de secuenciación do xenoma completo do SARS-CoV-2 e na recollida de máis de 2300 mostras de ARN do virus de toda Galicia, o [proxecto Epicovigal](#) entra na súa segunda fase, a de traballar no seu obxectivo principal, que é a monitoraxe xenómica en tempo real da pandemia en Galicia, “o que permitirá entender que está a pasar”, explica o catedrático da UVigo e coordinador do proxecto, David Posada. Así mesmo, ata decembro, cando o proxecto rematará, as investigadoras e investigadores que participan no proxecto secuenciarán as mostras xa recollidas para entender que ocorreu: cando e como entrou o virus en Galicia, como circulou en cada momento dadas as medidas sanitarias, etc.

Mais de 40 integrantes de 11 equipos dos tres institutos de investigación sanitaria de Galicia (INIBIC, IDIS e IISGS), dos sete servizos de Microbioloxía dos centros hospitalarios de referencia das sete áreas sanitarias do Sergas, incluíndo ademais aos tres centros singulares de investigación da Xunta, ás tres universidades do SUG e ao Centro de Supercomputación de Galicia forman parte deste consorcio único en Galicia. “Ata onde eu sei, só os grupos de investigadores e facultativos que integramos Epicovigal estamos preparados nestes momentos para secuenciar o xenoma completo do SARS-CoV-2 en Galicia”, sinala Posada, que explica que “por sorte, a secuenciación deste virus é bastante sinxela, polo menos para alguén con experiencia en xenómica. O xenoma SARS-CoV-2 con 30.000 letras é grande para un virus



Integrantes do equipo de Epicovigal da UVigo no Cinbio

de ARN, pero extremadamente pequeno se o comparamos cos xenomas cos que traballamos habitualmente, por exemplo, o humano ten 3000 millóns de letras, é dicir, é 100.000 veces maior”. Por outra banda, a análise dos xenomas SARS-CoV-2, polo menos ata o punto de identificar as variantes, é tamén bastante sinxela, pero o que si require máis adestramento é a interpretación no contexto evolutivo, ou a análise fina das cadeas de transmisión, capacidades que si ten o consorcio, no que a multidisciplinidade é, segundo o seu coordinador, un dos seus puntos fortes.

Por iniciativa dos seus integrantes, o consorcio comezou a xestionarse desde o primeiro momento da pandemia e tras acadar financiamento do Fondo Supera Covid da Crue/ Banco de Santander/CSIC e da Axencia de

Coñecemento en Saúde da Xunta de Galicia, Epicovigal botou a andar coa motivación principal "de desenvolver capacidades útiles ao coñecemento en xeral, pero sobre todo á sociedade galega. Queríamos que Galicia estivese preparada para responder, no que respecta á epidemioloxía xenómica, cando fora necesario", detalla Posada.

Análise xenómica para combater o virus de xeito eficaz


A secuenciación do xenoma dos virus que circulan por Galicia, en distintas áreas xeográficas e ao longo do tempo, é prioritario, inciden desde o consorcio, non só para detectar a aparición de variantes con novas propiedades (por exemplo máis transmisibles, máis virulentas ou capaces de escapar en maior ou menor medida á resposta inmunitaria inducida polas vacinas), senón para entender como e cando se transmitiu e se transmite o virus, con que velocidade, en que circunstancias, e no contexto das medidas de saúde pública en Galicia. "A escala local, a análise dos xenomas do virus pode contribuír de xeito significativo a esclarecer a natureza e orixe dos gromos, identificar e ordenar as cadeas de transmisión, e en definitiva, axudar a entender o comportamento do virus en escenarios particulares", detalla o coordinador do proxecto, para quen "só se entendemos como evoluciona e como se transmite SARS-CoV-2 poderemos combaterlo de xeito eficaz".

Neste sentido, Posada lamenta que, mentres Reino Unido leva xa máis de 250.000 xenomas e Dinamarca secuenciase unha gran porcentaxe dos seus casos, "finalmente e máis vale tarde que nunca", o Ministerio de Sanidade e a UE recoñecen a relevancia da epidemioloxía xenómica. O catedrático da UVigo agarda agora a ver como se coordinan estas novas iniciativas co consorcio Epicovigal, "que por suposto colaborará no que poida, tendo en conta que o seu marxe de manobra está limitado polo orzamento actual (o proxecto remata en decembro). O director do Centro Nacional de Microbioloxía e o Servizo de Epidemioloxía da Xunta xa nos contactaron, pero polo de agora, non sei máis nada", revela Posada.

Detalle das achegas de Epicovigal nos seus primeiros cinco meses

Desde setembro de 2020 ata agora, o consorcio centrouse na posta a punto e optimización dos protocolos de secuenciación do xenoma completo do SARS-CoV-2 mediante a técnica de Illumina, "primeiro no noso laboratorio de Cinbio na UVigo e a continuación nos servizos de Microbioloxía de Vigo, A Coruña e Santiago", detalla o coordinador do proxecto. Pola súa banda, o laboratorio de José Tubío no CimUS- USC, tamén parte do consorcio, xa puxera a punto a técnica de Oxford Nanopore no verán, e foron os primeiros en secuenciar un xenoma de SARS-CoV-2 en Galicia. "Así, fomos quen de reducir o custo de cada xenoma ata un 60%. E, tamén recolleemos máis de 2300 mostras de ARN do virus en toda Galicia, extraídas de marzo a xaneiro, grazas ao inmenso labor dos servizos de Microbioloxía dos complexos hospitalarios de A Coruña, Ferrol, Lugo, Santiago, Pontevedra, Ourense e Vigo", enumera David Posada.

A semana pasada, algúns nodos desta plataforma multimodal de secuenciación xenómica do SARS-CoV-2 pasaron a secuenciar de xeito "rutinario" e os [resultados dos xenomas de xaneiro-dembro](#) xa se poden ver na web do proxecto. Non obstante, Posada advirte que se debe ter "moito coidado á hora de interpretar estes resultados. Polo de agora, a mostraxe do virus en Galicia non é aleatorio. Había moito interese en confirmar mostras sospeitosas de seren variante británica que se incluíron nesas análises. As frecuencias



que vemos agora mesmo das distintas variantes non teñen porque corresponderse coas reais na nosa comunidade. Non polo momento", explica o catedrático, que apunta que agora cómpre moverse cara unha mostraxe aleatoria do virus, que si proporcione unha foto máis fiable da frecuencia das variantes que circulan en Galicia en cada momento.

Un balance "inmellorable" e un recoñecemento aos grandes heroes da pandemia: os sanitarios

Posada fai un balance ata o de agora de Epicovigal "que non pode ser mellor. Todos os membros do consorcio traballaron duro, con intensidade e eficacia. En catro meses, creo que entre todas e todos acadamos algo do que debemos estar satisfeitos". O coordinador do proxecto recoñece o grande esforzo extra que para todas as persoas que integran o consorcio entraña a súa participación neste proxecto, pero tamén ten claro que "Galicia é o noso país, a nosa xente e, xa que sabiamos que debiamos facer algo útil, e dado que podiamos facelo tiñamos que facelo, non hai máis".

Non obstante, o maior recoñecemento de Posada vai dirixido aos sanitarios "obviamente os grandes heroes desta pandemia, e parece que ultimamente esquecémonos deles. O meu labor, desde logo, non ten punto de comparación co que fan os sanitarios, desde os que toman as mostras, aos que fan as PCR,s, coidan e tratan pacientes, pasando por todas e cada un dos profesionais que traballan no noso sistema sanitario. Eu estou quentiño no meu despacho, non corro perigo algún, e non miro sufrimento ao meu arredor", reflexiona ●

UVigo Aerotech participará na competición universitaria de enxeñaría aeronáutica máis importante de Europa

Unha vintena de estudantes traballan no deseño e fabricación da aeronave coa que competirán

DUVI Ourense 22/02/2021

Cando se cumpre un ano da súa posta en marcha, o equipo de aeromodelismo da Universidade de Vigo, UVigo Aerotech, vén de acadar o seu pase para participar "na competición universitaria de enxeñaría aeronáutica máis importante de Europa", a Air Cargo Challenge. Na cita, que terá lugar en xullo de 2022 en Múnic (Alemaña), UVigo Aerotech competirá cunha aeronave de á fixa non tripulada en cuxo deseño e fabricación están a traballar unha vintena de estudantes, principalmente da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo pero tamén da Escola Superior de Enxeñaría Informática do campus de Ourense.

Para poder clasificarse, o equipo da UVigo tivo que cumprir unha serie de requisitos e prazos marcados pola organización. Unha vez superada esta fase, desde UVigo Aerotech salientan o seu orgullo porque "seremos o primeiro equipo galego en participar na historia desta competición, onde 30 das mellores universidades do mundo compiten por realizar o mellor deseño dunha aeronave destinada ao transporte de carga". Segundo explican, a Air Cargo Challenge estaba previsto inicialmente que se celebrase en 2021 pero finalmente será xullo de 2022 na Universidade Técnica de Múnic debido "ao empeoramento da situación sanitaria actual en todo o mundo e especialmente en Alemaña, país onde se celebra a competición, xunto cos confinamentos e medidas tomadas nos diferentes países de Europa e as corentenas nas viaxes



Parte do equipo de UVigo Aerotech

internacionais". A pesar deste aprazamento, UVigo Aerotech mantén os seus obxectivos e actividades para esta tempada coa idea de que, se a situación sanitaria o permite, presentar antes deste verán o prototipo co que competirá na Air Cargo Challenge.

Traballando no prototipo

A historia de UVigo Aerotech comezou a principios de 2020 co apoio do profesor Guillermo Rey e cunha primeira tempada que rematou co deseño

do AZOR-0, unha aeronave de máis de catro metros de envergadura e capaz de levantar ata 12 quilos. Coa experiencia deste precedente e co horizonte de xullo de 2022, o equipo traballa agora no deseño e fabricación dun novo prototipo de aeronave dividido en cinco departamentos co obxectivo de "cubrir todas as necesidades do proxecto de forma organizada". Estes departamentos son Electrónica e Control (no que se implementan os circuitos do aeromodelo e se elixe tanto o hardware como o controlador empregados); Propulsión e Dinámica (que se ocupa do deseño, mantemento e ensamblaxe do motor, ademais do deseño e fabricación do tren de aterraxe); Aerodinámica (que abrangue o deseño e fabricación dos elementos aerodinámicos do modelo que permiten levantar a carga de pago necesaria); Estructuras (que estuda as necesidades estruturais do modelo e encárgase da fabricación)



Equipo traballando en instalacións da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo

e Organización e Márketing (que se dedica á organización interna e xestiona as redes sociais e a representación do equipo).

O prototipo froito deste traballo competirá nunha Air Cargo Challenge na que se valorarán tanto as probas de voo como a inspección técnica da aeronave e toda a enxeñaría detrás do deseño. Nesta edición, indican desde UVigo Aerotech, a carga a transportar pola aeronaves que compitan serán bolsas de sangue. "Co deseño xa case rematado, nos próximos meses centraremos na fabricación, a ensamblaxe e as probas da aeronave", sinalan desde o equipo facendo fincapé na colaboración da empresa aeronáutica

Coasa que, se a situación sanitaria o permite, "cederanos unha parte das súas instalacións para a fabricación do noso prototipo". O aprazamento ata 2022 da competición, indican, permitiralles ter ao equipo "máis tempo para optimizar o comportamento da aeronave implementando novos sensores e estudando o rendemento en voo mediante a realización de numerosos tests ao longo desta e da próxima tempada e valorar a implantación de novos sistemas como tecnoloxía FPV (First Person View)".

No desenvolvemento desta iniciativa desde UVigo Aerotech fan fincapé no seu agradecemento a todas as entidades públicas e privadas que colaboran co equipo, recalcando como "sen o seu apoio o noso proxecto non sería posible e é por iso que non podemos estarlle máis agradecidos pola confianza depositada en nós, especialmente en vista da situación actual provocada pola pandemia". Entre as máis de 15 empresas e entidades patrocinadoras actuais coas que contan están Coasa, Utingal e Gurit (do sector aeronáutico e materiais); Europrecis e Mecadis (do sector do mecanizado); Marine Instruments; Dosmasdos; a Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo e a Área de Enxeñaría Aeroespacial deste centro, e a Axencia Galega de Innovación ●

A UVigo, na listaxe de centros de estudos olímpicos de referencia do COI

É unha das sete institucións académicas españolas presentes

DUVI Pontevedra 23/02/2021

O Centro de Estudos Olímpicos do Comité Olímpico Internacional (COI) fixo pública a súa [lista actualizada de centros universitarios de estudos e investigación olímpicos](#), da que forman parte 46 institucións académicas de 20 países, previamente avaliadas por este organismo. Entre elas atópase a Universidade de Vigo, única representante galega nesta relación, na que están presentes outras seis universidades españolas. "Para nós é un orgullo", sinala a profesora María José Martínez Patiño, directora do Centro de Estudos Olímpicos da UVigo, que explica que esta listaxe renóvase cada dous anos, de acordo cunha "serie de requisitos en canto a investigación, promoción do olimpismo, traballo en rede...", que superamos en todas as convocatorias".

Esta listaxe, segundo destacaron desde o Centro de Estudos Olímpicos do COI, busca destacar o "importante papel que desempeñan os CEO académicos na creación e fomento do interese e o coñecemento sobre o movemento olímpico entre a comunidade universitaria e facilitar os intercambios e a colaboración entre investigadores, profesores e estudantes". Para iso, este organismo fixera públicos previamente os [requisitos](#) que as institucións debían cumprir para formar parte desta relación que actualizan periodicamente. "Levamos anos entre os mellores centros do mundo", salienta Martínez Patiño, que lembra que en España existen 35 centros de estudos olímpicos, dos que só sete figuran na listaxe; os das universidades de Girona, Autónoma de Madrid, Extremadura, Navarra, Católica San Antonio de Murcia e Autónoma de Barcelona, ademais do centro con sede na Facultade de



A profesora de Ciencias da Educación e do Deporte María José Martínez Patiño

Ciencias da Educación e do Deporte do campus pontevedrés.

Promover o traballo en rede

Un dos obxectivos desta iniciativa do COI é promover o traballo en rede entre diferentes institucións, como destaca Martínez Patiño, membro da Real Academia Olímpica Española e do panel de expertos da Comisión Médica e Científica do COI. "Permítenos desenvolver proxectos de maneira conxunta practicamente cos cinco continentes e beneficiarnos dunha rede que nos axuda a seguir crescendo", destaca dunha

relación da que forman parte universidades de Europa, América, Asia e Oceanía.

Fundado en 2007, o Centro de Estudos Olímpicos da UVigo ten de feito entre as súas liñas de actuación "intentar potenciar a colaboración con universidades iberoamericanas no espazo do olimpismo", como sinala Martínez Patiño, que apunta neste senso á realización de teses de doutoramento con investigadores de Guatemala e Colombia, dentro do Grupo de Investigación en Educación e Saúde (GIES-10), do que forma parte. Mais tamén, á colaboración con institucións académicas europeas, xa que corresponderalle coordinar, durante os próximos tres anos, "a área de olimpismo, movemento olímpico e solidariedade olímpica" da rede internacional de ciencias do deporte e a saúde [INSHS](#), "coa que o grupo GIES-10 leva anos colaborando".

Estas foron de feito algunhas das cuestións recollidas no balance das actividades desenvolvidas que o Centro de Estudos Olímpicos remitiu ao COI, xunto a outras iniciativas recentes como o congreso internacional que o pasado verán promoveu o Comité Olímpico Guatemalteco, a Universidad Panamericana e a Confederación de Deportes de Guatemala e no que Martínez Patiño presidiu o comité científico. Do mesmo xeito, a responsable deste centro tamén fixo énfase no desenvolvemento de investigacións acordadas coas "liñas estratéxicas do COI para o desenvolvemento do movemento olímpico nos diferentes países do mundo", como por exemplo as teses de doutoramento que actualmente dirixe sobre a retirada de deportistas de alto nivel ou sobre "cal vai ser a visión dos deportes a nivel mundial nas próximas décadas".

"Quédanos moito traballo por facer", engade Martínez Patiño, que recoñece sentirse "moi arroupada pola Vicerreitoría do campus, da que dependemos", á vez que sinala tamén outros proxectos en marcha, como exercer de "anfitrións" do próximo congreso da Academia Olímpica Española, que agarda poder levar a cabo nos próximos meses, "sexa de forma presencial ou virtual" ●


A Agrupación Aeroespacial da UVigo participa nos plans da Axencia Espacial Europea para explorar covas na Lúa

Fernando Aguado, Fermín Navarro e Alejandro Camanzo encárganse da enxeñaría de sistemas de RoboCrane

Mª del Carmen Echevarría
DUVI 25/02/2021

Meses antes de que se producise a chegada do rover Perseverance a Marte, a [Axencia Espacial Europea](#) (ESA) xa evidenciara o seu interese en emprender un proxecto que, de levarse a cabo, volvería situar o foco de atención na Lúa. Co obxectivo de levar a cabo unha misión de exploración das covas do satélite terrestre, a ESA lanzou a mediados de 2019 un chamamento para a presentación de proxectos, dos que a Axencia Espacial Europea seleccionou cinco, e dos que logo de seis meses, unicamente dous, [RoboCrane](#) (un consorcio integrado pola Universidad de Oviedo, Universidade de Vigo e Alén Space) e Daedalus (promovido pola Universidade de Würzburg), foron elixidos para un estudo de viabilidade CDF (Concurrent Design Facility) ou Lunar Caves.

“O obxectivo científico é estudar o interior dun destes tubos ocios de decenas de metros de diámetro e uns 50 metros de profundidade, que presumiblemente se formaron despois do arrefriamento da capa máis exterior dos ríos de lava hai millóns de anos”, explica Fermín Navarro, docente e investigador da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo do campus de Ourense e integrante da Agrupación Aeroespacial da UVigo, que xunto ao seu responsable, Fernando Aguado, e ao investigador contratado Alejandro Camanzo, integran o equipo da UVigo que participa en RoboCrane. “Preténdese estudar a composición do regolito no interior, a contorna de radiación e térmica, a morfoloxía da cova, a composición



das paredes da apertura, segundo descendan os rovers coa grúa, etc. ”, explica Navarro, que tamén sinala que outro obxectivo da misión é determinar as condicións que se dan no interior para posibles asentamentos humanos, posto que permitirían unha contorna cunha radiación mellor ca da superficie e con temperaturas medias moito máis moderadas que na superficie, onde os cambios son moi grandes. “A mellor candidata é unha das covas que ten unha entrada aberta na rexión de Marius Hills”, concreta o investigador, que sinala que, dependendo de como resulte o estudo de viabilidade, e da prioridade que a ESA lle dea ás distintas misións sobre a Lúa, continuaríase adiante, pero xa mediante unha convocatoria competitiva da Axencia.

Enxeñaría de sistemas para un sistema de grúa que permita descender rovers nas covas

A Universidad de Oviedo encárgase do deseño conceptual do sistema de grúa que fai posible descender rovers máis pequenos ao interior das covas, ademais de proporcionarlle no interior soporte de comunicacións e de potencia eléctrica, xerada nos paneis solares do rover grande que se situará na superficie. Pola súa banda, a achega da Agrupación Aeroespacial da UVigo céntrase na enxeñaría de sistemas, "que se encarga de establecer un concepto de operacións, de análise das funcións que debe cumprir o sistema, dos requisitos que se impoñen na misión, da análise a nivel sistema dos elementos que compoñen a misión (centrándonos na grúa), e das relacións que existen entre estes elementos", detalla Fermín Navarro. No caso de Alén Space, "nós dámos soporte para a análise e deseño do sistema de comunicacións cos elementos que teñen que explorar na cova", explica Diego Nodar, COO e cofundador da *spin-off* da UVigo.

Logo dos seis meses iniciais do proxecto nos que os enxeñeiros de RoboCrane desenvolveron un modelo propio, a partir de agora cómpre adaptalo aos requisitos do rover Daedalus e ao software que utiliza a ESA para estes estudos, "contribuíndo con expertos equivalentes do proxecto da Universidade de Würzburg e da Axencia nos campos de enxeñaría de sistemas e control térmico, a estudar a misión a nivel conceptual e de xeito conxunto, e a implementar un modelo que amose se a misión é ou non é viable", aclara o docente e investigador da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo do campus de Ourense.

Primeira experiencia en misións con rovers para a Agrupación Aeroespacial da UVigo

Despois de case doce anos traballando no sector aeroespacial, a agrupación que lidera Fernando Aguado enfrenta unha nova experiencia no ámbito das misións con rovers, na que, o investigador asegura que "a nosa experiencia no uso de estándares da ESA (ECSS) de enxeñaría de sistemas foi determinante para poder desenvolver de modo axeitado o proxecto é unha mostra de



Fernando Aguado, responsable da Agrupación Aeroespacial da UVigo

que o traballo que se realizou desde o ano 2008 con Xatcobeo serviu para permitir abordar novos proxectos no sector espacial, non só no campo dos pequenos satélites", explica Aguado.

Precisamente a experiencia acadada durante estes anos pola Agrupación Aeroespacial en enxeñaría de sistemas e en sistemas de comunicacións fixo que a Universidad de Oviedo contactase con eles para este proxecto, na que é a primeira colaboración neste ámbito das dúas institucións académicas. No caso da UVigo, Navarro considera que a súa participación é unha mostra da consolidación da Agrupación "e cómpre sinalar a importancia do traballo multidisciplinar, incluíndo a participación do profesorado da área de Enxeñaría Aeroespacial que dá clase no Grao de Enxeñaría Aeroespacial no campus de Ourense, que comezou hai catro anos e medio". Ademais de ser un proxecto que, asegura o investigador, lles permite seguir gañando experiencia en misións espaciais, "que é o obxectivo do grupo, tamén é un reto moi grande, ao ser un proxecto nun ámbito novo, aínda que herdamos a experiencia de UVigo de 12 anos en satélites pequenos", afirma Navarro ●





Cun mes de retraso sobre o previsto no calendario académico, as clases presenciais do segundo cuadrimestre arrancaban o primeiro día de marzo, logo de tres semanas de docencia en liña. A UVigo confirmábase, por unha banda, como a primeira universidade española na que as mulleres podían acceder gratuitamente a produtos de hixiene feminina e, por outra, como a institución de educación superior máis transparente de España segundo o Informe Dyntra.

Este mes no que o reitor avogou no Consello de Goberno por acadar o máximo consenso no traslado de titulacións ao centro de Vigo durante a próxima década, o campus de Pontevedra daba un paso adiante na súa sustentabilidade coa posta en funcionamento da súa planta de biomasa.



Os campus volven á normalidade con cribados masivos para alumnado e persoal

As probas realizadas esta fin de semana en Ourense detectaron tan só un positivo

DUVI 01/03/2021

Cun mes de retraso sobre o previsto no calendario académico, as clases presenciais do segundo cuatrimestre arrancaron este luns nos tres campus. Así, o alumnado das titulacións con docencia nas aulas puido regresar ás súas facultades e escolas e retomar a docencia con normalidade tras tres semanas de clases en liña. Dende hoxe, cada centro regresa á modalidade que elixiu para impartir este curso 2020/2021: presencial, parcialmente presencial ou mixta. No que se refire aos graos, dos 62 que se imparten na UVigo, 17 optaron por unha modalidade totalmente presencial, é dicir, preto do 30%, que son os que hoxe regresan ás aulas. O resto están a desenvolver este curso nunha modalidade mixta ou parcialmente presencial. No que se refire aos mestrados, dos 74 que oferta a UVigo, 30 optaron pola presencialidade total (40%).

Así, a xornada transcorreu, como explica o vicerreitor de Planificación e Sostibilidade, José Luis Míguez, sen ningún tipo de incidencia e o retorno ás clases foi como estaba previsto. E é que segundo recorda o vicerreitor, este cambio só implica que "cada estudante que retorne á presencialidade volva á mesma clase, ao mesmo horario e ao mesmo calendario que tiña previamente". De feito, lembra, "estas tres semanas a docencia desenvolveuse a través do Xemelgo Dixital, sen que isto supuxese ningunha alteración dos plans de estudos e do mesmo xeito que se tivese lugar nas aulas".

Tan só a Facultade de Fisioterapia do campus pontevedrés solicitou facer un cambio no calendario do curso para poder readaptar horarios



Imaxe do cribado realizado a fin de semana no campus de Ourense

e recuperar as clases prácticas presenciais que non se puideron realizar durante estas semanas.

Cribados para toda a comunidade universitaria

Para poder afrontar este regreso ás aulas do xeito máis seguro posible, o alumnado está a someterse a un cribado masivo por PCR da man do Sergas. O campus de Ourense foi o primeiro en realizar as probas aos estudantes, este sábado e domingo, detectándose tan só un caso entre os 2221 alumnos e alumnas que asistiron do



Imaxe xeral do Pavillón Universitario do campus de Vigo durante os cribados

total de 4800 mozos e mozas convocados pola Consellería de Sanidade, un 45,6%.

Hoxe luns arrancaron as probas en Vigo e en Pontevedra. En Vigo, o Pavillón de Deportes comezou a recibir estudantes ás 09.00 da mañá, e seguirá facéndoo ata o mércores en horario de 09.00 a 21.30 horas. Están convocados 10.400 estudantes. Mentres, na capital da provincia o cribado continuará ao longo do día de mañá, na Facultade de Ciencias de Educación e do Deporte, en horario de 09.00 a 21.00 horas. En total está convocados polo Sergas arredor de 3400 estudantes. As probas son por vía nasofarínxea e o resultado obtense nuns 15 minutos. Ademais, no campus de Vigo realízase unha proba dobre de antixenos e PCR pero coa mesma extracción.

Entre os que foron chamados para realizar hoxe a proba está Marcos Pérez, estudante de Ciencias do Mar que está a realizar o traballo fin de grao. Non ten clases presenciais e explica que esta foi a primeira PCR que lle fixeron. Considera que está todo "bastante ben organizado, con moita separación", pero tamén apunta que debería "terse feito todo isto moito antes, aínda que mellor tarde que nunca". Coincide con el Laura González, estudante de doutoramento na Escola de Enxeñaría Industrial, pero "de todos xeito, é unha iniciativa moi adecuada; marchou tranquila porque fan o test de anticorpos que che di se xa o tiveches e agora á espera da PCR, pero creo que deixan á comunidade universitaria moi tranquila".

Javier Loureiro, estudante da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, comezou hoxe as clases presenciais, e faino coa tranquilidade de saber que non está contaxiado. Explica que todos os seus compañeiros usan sempre a máscara, pero

iso non lle quitaba certa preocupación polos seus pais. Leticia Lang, que cursa o mestrado en Biotecnoloxía Avanzada, non regresa ás clases presenciais ata o mércores, e farao tras dar negativo, pero coincide con Miriam Fariñas, estudante de Bioloxía que regresa hoxe de maneira semipresencial, en que posiblemente tería sido mellor facer este cribado uns días antes de arrancar as clases.

Paralelamente, a Universidade comezou a semana pasada tamén un cribado xeral a todo o persoal, tanto PAS como PDI como alumnado de prácticas de algúns centros.

Ampliación de liñas de autobuses en Vigo

Para facilitar a participación do alumnado do campus de Vigo no cribado que organiza o Sergas, a Universidade acordou coa empresa Vitrasa unha ampliación dos horarios, dado que as probas rematan ás 21.30 horas. Así os días 1, 2 e 3 de marzo ampliase ata praza de América o percorrido da liña que sae do campus ás 21.45 h e que adoita acabar en Portanet. Asemade, as derradeiras saídas da liña 15C e da lanzadeira U1 dende o campus serán ás 21.18 h e 21.10 h respectivamente ●

A FFT celebra a descomunal dimensión literaria de Cunqueiro no 40 aniversario do seu cabodano

Ata o xoves continuarán as charlas e ata o día 15 o prazo para concursar en Concita Cunqueiro

M^a del Carmen Echevarría
DUVI 02/03/2021

“Falar de Cunqueiro é falar do caudal principal da literatura galega do século XX”, asegurou Xosé Luis Méndez Ferrín ao inicio do seu relatorio *Cunqueiro na literatura galega*, co que este mediodía arrancaron os actos organizados pola Facultade de Filoloxía e Tradución da UVigo para conmemorar o 40 cabodano do autor mindoniense. Méndez Ferrín debullou na súa charla as diferentes facianas do escritor, sobre que o que asegurou que “Cunqueiro é moitos cunqueiros”, parafraseando a Borges cando afirmou “Yo que tantos hombres he sido”. O relatorio de Méndez Ferrín antecedeu á proxección dun documental sobre a obra do autor lucense, dirixido polo docente e investigador da UVigo Manuel Forcadela, no que contou coa colaboración do seu alumnado. Pola contra, hoxe non foi posible por mor da covid, a estrea en Europa da musicación dos poemas *Anda a noivar e Tiña soño de cristais*, poemas 7 e 13 de *Cantiga nova que se chama riveira*, a cargo do coro Gli Appassionati.

A docente e escritora Rexina Vega foi a encargada de conducir a inauguración este martes do ciclo de charlas que sobre Cunqueiro se desenvolverán ata o vindeiro xoves, e que, xunto á presentación do libro *Escolma de poesía anosada de A.C co adaxo do se cuadraxésimo cabodano*, editado polo catedrático Xosé Henrique Costas, e do concurso *Concita Cunqueiro*, completan os actos programados pola FFT para homenaxear a Álvaro Cunqueiro. Nas súa intervención, a “cunqueiriana” Vega, como ela mesma se definiu, gabou a “descomunal dimensión literaria do escritor” e lembrou o traballo desenvolvido durante anos



Xosé Luis Méndez Ferrín no seu relatorio

polos estudosos do escritor “que ten todo o futuro por vir”. Na inauguración dos actos, o director da editorial Galaxia, Francisco Castro, destacou que “non se pode entender a vida e a obra de Cunqueiro sen a editorial Galaxia” e lamentou que se estea deixando de atender a obra dun escritor que precisa dunha lectura ben demorada.

Pola súa banda, o director do Departamento de Filoloxía Galega e Latina e o decano da FFT agradeceron o traballo desenvolvido polas persoas que organizaron os actos, que Alexandre Rodríguez Guerra agarda que “sirvan para homenaxear a un soñador único e irrepertible”. O reitor da Universidade de Vigo foi o encargado de pechar a inauguración amosando o seu convencemento en que “as humanidades

teñen que xogar un papel fundamental e que o pensamento crítico baséase nas humanidades". Reigosa rematou a súa intervención parafraseando a Cunqueiro para desexar "1000 primaveras máis para Galicia, para o galego e para as filoloxías galega e española na UVigo".

Moitos cunqueiros en Cunqueiro

Na súa charla ofrecida este mediodía titulada *Cunqueiro na literatura galega*, Xosé Luis Méndez Ferrín abordou a poliédrica personalidade do que Ferrín considera "o caudal principal da literatura galega no século XX" e dun autor que ten "a contradición política incrustada no corazón literario".



Imaxe dunha entrevista a Cunqueiro do documental de Manuel For

Para Ferrín, este "Cunqueiro que é moitos cunqueiros" é fundamentalmente un poeta, algo que está nas súas orixes e permaneceu durante toda a súa vida. Pero tamén é o Mondoñedo un autor teatral, que aínda que non tivo moita produción "foi como unha bomba con *Merlín e familia*, cando a literatura galega necesitaba unha obra así", dixo Ferrín. Sobre a súa faceta como xornalista, o autor de *Con pólvora e magnolias*, lembrou que Cunqueiro "viviou, comeu e disfrutou da vida pola súa produción como xornalista", ademais de destacar a súa capacidade para situar na punta da súa pluma as necesidades colectivas e da historia. Ferrín mesmo designou a Cunqueiro como "o inventor do viño albariño cos seus artigos

en Faro de Vigo, posto que antes estes viños non eran potables", dixo.

Sobre o Cunqueiro narrador, Ferrín lembrou como tardío, o que determinou que na década de 1950 do século pasado convivisen en Galicia diferentes propostas narrativas de varias xeracións, que abranguían desde o propio Cunqueiro a Ferrín, pasando por Blanco Amor e Anxel Fole. En relación coa súa faceta como poeta, o poñente destacou a súa evolución, "aparecendo co vangardismo e transformándose ata converterse en poesía próxima ao existencialismo". Ferrín fixo ademais expresa referencia ao que definiu como "unha bomba trampa para a posteridade", en relación coa obra *Escolma de poesía anosada de A.C co adaxo do se cuadraxésimo cabodano*, editado polo catedrático Xosé Henrique Costas, que inclúe traducións de poetas "que posiblemente sexan heterónimos seus que nunca existiron. Como bonecos de guiñol a través dos que fala, pero que ten voz melancólica e triste", sinalou Méndez Ferrín.

Dous días máis de charlas e o concurso *Concita Cunqueiro*

As charlas, que se poden seguir en directo a través de UVigoTV, continuarán mañá mércores e pasado xoves coa intervención de poñentes como Iago Castro, Antón Palacio, Paloma García e Marta Mariño, Miguel Somovilla, César Morán, Armando Requeixo, Xina Vega e Xosé María Álvarez Cáccamo.

As actividades programadas na FFT co gallo do 40 cabodano de Cunqueiro complétanse co concurso *Concita Cunqueiro*, destinado a persoas de entre 15 e 30 anos, que deberán presentar, ata o 15 de marzo, unha cita de calquera obra poética, narrativa, teatral ou xornalística da obra de Álvaro Cunqueiro, cunha extensión máxima de tres liñas en prosa e sete versos en poesía, premiándose as tres mellores con galardóns de 300, 200 e 100 euros ●


Tras 20 anos en presencial, a feira creada polo alumnado para o alumnado, trasládase á rede

Arranca a primeira edición totalmente virtual do Foro Tecnolóxico de Emprego con máis de 400 estudantes inscritos

Participan arredor 40 empresas, un número similar ao do ano pasado

DUVI 03/03/2021

O traballo que a organización da edición [XXI do Foro Tecnolóxico de Emprego](#) tivo nos últimos meses foi inxente. Se organizar unha feira deste tipo en modalidade presencial era un reto, pasar todas estas actividades, relatorios, mesas redondas, entrevistas, obradoiros e entrega de currículos a unha contorna virtual foi un verdadeiro desafío. Pero mostra de que o equipo organizador, formado por 39 estudantes das tres escolas de enxeñaría do campus de Vigo –Minas e Enerxía, Industrial e Telecomunicación–, tivo éxito é que este mércores botou a andar a vixésimo primeira edición do foro que trata de servir como ponte para que o alumnado do eido das enxeñarías teña o seu primeiro contacto co mundo profesional.



Imaxe virtual do Foro Tecnolóxico de Emprego

“Participan as catro firmas con maior volume de facturación no sector da consultaría”

En total, nesta cita que se estende dende hoxe mércores ata o vindeiro venres, participan arredor de 40 empresas, entre as que se encontran

as popularmente coñecidas como Big Four, as catro firmas con maior volume de facturación no sector da consultaría, como explica, Laura Andrés, estudante do Máster en Enxeñaría de Minas e coordinadora xeral desta edición. A pesar do cambio de modalidade e da crise derivada da pandemia da covid-19, a organización conseguiu manter nas cifras de edicións anteriores, co mesmo número de compañías que en 2020, que foi o ano que marcou o récord de participación. Así, empresas como R, Deloitte, Repsol, Coca-Cola, Feuga, Imatia e Optare Solutions seguen estando presentes nesta cita anual, e incorpóranse novas entidades como Emetel, especializada en proxectos de dixitalización de

procesos de negocio e ciberseguridade, e KPMG, asesoría e consultaría.

No que respecta ao alumando participante, antes do inicio da xornada o Foro Tecnolóxico de Emprego contaba con máis de 400 inscritos, aínda que como explica Laura Andrés, "agardamos que as cifras se vaian incrementando a medida que avance o evento".

Unha fiesta ao mercado laboral

A mañá deste mércores arrancou con varios workshops de empresas como Pwc, Brainport Eindhoven, Norvento Enerxía, Accenture e Repsol e un relatorio da man de Finsa. Tras esta primeira toma de contacto tivo lugar o acto oficial de inauguración, no que o reitor da Universidade de Vigo, Manuel Reigosa, felicitou á organización "polo seu traballo paseniño de todo o ano" preparando unhas xornadas que "estou seguro que van servir para que os nosos estudantes entren en contacto coas empresas do sector, para que plantexen o seu futuro profesional e tamén para que aprendan unha serie de habilidades que lle van ser moi útiles ao longo de toda a vida". O reitor tamén agradeceu ás empresas "que apostaron se sempre e ás que apostan nesta edición por achegarse á Universidade de Vigo para ter un contacto directo co talento que agroma nas nosas aulas".

Pola súa banda, Laura Andrés agradeceu a colaboración das institucións patrocinadoras e a participación das preto de 40 empresas así como a todo o alumnado implicado na organización, "un equipo de 39 persoas que dende o minuto 1 traballou a tope para adaptar o foro a un formato dixital ofrecendo o mellor servizo ás empresas e a oportunidade ao alumnado de achegar o mundo empresarial ás escolas".

No acto de apertura participaron tamén os directores das tres escolas de enxeñaría do campus. Íñigo Cuiñas, director da EET, fixo fincapé no importante papel da enxeñaría durante este ano de pandemia. "Demostramos que grazas á enxeñaría e grazas á tecnoloxía este ano seguiu funcionando", permitindo que as fábricas seguisen producindo; que as minas continuasen obtendo materias primas, que se seguise xerando enerxía e que as actividades que requirían sociabilizar tivesen lugar sen necesidade da presencialidade. "De algún xeito esta crise permitiu que as persoas

que nos dedicamos á tecnoloxía demostrásemos que somos capaces de seguir facendo a sociedade funcione".

Elena Alonso, como directora da EE de Minas e Enerxía, sede habitual do foro, recoñecía que bota en falta o balbordo destes días, pero remarcou que o feito de ter que trasladar esta edición á modalidade non presencial foi "un reto para organizadores e asistentes, que permitirá adquirir habilidades que vos virán ben para o voso futuro profesional". Alonso destacou tamén o feito de que este sexa un evento organizado por alumnado das tres escolas de enxeñaría do campus, "un exemplo para os vosos compañeiros e tamén para os docentes dos tres centros".

Finalmente, Juan E. Pardo, director da EEI, felicitou ao alumnado polo traballo realizado e remarcou que se trata "dunha grande oportunidade tanto para as empresas como para o alumnado, que pode coñecer os perfís que demandan as compañías e así "configurar a súa formación de acordo a estas necesidades" e tamén para o profesorado, para poder adecuar a formación en liña co que precisa a sociedade.

Un programa adaptado á modalidade non presencial

O programa para estes tres días tratará de asemellarse na medida do posible ás anteriores edicións do foro. Así, a organización recreou a feira nunha plataforma dixital onde as persoas inscritas poden acceder a un vestíbulo virtual no que as empresas contan cun posto informativo no que atenden aos estudantes, informan sobre as súas ofertas de emprego e tamén recollen os currículos. A plataforma tamén permite desenvolver de xeito interactivo os obradoiros e conferencias, de xeito que o alumnado pode preguntar e consultar dúbidas aos poñentes ●

O Informe Dyntra sitúa a UVigo como a universidade máis transparente de España

Acada a mellor valoración en transparencia económica e
financeira e contratación de servizos

M^a del Carmen Echevarría Figueroa
DUVI 04/03/2021

Logo de catro anos nos que progresivamente foi mellorando a súa posición, a UVigo sitúase a día de hoxe, xunto á Universidad de Burgos, como a institución de educación superior máis transparente, segundo o [Informe Dyntra](#). Vigo e Burgos acadan no ránking que inclúe 79 universidades públicas e privadas españolas, e tamén no que unicamente avalía as 50 públicas, unha porcentaxe do 91,97%, con 126 de 137 indicadores de transparencia e bo goberno cumpridos, seguidas pola Universidade de Valladolid, na terceira posición, cun 91,24% e 125 de 137 indicadores de transparencia cumpridos. Na avaliación de transparencia baseada no índice DUE (Dyntra Universidades) a UVigo acada un 100% en transparencia económica e financeira e en contratación de servizos; un 91,55% en transparencia institucional; un 90,91% en comunicación pública e un 85% en participación e colaboración cidadá. "Sentímonos contentas e orgullosas de pertencer a unha institución pública que destaca por uns criterios de transparencia na súa xestión. Estamos falando de transparencia institucional, cousas que teñen que ver con temas de órganos de goberno, organización de patrimonio, estrutura e normas, como se organiza e planifica a universidade, etc", detalle Maribel Doval, vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación da UVigo. Pola súa banda, as outras universidades do SUG ocupan respectivamente, a novena posición, Universidade de A Coruña e a 50, no caso da Universidade de Santiago.

Dyntra, a primeira plataforma colaborativa mundial que traballa na medición e xestión do goberno aberto nas organizacións e para



Maribel Doval, vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación da UVigo

a sociedade civil, avalía as universidades públicas e privadas españolas a través do cumprimento de 137 indicadores, que se insiren en cinco grandes indicadores: transparencia institucional; comunicación pública; participación e colaboración cidadá; transparencia económica e financeira e contratación de servizos, que a súa vez analizan decenas de indicadores referidos a cada un deses cinco grupos. Así por exemplo, no caso da transparencia institucional avalíanse indicadores referidos á reitoría, secretaría xeral e decanatos, persoal eventual, organización e patrimonio da universidade. En relación coa comunicación pública, analízanse aspectos referidos a e-administración, m-goberno ou open data; mentres que no caso da participación e colaboración cidadá,

estúdase a información e atención ao alumnado, dereito ao acceso á información ou o grao de compromiso do estudantado. En canto á transparencia económico-financeira avalíase a transparencia en débedas e a información económica e orzamentaria, mentres que no caso das contratacións de servizos, o ránking analiza o procedemento de contratación de servizos e as relacións e operacións con provedores e contratistas.

Positiva evolución nos últimos catro anos

Desde 2018 no que a UVigo acadaba unha porcentaxe de cumprimento dos indicadores do 62,88 %, ata o 91,97% deste ano 2021, a evolución do índice mantívose sempre á alza acadando o 86,86% en 2019 e 91,24% no ano 2020. "Dende o ano 2018 no que cumpríamos un 62,88% dos indicadores, partíamos dunha boa posición, pero agora a melloramos positivamente", valora Doval, que destaca o traballo realizado os últimos anos en cuestións concretas como a publicación de gastos de viaxes institucionais, a posta en funcionamento dun visor de transparencia económico-financeira e en xeral "un esforzo moi grande por comunicar ben o que fai a universidade".

A vicerreitora lembra que a UVigo é unha administración pública, comprometida co desenvolvemento de boas prácticas, tamén transparentes, e á que lle gustaría "que o que facemos fose un modelo a imitar por outras institucións. Niso gustaríanos converternos, nun modelo de transparencia e bo goberno que fose imitable por outras entidades, como parte da nosa responsabilidade social cara a outras institucións", detalla Doval, que recoñece este logro como un froito do traballo de toda a comunidade universitaria.

A transparencia, un valor á alza dentro e fóra da universidade

Acadar o primeiro posto no Informe Dyntra, máis aló, dun recoñecemento para a propia UVigo, Doval considera que debe ser un elemento a ter a conta por parte de entidades e empresas



“Gustaríanos converternos nun modelo de transparencia e bo goberno que fose imitable por outras entidades”

ou persoas particulares que patrocinen ou queiran ser mecenas dalgún tipo de acción en alianza coa Universidade de Vigo. "Que saiban que somos unha entidade na que se pode confiar. Aquí trabállase con fondos públicos dun xeito responsable, polo que din axencias independentes", sinala a vicerreitora.

A posta en servizo dun portal del *open data* e a mellora no acceso universal á web, en función das diferentes capacidades, son segundo a responsabilidade de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación da UVigo, algunhas das cuestións que a universidade debe implementar para seguir a mellorar a súa avaliación no ámbito da transparencia ●

A UVigo, primeira universidade española na que as mulleres accederán gratuitamente a produtos de hixiene feminina

“A medida pretende loitar contra a pobreza menstrual”, explica a directora da Unidade de Igualdade

M^a del Carmen Echevarría Figueroa
DUVI 08/03/2021

En novembro de 2020 Escocia convertíase no primeiro país do mundo en garantir por lei o acceso gratuito a compresas e tampóns. Meses máis tarde, en febreiro deste ano, foi Nova Zelandia quen anunciaba que, a partir de xuño, proporcionará produtos de hixiene feminina gratis en todos os colexios do país, mentres que Francia confirmaba, tamén o mes pasado, que repartirá a partir do vindeiro curso compresas e tampóns ás estudantes universitarias. Hoxe, coincidindo coa celebración do Día internacional da muller, é a Universidade de Vigo a que se confirma como a primeira institución de educación superior en España na que as mulleres que forman parte da súa comunidade poderán acceder de xeito gratuito e universal a compresas e tampóns, produtos de hixiene íntima nos que se calcula que unha muller pode gastar ata 6000 euros ao longo da súa vida e, que no caso de España, están gravados cun 10% de IVE, e non cun 4%, que se aplica aos bens considerados de primeira necesidade. “Esta medida é un exemplo real do compromiso deste equipo de goberno por facer unha universidade máis igualitaria e xusta, máis neste contexto de crise derivado da pandemia que está a afectar principalmente ao empobrecemento das mulleres en termos de perda de postos de traballo, incremento de fenda salarial e de xénero nos usos de tempos, etc, e que, como no caso de Francia ou Escocia, pretende loitar contra a chamada pobreza menstrual, que afecta sobre todo ás mulleres”, explica Águeda Gómez, directora da Unidade de Igualdade da UVigo.



Águeda Gómez, directora da Unidade de Igualdade da UVigo

Será a partir do vindeiro xoves, 11 de marzo, cando nas delegacións de alumnado das facultades e escolas dos tres campus, as alumnas, docentes e investigadoras e persoal de administración e servizos poderán acceder de xeito gratuito e universal a compresas e tampóns, que nun prazo breve de tempo, estarán a súa disposición en dispensadores, que se localizarán nos baños de mulleres da universidade. “Dende que existe a humanidade, a menstruación estivo presente, tal e como indican algunhas expertas e expertos en prehistoria. Parece que, segundo algunhas hipóteses aínda non concluíntes, incluso hai unha relación entre as primeiras taboñas prehistóricas que amosan a contabilidade e



Agora, nos centros de compresas e tampóns cando os pr



Fotografía realizada pola alumna da Facultade de Belas Artes Nuria Ferreiro, que ilustrou a campaña do 8M de 2019

certas operacións matemáticas e os ciclos menstruais (conxectura Zaslavsky). Por iso a menstruación é un proceso natural e esta medida resulta un xeito de normalizar unha necesidade das mulleres", sinala a directora da Unidade de Igualdade, que destaca a proactividade da UVigo á hora de acabar coas dinámicas sociais que historicamente excluiron e infravaloraron ás mulleres e as súas necesidades específicas.

Activismo menstrual da UVigo

Co acceso gratuíto e universal para as mulleres da institución académica viguesa a tampóns e compresas, a partir do vindeiro xoves, a UVigo non só se converte na primeira universidade española en adoptar esta medida contra a pobreza menstrual, senón que confirma o seu "activismo menstrual", que arrancou o 8M do

2019, cando a celebración do Día internacional da muller pivotou sobre esta cuestión, "como emblema dunha xeración de mozas que escollen o corpo como auténtico símbolo político feminista, e ao sangrado como 'berro' fronte a misoxinia que aniña aínda na nosa cultura", lembra Águeda Gómez. Esta idea foi a que se materializou daquela na cartelaría institucional do 8M coa fotografía artística realizada pola alumna da Facultade de Belas Artes Nuria Ferreiro, que inclúe un emblemático poema de Rupi Kaur titulado *Period*, así como a performance Conax da exalumna Sandra Varela e a exposición sobre o ciclo menstrual das estudantes de Educación Social Tania Gándar, Iria Liñares, Sonia Leiro e Ana Mella, froito dun traballo nas aulas coas súas docentes expertas en xénero Purificación Mayobre e Carmen Armada, coa que invitaban á reflexión colectiva arredor deses elementos.

Para Águeda Gómez, a UVigo non pode permanecer allea ás desigualdades de xénero, que se están a incrementar coa pandemia e así contribuír, pouco a pouco, a facer deste un mundo máis xusto, igualitario e humano. "Esta é unha medida que restitúe este agravio histórico patriarcal que sempre desestimou, invisibilizou, excluíu e non considerou as necesidades vitais e sociais das mulleres", asegura a directora da Unidade de Igualdade.

Un 8M no 2021 que muda o mundo desde o feminismo

A celebración do 8M xira na UVigo neste 2021 arredor do lema [Mudamos o mundo desde o feminismo: aprendemos a mirar](#), co que se queren recoñecer as achegas da teoría feminista e do movemento feminista na incorporación da perspectiva de xénero, entendida como mirada crítica sobre as desigualdades que sofren as mulleres en todas as esferas da realidade social, incluíndo a educación, a cultura, o poder, a saúde, a academia e a ciencia.

Nun formato totalmente virtual, que poderá seguirse en directo a través de UVigoTV, mañá martes terá lugar o acto institucional de celebración do [Día internacional da muller](#). A partir das 12.00 horas, tras unha actuación musical do grupo galego Blues do País, formado por Beita James e Pepe King, será o reitor, Manuel Reigosa, quen abra a celebración, na que terá lugar a

entrega do noveno Premio do compromiso coa igualdade de xénero da Universidade de Vigo, *uviguala 2021*, que representa o compromiso da institución por acabar coa desigualdade entre homes e mulleres, así como o recoñecemento ao esforzo e ao traballo desenvolvido polas persoas galardoadas.

Así mesmo, este 8M ofértase a 4ª edición do Itinerario virtual de formación en xénero, que oferta un total de 17 cursos, oito máis que en edicións anteriores. "Ao longo das próximas semanas tamén realizaremos outras accións arredor deste Día internacional, en relación con algunha das medidas recollidas no recentemente aprobado II Plan de igualdade da UVigo, sobre o novo distintivo de igualdade e tamén sobre a saúde sexual das mulleres, concretamente sobre a endometriose, entre outras", explica Águeda Gómez ●

O Premio Uviguala reconece o proxecto Exxperimenta en Feminino por visibilizar o papel da muller na ciencia

O galardón foi entregado ás súas coordinadoras, Alma Gómez, Julia Carballo e Nieves Lorenzo

DUVI Ourense 09/03/2021

Baixo o nome de [Exxperimenta en Feminino](#), no ano 2017 botou a andar unha iniciativa na que cada curso arredor 120 profesoras e investigadoras da Facultade de Ciencias, da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo e da Escola Superior de Enxeñaría Informática do campus de Ourense se alían para organizar diferentes actividades, entre elas unha feira divulgativa, de visibilización da muller na ciencia e de fomento das vocacións STEM. Por este compromiso coa igualdade e pola súa capacidade de implicación e mobilización de diferentes colectivos, as súas coordinadoras, as profesoras Alma Gómez, Julia Carballo e Nieves Lorenzo, foron recoñecidas este martes co IX Premio Uviguala da Universidade de Vigo. No seu discurso, as galardoadas fixeron extensible este recoñecemento "a todas as mulleres do campus de Ourense que participan en Exxperimenta en Feminino".

A entrega virtual do galardón, retransmitida en directo por UVigoTV, tivo lugar no marco da conmemoración na institución académica do Día Internacional da Muller. Nel, Manuel Reigosa, reitor da Universidade de Vigo, salientou como a concesión por unanimidade deste premio a Exxperimenta en Feminino é "moi acaída", destacando como "é difícil atopar un merecemento maior para un premio de igualdade". Neste senso, o reitor fixo fincapé en como esta iniciativa "xunta moitas cousas que queremos ver, primeiro na nosa universidade e segundo tamén na sociedade galega". Entre elas



destacou a súa filosofía de traballo de "todas a unha", subliñando como na loita pola igualdade real "é o momento de que fagamos forza entre todas e todos, nós nunha posición secundaria" e reivindicando "unidade de traballo" nesta tarefa.

No acto, que contou coa actuación musical do grupo Blues do País, Mónica Valderrama, vicerreitora de Comunicación e Relacións Institucionais da UVigo, foi a encargada de explicar os méritos que a Comisión de Igualdade valorou á hora de conceder o premio ao compromiso de xénero na institución académica a Exxperimenta en Feminino. "Este programa, que xa vai pola súa cuarta edición, desenvólvese no

campus de Ourense, arredor da celebración do 11 de febreiro, o Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia, e ten un grande impacto entre a mocidade dos institutos e do centros escolares da provincia”, comentou. É, afirmou, “un exemplo da implicación activa das nosas docentes e investigadoras a prol da igualdade de xénero na UVigo” e “combate o efecto Matilda na ciencia na nosa comunidade universitaria e na nosa sociedade, facendo fincapé na visibilización das mulleres científicas e tecnólogas para que actúen como referentes tanto para as rapazas como para os rapaces”. Ademais, engadiu a vicerreitora, esta iniciativa de base “fomenta as vocacións científicas e tecnolóxicas nas mozas e nas mulleres” e ten “un alto impacto” na comunidade universitaria, nos centros educativos e nos medios de comunicación. “Exxperimenta en Feminino fai

profesoras da Facultade de Ciencias, da Escola de Enxeñaría Aeroespacial e do Espazo e da Escola Superior de Enxeñaría Informática do campus de Ourense que, co seu traballo desinteresado, voluntarioso e entusiasta, fan posible esta iniciativa”. A este grupo inicial, indicaron, uníronse, a partir da segunda edición, as profesoras e alumnas da Escola Universitaria de Enfermaría. Nos seus agradecementos tamén houbo espazo para os centros implicados, a Vicerreitoría do Campus de Ourense, a Unidade de Igualdade e Fecyt, que financian parte das súas accións.

O traballo “coral e asembleario” de Exxperimenta en Feminino, lembraron as protagonistas do acto, ten permitido a consecución de diversos obxectivos. En primeiro lugar, destacaron a celebración da súa feira científica. Na súa última edición, lembraron, participaron 14 grupos de investigación de diferentes disciplinas do campus ourensá e máis de 120 profesoras, investigadoras e alumnas universitarias, asistindo ás tres edicións celebradas da feira ata o momento “un total de máis de 900 estudantes de Secundaria e Bacharelato da provincia”. Nestes eventos, indicaron “fíxose visible e difundíuse o labor científico levado a cabo polas profesoras do ámbito STEM do campus de Ourense”; as rapazas asistentes puideron coñecer referentes femininos neste eido e os rapaces ver normalizado o feito de que as mulleres lideren actividades científicas. Desta actividade, as súas coordinadoras recalcaron como as persoas implicadas “colaboramos baixo a premisa de todas a unha” e con “espírito de camaradería e orgullo do traballo ben feito entre todas”.

Outra das accións destacadas de Exxperimenta en Feminino polas profesoras galardoadas foi a realización dunha exposición na que se visibilizan 14 mulleres “científicas relevantes, nalgúns casos esquecidas ou deixadas de lado.” A [mostra itinerante](#) está percorrendo os centros educativos ourensáns e atendendo ao novo contexto provocado pola pandemia, as galardoadas lembraron ademais como desta mostra se fixo un “xemelgo virtual” que permite coñecer ás científicas elixidas en vídeos nos que participan tamén investigadoras da UVigo. “Todos estes resultados son froito do traballo entusiasta das investigadoras do campus de Ourense, un traballo de divulgación e transferencia á sociedade que consideramos de relevancia”, afirmaron Alma Gómez, Julia Carballo e Nieves Lorenzo. A pesar desta relevancia, as profesoras subliñaron que este traballo “non recibe recoñecemento

da nosa universidade un espazo máis igualitario e máis feminista”, recalcou Mónica Valderrama.

Un traballo “coral e asembleario”

No seu discurso conxunto, as profesoras Alma Gómez, da Escola Superior de Enxeñaría Informática; Julia Carballo, da Facultade de Ciencias, e Nieves Lorenzo, da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo, destacaron a súa satisfacción por este recoñecemento recalcando como “Exxperimenta en Feminino non somos só nós. Son as alumnas, as investigadoras e as



EXXPERIMENTA
en feminino

Imaxe do proxecto



Imaxe da campaña *Mudamos o mundo desde o feminismo. Aprendemos a mirar*

Universidade de Vigo

curricular", polo que reivindicaron no seu discurso "o recoñecemento destas actividades (e non só a organización das mesmas)", reivindicación que reitor recoñeceu no seu discurso como "xusta e urxente".

Mudar o mundo desde o feminismo

Alén da entrega dos Premios Uviguala, Mónica Valderrama explicou como co gallo deste 8 de marzo, a Universidade de Vigo desenvolveu unha campaña institucional que levou por lema [Mudamos o mundo desde o feminismo. Aprendemos a mirar](#). Realizada desde a Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais co apoio da Unidade de Igualdade, a campaña, indicou, estivo protagonizada por persoas vinculadas "ao universo UVigo" e nela quíxose transmitir "a necesidade de incorporar a perspectiva de xénero na universidade, dunha mirada crítica ás desigualdades das mulleres en todas as esferas de realización social". "Estamos firmemente comprometidos coa igualdade e non miramos a outro lado", afirmou a vicerreitora, que tamén lembrou como está en marcha a 4ª edición do Itinerario virtual de formación en xénero, que oferta un total de 17 cursos, oito máis que en edicións anteriores ●

“Para min é importantísimo que o estudantado poida seguir a súa carreira na cidade”, di Reigosa

O reitor avoga por acadar o máximo consenso no traslado de titulacións ao centro de Vigo durante a próxima década

No Consello de Goberno de hoxe aprobouse o límite de prazas e o calendario do vindeiro curso

Mª del Carmen Echevarría Figueroa
DUVI 12/03/2021

O posible traslado de titulacións, que na actualidade se imparten no campus de As Lagoas, ao centro da cidade de Vigo foi unhas das cuestións sobre as que este mediodía se pronunciou o reitor da Universidade de Vigo no transcurso da sesión ordinaria que este venres celebrou o Consello de Goberno. Na xuntanza na que, entre outras cuestións, se aprobou o inicio do expediente de creación das tres facultades, así como o calendario e o límite de prazas das titulacións de grao e mestrado para o vindeiro curso 21/22, Manuel Reigosa detallou os plans e o traballo realizado ata o de agora polo equipo de goberno para materializar un acordo que, lembrou, está recollido no Plan Estratéxico “que debulla un horizonte óptimo de baixada de titulacións a Vigo e no que hai un indicador aprobado por asentimento no Claustro que di que haberá que contar cantas titulacións se moven a Vigo”.

O reitor, a preguntas de integrantes do órgano de goberno, confirmou que desde hai tempo se traballa en diferentes eidos e con varias administracións, como Xunta e Zona Franca, para acadar unha presenza moito máis importante na cidade de Vigo e aínda que recoñeceu que “temos un campus fantástico e cuns investimentos fantásticos”, asegurou que “se eu puidera facer que todo o estudantado puidera seguir a súa carreira docente na UVigo na cidade de Vigo eu faríao, iso para min é algo importantísimo”. Reigosa reiterou en varias ocasións que unha medida deste calado debe ser negociada e

Cod. RUCI	TITULACIÓN DE GRAO	CENTRO	CURSO 2020/2021	CURSO 2021/2022	VARIACIÓNS
2501126	Grao en Enfermería Informática	Escola Superior de Enxeñaría Informática	122	150	28
2501123	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	72	80	8
2501202	Grao en Enfermería	Escola Universitaria de Enfermería (Ourense)	50	60	10
2501202	Grao en Enfermería (Pontevedra)	Escola Universitaria de Enfermería	50	55	5
2501202	Grao en Enfermería	Escola Universitaria de Enfermería Povisa (Vigo)	70	80	10
	Grao en Filoloxía Aplicada en Galego e Español	Facultade de Filoloxía e Tradución		50	-
2502244	Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación (español)	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	130	130	-
2502244	Grado en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación (inglés)	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	20	20	-
	Enfermería (Marín) (+)		79	*	-

A sesión tamén se celebrou de xeito virtual

acordada dentro da casa , razón pola que xa mantivo e seguirá a ter reunións coas direccións e decanatos dos centros “para pulsar opinións e ver que sería bo facer sobre isto”.

Unha década é o período ao que se referiu o reitor para desenvolver esta mudanza, para a que insistiu cómpre contar co financiamento preciso. “Hai moito tempo para facelo, hai que escoitar a todo o mundo e hai que achegarse ao máximo consenso, pero dentro dese máximo consenso, nós como equipo de goberno que chegou aquí para programar a universidade do futuro en Vigo, sería moitísimo máis forte cantas máis titulacións estean na cidade”, dixo Reigosa, que recoñeceu

sentirse moi ilusionado como universitario ante a posibilidade de conseguir que "cada vez haxa máis titulacións que se poidan seguir sen estar unha hora no autobús público ou privado. Creo que iso sería bo para todos", dixo.

Unha oportunidade para facer fronte á caída no número de estudantes

O reitor, que lembrou que será o Consello de Goberno o que teña que tomar as decisións que correspondan neste proceso, no que agarda acadar, a través do diálogo, acordos coas titulacións, os equipos decanais e directivos e cos distintos colectivos que conforman a universidade: alumnado, PAS e PDI, asegurou que ninguén se volveu tolo ao formular esta posibilidade. "Ás veces un se pregunta se se volveu tolo, Non, porque todos os datos que nós manexamos son dun numero de estudantado moi reducido nos próximos anos e temos dez anos para facer a mudanza, porque hai dez anos nos que o numero de estudantes en Galicia, máis ou menos mantense estable, pero logo vén unha caída tremenda", detallou Reigosa.

Considera ademais este cambio como "unha xanela de oportunidade, un primeiro paso que se pode dar e un segundo paso que podería darse, porque temos un espazo concedido na ETEA e imos velo entre todos, estudalo entre todos", asegurou Manuel Reigosa, que o vindeiro luns comparecerá, xunto ao alcalde de Vigo e o delegado de Zona Franca, para dar conta da evolución deste proceso.

Inicio do expediente de creación de novas facultades e calendario e límite de prazas para o curso 21/22

Na sesión de hoxe o Consello de Goberno aprobou o inicio do expediente de creación das facultades de Deseño e de Dirección e Xestión Pública no campus de Pontevedra e da Facultade de Relacións Internacionais en Ourense. O vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado lembra que "o Claustro na súa sesión de outubro instou á Consello de Goberno a iniciar o correspondente expediente de creación, e isto é o que se fai



agora. Encargarase á correspondente comisión a elaboración da memoria de creación e tras a súa elaboración comezara un proceso de tramitación que é longo e que dura varios meses", explica Manuel Ramos, que avanza que a previsión é mandarllos á Xunta antes de verán, e que despois o proceso externo á Universidade aínda tardará dous ou tres meses.

Así mesmo, os integrantes do órgano de goberno aprobaron hoxe o límite de prazas de titulacións de grao e máster para o vindeiro curso, no que, no caso dos graos, destaca como novidade a inclusión na oferta da titulación de Grao en Filoloxía Aplicada en Galego e Español con 50 prazas, que substitúe ao actual Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios. Así mesmo, atendendo a petición dos centros o Grao en Enxeñaría Informática incrementa en 28 as súas prazas, pasando de 122 a 147, mentres que o Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos pasa de 72 a 80 prazas ofertadas. Así mesmo os

graos en Enfermaría de Povisa e das escolas de Enfermaría de Ourense e Pontevedra incrementan a súa oferta en 10 prazas, no caso de Vigo e Ourense, e en cinco no de Pontevedra. No caso da oferta de mestrado, a principal novidade cara ao vindeiro curso é a inclusión do Máster en Desafíos das Cidades Atlántica, que ofertaría en Vigo seis prazas, sempre e cando a verificación chegue a tempo.

Ademais de aprobar unha modificación no calendario académico deste curso, atendendo cambios concretos solicitados por algúns centros para axustar datas por mor do inicio do segundo cuatrimestre unha semana máis tarde polo decreto da Xunta, o Consello aprobou o calendario académico para o curso 21/22. Este calendario, que non introduce novidades destacadas, contempla que actividade docente do primeiro cuatrimestre abranguerá do 6 de setembro do 2021 ao 28 de xaneiro do 2022, mentres que o segundo cuatrimestre irá do 31 de xaneiro ao 10 de xuño de 2022. O curso académico 2021/2022 comprenderá do 1 de setembro de 2021 ao 31 de agosto de 2022.

“Tamén se deu luz verde á programación docente anual (PDA) de titulacións de grao e mestrado para este curso”

Na sesión deste venres tamén se deu luz verde á programación docente anual (PDA) de titulacións de grao e mestrado para este curso, nas que se aplican os criterios aprobados, que na maioría dos centros supón seguir coa mesma PDA do curso pasado. Así mesmo, tamén se aprobaron as normas de elaboración da POD, na que, segundo Manuel Ramos, “só hai cambios menores para ir axustándoa a cuestións que van xurdindo no día a día. O cambio máis reseñable é non facer distinción entre asociados doutores na prelación definida

para elixir docencia en caso de conflito, cuestión que se pactou xa hai tempo coa representación sindical”, destaca Manuel Ramos.

En canto ao Plan de estabilización e promoción do profesorado asociado acreditado hoxe aprobouse unha nova convocatoria, logo da realizada hai dous anos e convocándose de novo tres prazas, co obxectivo de que aqueles asociados que levan tempo na universidade (máis de sete anos), estean acreditados e queiran pasar a dedicarse a tempo completo á universidade poidan optar a una praza de axudante doutor, se hai docencia estrutural na súa unidade docente. Así mesmo, deuse luz verde a unha modificación das normas de contratación do profesorado axudante doutor que consiste en permitir solicitar prazas consolidables, non só a unidades docentes que teñan necesidades docentes para elo, como ata agora, senón tamén permitilo a aqueles que teñan xubilacións forzosas previstas nos tres próximos cursos. “Isto permitirá anticipar a substitución das persoas que se xubilen de tal xeito que a xente nova que se incorpore poida compartir algún tempo coa persoa que vai marchar, o que contribuirá a un adecuado relevo xeracional”, detalla o vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado.

Criterios de avaliación da produción de investigación e transferencia e modificacións no regulamento do Ceuvi

Sobre os criterios de avaliación da produción de investigación e transferencia para este ano, aprobouse hoxe como novidade un aumento na puntuación das revistas *Nature* e *Science*, pasando de 50 a 60 puntos, ao ser este un dos criterios que se piden nos ránking internacionais, nos que contan un 20%. Así mesmo, engádese a consideración das revistas que están o primeiro decil e que tamén se está a ter e conta nalgunhas convocatorias. En canto á transferencia, no apartado de convocatoria de congresos ata o de agora só se consideraba a organización do evento e a partir de agora tamén se terá en conta formar parte do comité científico, ademais de contemplar de novo a acción positiva de igualdade.

Por outra banda, na sesión de hoxe aprobáronse unha serie de modificacións no Regulamento de réxime interno do Consello de estudantes da

UVigo, un documento que recolle o traballo que se realiza no Consello, así como as pautas que se deben seguir para desenvolver ese traballo. "Algunhas das modificacións máis salientables serían a adición de normativa como o código ético ou os regulamentos das distintas comisións, de forma que nos adaptemos un pouco máis ao que fan noutras universidades de España que teñen consellos de estudantes con máis experiencia e anos de traballo", explica Paula Gil, presidenta de Ceuvi, que destaca que tamén se habilitou a opción de que se poidan realizar xuntanzas telemáticas, unha opción que non estaba contemplada, e que coa pandemia converteuse nun recurso fundamental.

As modificacións, entre as que tamén se inclúe a incorporación de novos membros de centros que neste intre non dispoñen de representantes no Claustro, apróbanse, segundo explica Paula Gil co obxectivo de "reforzar todo o traballo que se fixo durante a pandemia, traballo que no seu momento tivo que realizar o compañeiro Daniel Couto xunto coas e cos claustrais que nese momento formaban parte do Ceuvi".

Na quenda de intervencións, os representantes sindicais do PAS, Xan Cebro e Marcos Estévez agradeceron e gabaron o proceso de negociación da proposta de funcionarización. "Para min pode ser o acordo máis importante acadado polo PAS e o equipo de goberno para a universidade, porque facilita melloras e permite planificar a relación de postos de traballo", dixo Xan Cebro, presidente da Xunta de Persoal. Pola súa banda o voceiro de Ideas que Suman, Emilio Fernández, solicitou información ao reitor sobre a participación da Uvigo nalgunha proposta promovida pola Xunta para optar aos fondos europeos ●

Cunha potencia de dous megavatios, este equipamento foi financiado nun 80% pola Xunta de Galicia

O campus de Pontevedra dá un paso adiante na súa sustentabilidade coa posta en funcionamento da súa planta de biomasa

O reitor e os conselleiros Francisco Conde e Román Rodríguez visitaron este xoves as instalacións

DUVI 18/03/2021



As autoridades visitaron tamén os paneis fotovoltaicos de CCSS e da Comunicación

“Como Universidade estamos comprometidos coa sustentabilidade e aspiramos a que nos nosos tres campus fágase un uso responsable das enerxías alternativas e sexamos un exemplo que amosar á sociedade”, salientou o reitor da Universidade de Vigo, Manuel Reigosa, na visita que este xoves realizou xunto co vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia, Francisco Conde, e o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, Román Rodríguez, á nova planta de produción e distribución de enerxía a partires de biomasa construída no campus de Pontevedra. Cunha potencia de 2 MW, este *district heating*, que dá servizo ás facultades de Ciencias Sociais e da Comunicación e Ciencias da Educación e do

Deporte e cuxa instalación foi financiada nun 80% pola administración autonómica, implicará tanto unha diminución nas emisións de CO₂ á atmosfera como un “aforro considerable”, como lembrou o reitor, na factura enerxética da institución académica.

Esta planta súmase á instalación, en 2019, dunha serie de paneis fotovoltaicos, nas cubertas de Ciencias Sociais e da Comunicación e Ciencias da Educación e do Deporte no caso do campus pontevedrés, no marco da aposta da Universidade polo “uso responsable de enerxías limpas”, como sinalou Reigosa, que destacou a “axuda fundamental” da Xunta para levar a cabo unha serie de actuacións, “que fan tamén que sexamos economicamente máis sostibles”. Os vicerreitores de Planificación e Sostibilidade, José Luis Míguez; do campus de Pontevedra, Jorge Soto; e de Ordenación Académica e Profesorado, Manuel Ramos; o delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Luis López, e os decanos Emma Torres e Vicente Romo participaron tamén na visita a esta nova planta, situada nun antigo aparcadoiro de CCSS e da Comunicación, e aos paneis fotovoltaicos desta facultade.

“Un dos espazos educativos máis sostibles de Galicia”

Os conselleiros Francisco Conde e Román Rodríguez explicaron neste acto que a esta

planta súmase a central de biomasa que dará servizo a outros sete centros educativos da contorna da Xunqueira, supondo ambas un investimento conxunto de máis de 1,5 millóns de euros por parte da administración autonómica, que permitirá reducir as emisións de CO₂ nun mínimo de 182 toneladas. "Este vai ser un dos espazos educativos máis sostibles de Galicia e atreveríame a dicir que de España", salientou Rodríguez, mentres que o vicepresidente segundo puxo o acento na "colaboración institucional" coa Universidade de Vigo "nesta visión conxunta e compartida do que significa unha Galicia máis sostible, unha Galicia que está traballando cara a transición enerxética". Nese senso, Conde puxo de relevo que proxectos como esta planta contribúen non só a unha maior eficiencia enerxética, senón tamén á posta en valor dun "recurso autóctono", como é neste caso a biomasa forestal.

2800 horas de consumo cero

A visita completouse cunha presentación, por parte do vicerreitor de Planificación e Sostibilidade, das diferentes iniciativas en materia de enerxías renovables que a Universidade de Vigo acometeu nos últimos anos. A primeira "actuación global", sinalou Míguez Tabarés, foi a instalación de placas fotovoltaicas, cunha potencia de 100 e 78 quilovatios, respectivamente, no caso das facultades de Ciencias Sociais e da Comunicación e de Ciencias da Educación e do Deporte. Destes equipamentos, sinalou o vicerreitor, "o máis importante son as reducións acumuladas nas emisións de CO₂ á atmosfera", que no conxunto da Universidade alcanzaron, tralas actuacións realizadas en 2019, as 250 toneladas anuais. No caso dos dous centros do campus pontevedrés, os paneis permitiron, conxuntamente, unha redución das emisións de preto de 100 toneladas, á vez que supuxeron un aforro no consumo enerxético dos centros.

No referido a este últimos aspecto, Míguez detívose en concreto no caso de Ciencias da Educación e do Deporte, na que a súa posta en funcionamento permitiu reducir en 140 KW o "consumo promedio" de 470 quilovatios por hora e día, ademais de facer posible, no curso 2019/2020, que houbera "case 2800 horas de consumo cero", no que toda a enerxía empregada na facultade proviña dos paneis fotovoltaicos. A esta actuación súmase agora a posta en funcionamento do *district heating*, un dos



proxectos de eficiencia e fomento de enerxías renovables presentados pola Universidade á convocatoria de axudas impulsada polo Instituto Enerxético de Galicia (Inega).

Esta serie de proxectos de enerxías renovables térmicas e proxectos integrais de aforro e eficiencia enerxética están cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia, desenvolvendo dous tipos de actuacións. Trátase, por unha banda, de proxectos integrais de aforro e eficiencia enerxética que favorezan a transición a unha economía baixa en carbono, así como a eficiencia enerxética, a xestión intelixente da enerxía e do uso das enerxías renovables nas infraestruturas públicas. Por outra banda, atópanse os proxectos de enerxías renovables técnicas, que favorezan a transición cara unha economía baixa en carbono en todos os sectores, fomenten a produción e distribución de enerxía derivada de fontes renovables para usos térmicos, en particular, a biomasa, o biogás e os biocombustibles para o transporte, en consonancia co Plan de enerxías renovables 2011-2020 ●

Este martes
pechou máis
de tres anos
de traballo
internacional cun
evento virtual

O proxecto EBB presenta as súas propostas para a xestión unificada dos principais biobancos mariños de Europa

Entre outros avances, desenvolveron un catálogo en liña para a busca de recursos biolóxicos mariños

M. Del Río
DUVI 23/03/2021

As coleccións de cultivos e os biobancos de recursos biolóxicos mariños son ferramentas poderosas para a preservación da biodiversidade mariña e o uso sostible dos recursos dos océanos. Pero para que o seu funcionamento sexa máis sinxelo e fluído é necesaria unha coordinación transnacional, que é o obxectivo principal do proxecto [European Blue Biobank \(EBB\)](#), liderado polo Centro de Investigación Mariña (CIM) da Universidade de Vigo e enmarcado na Infraestrutura Europea á que pertence, EMBRC (European Marine Biological Resource Centre).

Tras máis de tres anos de traballo, o proxecto celebrou este martes o evento de peche no que se presentaron os resultados obtidos ás estacións mariñas de nove países que conforman a EMBRC, aos diferentes biobancos e coleccións de cultivo de Europa e ao sector industrial e académico interesado no acceso sostible e xusto á biodiversidade mariña.

Daniel Rey, director do CIM, foi o encargado de dar a benvinda ó acto e convidou ás persoas participantes a coñecer as instalacións de investigación mariña da UVigo cando a situación sanitaria o permita. Rey remarcou a importancia que ten para a UVigo este proxecto “no que participan 20 entidades de diferentes países para traballar na coordinación transnacional dos biobancos mariños e que pode traducirse nun incremento da diversidade e calidade dos recursos biolóxicos mariños dispoñibles para a



comunidade científica”. Jesús Souza Troncoso, investigador principal do proxecto, agradeceu ao equipo de coordinación de EBB as tarefas realizadas durante este tempo de execución do proxecto, mentres Fiz da Costa, membro do equipo de coordinación de EBB, foi quen presentou o legado que o proxecto EBB vai deixar á comunidade de EMBRC.

Un consorcio de 20 socios de seis países

O proxecto EBB comezou a súa andaina en 2017, cun orzamento de 1,5 millóns de euros, e

converténdose no primeiro proxecto financiado pola convocatoria Interreg Atlantic Area liderado pola Universidade de Vigo. A principal misión do consorcio era sentar as bases para unha xestión unificada dos principais biobancos mariños de Europa e avanzar na xestión acorde á normativa vixente de Access & Benefit Sharing (ABS) e as regulacións derivadas do Protocolo de Nagoya.

Para isto, o CIM coordinou o traballo desenvolvido por 20 socios de seis países diferentes, entres eles, as principais coleccións de cultivos mariños mundiais situadas en Noruega, Irlanda, Reino Unido, Francia, España e Portugal; catro clústeres de biotecnoloxía mariña de España, Francia, Portugal e Reino Unido; tres empresas con actividade no campo da biotecnoloxía mariña e as administracións competentes en España, Portugal e Reino Unido en materia de acceso aos recursos xenéticos.

O proxecto consolidouse como a primeira iniciativa mundial de coordinación transnacional de biobancos mariños, respondendo a unha demanda da comunidade científica que, para desenvolver o seu traballo, precisa recoller mostras en todo o mundo ou ben solicitar préstamos de museos, universidades ou estacións mariñas. A xestión deste proceso pode resultar complexa, xa que cada país ten as súas propias regras e protocolos e de aí xorde a necesidade de desenvolver novas tecnoloxías e protocolos comúns para o mantemento *ex-situ*, é dicir, fóra dos seus ambientes naturais, de recursos biolóxicos mariños e de harmonizar os xa existentes para que os diferentes biobancos traballen de maneira coordinada baixo o selo de Centro Europeo de Recursos Biolóxicos Mariños.

Os resultados: unha base de datos, un sistema de xestión, un manual e unha guía

A xornada de peche, baixo o título Symposium on Biobanks and Marine Diversity, serviu para presentar os principais produtos obtidos no marco do proxecto. Como explicou Fiz da Costa, membro do equipo de coordinación de EBB, entre os principais avances está a [base de datos TRACE](#), un catálogo en liña para a busca de recursos biolóxicos mariños que poden ser subministrados polo biobanco de EBB. "O amplo repertorio de recursos cos que conta este biobanco virtual


procede da suma dos recursos aportados por cada un dos biobancos e coleccións que conforman EBB".


Por outra banda, avanzaba tamén Da Costa, ao longo destes anos desenvolveuse unha ferramenta para xestionar e dar acceso aos datos de mostraxes e mantenza de recursos biolóxicos, bautizada como TRACK. O consorcio tamén deseñou un manual no que se recolle unha completa guía de boas prácticas para que as coleccións e biobancos poidan cumprir coa lexislación de ABS e unha guía paso a paso destinada a usuarios finais (academia e industria) que facilita o acceso aos recursos xenéticos mariños cumprindo coa lexislación ABS.

“Parte dos resultados e produtos xerados neste proxecto terán unha vida máis longa dentro da EMBRC”

Os investigadores recalcan que “parte dos resultados e produtos xerados neste proxecto terán unha vida máis longa dentro da EMBRC, sendo este o legado que o proxecto EBB deixará a esta infraestrutura europea de investigación mariña. A guía de boas prácticas destinada a coleccións e biobancos foi adoptada por EMBRC, e será enviada a Comisión Europea para a súa inclusión no rexistro europeo de boas prácticas de ABS” ●


ABRIL





No mes de abril confirmouse a aposta da UVigo por renovar e por mellorar a súa oferta no ámbito das humanidades coa posta en marcha o vindeiro curso do Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española, único no sistema universitario español. Mentres o Campus Auga distinguía o esforzo en investigación, transferencia e divulgación sobre recursos hídricos da comunidade universitaria do campus de Ourense, a Universidade de Vigo converteuse na primeira de España en recoñecer cun distintivo as escolas e as facultades máis igualitarias.

No ámbito da investigación, o proxecto DIMCoVAR confirmou que as análises realizadas durante un ano en 11 EDAR resultaron representativas da evolución da pandemia en Galicia, mentres que o proxecto Bocats2 regresaba ao Atlántico norte para analizar a circulación e a acidificación oceánicas.



Vigo convértese na primeira universidade de España en recoñecer cun distintivo as escolas e facultades máis igualitarias

O obxectivo é promover e incentivar a promoción da igualdade entre homes e mulleres nos centros

M. Del Río
DUVI 08/04/2021

Co fin de visibilizar e recoñecer pública e institucionalmente o esforzo de moitas persoas que día a día, na Universidade de Vigo, loitan por investigar, ensinar, transferir, xestionar e producir coñecemento científico incorporando a mirada de xénero e feminista, a institución pon en marcha o [Distintivo de Igualdade](#). Con esta iniciativa, a UVigo convértese en pioneira en todo o Estado en crear un recoñecemento para o esforzo de escolas, facultades e centros propios na promoción activa e permanente da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

A directora da Unidade de Igualdade da Universidade, Águeda Gómez, explica que esta medida está recollida no III Plan de Igualdade e a idea xurde doutras iniciativas similares "como o Athenas Swan en Gran Bretaña ou a posta en marcha polo CSIC que xa leva varios anos cun considerable éxito". Con estrea desta primeira convocatoria trátase, engade Gómez, de impulsar "unha academia máis humana, igual e xusta e poñer fin dunha vez co pasado histórico de saberes e academias onde as mulleres foron invisibilizadas (Efecto Matilda), excluídas (ata o ano 1910 as mulleres non podíamos estudar na universidade de xeito ordinario) e vítimas dun nesgo epistemolóxico de xénero que amputou ao coñecemento das achegas e puntos de vista da metade a humanidade: as mulleres".

O distintivo outorgarase cada ano a un centro, escola ou facultade "co fin de que, pouco a pouco, todos o consigan obter e, deste modo,



incentivar as políticas públicas de igualdade na nosa institución de ensino superior". Así, dende a institución tratase de que, ano tras ano, se sumen novos centros "a modo de constelación que, como no caso da Vía Láctea, se converta nun referente europeo pola súa firme aposta pola igualdade en todos os ámbitos da nosa institución, para que a Universidade de Vigo resulte un modelo paradigmático de institución igualitaria e, por tanto, de maior excelencia, se cabe".

As propostas, ata o 31 de maio

Este é un paso máis na traxectoria da Universidade de Vigo a prol da igualdade real. De feito, lembra Águeda Gómez, "contamos con moitas expertas e expertos en xénero entre o noso persoal académico; desenvolvemos liñas de investigación neste ámbito moi destacadas; o uso da linguaxe inclusiva non sexista está moi normalizado na comunicación institucional e tamén en certos casos, na académica; existen graos con plans de estudo que contemplan materias específicas neste eido e temos equipos decanais e directivos paritarios en moitos centros, escolas e facultades". Por todo isto, remarca, "é importante poñer en valor estas fortalezas da nosa institución universitaria".

O distintivo consistirá nunha insignia visual que se visibilizará e exporá publicamente e irá acompañada dunha achega económica, de 3000 euros, para que a dirección do centro empregue en desenvolver políticas de xénero no centro. Para seleccionar os centros merecedores desta marca de excelencia terase en conta se os plans de estudo das titulacións impartidas recollen materias que tratan a igualdade de xénero, tamén o número de persoas expertas en igualdade de xénero e feminismo co que conta o centro, o número de actividades de sensibilización organizadas ou a paridade nos órganos de goberno decanal e directivo.

O prazo de presentación das solicitudes será dende o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Taboleiro de anuncios ata o 31 de maio de 2021.

Unha experiencia piloto que se poderá expandir

Esta primeira convocatoria lánzase como unha experiencia piloto, como explica a directora da Unidade de Igualdade, que agarda que nos vindeiros anos se potencie, por exemplo, ampliándoa máis aló das facultades, "xa que nos consta que na nosa Universidade hai servizos claramente comprometidos co impulso da igualdade real e efectiva de mulleres e homes e algunhas iniciativas, como a solicitude á Xunta de Galicia da gratuidade na matrícula para as

vítimas de violencia de xénero, xurdiu dun servizo concreto da nosa Universidade".

Con todo, Águeda Gómez asume que a solicitude deste distintivo "pode resultar unha actividade complexa que entraña certa burocracia", pero anima a todas as facultades e escolas a presentarse, "pois dalgún xeito, poderán coñecer e diagnosticar a realidade da igualdade nos seus centros e, no caso de conseguir o distinto, poderán dispor duns recursos para impulsar aínda máis a igualdade entre mulleres e homes". Tamén considera que se poderá avanzar na mellora dos indicadores, polo que agradece "todas as suxestións e propostas que a comunidade universitaria poida realizar para mellorar esta iniciativa nas próximas convocatorias".

Criteria de avaliación das propostas

A selección das propostas presentadas realizarase de acordo a unha serie de criterios. Por exemplo, terase en conta que os plans de estudo das titulacións impartidas recollen materias que tratan a igualdade de xénero ou, de ser o caso, existan liñas de investigacións propias que incorporen a perspectiva de xénero no centro. Tamén se valorará o número de persoas expertas en igualdade de xénero e feminismo co que conta o centro, así como o número de actividades de promoción e sensibilización da igualdade que teñen lugar anualmente. A comisión de avaliación tamén valorará a paridade nos órganos de goberno decanal e directivo, así como o uso da linguaxe inclusiva e non sexista nos documentos do centro; as políticas de captación e de novo alumnado con perspectiva de xénero ou, de ser o caso, de novo persoal investigador, con perspectiva de xénero ou outras actividades e accións desenvolvidas para a promoción da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes no ano anterior ●

A iniciativa, liderada pola UVigo, e na que participan o CSIC e Geseco Aguas, rematará en maio

O proxecto DIMCoVAR confirma que as análises realizadas durante un ano en 11 EDAR resultaron representativas da evolución da pandemia en Galicia

Os investigadores piden non relaxar as medidas para evitar unha vaga como a de decembro

M^º del Carmen Echevarría Figueroa
DUVI 08/04/2021

En marzo de 2020 o proxecto DIMCoVAR botaba a andar coa realización de análises de presenza de material xenético de virus SARS-CoV-2 nas augas residuais de entrada de 11 EDAR (estación depuradora de augas residuais) de Galicia, así como nos puntos de vertido das EDAR no medio mariño. Logo dun ano de traballo, os investigadores e investigadoras da Universidade de Vigo e do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) e persoal da empresa Geseco Aguas, que participan no proxecto, que conta con 235.000 euros de financiamento do Fondo Supera Covid da CRUE- Santander, afirman que "efectivamente a mostraxe nas depuradoras seleccionadas resultou representativo da evolución da pandemia a nivel de Galicia", explican Claudio Cameselle, docente e investigador do grupo BiotecnIA (Biotecnoloxía Industrial e Enxeñaría Ambiental) da Universidade de Vigo, que coordina o proxecto, e Beatriz Novoa García investigadora do grupo Inmunoloxía e Xenómica do IIM-CSIC.

Despois de case un ano de traballo desenvolvido en 11 EDAR, distribuídas do norte ao sur de Galicia, desde Cedeira a Baiona, as e os investigadores observan que os valores promedio das estacións depuradoras son un fiel reflexo da evolución da pandemia, ademais de que "podemos estar seguros de que a análise da presenza de material xenético do virus nas augas



residuais é unha boa ferramenta para detectar con suficiente antelación a evolución do número de infectados na comunidade que verte as súas augas na EDAR en estudo", detalla Cameselle. Neste sentido, os integrantes do proxecto confirman que, por termo medio, o incremento de concentración de material xenético do virus na entrada da EDAR adiántase entre 7 e 10 días á detección de novos infectados por PCR polas autoridades sanitarias.

"Os datos que semanalmente enviamos a Augas de Galicia e eles mandan á Consellería de



Os investigadores da UVigo que coordinan o proxecto DIMCoVAR, Claudio Cameselle, Susana Gouveia e Adrián Cabo



Investigadoras e investigadores do grupo Inmunoloxía e Xenómica do IIM-CSIC

Sanidade e ao Ministerio de Sanidad, sérvenlle ás autoridades sanitarias para detectar posibles rebrotes en base á tendencia á alza das concentracións de virus, así como para xestión dos recursos sanitarios", explica Cameselle, que xunto aos investigadores da UVigo encárganse da análise de diversos parámetros físico-químicos das mostras recollidas por Geseco Aguas. Pola súa banda, a participación do CSIC, a través do Instituto de Investigacións Marinas e, concretamente, dos grupos de investigación Inmunoloxía e Xenómica e Enxeñaría de Procesos, consiste fundamentalmente na detección do material xenético do virus por PCR e no desenvolvemento do modelo epidemiolóxico en base aos resultados das análises.

O proceso de mostraxe nas EDAR

A selección das estacións depuradoras nas que se está a realizar o seguimento desde hai un ano, e ás que en xullo de 2020 e a petición de Augas de Galicia se sumaron as de Pobra do Caramiñal, Betanzos, Viveiro e Burela, fíxose para incluír diferentes localizacións de Galicia con diferentes niveis de poboación, entre 4.000 e 20.000 habitantes, e nas que non houbo entrada de augas procedentes de grandes hospitais, o que aumentaría a presenza do virus. "Así, obtense unha información detallada exenta de interferencias externas que permite un estudo máis preciso da dinámica dos rebrotes", explican os investigadores, que sinalan que na selección das depuradoras tamén se tivo en conta a existencia de diferentes tipos de tecnoloxía para o tratamento da auga, para poder avaliar se tiña un efecto de eliminación do material xenético do virus.

Así, comprobouse que as depuradoras cun tratamento biolóxico e cun tratamento terciario de desinfección por ultravioleta ou hipoclorito de sodio son máis eficaces na eliminación do material xenético do virus, fronte ás plantas que non dispoñan de este tipo de tratamentos. "En calquera caso, non se detectaron virus viables con capacidade infectiva nas EDAR nin nos efluentes de entrada ou saída das estacións depuradoras. A auga residual e as EDAR son un bo indicador da evolución da pandemia, pero non un foco de contaxio de covid-19", aclaran os investigadores e investigadoras de DIMCoVAR, que finalizará o vindeiro 31 de marzo, pero para o que xa están a procurar fontes de financiamento que permitan a súa continuidade.

Cara unha cuarta vaga da covid-19?

As análises máis recentes realizadas a finais do pasado mes de marzo polo equipo do proxecto DIMCoVAR deron unhas concentracións nas EDAR en estudo de entre 3.000 e 18.000 copias por litro, uns valores considerados polos investigadores "discretos" comparados cos obtidos durante o mes xaneiro, nos peores momentos da terceira vaga, que nalgúns casos chegaron a superar o millón de copias por litro.

Non obstante, e aínda que as análises de presenza de material xenético do virus nas augas residuais foron caendo durante febreiro, estes valores non terminan de chegar a cero, senón que durante marzo mantivéronse nun rango entre 1.000 e 45.000 copias por litro. Neste momento, as e os investigadores aseguran que non poden afirmar que haxa unha tendencia á alza na concentración de material xenético do virus á entrada das EDAR, pero tampouco se observa unha diminución da concentración que permita confirmar unha redución na incidencia da pandemia. "Dito doutro modo, a concentración de material xenético nas augas residuais indica que o virus segue a circular, e que a pouco que nos descoidemos e que se relaxen as medidas de seguridade pode producirse un novo aumento de casos similar ao observado en decembro 2020 e xaneiro 2021", explican.

Sobre a posibilidade de estar neste momento ante unha nova vaga, os integrantes do proxecto DIMCoVAR aseguran que non depende tanto dos valores de concentración en si mesmos, senón da tendencia no tempo, de xeito que, aínda que neste intre non se pode afirmar taxativamente que hai un aumento na concentración de virus na EDAR, nin que esteamos no inicio da cuarta vaga, "pero si que hai uns valores de concentración suficientemente altos como para afirmar que o virus segue en circulación e que a aparición dunha nova onda é un risco real, similar ao sucedido en decembro 2020", advirten ●

A intervención arqueolóxica en Ons deixa ao descuberto unha segunda factoría romana de salga e novos restos

Tamén se localizaron vestixios de ocupación relacionados co castro desta illa

DUVI Ourense 09/04/2021

A intervención arqueolóxica que o Grupo de Estudos de Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio (GEAT) da Universidade de Vigo desenvolveu esta semana no xacemento romano da illa de Ons chegou este venres ao seu remate facendo un balance moi positivo dela. Entre os resultados acadados, os seus responsables destacan como localizaron unha segunda factoría de salga, que se suma á xa coñecida, e restos de ocupación prerromana relacionados co castro desta illa.

A iniciativa, levada a cabo do 5 ao 9 abril, consistiu nunha intervención arqueolóxica de limpeza, rexistro e sondaxes a cargo dun equipo dirixido por Adolfo Fernández, arqueólogo do GEAT. A actuación contou co apoio do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia e inscribiuse no marco do proxecto de investigación Galtfish, que ten como obxectivo o estudo da explotación dos recursos mariños na costa galega en época romana. O intervención tivo como obxectivo intervir por primeira vez neste xacemento romano, que se estende por todo o cantil da praia da illa de Ons, desenvolvendo dous eixes de actuación: o rexistro dixital dos restos arqueolóxicos visibles no cantil da praia, afectados pola erosión mariña, e a realización de varias sondaxes arqueolóxicas para obter datos da fábrica e delimitar o xacemento.



Vista da factoría xa coñecida do xacemento tras a intervención nela do GEAT

Limpeza, rexistro e sondaxes

“A valoración final que facemos é positiva xa que saímos do xacemento con moita máis información, que agora podemos preservar para o futuro, sobre as fábricas de peixe romanas de Ons”, comenta Adolfo Fernández no peche da campaña. O equipo, salienta, puido levar a cabo con éxito os traballos previstos no proxecto. Así, detalla, limpouse o cantil da praia Canexol para rexistrar todos os restos arqueolóxicos, constatando que se estenden ao redor duns 150 metros desde o comezo da praia, no seu extremo norte, e que se perderon froito da erosión mariña

aproximadamente uns dez metros da fronte do xacemento desde a época romana. "Isto fai que boa parte do xacemento estea hoxe perdido", indica o arqueólogo da UVigo.

Durante os traballos realizados, o equipo do GEAAT puido definir e caracterizar boa parte dos restos da fábrica de salga de peixe con dous píos ou depósitos de salga cuxa existencia xa se coñecía e detectou unha segunda factoría de salga varios metros máis ao norte da primeira. "Nesta segunda fábrica documentouse un pequeno depósito feito con morteiro de cal e cuarzo que puido servir para fabricar tintura púrpura xa que se atopou un cuncheiro de múrices ao seu carón. Podería tratarse dunha fábrica que producise peixe salgado, prebes e tamén púrpura para a súa exportación", indican desde o proxecto.



Foto do equipo que realizou a intervención

Á vista dos traballos realizados esta semana, Adolfo Fernández explica que "as dúas fábricas de salga contaban con patios abertos para preparar o peixe e elaborar os produtos finais". Entre as dúas, detalla o arqueólogo, "existe unha gran estrutura construída con grandes pedras que serviu de rampla ou escaleiras para comunicar o espazo fabril coa praia e que serviría polo tanto para subir coa pesca cara as fábricas". A estas descubertas engade como na limpeza dun dos píos do cantil púidose recuperar unha importante colección de fauna depositada alí unha vez que a fábrica xa non funcionaba como conserveira. "Grazas a isto, vamos poder reconstruír as especies animais para consumo que existían na illa de Ons durante

a época romana", comenta o responsable do proxecto.

Sobre as sondaxes efectuadas cara o interior da illa e afastadas do cantil por motivos de seguridade, nunha delas atopouse un terceiro pío, que se conserva completo, da fábrica xa coñecida antes desta campaña. Na outra sondaxe detectouse unha ocupación na costa previa á construción das fábricas conserveiras romanas, datada entre finais do século I antes de Cristo e os inicios do século I despois de Cristo. "Trátase dun achado importante xa que demostra que os poboadores do castro ou Castelo dos Mouros, situado a poucos metros do xacemento, tamén edificaron estruturas ao carón da praia posiblemente como apoio das tarefas de explotación dos recursos mariños. De feito, puidemos constatar a continuidade destas estruturas no propio cantil, por baixo dos patios da fábricas de salga", indica Adolfo Fernández.

Ao remate da intervención arqueolóxica, o equipo da UVigo quixo salientar "a colaboración que tivemos do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, que puxo á nosa disposición todo o necesario para levar a cabo esta actuación". Os bos resultados recollidos, indica Adolfo Fernández, "lévannos a pensar en facer novas intervencións na illa coa idea de pór en valor o seu patrimonio arqueolóxico". A información e materiais arqueolóxicos desta campaña serán procesados no laboratorio do GEAAT no edificio do Campus Auga, no campus de Ourense.

No marco do proxecto Galtfish

Esta intervención forma parte do proxecto de I+D Marie Curie Talent, financiado pola UE, *Galtfish, Salt and fish salting in Ancient Gallaecia. Looking for the origins of the Galician canned fish industry*, do Campus do Mar. O seu foco de interese é o coñecemento da produción do sal e as salgaduras no Noroeste Peninsular durante a época romana. A campaña únese ás xa realizadas noutros xacementos costeiros como Sobreira (Vigo), Adro Vello (O Grove) e praia do Naso (illa de Arousa), todas elas factorías de salga romanas que producían prebes e peixe salgado para a exportación. O proxecto tamén ten afondado no coñecemento das salinas romanas do Areal, da produción de produtos piscícolas e da súa comercialización ●

Xavier Labandeira e Santiago Lago, dous catedráticos da UVigo no comité de persoas expertas para a reforma do sistema tributario español

Os únicos representantes dunha universidade galega consideran "unha honra" a súa designación

M^a del Carmen Echevarría Figueroa
DUVI 12/04/2021

Os catedráticos da Universidade de Vigo, e únicos representantes dunha institución académica de educación superior galega, Xavier Labandeira e Santiago Lago formarán parte do [comité de persoas expertas](#) que se encargará de deseñar a reforma do sistema tributario español. A ministra de Hacienda, María Jesús Montero, deu a coñecer hoxe, nunha comparecencia celebrada en Madrid, aos e ás 17 expertas que integrarán o grupo de traballo que ata finais de febreiro do ano 2022 abordará o redeseño do modelo impositivo e o financiamento autonómico. Dirixidos polo catedrático emérito de Economía Aplicada da Universidad Rey Juan Carlos Jesús Ruíz-Huerta, o grupo de expertos e expertas, que contará con 15 vocais e un secretario, deberá entregar o 28 de febreiro do vindeiro ano un libro branco fiscal que o executivo empregará para reformular o sistema fiscal español, coa finalidade de recortar os puntos de diferenza coa medio de presión fiscal da UE, alumeando un sistema "máis xusto e progresivo". Así mesmo, segundo avanzou este mediodía María Jesús Montero, o comité tamén traballará na necesidade de desenvolver unha fiscalidade medioambiental, revisar as achegas das grandes fortunas e compañía de gran tamaño e avanzar no gravame dos negocios dixitais.

Labandeira e Lago, catedráticos ambos do Departamento de Economía Aplicada da UVigo, coinciden en considerar "unha honra" a súa



inclusión no comité de 17 persoas expertas para reforma fiscal. "Boa parte do meu traballo académico tense desenvolvido no campo da reforma fiscal verde e da fiscalidade ambiental, así que é unha honra que o Goberno conte comigo para una comisión que ten entre os seus obxectivos a exploración en detalle do potencial e posibilidades dunha maior fiscalidade verde no sistema fiscal español", sinala Xavier Labandeira, mentres que Santiago Lago agradece ao executivo "que pense en min para botar unha man na definición de elementos básicos dunha reforma fiscal tan necesaria como adiada". O director do

grupo de investigación GEN considera ademais "un indicador positivo, tanto para a UVigo, como para o conxunto do sistema universitario galego que Xavier e eu esteamos na comisión", ao tempo que incide en que en Galicia hai moita xente con criterio en moitos eidos científicos e que este dobre nomeamento é un exemplo de que así se percibe dende fóra.

Ambos os dous investigadores da UVigo, que xunto á Pompeu Fabra é a única institución con dous representantes no comité, coinciden en sinalar a necesidade de facer efectiva a redifinición fiscal que quere desenvolver o Goberno, "unha reforma en profundidade no noso sistema fiscal que vai máis aló de parches e remendos", asegura Lago. O director do Foro Económico de Galicia asegura que cómpre gañar en eficiencia, pero tamén en equidade e en capacidade de recadar máis "para eliminar dunha vez o déficit estrutural que padecemos en España. E temos que aproveitar a reforma para afrontar os desafíos no eido medioambiental (nomeadamente o cambio climático), a dixitalización, ou a descentralización", enumera Lago.

Papel dos impostos ambientais e encaixe de tributos dos diferentes niveis

En canto ao que os dous catedráticos da UVigo consideran que poden achegar ao comité de persoas expertas, Xavier Labandeira, apunta que, como economista público de formación, agarda poder contribuír aos debates sobre os necesarios cambios no sistema fiscal español. "Particularmente, no papel e efectos dos impostos ambientais. Estes serán cruciais para que España poida completar de forma exitosa, limitando os custos, a descarbonización prevista para mediados de século", sinala.

Especialista na dimensión descentralizada e federal, Santiago Lago considera que "neste encaixe entre tributos dos diferentes niveis de goberno é onde creo que podo achegar algo máis". Así mesmo, o docente e investigador destaca a experiencia de Labandeira e a del mesmo en traballar en comisións, "que esixe cooperación e empatía", asegura Lago, que destaca as súas recentes experiencias como

coordinador do grupo de expertos económicos da Xunta para enfrontar a crise da covid-19 e a súa participación na Comisión para a reforma do financiamento, creada en 2017 polo Consejo de Ministros ●

Este mércores entregáronse os galardóns da segunda e terceira edición dos seus premios

O Campus Auga distingue o esforzo en investigación, transferencia e divulgación sobre recursos hídricos

En total recoñecéronse once iniciativas de persoal docente e investigador e alumnado da UVigo

DUVI Ourense 14/04/2021

A Universidade de Vigo celebrou este mércores o acto de entrega dos galardóns correspondentes á II e III edición dos Premios de Investigación, Transferencia e Divulgación Científica do Campus Auga. En total distinguíronse once iniciativas de persoal docente e investigador e alumnado da Universidade de Vigo. Estes galardóns, financiados por Viaqua, pretenden estimular a promoción deste proxecto de especialización do campus de Ourense. Tamén este mércores se constituíu o Comité Consultivo Social-Empresarial do Campus Auga.

Na acto de entrega, Esther de Blas, vicerreitora do campus de Ourense, destacou como estes premios "dan visibilidade ao noso campus e á nosa colaboración próxima tanto con institucións coma con empresas, algo fundamental no noso día a día", agradecendo "o compromiso co noso campus e co Campus Auga" dos membros da comunidade universitaria e autoridades presentes. Dos traballos galardoados, a vicerreitora subliñou como "son moi diversos, como corresponde a un elemento tan transversal como é a auga". Igualmente Nelson Pérez, director do Campus Auga, salientou o traballo de investigación, transferencia e divulgación realizado polos galardoados e galardoadas. Pola súa banda, Marcos Martín González, director xeral de Viaqua, recalcou a importancia de apostar polo desenvolvemento do coñecemento e a súa transferencia "nun momento no que a pandemia puxo enriba da mesa máis que nunca a importancia do coñecemento e a ciencia para o futuro da sociedade". As e os premiados recolleron os seus diplomas de mans das



autoridades presentes, entre as que estaban Jorge Pumar, deputado provincial; Armando Ojea, tenente de alcalde de Ourense; José Antonio Quiroga, presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, e Gabriel Alén, delegado territorial da Xunta en Ourense.

Galardóns da II edición

Na segunda edición dos galardóns, cuxo acto de entrega se veu aprazado pola pandemia, concedéronse [cinco premios e dous accésits](#) a seis estudos e unha iniciativa. O premio á mellor tese de doutoramento foi para *Novas perspectivas na aplicación dos procesos de*

oxidación avanzada, da investigadora do grupo Bioenxeñaría e Procesos Sostibles (Biosuv) Aida María Díez. Nesta categoría tamén se concedeu un accésit á tese *Tratamento biolóxico de compostos fenólicos*, de Alicia Pérez. O premio ao traballo fin de estudos máis destacado foi para o traballo fin de mestrado *Estudo da reproducibilidade computacional do CMIP5*, do investigador do Environmental Physics Laboratory (Grupo Ephyslab) Michael García. Nesta categoría tamén se concedeu un accésit ao traballo *Automatización dun sistema hidropónico*, de Daniel Rodríguez. O galardón á mellor contribución científica foi para *Increasing temperature of cooling granular gases*, de Arno Formella. Na modalidade ao mellor resultado de transferencia, o premio foi para *Estudo do cambio climático sobre a explotación do sistema eléctrico e a precipitación na conca Miño-Sil*, de Juan Antonio Añel e Xavier Labandeira, directores da Cátedra Naturgy da Universidade de Vigo. Por último, o premio á acción ou actividades de divulgación científica foi para a Xornada de Divulgación en Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñaría e Matemáticas Exxperimenta en Feminino, iniciativa coordinada polas profesoras do campus de Ourense Julia Carballo, da Facultade de Ciencias; Alma Gómez, da Escola Superior de Enxeñaría Informática, e Nieves Lorenzo, da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo.

Galardóns da III edición

Na terceira edición foron [catro os traballos premiados](#): unha tese de doutoramento do eido científico-tecnolóxico, un traballo fin de mestrado de arqueoloxía e dous artigos, un do ámbito xurídico e outro do científico-tecnolóxico. O galardón á tese de doutoramento máis destacada foi para *Microwave hydrodiffusion and gravity (MHG)-Extraction and characterization of compounds with antioxidant properties*, da investigadora do Grupo EQ2 Lucía López. Na modalidade de traballos fin de estudo, o premio foi para o traballo fin de mestrado *Materiais prehistóricos de A Ceada das Chas/Castelo de Lobarzán: unha aproximación dende o conxunto cerámico e os seus patróns decorativos*, realizado pola investigadora do Grupo de Estudos de Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio (GEAAT) Lucía Rodríguez. Na categoría de mellor contribución científica, o premio foi para o artigo *La protección penal del agua como recurso natural. Una valoración crítica de las diferencias*



Foto de grupo de autoridades e galardoados e galardoadas

entre España y Portugal, de Virxilio Rodríguez, profesor da Facultade de Dereito. Nesta categoría tamén se concedeu un accésit ao artigo *Significant increase of global anomalous moisture uptake feeding landfalling atmospheric rivers*, liderado polo investigador Iago Algarra, do Grupo Ephyslab da Universidade de Vigo (CIM-UVigo), e publicado na revista *Nature Communications*.

Constitución do Comité Consultivo Social-Empresarial

Ademais da entrega dos seus premios, o Campus Auga deu este mércores un novo paso coa constitución do seu Comité Consultivo Social-Empresarial. Nel participan representantes de administracións públicas, empresas, asociacións e outros organismos da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal relacionadas coas liñas de especialización desta iniciativa. O seu obxectivo será conectar este campus co tecido económico e social da súa contorna e as súas funcións propor accións de mellora, iniciativas, proxectos e convenios de colaboración con empresas e institucións e fomentar a colaboración universidade-empresa-administración.

A constitución contou coa participación, nalgúns casos de xeito presencial e noutros virtual, de Manuel Reigosa, reitor da Universidade de Vigo; Esther de Blas, vicerreitora do campus de Ourense; Nélon Pérez, director do Campus Auga; Teresa Gutiérrez, directora xeral de Augas de Galicia (Xunta de Galicia); David Olivieri, director do Centro de Intelixencia Artificial (Concello de Ourense); Rosendo Fernández, vicepresidente da Deputación de Ourense; José Antonio Quiroga, presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil; Nerea



Parte dos membros do comité participaron na súa constitución de xeito presencial e outra parte de xeito virtual

Pérez, de Eurocidade Chaves-Verín; Marisol Nóvoa, presidenta da Confederación Empresarial de Ourense; Benigno Amor, xerente de Auga de Galicia (Clúster da Auga Mineral e Termal de Galicia) e Asociación de Balnearios de Galicia; Javier Osuna, de Clusaga (Clúster Alimentario de Galicia), e Ramiro Manuel Ramos Moreira Gonçalves, director executivo de AquaValor.

"Este comité é moi importante porque forman parte del actores relevantes que teñen moito que ver coa temática da auga, a nivel de transferencia, a nivel de investigación e a nivel de industria. Para nós é moi importante que estes actores participen na nosa institución, no noso Campus Auga", comentou o reitor. Este comité, engadiu, "é un axente externo que nos pode dar indicacións importantes para que o que facemos na universidade ao servizo da sociedade". O reitor amosou o seu agradecemento ás persoas e institucións que aceptaron formar parte deste órgano "peza clave na armazón deste campus de especialización". Coa posta en marcha deste comité, indicou, "estamos dando os últimos pasos que quedan dentro da folla de ruta do Campus Auga, na que seguimos cumprindo todas as previsións que tiñamos. Agardamos que en breve teñamos todo preparado para poder envialo a avaliación" ●

A UVigo renova a súa oferta no ámbito das Humanidades cun Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española único no sistema universitario español

A titulación recibiu o informe favorable da Acsug

M^{ra} del Carmen Echevarría Figueroa
DUVI 16/04/2021

"Filoloxía Aplicada Galega e Española designa un grao que, asentado na tradición, mira cara o provir co fin de que o alumnado adquira as competencias filolóxicas necesarias para poder aplicarlas de xeito práctico na procura de solucións aos problemas socioculturais actuais co emprego das máis modernas ferramentas da tecnoloxía dixital". Neste termos describe o decano da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo, José Montero Reguera, o novo Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española, que o centro comezará a impartir o vindeiro curso, en substitución do Grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios. Co informe final de avaliación favorable, que acaba de emitir a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (Acsug), ponse fin a un proceso de dous anos se medio "complexo e difícil e moi longo no tempo", asegura Montero, que reconece "o excelente traballo realizado pola comisión redactora e a absoluta implicación do actual equipo de goberno da Universidade". Unha luva que o reitor, Manuel Reigosa, recolle, manifestado, á súa vez, o seu orgullo "polo esforzo feito pola FFT para artellar un grao moderno, que inclúe aspectos aplicados que multiplican as capacidades do alumnado que se forme nel".

O novo grao, que ofertará o vindeiro curso 50 prazas, renova e reforza a oferta da UVigo no ámbito das Humanidades, asegurando a



A vicedecana María Seijas Montero; o decano José Montero Reguera e o secretario, Miguel Cuevas Alonso

continuidade dos estudos de galego e español, que se remontan na institución académica viguesa 40 anos atrás, "cando esta universidade aínda era colexio universitario", lembra o decano da FFT. Pola súa banda, o reitor reafírmase na idea de que unha universidade ten que aspirar a ter un catálogo de titulacións que inclúas as Humanidades, "que xogan, xogaron e xogarán un papel transcendental na formación da conciencia crítica da sociedade e que supoñen unha parte moi importante do noso progreso", sinala Reigosa.



Alumnado do corredor da facultade

Un grao multilingüe, con prácticas externas e unha vertente práctica, sobre todo dixital

O Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española (FAGE) distribúe os catro anos do plan en dous ciclos: un primeiro de dous anos de formación básica e obrigatoria, e un segundo de formación máis especializada, orientada a cada unha das linguas centrais do grao: galego e español. "O novo grao conxunga, por unha banda, a tradición, a modernidade e a realidade social onde entendemos a Filoloxía como a colaboración entre varias disciplinas e subdisciplinas centradas sempre na palabra e nos seus textos, e, tamén, dunha maneira xenérica na que texto sería calquera comunicación en que se empregue a lingua, neste caso o galego e o español", detalla Montero Reguera.

O multilingüismo é un dos sinais de identidade no novo grao, no que o alumando, ademais de galego e español, cursará dous idiomas modernos a elixir entre: alemán, francés, inglés ou portugués. A incorporación de Lingua de signos nun módulo optativo de especialización, único no Sistema Universitario Galego, é outra das características da nova titulación, que ten un marcado contido e carácter aplicado e práctico. "Debe engadirse a isto a incorporación de prácticas externas e que no Traballo Fin de Grao recóllese de xeito explícito a orientación práctica e aplicada", detalla o decano do centro, que tamén destaca o carácter creativo en literatura galega, aplicado e dixital. "Todos estes elementos amosan non só as profundas diferenzas co grao anterior, senón a verdadeira singularidade de FAGE, que lle converten- unhas

e outra- nun grao único no sistema universitario español", afirma Montero.

Ademais, a estrutura da titulación permite compartir 90 créditos comúns co outro grao que se imparte na Facultade, o de Linguas Estranxeiras, e 30 créditos específicos de galego e de español. A isto se engade a posibilidade de libre deseño do currículo que fai posible que, ademais dos dous itinerarios propostos, o alumnado teña a opción de deseñar libremente o seu.

Unha titulación que abre "portas vellas e tamén modernas"

Fronte aos graos que as outras dúas universidades galegas imparten e nos que, en palabras do decano da FFT da UVigo, "prevalece a discriminación entre lingua e literatura, e en parte illa o estudo da lingua e da literatura", este grao pretende eliminar esta diferenciación, optando por unha visión máis interdisciplinar, agrupando e conxugando os tres eixos sinalados polo Libro Blanco da Aneca para os estudos de lingua, literatura, civilización e cultura: Estudos de linguas e as súas respectivas literaturas; Estudos de lingüística e linguas aplicadas e Estudos literarios.

"Trátase dun grao moderno, único, internacional que pode abrir moitísimas portas, vellas e tradicionais, pero tamén modernas e de futuro, que permite coñecer con profundidade as linguas propias e desenvolverse con pericia en non menos de outras dúas, o que permitirá chegar a obxectivos ambiciosos nos eidos da docencia, da comunicación, da investigación e das industrias culturais", resume o decano da FFT sobre o novo grao, que contará para ser impartido co persoal existente no centro e cos espazos dos que dispón agora a facultade, que foron actualizados e mellorados no último ano. Con estes vimbios, o reitor amósase confiado en que o grao se abrirá o oco que merece, así como en que a Universidade de Vigo teña filoloxía galega e filoloxía española sempre. "Temos un cadro de persoal moi potente, cun nivel de investigación e de recoñecemento importantes, o plan de estudos é moderno e moi ben artellado.... Danse as condicións para que a titulación sexa un éxito", sinala Manuel Reigosa ●

Baixo o lema
'Cultura Segura',
regresan de xeito
presencial a
Miteu e o festival
Sonora

A Universidade retoma a súa programación cultural cunha aposta renovada polas creadoras e creadores locais

A estrea será este xoves ás 18.30 horas no Teatro Vidal Bolaño

D. Besadío
DUVI 19/04/2021

Transcorrido máis dun ano do xurdimento da pandemia da covid-19, a Universidade de Vigo retoma esta semana a súa programación cultural e faino máis comprometida que nunca coas creadoras e creadores locais e convencida de que, nestes momentos tan duros para o sector cultural, as institucións públicas deben dar un paso adiante na promoción e valorización da cultura galega. Baixo o lema *Cultura Segura*, o teatro e a música volven á UVigo da man de dous dos seus grandes emblemas: a [Mostra Internacional de Teatro Universitario de Vigo](#), [Miteu](#), que acada así a a súa XXIII edición, e o Festival Sonora, rebautizado como Sonora 2.1, xa que nesta ocasión o concerto contará cunha única actuación.

"Na Universidade de Vigo sempre se fixo unha aposta por unha programación cultural novidosa e de calidade e nestes intres, nos que o sector o está a pasar tan mal, faremos o posible por reforzar o noso apoio ás creadoras e creadores locais", explica a vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria, Natalia Caparrini, quen salienta tamén o feito de que todas as actividades se levarán a cabo baixo o lema *Cultura Segura*, respectando todas as recomendacións que vaian ditando as autoridades sanitarias, de xeito que a comunidade universitaria poida volver a gozar da cultura in situ coa tranquilidade de que son espazos seguros.

XXIII MITEU
MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO UNIVERSITARIO DE VIGO 2021
TEATRO DA CIDADE UNIVERSITARIA DE VIGO ÁS 18:30H
ENTRADA LIBRE ATA COMPLETAR AFORAMENTO
#CULTURASEGURA. RESERVA A TUA BUTACA EN: EXTENSION@UVIGO.GAL OU NO 986 813626 ATA AS 13:00H. DO DÍA DA FUNCIÓN

A emperadora
XOVES 22 de ABRIL
A EMPERADORA
Aula de Teatro Universitaria de Lugo

MÉRCORES 28 de ABRIL
A CASA DA FORZA 2. 52-88
Aula de Teatro Universitaria de Santiago de Compostela

Detalle do cartel da XXIII Miteu coas dúas primeiras obras da programación

A edición máis galega da Miteu, con reserva previa

A estrea da Mostra Internacional de Teatro Universitario de Vigo, Miteu, será este mesmo xoves, 22 de abril, coa representación de *A emperadora*, da Aula de Teatro Universitaria de Lugo, ás 18.30 horas no Teatro Vidal Bolaño da Cidade Universitaria. "Nesta ocasión, debido ás actuais restricións á mobilidade, todas as actuacións van estar protagonizadas polas

aulas de teatro das universidades galegas", explica Alfonso Caride, técnico superior de Actividades Culturais, ao que engade que se as circunstancias mellorasen de xeito considerable podería ampliarse a programación con algunha obra do resto do Estado ou de Portugal. "Pese á pandemia, as aulas de teatro mantiveron os seus ensaios, empregando as máscaras e adaptándose á normativa Covid, e a Miteu será o mellor escaparate para amosar o seu traballo", recalca Caride, quen tamén adianta que dous días antes

redescubrir á nai, a través das anécdotas que van escoitando da defunta as fillas... Unha comedia negra baseada en feitos reais que só podería ter acontecido en Galicia", tal e como se salienta na sinopse.

O programa de actuacións continuará os mércores 28 de abril, 12 e 19 de maio. O 28 de abril farao coa Aula de Teatro Universitaria da USC, que representará a obra *A casa da Forza 2, 52-88*, unha peza centrada nun traballo dramaturxico das páxinas 52 a 88 do texto de Angélica Liddell *La casa de la fuerza* (Ediciones La uña RoTa, 2011, Segovia). O 12 de maio será a quenda da Aula de teatro universitaria de Ourense. Maricastaña 2021 que, baixo a dirección de Fernando Dacosta, porá sobre o escenario *Aínda que siga brillando a lúa*. A clausura da mostra será o mércores 19 de maio cos anfitrións, a Aula de Teatro Universitaria de Vigo, que representará *Tic Tac*, unha obra de Suso de Toro dirixida por Sonia Rúa e Casilda Alfaro.

Todas as representacións serán ás 18.30 horas no Teatro Vidal Bolaño, con entrada libre ata completar as prazas e con reserva previa. "Por motivos de seguridade covid este ano tampouco imos facer dípticos informativos pero os carteis levan incorporado un código QR do que se pode descargar toda a información desta edición da Miteu", engade o técnico de actividades culturais.

de cada posta en escena se lles fará unha PCR a todos os actores e actrices.


Como principal novidade e ante a actual situación sanitaria, para acudir ás representacións é necesario reservar a butaca enviando un correo electrónico a extension@uvigo.gal ou a través do teléfono 986.813.626 ata as 13.00 horas do día da función. A capacidade do Teatro Vidal Bolaño está agora limitada a 49 butacas e, en cada función farase unha listaxe das persoas asistentes que se gardará durante un mes por se fose necesario localizar a alguén.

A obra coa que se vai estreir a Miteu, *A Emperadora*, de Carmen Conde, recrea a vida nunha aldea do rural profundo de Lugo que se ve alterada pola morte dunha das súas veciñas e o seu velorio, ao que se achegan xentes de toda a comarca para darlle a despedida. "Lonxe de tratarse dunha persoa especialmente querida, veñen atraídos polos rumores de como vai vestida. O velorio será toda unha oportunidade de

Sonora 2.1 será o 5 de maio con Laura LaMontagne & Pico Amperio

O regreso da música ao campus será o 5 de maio ás 18.00 horas, tamén no Vidal Bolaño, co Festival Sonora 2.1, unha tarde de música que estará protagonizada por Laura LaMontagne e Pico Amperio, dúo que oscila entre a tradición galego-portuguesa das cantigas de amigo, ritmos electrónicos e ambientes íntimos. Neste caso o espectáculo formúlase a modo de concerto hip hop, cun DJ Set e espazo para a intérprete. Será unha actuación na que se mesturarán voz, samplers, bases, scratch e loops en directo.

Laura LaMontagne e Pico Amperio pasaron xa por festivais como *Atardeceres no Gaiás* ou San Froilán e achegaron música a diferentes actos, entre eles, a apertura da exposición *Galicia. Un relato no mundo*. Tamén interviñeron no programa



Imaxe do dúo composto por Laura LaMontagne e PicoAmperio
Foto: Belén Cordero

musical FEEEL, da BETEVé, e nos ciclos MUBEA, na Alhambra, en Granada. Como recoñecemento ao seu percorrido, conseguiron o primeiro posto na lista demoscópica de Mondosonoro, na edición de Galicia-Castilla León 2019 e, xa no 2020, o seu proxecto foi galardonado co Premio Martín Códax da Música, na categoría de Músicas Urbanas.

Totalmente de balde, ao igual que na Miteu é necesaria reserva previa –no mesmo enderezo electrónico ou número de teléfono- ●

Preto de 150 persoas reúnense nun encontro virtual sobre a lectura en tempos de pandemia

Os beneficios de ler e como achegar a poesía á infancia foron dúas das cuestións abordadas

Eduardo Muñiz
DUVI Pontevedra 22/04/2021

Coas súas 150 prazas cubertas, este xoves botou a andar a terceira edición do [Congreso Internacional de Mediación Lectora](#), un evento que a Universidade de Vigo e o Concello de Pontevedra impulsan dentro da programación do Salón do Libro Infantil e Xuvenil e que ten como eixo o labor dos diferentes axentes que contribúen a achegar a literatura á infancia e á mocidade. Despois de que a covid-19 obrigase a suspendelo o pasado ano, o congreso desenvolve desde este xoves de xeito virtual a súa terceira edición baixo o título de *Emerxencia literaria: ler en tempos de pandemia*. Faino a través do Campus Remoto da Universidade e coa súa inscrición completa por persoas tanto de dentro como de fóra de Galicia, que nas 12 conferencias que integran o seu programa poderán descubrir novas referencias literarias e experiencias de promoción da lectura da man de escritores, ilustradores, educadores e outra serie de profesionais.

“Neste tempo de pandemia a lectura volveu converterse nun resguardo e nun alento, ao mesmo tempo que intensificou o noso espírito reflexivo, aspectos todos eles fundamentais para afrontar o futuro con maior ilusión e decisión”, salientou o vicerreitor do campus, Jorge Soto, na inauguración do congreso. Organizado pola Vicerreitoría, o Concello, a Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte, a Rede Temática de Investigación Lijmi (Literaturas Infantiles y Juveniles en el Marco Ibérico e Iberoamericano) e o Instituto de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela, o congreso celebrará as súas seguintes sesións o 29 de abril e o 6 de maio. Coordinado pola



profesora de Ciencias da Educación e do Deporte Eulalia Agrelo, xunto coa tamén docente da Universidade de Vigo Isabel Mociño e a coordinadora do Salón do Libro, Eva Mejuto, na súa apertura participaron o vicerreitor do campus, que puxo o acento na “relevancia e pertinencia de manter este congreso en tempos de pandemia”, e a concelleira de Cultura, Carme Fouces, que sinalou ao Salón do Libro como o “ecosistema máis acaído” para abordar desde un punto de vista académico o papel da mediación lectora.

Pode a lectura curar?

A escritora Tamara Andrés foi a encargada de conducir, desde a sede da Vicerreitoría, a primeira

xornada do evento, que buscou dar resposta a preguntas como “pode a lectura curar?”, á que tratou de dar resposta o educador Jaume Centelles na primeira das conferencias. Autor de preto dunha vintena de contos e de diversos libros sobre literatura infantil, Centelles fixo referencia a dous estudos publicados recentemente na revista *Social Science & Medicine*, que apuntaban que a lectura “favorecía o benestar emocional”. As investigacións, explicou o que fora mestre e responsable da biblioteca escolar da Escola Sant Josep-El Pi de Hospitalet durante preto de 40 anos, contrapúñan grupos de “xente moi e pouco lectora” e observaban que, no caso dos primeiros, “alongábase a súa vida útil” e os seus niveis de estrés eran menores. Partindo desa referencia, Centelles buscou tamén dar resposta á pregunta

tipo de textos, xa que as “palabras teñen outras motivacións e non teñen unha organización racional”. Por iso, sinalou que a poesía require un proceso de adaptación e achegamento, no que ao seu xuízo é necesario rachar con certos “tópicos” que rodean o xénero. Un deles, salientou, é que “non importa que non sexamos capaces de entender que nos quere transmitir un poeta”, xa que nun poema “as palabras teñen que dicirnos cousas que nós interpretamos desde a nosa propia experiencia”, de tal xeito que un mesmo texto “non di o mesmo a todas as persoas”.

As capacidades da lectura en voz alta, nun relatorio da narradora Charo Pita, e os vínculos entre lectura e videoxogos, da man dos responsables do Museo do Videoxogo Galo Martínez e Luz Castro, formaron parte tamén das temáticas abordadas nesta primeira xornada.

Dous xoves por diante

Trala súa apertura, o congreso continuará o vindeiro 29 de abril, nunha sesión conducida por Sara Vila, que a escritora Mar Benegas falando de obras que abordan temáticas “tabú” na literatura infantil, como a morte. Nesta xornada participarán tamén a ilustradora Luz Beloso, o humorista *Hematocrítico* e o escritor Freddy Gonçalves, que abordará como facer que a mocidade non perda os hábitos lectores adquiridos na infancia.

O congreso pecharase o 6 de maio cunha sesión que abrirá o Premio Nacional de literatura infantil e xuvenil Jordi Sierra i Fabra e que será conducida polo escritor Nee Barros. Nesta xornada, porase o foco en experiencias que vinculan lectura e solidariedade, como a iniciativa Libros que unen, da comunidade educativa Alpartir, de Zaragoza, o proxecto Bubisher, que se leva a cabo no Sahara e o labor de promoción da lectura que realiza en Colombia Diego Alejandro Ruiz. De pechar esta terceira edición encargárase Luz Gallego, responsable da librería Seijas, especializada en literatura infantil e xuvenil ●



Fran Alonso abordou como transmitir a poesía á infancia e á mocidade

de “para que” se le, analizando múltiples opcións, desde que se fai “para saber e atopar respostas” ata por divertimento, para finalmente pór o acento na idea de que “lemos para ter imaxinación, para imaxinar un mundo mellor”.

Como achegarse á poesía

O congreso contou tamén coa intervención do poeta e director editorial de Xerais, Fran Alonso, quen se centrou na transmisión da poesía a un público infantil e xuvenil. Alonso lembrou que este xénero caracterízase pola súa “linguaxe singular”, na que “non existe o esquema tradicional para descodificar unha mensaxe” aplicable a outro

O proxecto Bocats2 regresa ao Atlántico norte para analizar a circulación e a acidificación oceánica

Para avanzar na detección do impacto antropoxénico e mellorar as proxeccións dos modelos climáticos

M. Del Río
DUVI 27/04/2021

O océano, elemento esencial na evolución do clima, acumula actualmente o 93% do exceso de calor e o 31% do exceso de CO₂ xerados pola actividade humana. O clima europeo en xeral, e da península ibérica en particular, está influenciado de maneira moi relevante pola circulación de retorno meridional (CRM), que transporta as augas cálidas superficiais cara o norte e as augas frías profundas cara o sur e xoga un papel crucial no sistema climático, xa que facilita a redistribución do calor, a auga doce e o dióxido de carbono do planeta. De feito, a circulación de retorno meridional amplifica notoriamente a captación de CO₂ antropoxénico (xerado pola actividade humana), superando en máis dun 50% o valor oceánico medio. Pero existen varios estudos que constatan a debilitación recente desta circulación, un fenómeno que segundo o informe do Panel Intergubernamental para o Cambio Climático (IPCC, 2019) se prevé máis acusado nas próximas décadas.

Non obstante, o propio IPCC recoñece que existe unha falta de observacións para poder cuantificar a magnitude desta redución e é neste contexto no que xorde o subproxecto Bocats2 (Observación bienal del carbono, acidificación, transporte y sedimentación en el Atlántico Norte), dirixido polos investigadores do CIM Guillermo Francés (grupo de Oceanografía Xeolóxica e Bioxeoquímica) e Gabriel Rosón (Grupo de Oceanografía Física). Esta iniciativa ten como principal obxectivo "continuar co seguimento observacional (recente e pasado) da circulación e a acidificación oceánicas no Atlántico norte, esencial para avanzar na detección precisa



Gabriel Rosón xunto cos investigadores Irene Alejo e Miguel Ángel Nombela, que tamén participan no proxecto

do impacto antropoxénico e para mellorar as proxeccións dos modelos climáticos axustados que sustentan os informes do IPCC para o xiro subpolar do Atlántico norte (SPNA), rexión coñecida pola súa forte influencia no clima europeo.

Inserida nun proxecto amplo

Bocats2 forma parte dun proxecto máis amplo, coordinado polo Instituto de Investigacións Mariñas (IIM, CSIC), e financiado con 342.430 euros, dos que 124.630 corresponden ao subproxecto da Universidade de Vigo, no marco do programa Xeración de Coñecemento 2019 do

Ministerio de Ciencia e Innovación. O obxectivo fundamental é estudar a variabilidade milenaria e submilenaria das correntes profundas a través das canles que atravesan a dorsal de Reykjanes (zonas de fractura de Bight e de Charlie-Gibbs), ao suroeste de Islandia. Estas dúas zonas de fractura, sobre todo a de CGFZ, constitúen os principais roteiros de comunicación de augas profundas entre as conchas occidental e oriental do Atlántico norte e a súa hidrografía é bastante descoñecida, tanto na actualidade como no pasado, cando estaban baixo outras condicións climáticas globais. Bocats2 tamén pretende seguir coa estimación do fluxo de carbonato e carbono orgánico aos sedimentos, na liña do proxecto precedente (Bocats), aspectos esenciais relacionados coa produción, a acumulación e a preservación deses compostos (ciclo de carbono, acidificación, etc.).

Dúas campañas oceanográficas

Coa posta en marcha desta segunda parte do proxecto Bocats, os investigadores da UVigo continuarán co programa bienal de observación da columna de auga e o estudo de novos rexistros sedimentarios procedentes de lugares clave como as zonas de fractura Bight e Charlie-Gibbs. O proxecto ten previstas dúas campañas oceanográficas, como explican os investigadores, "unha que sairá o 28 de maio de Vigo e outra en 2023", ambas a bordo do B/O Sarmiento de Gamboa.

Durante as primeiras partes das campañas, no traxecto Vigo-Reikiavik, "as medicións da columna de auga realizaranse dentro do marco do programa internacional GO-SHIP para avaliar a variabilidade da circulación profunda do Atlántico norte e mellorar a resolución espazo-temporal das correntes". Ademais, as observacións de alta calidade previstas no SPNA contribuirán á detección temperá da alteración do ciclo do carbono e permitirán a estimación precisa das taxas de almacenamento de calor, CO₂ e N₂O, relacionando estes cambios coa variabilidade da CRM. Nas segundas partes das campañas, é dicir, no traxecto de Reikiavik a Vigo, "obteranse as sondaxes sedimentarias para estimar a dinámica a diferentes escalas temporais das masas de augas profundas e a conexión entre as conchas a través das zonas de fractura durante o Plistoceno Superior e o Holoceno".

En definitiva, explican os investigadores, "avaliaranse os fluxos, nos seus compoñentes natural e antropoxénico, de calor, CO₂ e N₂O, así como os transportes actuais e a escala submilenaria de sedimentos e elementos bioxénicos e o impacto da acidificación nesas escalas mediante a análise dos fluxos de CaCO₃ e carbono orgánico ao sedimento". Ademais, cuantificaranse as taxas actuais de acidificación oceánica, avaliando a situación presente e establecendo proxeccións futuras que permitirán confrontar os resultados das observacións coas predicións dos modelos (GCMs e ESMs do CMIP5-6) para o escenario de quecemento de 2º C, con especial énfase nas taxas de elevación dos horizontes de saturación de aragonita en capas profundas, onde o impacto é potencialmente inminente nos ecosistemas sostidos por organismos calcarios".

Un equipo internacional

O equipo de investigación do proxecto, ademais dos investigadores dos grupos de Oceanografía Xeolóxica e Bioxeoquímica e de Oceanografía Física, conta coa contribución de especialistas do Institut de Ciències del Mar (ICM, CSIC) e o Instituto Tecnolóxico do Mar (Intecmar, Xunta de Galicia). No equipo de traballo colaboran ademais investigadores do National Oceanography Centre (NOC, UK), o Institut Français de Recherche pour l'Exploitation de la Mer (Ifremer, Francia), a University of Bremen (Alemania) e a Royal Holloway University (UK) ●

Este xoves inauguráronse unha serie de paneis divulgativos na dársena da Laxe que explican o proceso

A primeira fase do proxecto Peiraos do Solpor permitiu a fixación de 187 especies ás estruturas somerxidas

Isto permite a captación de 6 kg de CO₂ por cada metro cadrado

M. Del Río
DUVI 29/04/2021

Durante o ano 2020 investigadores do Centro de Investigación Mariña da Universidade de Vigo participaron, da man da Autoridade Portuaria de Vigo, na primeira fase do proxecto Peiraos do Solpor, unha iniciativa que ten como finalidade recuperar e poñer en valor a biodiversidade mariña dos ecosistemas portuarios ao tempo que converte estas zonas nunha ferramenta de concienciación e goce para a cidadanía.

Esta primeira etapa, denominada PuertAIMar, conclúe esta semana as súas actividades tanto científicas como divulgativas. De feito, este xoves presentáronse no Porto de Vigo unha serie de paneis divulgativos así como un balance da eficiencia das estruturas somerxibles para o asentamento de organismos mariños instaladas polos científicos do CIM-UVigo. Neste acto de peche estiveron presentes o presidente de la Autoridade Portuaria de Vigo, Jesús Vázquez Almuíña, xunto cos investigadores do Grupo de Ecoloxía Costeira do Centro de Investigación Mariña (CIM-UVigo) Jesús Troncoso, Mariano Lastra e Jesús López, entre outros, así como unha representante da Asociación Cultural e Deportiva do Porto.

187 especies colonizaron os arrecifes artificiais

Co fin do proxecto PuertAIMar, Promoción da recuperación de áreas alteradas en contornas



marítimo-portuarias e os seus beneficios para o desenvolvemento de actividades pesqueiras: sensibilización e divulgación, conclúe a primeira fase da iniciativa da Autoridade Portuaria de Vigo Peiraos do Solpor, que foi galardoada co Óscar ao Medioambiente. Durante a súa execución, o equipo de investigadores da UVigo deseñou e instalou diversas estruturas para facilitar a restauración de zonas litorais afectadas polas infraestruturas portuarias. A monitoraxe realizada durante os 12 meses posteriores á instalación destes "arrecifes submarinos artificiais para o asentamento de organismos", como explica o catedrático Souza Troncoso, permitiu constatar que se fixaron a eles 187 especies, o que se

traduce nunha captura de CO₂ superior a 6 Kg por metro cadrado.

A divulgación, a outra pata do proxecto

Financiado pola Fundación Biodiversidad a través del Programa Pleamar, o proxecto PuertALMar ten, ademais da compoñente científica, unha vertente divulgativa moi destacada. Durante esta parte da campaña, desenvolvida nas últimas semanas, déronse a coñecer os resultados do proxecto a través de diferentes actividades, facendo fincapé na importancia dos ecosistemas mariños portuarios, a integración das actividades industriais, así como a necesidade de conservar e recuperar ecosistemas costeiros alterados. Para

Outra das iniciativas divulgativas postas en marcha consiste na instalación dos paneis interpretativos presentados este xoves, localizados na dársena da Laxe e nos que a cidadanía poderá observar a colonización e sucesión ecolóxica do litoral portuario. Os carteis están dotados con códigos QR para acceder ao contido multimedia.

Finalmente, a derradeira das actividades de PuertALMar terá lugar mañá, cunha visita organizada pola Autoridade Portuaria de Vigo coa colaboración da Universidade de Vigo e da Asociación Cultural e Deportiva do Porto á zona na que están instadas as estruturas submarinas e os paneis. O percorrido ten como finalidade dar a coñecer aos traballadores da terminal olívica e ás súas familias en que consisten estes peiraos e, para facelo, contarán cun drone subacuático que permitirá aos asistentes mergullarse nestes xardíns mariños xerados a partir das estruturas artificiais somerxidas polos investigadores do CIM-UVigo ●




Mostra da biodiversidade fixada ás estruturas artificiais

isto tiveron lugar xornadas tanto con profesionais do sector, como con escolares e coa cidadanía en xeral.

O obxectivo, ademais de divulgar e perseguir unha maior concienciación ambiental na sociedade, era buscar sinerxías que potenciasen actuacións para favorezan a conservación da natureza. Para iso, a Autoridade Portuaria de Vigo, coa colaboración da Autoridade Portuaria de Melilla e a Universidade de Vigo, impartiron varios talleres en liña con preto de 400 escolares e 50 profesionais do sector da economía azul.






No mes de maio, a universidade, ademais de inaugurar a súa sede institucional no Berbés de Vigo, presentou un novo Plan Estratéxico que aposta pola colaboración público-privada e o achegamento á sociedade.

Neste mes no que a comunidade universitaria participou nunha consulta para opinar sobre a futura situación dos seus centros de traballo e de estudo, o ránking de Shanghai situou a UVigo entre as mellores 75 universidades do mundo en ciencia e tecnoloxía dos alimentos. Pola súa banda, Isabel Pastoriza recibía o Premio a la Excelencia en la Investigación da Real Sociedad Española de Química.

En maio, as tres universidades galegas acordaron impartir as titulacións de grao e de mestrado en intelixencia artificial e a UVigo centralizaba na Escola Aberta de Formación Permanente a súa oferta de títulos propios para unha ensinanza ao longo da vida.



O reitor confirmou que a negociación para adquisición de edificios en Vigo está en "stand-by"

A Universidade presenta un novo Plan Estratégico que aposta pola colaboración público-privada e o achegamento á sociedade

Representantes do tecido empresarial participaron, xunto coa comunidade universitaria, no seu deseño

M. Del Río
DUVI 04/05/2021

O novo Plan Estratégico da Universidade de Vigo dotará á institución académica dunha folla de ruta ata o ano 2026. O documento, froito dun traballo de reflexión conxunta de todos os colectivos da institución e tamén dos axentes sociais, foi presentado este martes en sociedade polo reitor da UVigo, Manuel Reigosa, acompañado dos presidentes das confederacións de empresarios de Galicia e de Pontevedra e do Consello Social, xa que o tecido empresarial formou parte do proceso de deseño desta guía de actuación 2021-2026.

Este Plan Estratégico substitúe ao aprobado en 2008 e nel a institución trata de definir onde e como se desexa ver dentro de cinco anos, delimitando as políticas e as medidas que se deben implantar para facer realidade ese obxectivo. Un dos eixos fundamentais do texto é o achegamento da UVigo á súa contorna, tanto social como económica, poñendo as súas fortalezas ao servizo da sociedade "para que o progreso sexa evidente", como destacaba o reitor. Reigosa agradeceu a colaboración a Juan M. Vieites Baptista de Sousa, presidente da Confederación de Empresarios de Galicia; Ernesto Pedrosa, presidente do Consello Social da Universidade de Vigo; e Jorge Cebreiros, presidente da CEP e o traballo desenvolvido por Elena Rivo, comisionada de Coordinación Institucional e polo profesor Jacobo Porteiro, encargados de pilotar este proceso.



Rivo foi a encargada de presentar un documento feito "con moito agarimo e esforzo nos últimos anos" co que a institución se marcou o obxectivo "de achegarnos cada vez máis á sociedade e ao tecido empresarial". Neste sentido, Reigosa remarcou que "no ADN da Universidade de Vigo sempre estivo a colaboración público-privada" e engadiu que se trata dun "documento vivo" que ser irá actualizando e reformulando segundo as necesidades dunha contorna de crise, "porque queremos ser parte da solución para os problemas que ten Galicia e que ten a nosa sociedade".

Precisamente, o novo Plan Estratéxico inclúe entre os 29 obxectivo que o compoñen, a necesidade de achegar o campus vigués á cidade, trasladando titulacións ou servizos ao centro. A este respecto, ante as preguntas dos medios de comunicación, o reitor lembrou que a institución está a levar a cabo un proceso de debate interno e, mentres non se determine que titulacións teñen interese no traslado, o proceso para adquirir novos edificios está en "stand-by", en referencia tanto aos inmobles de López Mora como ás instalacións da ETEA.

Un proceso de conxunto cheo de sinerxías

Tanto os presidentes da CEG e da CEP, Vieites e Cebreiros, como do Consello Social, Pedrosa, amosaron a súa "satisfacción" polo feito de que Universidade involucrase ao tecido empresarial no proceso de elaboración do novo texto. Este é, segundo o presidente da CEP "o Plan Estratéxico da Universidade de Vigo, pero tamén é o Plan Estratéxico do sur de Galicia e mesmo diría que de toda Galicia, porque na medida na que a UVigo traballe nestas liñas trazadas e acade o éxito, será un éxito tamén para a cidadanía, para Galicia e para as confederacións de empresarios".

Respecto dos obxectivos marcados neste plan, Vieites puxo en valor a importancia da formación ao longo da vida, a formación flexible que se adapte ás "sempre cambiantes necesidade das empresas", a dixitalización e o fortalecemento dos lazos entre a institución académica e a sociedade. De feito, respecto dos 29 obxectivos recollidos no Plan Estratéxico, Vieites destacou tres que, dende a CEG, lles parecen relevantes: desenvolver programas formativos conxuntos coas empresas e coas institucións que melloren a empregabilidade do estudantado; desenvolver unha oferta de titulacións propias, tanto presencial como en liña, que responda ás necesidades da contorna; e impulsar a colaboración público-privada.

Pedrosa, pola súa banda, remarcou o papel que as universidades desenvolveron durante a pandemia, tendo que adaptarse a situacións cambiantes, desenvolvendo a docencia virtual, dando resposta ás demandas da sociedade e poñendo en marcha proxectos para facerlle fronte á covid-19. "Como sociedade desconcertada convocamos

e invocamos máis ca nunca ás universidades", apuntaba, que executaron a súa "potente capacidade de reacción". Agora, explicaba, neste documento recóllese o que debe ser "esa nova universidade ideal", un texto que serve para "vehiculizar as zonas de paso entre a Universidade e a sociedade" poñéndose "ao servizo das persoas, da cidadanía no seu conxunto, do servizo e da transparencia".

29 obxectivos para cinco anos

Elena Rivo foi a encargada de presentar os detalles do documento, que se elaborou a partir dunha diagnose DAFO (Debilidades-Amezas-



Fortalezas-Oportunidades) tanto interna como externa. No proceso redefiniuse a misión da institución, fixándose como meta "contribuír á mellora da vida das persoas e da súa contorna socioeconómica a través da docencia, da investigación e da transferencia de coñecemento". Tamén se identificaron cinco eixos arredor dos que xirou todo o proceso (formación; investigación e transferencia; persoas; organización e os recursos e relación coa sociedade) así como tres valores transversais que están presentes en todo o plan (fomento da lingua galega, defensa da igualdade e internacionalización). A isto súmanse os obxectivos de desenvolvemento sostibilidade e Axenda 2030, cos que a Universidade de Vigo está aliñada. A partir destes datos, artelláronse os 29

obxectivos que a UVigo aspira a desenvolver nos próximos cinco anos, cada un deles con accións e con indicadores que permiten determinar o seu grao de cumprimento e as tarefas pendentes de realizar para acadalos.

Proceso de elaboración do Plan Estratégico

O proceso de elaboración do Plan Estratégico estivo dirixido por un comité nomeado polo Claustro e coordinado por Jacobo Porteiro. O proceso arrincou en febreiro de 2019, cando o Claustro aprobou o procedemento para a súa elaboración. En outubro de 2020, no Claustro



Pedrosa, Reigosa, Vieites e Cebreiros, xunto con Elena Rivo

informouse da finalización do primeiro borrador e da súa posterior exposición pública. Tras revisar as emendas e incorporar as modificacións, foi o 16 de decembro de 2020 cando o Claustro aprobou a proposta de Plan Estratégico, remita tamén ao Consello de Goberno, que lle deu o visto e prace o 21 de decembro. O último trámite foi a aprobación por parte do Consello Social o 23 de decembro.

O traballo artellouse arredor de tres grupos de traballo, ás que se sumou, como explicou Rivo, unha Comisión de Seguimento, que permitirá avaliar o nivel de cumprimento dos 29 obxectivos anualmente, así como adaptar e mellorar o plan de acordo co contexto e os cambios da contorna.

A negociación para adquisición de edificios no centro de Vigo, en "stand-by"

O obxectivo 12 do Plan Estratégico apunta á necesidade de reducir a distancia e o tempo dos desprazamentos entre os núcleos urbanos e os campus. Isto implica, segundo se recolle no documento, desprazar centros e servizos ao centro da cidade de Vigo e mellorar as condicións do transporte público aos campus. Respecto deste proceso, o reitor lembrou que as decisións que se tomen serán por consenso e mentres non as haxa, os procesos de negociación para a adquisición de inmobles tanto en López Mora como na ETEA están en "stand-by" ata saber se existe interese real de algún centro para o traslado. Respecto desta última localización, o reitor aposta porque a UVigo estea presente no polo mariño que se vai xerar co traslado dos dous centros do CSIC relacionados coa investigación mariña. "É unha xanela de oportunidade que non debería deixar pasar", ben sexa a través do traslado de investigadores, da escola de posgrao ou facendo "algo máis rompedor como é mover unha ou varias facultades".

En calquera caso, puntualizaba o reitor, "o debate debe ser profundo e sosegado dentro da comunidade universitaria" e, de momento, o equipo de goberno ten en marcha dúas enquisas, unha entre 14.000 egresados da institución e outra entre todos os institutos de Galicia para coñecer como influiría a situación das escolas e facultades á hora de elixir estudos. En ambos casos xa se recibiron máis de 1000 respostas. En próximas datas porase en marcha unha terceira enquisa, centrada na comunidade universitaria, coa intención de coñecer a postura de cada escola e facultade respecto do posible traslado de títulos. Neste sentido, o reitor remarcou que será cada centro o que decide se aposta ou non por iniciar o proceso de cambio de sede tanto a López Mora ou á ETEA como a outras posibles localizacións que poida xurdir no futuro.

[Vídeo completo do evento](#) ●

Este martes
asinouse un
acordo para a súa
posta en marcha
a partir do curso
2022/2023

As tres universidades galegas impartirán as titulacións de grao e mestrado en Intelixencia Artificial

Na UVigo será na Escola Superior de Enxeñaría Informática do campus de Ourense

DUVI Ourense 04/05/2021

A Xunta de Galicia e as tres universidades galegas asinaron este martes en Santiago de Compostela un acordo polo que as titulacións de grao e mestrado en Intelixencia Artificial serán interuniversitarias, por considerar "importante garantir o equilibrio territorial que facilite o acceso máis xeneralizado posible a este tipo de estudos tendo en contra a súa influencia económica e social nos vindeiros anos", tal e como recolle o documento. A previsión é que a súa posta en marcha teña lugar nas tres universidades galegas a partir do curso 2022/2023 cunha oferta total de 150 prazas de grao e 60 de mestrado. No caso da Universidade de Vigo será impartida na Escola Superior de Enxeñaría Informática do campus de Ourense.

A presentación do acordo contou coa participación de Alberto Núñez Feijóo, presidente da Xunta de Galicia; Román Rodríguez, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade; Manuel Reigosa, reitor da Universidade de Vigo; Julio Abalde, reitor da Universidade da Coruña, e Antonio López, reitor da Universidade de Santiago de Compostela. Nela, o presidente do Goberno galego destacou a colaboración entre a Xunta e as tres universidades galegas para acadar este acordo para dúas titulacións que, aseverou, contan cunha gran demanda e cunha enorme proxección de futuro, xa que se agarda que os seus titulados e tituladas acaden practicamente o pleno emprego, ademais de ofrecer diversas saídas laborais en áreas como a análise de datos, a robótica, o internet das cousas. Ademais,



Antonio López, Manuel Reigosa, Julio Abalde, Román Rodríguez e Alberto Núñez Feijóo no acto de sinatura

Núñez Feijóo asegurou que a posta en marcha destas titulacións achegará un valor diferencial ao Sistema Universitario Galego.

"O feito de chegar a un acordo supón unha excelente nova, que vai permitir que o alumnado galego acceda, nas tres universidades, aos estudos de grao e de mestrado en Intelixencia Artificial", comentou tras o acordo Manuel Reigosa, facendo fincapé na importancia de "que entre todos fomos quen de acadar un total consenso sobre esta solución, que penso que é positiva para todos". Así, o responsable académico recalcou como "cando hai unha idea compartida sobre o desenvolvemento do Sistema

Universitario de Galicia, con tres universidades e sete campus, e se pon por diante o beneficio do alumnado e da sociedade galega, non é tan difícil acadar consensos". Neste senso, quixo "louvar e agradecer o esforzo conxunto do SUG (tanto da consellaría coma das tres universidades públicas galegas) para atopar a que penso que é unha excelente solución".

150 prazas de grao e 60 de mestrado

Segundo recolle o acordo, tanto o grao como o mestrado en Intelixencia Artificial terán a consideración de titulacións interuniversitarias entre as tres universidades públicas galegas. Os títulos de grao/mestrado impartiranse nos centros onde actualmente se están a ofertar os graos en Enxeñaría Informática en cada unha das universidades: Escola Superior de Enxeñaría Informática (Universidade de Vigo- Campus de Ourense); Escola Técnica Superior de Enxeñaría (Universidade de Santiago de Compostela) e Facultade de Informática (Universidade da Coruña).

Cada universidade ofertará anualmente 50 prazas de novo acceso para o título de grao (150 en total) e 20 prazas de novo acceso para o título de mestrado (60 en total). O plan de estudos contemplará unha duración de catro anos estruturado do seguinte xeito seguinte: o primeiro e segundo cursos serán comúns ás tres universidades e no terceiro e cuarto cada universidade ofertará itinerarios, orientacións ou intensificacións diferentes que terán en conta as capacidades do profesorado dispoñible e a especialización dos campus. A intención é que as titulacións de grao e/ou mestrado poidan impartirse a partir do curso académico 2022/2023, sempre que os procesos de elaboración das memorias de verificación, que agora se comezan a realizar, e o proceso de verificación o permitan.

Pulo ao campus de Ourense

Sobre as características das novas titulacións, Manuel Reigosa comentou que "é un grao común, cun plan de estudos único e dous cursos comúns, pero que se vai a impartir en cada campus". Esta solución, afirmou, "é moi boa, pois permitirá

aproveitar os recursos complementarios das tres institucións e dará moi bo servizo no campus de Ourense, abrindo unha oferta máis variada para a formación nun eido que ten xa moito presente pero que aínda terá máis importancia no futuro". Neste momento, dixo o reitor da UVigo, unha comisión conxunta das tres universidades está xa a traballar para atopar as mellores especializacións complementarias que permitan optimizar as posibilidades que abre o capital humano de cada institución. "Estou seguro de que teremos un acordo a non tardar moito sobre eses dous cursos diferenciados nas tres universidades", afirmou. Por último, Manuel Reigosa tamén quixo agradecer o traballo realizado pola Escola Superior de Enxeñaría Informática de Ourense e nomeadamente polo seu equipo directivo na consecución destas titulacións.

Pola súa banda, respecto ao acordo acadado Francisco Javier Rodríguez, director da Escola Superior de Enxeñaría Informática do campus de Ourense (ESEI), salientou que "consideramos que é unha clara aposta de futuro para a formación dos mellores profesionais nesta materia en Galicia. Implica unha pulo decidido do Goberno galego e das tres universidades por un maior desenvolvemento das competencias da enxeñaría informática, adiantándose ás necesidades futuras do mercado laboral". Así, o responsable académico apuntou como a súa sinatura supón "unha boa noticia para o noso centro, para o noso campus e para a cidade de Ourense e por suposto, para a nosa Universidade. A futura implantación do grao e do mestrado en Intelixencia Artificial, como complemento ás titulacións xa existentes, converterá á ESEI no centro de formación nas TIC de referencia do sur de Galicia". Unha vez asinado o acordo, indicou Francisco Javier Rodríguez, "toca traballar arreo para a súa implantación tal como nos demandan as empresas TIC e a sociedade no seu conxunto" ●

A investigadora considéao “un recoñecemento ao labor do grupo de Nanobiomateriais Funcionais”

Isabel Pastoriza, Premio a la Excelencia Investigadora 2021 da Real Sociedad Española de Química

A docente e investigadora da UVigo é a única representante dunha institución galega

Mª del Carmen Echevarría Figueroa
DUVI 06/05/2021

“Un recoñecemento ao labor investigador que levamos facendo no grupo de Nanobiomateriais Funcionais (ata hai pouco Grupo de Química Coloidal) nos últimos anos. Polo tanto supón unha grande alegría para min”. Así valora a docente e investigadora da UVigo Isabel Pastoriza Santos o Premio a la Excelencia Investigadora 2021 que lle outorga a [Real Sociedad Española de Química](#) e que se insire dentro dos galardóns que a RSEQ entrega todos os anos, e cos que tamén recoñece noutras categorías a novas e novos investigadores, unha carreira distinguida, a tarefa educativa e divulgativa de docentes de ensino preuniversitarios e colaboracións con outras sociedades. A estes galardóns súmase a medalla de ouro da Real Sociedade, que recoñece a traxectoria de excelencia dun dous seus membros, con atención a súa singularidade, visibilidade internacional e liderado actual na disciplina.

Xunto a Pastoriza, David Díaz, da Universidade de Ratisbona/Universidad de la Laguna; Eva Hevia da Universidade de Berna e Aurelio Mateo do centro Polymat da Universidade do País Vasco, recibirán os outros tres premios á Excelencia Investigadora 2021 cos que a RSEQ galardoa a traxectoria científica independente e o liderado científico durante os últimos cinco anos das persoas premiadas. “É un recoñecemento a nivel nacional e axuda a darte a coñecer entre as diferentes ramas da Química”, explica Pastoriza en relación con este galardón, que recoñecerá ás persoas premiadas cun diploma e unha dotación



económica. A docente e investigadora da UVigo é a única representante dunha institución galega que recibe un dos galardóns que outorga este ano a RSEQ, unha asociación científica sen carácter lucrativo, que ten como principal obxectivo promover, desenvolver e difundir en España a disciplina da Química, tanto no seu aspecto de ciencia pura como no das súas aplicacións. “Leva a cabo un papel moi importante impulsando o progreso do coñecemento, o ensino e a investigación en Química en España, así como tamén, difundindo todos os aspectos da Química e contribuíndo ao benestar social, promovendo a edición de publicacións e a organización de

reunións, congresos, cursos, conferencias, etc.",
enumera Isabel Pastoriza.

Nanomateriais funcionais para o desenvolvemento de sensores ultrasensibles

Xunto ao resto das e dos integrantes do seu grupo de investigación, a docente e investigadora da UVigo traballa neste intre en diferentes proxectos que teñen en común que se centran no deseño e fabricación de nanomateriais funcionais para o desenvolvemento de sensores ultrasensibles para ser empregados, tanto no eido ambiental, coma no da nanomedicina.

Con anterioridade á docente e investigadora do Departamento de Química Física da UVigo, o catedrático en excedencia e agora director científico do CIC bioGune en San Sebastián, Luis M. Liz-Marzán recibira o recoñecemento da RSEQ, no seu caso o máximo galardón da asociación: a Medalla de Ouro ●

A Universidade alíase coa Fundación Celta para a posta en marcha de títulos propios vinculados co deporte

O acordo estenderase a todo tipo de proxectos culturais e deportivos de interese común

DUVI 06/05/2021

O reitor da Universidade, Manuel Reigosa, e o presidente do RC Celta e da súa fundación, Carlos Mouriño, asinaron este xoves un convenio marco de colaboración polo que ambas entidades se comprometen a pórse mans á obra na posta en marcha de diferentes iniciativas conxuntas, entre elas, a organización e desenvolvemento de títulos propios vinculados especialmente ao ámbito do deporte e a súa xestión. Será o inicio dun "ilusionante camiño que aproximará o mundo académico e o do fútbol", segundo se subliñou desde ambas entidades.

A colaboración estenderase a todas as actividades académicas das titulacións oficiais da Universidade de Vigo vinculadas ao ámbito deportivo, así como a todo tipo de proxectos culturais e deportivos de interese común. A maiores, o convenio contempla tamén o estudo de diferentes liñas de apoio aos estudantes da UVigo que forman parte dos equipos do Real Club Celta.

O convenio ten unha duración inicial de dous anos, de carácter prorrogable, e a súa sinatura levouse a cabo no salón rexio de A Sede nun acto ao tamén asistiron M^a José Moure, directora da Escola Aberta de Formación Permanente da Universidade de Vigo, e o profesor do Departamento de Economía Financeira e Contabilidade Xavier Martínez Cobas, moi vinculado ao RC Celta, entidade da que exerceu como director xeral. Por parte do Celta, ademais



O reitor, Manuel Reigosa, e o presidente do RC Celta, Carlos Mouriño

do presidente, contouse tamén coa participación do director da súa fundación, Germán Arteta ●

UVigo SpaceLab porá en órbita un nanosatélite para analizar o comportamento de microorganismos no espazo

A asociación de estudantes traballa xa no deseño da carga útil do CubeSat que agarda lanzar en 2023

Rebeca López Villar
DUVI 11/05/2021

Nun contexto no que moitas axencias espaciais pensan na posibilidade de realizar viaxes a Marte, unha vintena de estudantes de catro enxeñarías dos campus de Ourense e Vigo puxo en marcha [UVigo SpaceLab](#), un equipo multidisciplinar dedicado ao deseño, fabricación e operación de pequenos satélites e misións espaciais no eido da educación. Conscientes das grandes perspectivas de futuro deste sector e co apoio de investigadores e empresas, os membros de SpaceLab traballan desde hai meses nunha misión biolóxica que ten por obxectivo analizar os efectos reais da exposición prolongada dos microorganismos ao medio espacial.

O proxecto denominado BIXO (Bacteriological Intercommunication eXperiment) ten un horizonte temporal de tres anos e, de cara as seguintes etapas, a asociación busca novos membros a través dunha [convocatoria](#) dispoñible para todas as alumnas e alumnos da Universidade ata o vindeiro 27 de maio.

Levar vida ao espazo, "unha misión innovadora e útil para a exploración espacial futura"

BIXO xurdiu cando un dos membros de UVigo SpaceLab convenceu a todo o equipo para levar vida ao espazo, "unha proposta prometedora" que permitiría "contribuír á exploración espacial



Visita ao Cinbio. De esquerda a dereita: Manuel Vale, Lucía Amaro, Isabel Pastoriza, Gustavo Bodelón, Jorge Pérez, Carmen Sieiro e Manuel Diz

futura". Unha vez definido o propósito da súa misión, SpaceLab contactou coas expertas e expertos co Centro de Investigación Biomédica da Universidade de Vigo, Cinbio, que, como afirman os estudantes que conforman o laboratorio, "axudaron a desenvolver o concepto do experimento e chegar onde nos atopamos actualmente".

O proxecto BIXO ten a finalidade de "entender como afecta a exposición prolongada ao ambiente espacial, tanto nos humanos como nos organismos que viaxan con eles". Para cumprir este obxectivo, enviaranse cultivos bacterianos ao espazo a través de tarxetas de miliflúida nun



Andrés Rabuñal e Saúl Blanco probando distintos algoritmos do ADCS na delegación de Ourense

CubeSat, un satélite de pequenas dimensións. A análise dos datos das mostras comezará cando este nanosatélite estea en órbita e, grazas aos seus sensores, terá en consideración distintos parámetros do comportamento dos microorganismos, como o seu crecemento ou a posible comunicación intercelular bacteriana.

A importancia dos procesos examinados é máxima xa que poden influír na saúde e seguridade das astronautas. No caso dos patóxenos é evidente, pois tanto o seu desenvolvemento como a comunicación intercelular poden xerar resistencia aos antibióticos, crear biofilms ou mesmo orixinar factores virulentos.

Cada vez máis preto do obxectivo

O calendario de traballo do proxecto BIXO conta con varias etapas, fixadas en base aos estándares ECSS, European Cooperation for Space Standardization, da Axencia Espacial Europea. Despois de acadar o primeiro punto do seu programa, UVigo SpaceLab atópase na fase A, pois segundo Manuel Diz, un dos integrantes do grupo, "logramos definir a misión e todos os requisitos necesarios para obter os datos que buscamos, e agora comeza o desenvolvemento dos subsistemas e da carga útil que levará a cabo o experimento en órbita".

O plan para este 2021 é completar as fases A e B, que supoñen o deseño preliminar e o prototipo da estrutura e os distintos subsistemas. En 2022, a asociación centrarase nos pasos C e D, comezando coa ensamblaxe e verificación da misión. Paralelamente, UVigo SpaceLab executará

probos preliminares cos organismos que serán enviados no CubeSat, "para asegurar que poderán sobrevivir á viaxe".

Na última etapa, "non antes de 2023", lanzarase o CubeSat a súa órbita obxectivo. O experimento prolongarase entón nove meses, que é o tempo que duraría unha viaxe entre a Terra e Marte na actualidade, como explican os estudantes. Nese tempo, as investigadoras e investigadores descubrirán as diferenzas entre os procesos ocorridos no espazo e os que suceden no contexto terrestre e poderán demostrar que o envío de microorganismos en viaxes longas é viable para a consecución doutros fines.

De acordo con Diz, a acollida do proxecto foi moi positiva "dentro do ámbito da Universidade de Vigo, entre o estudiantado e persoal das distintas escolas e facultades", pero tamén fóra, xa que nos últimos meses a misión incorporou diversas empresas patrocinadoras. Dentro da Universidade, o grupo conta coa colaboración da catedrática Carmen Sieiro, para o deseño da investigación biolóxica, e dos profesores Isabel Pastoriza e Jorge Pérez, do Departamento de Química Física. Así mesmo, todo o traballo está a ser analizado polos docentes Arno Formella, Fermín Navarro e Fernando Aguado, que tamén é responsable da Agrupación Aeroespacial da UVigo.

Á busca de máis integrantes para a asociación

Nacido no ano 2020, o equipo de UVigo SpaceLab abrangue actualmente estudiantado das escolas de enxeñaría de Telecomunicación, Aeronáutica e do Espazo, Industrial e da Escola Superior de Enxeñaría Informática.

Sabedores dos desafíos dos vindeiros anos e co fin de ampliar o grupo e a súa capacidade de traballo, os membros de SpaceLab acaban de lanzar unha convocatoria aberta a todo o alumnado da Universidade ata o 27 de maio. As candidatas e candidatos deberán cubrir un [formulario en liña](#), acudir a unha entrevista e, no caso de seren seleccionados, participar nunha formación extensa no eido dos pequenos satélites. O único requisito de inscrición é "ter ganas de participar nunha misión apaixonante" ●

Coa palabra, coa música e coa fotografía, unha homenaxe a Xela Arias

Nel entregáronse os Premios de poesía, relato curto e tradución 2021 da institución académica

DUVI Ourense 13/05/2021

A que un día foi tamén a súa universidade, a Universidade de Vigo, uniuse este xoves á homenaxe que se lle rende este ano no Día das Letras Galegas a Xela Arias. Familiares da escritora, autoridades, membros da comunidade universitaria e futuros mestres e mestras coma a escritora lucense déronse cita nun acto na Facultade de Educación e Traballo Social do campus de Ourense no que, recollendo o gusto de Xela por achegar a poesía a outras artes, a través da palabra, da fotografía e da música se quixo render tributo a esta poeta, tradutora e mestra.

A homenaxe contou coa presenza de Manuel Reigosa, reitor da Universidade de Vigo; Valentín García, secretario xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia; Esther de Blas, vicerreitora do Campus de Ourense; Mónica Valderrama, vicerreitora de Comunicación e Relacións Institucionais; Xosé Manuel Cid, decano da Facultade de Educación e Traballo Social; José Montero, decano da Facultade de Filoloxía e Tradución, e Fernando Ramallo, director da Área de Normalización Lingüística. Nas súas palabras, o reitor da UVigo quixo destacar "a importancia da figura de Xela Arias para o desenvolvemento da nosa cultura", unha figura que, afirmou, "axigántase, faise cada vez máis grande e nos vai permitir chegar con ese afán de modernidade a unha nova xeración de galegos e galegas que seguramente van sentirse moito máis cómodos e orgullosos da súa lingua, da súa cultura e de como somos os galegos e galegas". Manuel Reigosa subliñou a relevancia de pór en valor o legado cultural e de traballar desde o eido universitario pola normalización lingüística, para rematar desexando "mil primaveras máis para a nosa lingua". Igualmente, Monica Valderrama recalcou como Xela Arias foi "unha figura



transgresora, adiantada ao seu tempo, que pola súa obra e imaxe é unha oportunidade para achegar a creación literaria a un público máis novo".

Pola súa banda, Valentín García destacou a relevancia da conmemoración do Día das Letras Galegas sinalando como "non é nada común que un país renda un tributo desta categoría á súa lingua, á súa literatura, á súa cultura". Da homenaxeada este ano salientou como "foi unha gran mestra, de vida, de estética literaria, de ética, e tamén mestra de profesión, filla dun gran mestre, Valentín Arias, e nai de Darío, que tamén é mestre". Ademais, o secretario xeral gabou o compromiso da Universidade de Vigo no impulso e defensa da lingua galega, algo que, afirmou, "nos enche de honra como país".

Exposición A poesía do retrato

O acto, que levou por título *Día das Letras Galegas. O Día das Letras con voz de muller: de Rosalía de Castro a Xela Arias*, estivo organizado por profesorado da Facultade de Educación e Traballo Social, coas profesoras Ana Iglesias, amiga e compañeira de estudos na UVigo de Xela Arias, e Isabel Mociño á cabeza. A homenaxe arrancou coa presentación da exposición *Xela Arias. A poesía do retrato*, ubicada no Paseo da Igualdade dos xardíns do campus de Ourense. A mostra recompila unha colección de poemas da autora xunto a outros tantos retratos dela realizados polo fotógrafo Xulio Gil nos anos 80 e 90, cando os dous eran parella. Trátase de 23 poemas en interacción con outros 23 retratos en branco e negro da escritora no seu período vital dos 26 aos 40 anos seleccionados por Xosé Enrique Acuña entre as máis de 400 fotografías de Xela Arias que forman parte do arquivo persoal do fotógrafo. A exposición foi presentada polo propio Xulio Gil, que destacou como el era "o fotógrafo de cabeceira de Xela" ao igual que ela era a súa "poeta de cabeira". Amosando o orgullo que supón o recoñecemento da escritora nesta edición das Letras Galegas, o fotógrafo comentou a súa satisfacción pola "imaxe de modernidade, de dinamismo" que proxecta cara o galego a figura de Xela Arias, "unha imaxe de proximidade e modernidade que creo que a cultura necesita". A mesma satisfacción foi compartida pola nai de Xela Arias, Amparo Castaño, presente no acto e que expresou a súa gratitude á institución académica e á sociedade galega no seu conxunto pola homenaxe rendida á súa filla.

Premios de poesía, relato curto e tradución 2021

Tras a presentación da mostra, a homenaxe contou coa entrega dos Premios de Poesía, Relato Curto e Tradución 2021, convocados pola Área de Normalización Lingüística da UVigo co obxectivo de distinguir o talento literario dos membros da comunidade universitaria. Na modalidade de poesía, o primeiro premio foi para Branca Trigo, polo poemario *Cyberfolk*. Ademais, concedéronse dous accésit, o primeiro para Noelia Estévez, por *A outra morte de Annabel Lee*, e o segundo para Mercedes Martínez, por *Problemas de millennial*. En relato curto, o primeiro premio foi para Fabio



A exposición 'Xela Arias. A poesía do retrato' ubicada no Paseo da Igualdade do campus



Joaquín García, galardoado dos Premios de poesía, relato curto e tradución 2021

Rivas, polo relato *O Forxán e os asteroides*. O primeiro dos accésit nesta modalidade foi para Beatriz Comendador, por *A urdime*, e o segundo para Clara Costas, por *Un valse co teu recordo*. Por último, en tradución o primeiro premio recaeu en Joaquín García, pola tradución dun texto escrito en portugués por José Luis Peixoto e o primeiro accésit en Adrián Presas, pola tradución dun texto escrito en catalán por Irene Solà.

O xurado desta edición dos premios, dotados cun total de 3600 euros e a edición das obras premiadas nun monográfico, estivo formado por Anxo Angueira, Jorge Luis Bueno e Liliana Valado (profesorado da Universidade de Vigo); Lourdes Lorenzo (directora do Departamento de Tradución e Lingüística da UVigo); Fernando Ramallo (director da Área de Normalización Lingüística da UVigo); Francisco Alonso (director de Edicións Xerais de Galicia); Luís López Alonso (poeta) e Manuel Lorenzo Baleirón (membro da Fundación Rosalía de Castro).

Máis programación

A homenaxe, que foi retransmitida en directo por UVigo TV, tamén contou unha conferencia da filóloga Chus Nogueira na que fixo un detallado percorrido pola vida e obra da escritora, destacando como ambas estaban intimamente ligadas. De Xela Arias subliñou aspectos como que introduciu "a temática urbana, moi pouco patente na poesía galega" e como foi "unha voz rupturista". A dedicación este ano das Letras Galegas, apuntou a filóloga, ofrece unha oportunidade moi boa "para volver á lectura dunha obra, que ao igual que a vida da súa autora, é rica, inesgotable e independente". Tras a súa conferencia Clara Pino, compañeira de estudos de Xela Arias no seu paso pola Universidade de Vigo, acompañada de Pablo Vidal, puxo música a poemas de Rosalía de Castro e de Xela Arias. Por último, durante o acto tamén se estreou unha peza audiovisual feita polas tres universidades galegas co apoio da Xunta de Galicia titulada *A universidade, un espazo idóneo para o galego*. Nela alumnado dos diferentes campus avoga polo uso do galego e por "ser un máis e non un menos" á hora de empregalo e de garantir o seu futuro ●

Dúas semanas para que PDI, PAS e alumnado do campus de As Lagoas-Marcosende opine sobre a futura situación do seu centro

Os traslados están condicionados ao resultado da enquisa e das consultas ás xuntas de centro

DUVI 18/05/2021

Desde hoxe e durante dúas semanas o persoal docente e investigador (PDI), o persoal de administración e servizos (PAS) e o alumnado dos centros localizados no campus de As Lagoas-Marcosende da UVigo poderán participar na consulta á comunidade universitaria co obxectivo de, en palabras do reitor, Manuel Reigosa, "pensando en obter a máxima transparencia e participación, clarexar as opinións ao respecto da impartición de docencia no centro de Vigo". A enquisa, cuxo texto foi consensuado nunha comisión de claustrais, pregunta aos membros da comunidade universitaria sobre onde preferirían que estivese situado o seu centro de traballo ou de estudos, ofrecendo tres posibles respostas: "no campus Lagoas-Marcosende"; "na cidade" e "non teño unha opinión definida", así como a posibilidade de incluír un breve comentario. A consulta adxunta información gráfica e un [texto](#) no que se explica que neste intre existe a posibilidade de situar algunhas titulacións na cidade, concretamente en tres edificios da rúa López Mora, cunha superficie máxima de 17.000 m², "que poderían servir para ampliar o servizo de biblioteca e da sala de lectura do campus cidade e para acoller varios mestrados e incluso un título de grao, se así se decidise", e nos espazos da antiga ETEA en Teis, "onde se poderían instalar titulacións do ámbito científico relacionadas coa investigación mariña", ademais do Centro de Investigación Mariña (CIM).



A enquisa, na que tamén se pregunta sobre o tempo de traxecto entre o domicilio e o centro de traballo, facultade ou escola; o número de desprazamentos semanais e medio de transporte máis frecuente, "faise a través de Secretaría Virtual, identificándose as persoas participantes ao inicio, pero gardando os datos de xeito anónimo. Só poden responder as persoas que forman parte do centro neste momento e só o poden facer unha vez", detalla o reitor en relación coa enquisa, que se circunscribirá a facultades e escolas do campus e que permite separar os datos obtidos por centros e sectores. Reigosa

anima á comunidade universitaria a que faga constar a súa opinión sobre “unha posibilidade que ten un carácter disruptivo”, ao tempo que agarda que os comentarios que PDI, PAS e alumnado redacten na enquisa, “nos permita calibrar mellor posibles actividades ou servizos que sexa desexable leva á cidade”.

Traslados condicionados ao resultado da enquisa e ás xuntas de centro

Unha vez finalizado o período establecido para a realización da enquisa, o resultado porase a disposición dos membros das xuntas de centro, que deberán a súa vez, pronunciarse sobre a posibilidade de que se imparta docencia no centro de Vigo. “Garantimos que é condición necesaria, pero non suficiente, para que propoñamos que un determinado centro mova as súas titulacións desde o campus de As Lagoas ata o casco urbano, que esta consulta sexa positiva e que a Xunta de Centro o aprobe. Con que unha das dúas resulte negativa, xa non haberá posibilidade algunha de que se considere o movemento desas titulacións”, reitera o reitor.

Se a enquisa fose negativa, xa impediría que un centro apostase por mover titulacións cara á cidade, e as xuntas de centro poderán facer o mesmo, de xeito independente. “Ao final, unha vez teñamos toda a información, será responsabilidade do equipo de goberno presentar unha proposta o máis consensuada posible para a súa aprobación polos órganos de goberno”, explica Reigosa, que rexeita que se estea insinuar que o campus de As Lagoas-Marcosende deixe de ser atractivo. “En absoluto, trátase dun campus único, con edificios e contorna de extraordinaria beleza, onde se segue investigando, ensinando e transferindo, así como gozando da vida saudable nas súas instalacións deportivas ou utilizando sendas para pasear”, detalla o reitor ●

A UVigo centraliza na Escola Aberta de Formación Permanente a súa oferta de títulos propios para unha “ensinanza ao longo da vida”

Na presentación o reitor avanzou que o acto de inauguración do edificio do Berbés será o 31 de maio

M. Del Río
DUVI 19/05/2021

A formación ao longo da vida, a reciclaxe de coñecementos, as habilidades transversais... Nos novos escenarios educativos e laborais a titulación universitaria non é suficiente, é preciso que as persoas traballadoras adapten os seus coñecementos ás necesidades da contorna ao longo de toda a súa vida profesional. Nese contexto as universidades teñen un papel fundamental ofertando unha formación complementaria “ao longo da vida” que, no caso da Universidade de Vigo, se vai articular a partir de agora baixo un único paraguas: a [Escola Aberta de Formación Permanente](#). A súa creación foi aprobada polo Claustro no mes de outubro e este mércores presentouse en sociedade como unha estrutura que evite a dispersión tanto organizativa como normativa, decisoria e de xestión das ensinanzas non oficiais da Universidade de Vigo.

Ante os medios de comunicación o reitor da Universidade, Manuel Reigosa, expresou a súa “enorme satisfacción” por poder presentar esta iniciativa que é “unha fiestra aberta ao futuro”. A súa posta en marcha estaba recollida no programa electoral do actual equipo de goberno como un eixo estratéxico de apertura a toda a sociedade mediante unha oferta de títulos propios coordinada, de calidade e adaptada á demanda. Como explicaba o reitor no acto de presentación, a formación permanente “xoga cada vez un papel máis importante”, xa que nunha contorna “cambiante, con tecnoloxías cada vez máis complexas, cun mercado de traballo tamén moi



cambiante, precisamos acompañar aos nosos egresados ao longo de toda a súa vida”.

Deste xeito, a Escola Aberta de Formación Permanente xestionará toda a oferta de estudos propios da UVigo vinculados ás necesidades e demandas da sociedade, complementando os estudos oficiais, deseñando programas educativos que favorezan a empregabilidade, a reciclaxe e a promoción profesional das persoas traballadoras, xerando convenios de formación con empresas ou institucións externas e detectando e atendendo as necesidades formativas do PDI da Universidade de Vigo. Tamén pasan a entrar nesta estrutura os

programas de actualización docente, que se viñan desenvolvendo a través da Área de Formación e Innovación Educativa e o Programa Universitario de Maiores. Á fronte da escola estará a profesora María José Moure, docente da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, que foi a encargada de presenta a EAFP en rolda de prensa xunto co reitor, Manuel Reigosa e o vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, Manuel Ramos.

No transcurso do acto, e a preguntas dos medios de comunicación, o reitor avanzou que o acto de inauguración da sede institucional da UVigo no Berbés terá lugar o vindeiro luns 31 de maio.

Unha formación aberta, flexible e colaborativa

Segundo explicou María José Moure, a formación continua é clave debido aos cambios derivados da transformación dixital, da transición verde e das novas estratexias na busca de emprego. Neste contexto, a EAFP nace como “unha ligazón entre os axentes que demandan esa formación continua, tanto persoas como empresas ou asociacións, e a Universidade de Vigo”. A escola caracterízase por ofertar unha formación aberta, flexible, colaborativa e en constante contacto coa contorna. O carácter aberto débese a que está destinada tanto a persoas que non forman parte do eido universitario (estudantes sénior, empresas que queren actualizar os coñecementos do seu persoal ou traballadores que queren mellorar a súa traxectoria profesional) como ao estudantado actual que queira completar o seu currículo e ao persoal da UVigo que precise actualizar as súas competencias.

A formación será progresiva, ofertando diferentes tipos de títulos, que poden ser de posgrado para persoas que contan cun título universitario, ou doutro tipo para persoas sen titulación superior. Así, dentro da EAFP impartiranse títulos de experto e de especialista, que serán os que teñan máis carga ECTS, e mestrados propios, que equivalen ao nivel de coñecemento dun mestrado universitario e cos mesmos requirimentos, pero sen acceso ao doutoramento. A eles sumaranse os cursos de formación e innovación educativa para o PDI, os MOOCs ou o Programa para Maiores.



Asistentes ao acto

“Outra aposta será a formación en liña para saír da contorna xeográfica inmediata da UVigo”

Moure explicaba que outra das características desta nova escola será a flexibilidade, de xeito que cada estudante decida que quere estudar, dependendo do tempo, os intereses ou a capacidade económica. Así, por exemplo, dun mestrado propio poderase cursar unha parte para obter o título de experto; con dous títulos de experto adquirese o de especialista e, á súa vez, con dous de especialista obtérase o de mestrado. Outra aposta será a formación en liña para saír da contorna xeográfica inmediata da UVigo e poder chegar a outros espazos educativos como Europa ou Latinoamérica. Para iso a EAFP contará con todas as ferramentas de teledocencia da institución que facilitan a virtualización das clases.

Aulas Abertas con formación de balde e unha oferta de cursos xa dispoñible

Outra pata da escola será a formación gratuíta e masiva a través dos cursos MOOC, que son abertos e sen restricións de admisión. Como avanzaba María José Moure, todos eles

agruparanse nas Aulas Abertas, nas que xa está dispoñible, por exemplo, o MOOC Aula Internacional de Estudos Hispánicos en Teoría da Literatura e Literatura Comparada.

Ademais desta formación de balde, na web da escola xa se poden consultar os títulos propios que se están ofrecendo, como o de Especialista en Dereito Laboral e da Seguridade Social ou Especialista Internacional en Termalismo e SPA. No que se refire á formación e innovación educativa para o PDI, na web están colgados todos os cursos, como o de Formación en redes sociais para docentes universitarios ou A comunicación escrita en contornas virtuais. Respecto aos cursos de innovación educativa, Moure avanzou que ante alta demanda deste tipo de formación, a idea é "continuar e ampliar" a oferta que se viña desenvolvendo fóra da EAFP e apostar pola formación en liña, dada a alta demanda entre docentes alleos á UVigo.

Unha aposta polos mestrados propios

Unha das propostas estratéxicas dentro da Escola Aberta de Formación Permanente serán os mestrados propios, un tipo de titulación cada vez máis presente nas universidades, pero que a UVigo aínda non oferta. Como explicaba o reitor, "é unha visión de futuro importante", xa que non é unha formación estrutural, senón que responde a unha "necesidade concreta" nun tempo determinado. Como consecuencia, engadía Reigosa, "organízase máis rápido que un mestrado oficial" e permanecen na oferta mentres existe esa demanda, o que permitirá que a oferta deste tipo de títulos mude conforme o fan as necesidades formativas da contorna. Na actualidade xa se está a traballar en varias propostas ao tempo que se avanza nunha normativa que permita a oferta deste tipo de formación, xa que ata agora non tiña encaixe legal na UVigo, como explica o vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, Manuel Ramos. "Agardamos que se poida levar esta normativa de títulos propios ao próximo Claustro en xuño ou xullo" ●

O ránking de Shanghai por ámbitos sitúa a UVigo entre as 75 mellores universidades do mundo en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos

A institución viguesa está entre as 500 mellores en 14 materias de investigación

DUVI Ourense 26/05/2021

Este mércores fíxose público o [Global Ranking of Academic Subjects \(GRAS\) 2021](#), unha clasificación das mellores universidades do mundo en 54 materias de investigación elaborado por Shanghai Ranking Consultancy, responsable do ránking ARWU, máis coñecido como ránking de Shanghai. Nel, a Universidade de Vigo sitúase entre as institucións académicas de referencia en 14 categorías, destacando a posición que ocupa en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, onde está un ano máis incluída entre as 75 mellores universidades do mundo. Concretamente, estaría na posición 51 empatada a puntos con outras 24 institucións académicas. Como novidade, a UVigo inclúese por primeira vez como unha das 500 universidades referentes nos eidos da Educación e da Farmacia e Ciencias Farmacéuticas.

O Global Ranking of Academic Subjects, constitúe, segundo os seus responsables "o ránking máis completo e obxectivo" das universidades do mundo por ámbitos de investigación, baseando as súas clasificacións nunha variedade de indicadores e datos para medir o desempeño das universidades en eidos relevantes, incluídos premios internacionais, logros científicos, calidade da investigación e colaboración internacional. No GRAS 2021 feito público hoxe, se en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos a UVigo está entre as 75 referentes do mundo (no bloque de 51-75); en Oceanografía sitúase entre as 150 mellores (101-150); en Xestión Turística, Enxeñaría de Telecomunicación e Enxeñaría Civil entre as 300 mellores (201-300); en Ecoloxía, Ciencias



Belén Rubio, vicerreitora de Investigación da Universidade de Vigo

Atmosféricas, Enxeñaría Eléctrica e Electrónica, entre as 400 referentes (301-400); e en Ciencias da Terra, Enxeñaría Química, Biotecnoloxía, Ciencias Agrícolas, Educación e Farmacia e Ciencias Farmacéuticas entre as 500 mellores (401-500).

Sobre a presenza da UVigo neste ránking, Belén Rubio, vicerreitora de Investigación da Universidade de Vigo, destaca que é "relevante e moi positiva en comparación con anos precedentes" e tendo en conta como "aínda somos unha universidade nova e cun financiamento modesto". Os datos recollidos nel, subliña, "reflexan a boa saúde da institución

na investigación máis punteira en cada un dos seus campus, e non se detecta ningún efecto negativo pola pandemia e/o polo confinamento". Hai que considerar, engade a vicerreitora, "que nesta competición entran máis de 1800 universidades e todas intentamos mellorar, e aínda que competimos cos mesmos indicadores o investimento en I+D en España segue a ser dos máis baixos da Unión Europea (arredor do 1,4%). Moitos países como Suecia ou Finlandia duplican eses valores e sen dúbida un maior investimento en investigación redonda nun maior éxito das institucións, incrementa o tecido produtivo do país e o benestar da sociedade".

Moitas consolidacións e novidades como Educación e Farmacia

A Universidade de Vigo sitúase este ano entre as institucións académicas de referencia en 14 categorías, dúas máis que o ano anterior. Encabezando esta presenza está a posición en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos. Sobre este resultado, a vicerreitora de Investigación sinala que "continuamos a manter a nosa posición entre as 51-75 mellores do mundo. Isto é un claro indicador de que as políticas de atracción de talento de Highly-Cited Researchers teñen unha clara incidencia no valor e a posición ocupada", lembrando como as dúas últimas incorporacións á UVigo nos seus programas de captación coincidiron nese ámbito. Pola súa banda, Jesús Simal, coordinador do grupo AAT de Investigacións Agroambientais e Alimentarias da UVigo e profesor da Facultade de Ciencias do campus de Ourense, recalca que esta posición en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos "é un gran logro colectivo, xa que seguir nesa posición significa seguir medrando cando menos ao ritmo que avanzan outras universidades". O resultado acadado, engade, "é unha proba máis do compromiso da Universidade de Vigo coa súa contorna, xa que a produción e o procesado de alimentos son sectores claves na economía galega", apuntando o potencial de futuro deste eido de investigación.

Tamén sobresaen neste Global Ranking of Academic Subjects (GRAS) de 2021 como a Universidade de Vigo pasa a estar incluída por primeira vez nas categorías de Educación e Farmacia e Ciencias Farmacéuticas. Igualmente, despois de estar ausente o pasado ano, volve

a estar nesta listaxe no eido de Enxeñaría Civil entre as 300 mellores institucións. Pola contra, neste 2021 deixa de ter presenza na categoría de Ciencias e Enxeñaría da Enerxía, na que o ano pasado estaba incluída no bloque das 400 referentes. Nos demais ámbitos, en xeral mantense a posición da Universidade de Vigo. Como excepcións, mellora en Ecoloxía, que pasa a estar no bloque das 400 mellores universidades (301-400), cando o pasado ano estaba no bloque das 500 (401-500). Pola contra descende a posición en ámbitos como Oceanografía (que pasa de estar no bloque de 76-100 ao de 101-150); en Enxeñaría de Telecomunicación (que pasa do tramo de 151-200 ao de 201-300), e en Enxeñaría Química (que pasa do grupo de 301-400 a 401-500). No contexto universitario español, a UVigo estaría no terceiro posto, empatada con outras institucións académicas, nos ámbitos de Oceanografía e Enxeñaría Civil; no cuarto lugar en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos e Enxeñaría de Telecomunicación; e no noveno posto en Enxeñaría Eléctrica e Electrónica.

Destes resultados, Belén Rubio subliña que amosan a consolidación da institución noutros ámbitos froito "da concentración do noso persoal investigador e potenciación por parte da Xunta de Galicia e da Universidade nos centros de investigación: CIM, Atlantic, Cinbio e Cintecx". Aínda que nalgún caso hai se baixa algo con respecto ao ano anterior, detalla a vicerreitora, "as baixadas poden ser conxunturais e haberá que examinalas a máis longo prazo". Así, recalca, a UVigo segue tendo moi boas posicións en Oceanografía, en Telecomunicación e en varias enxeñarías e consegue entrar entre as 500 primeiras universidades en ámbitos "moi competitivos como Biotecnoloxía e Ciencias Farmacéuticas, salientando neste caso "o papel do Cinbio, principalmente na procura de resultados en relación coa actual pandemia e outras enfermidades". Alén dos centros de investigación, a vicerreitora pon en valor os resultados acadados no ámbito das Ciencias Sociais, concretamente en Xestión Turística e Educación, que, apuntan, "amosan a potencia e crecemento dos campus de Ourense e Pontevedra" ●

O inmoible, de 1450 metros cadrados, acollerá actividades académicas e institucionais

As Redeiras dan acubillo desde hoxe á nova sede da UVigo no corazón da cidade

Feijóo presidiu o acto de inauguración do edificio no que a Xunta investiu tres millóns de euros

DUVI 31/05/2021


Unha parte do que orixinalmente foi unha praia entre dúas puntas rochosas e na que desde o século XII están documentados asentamentos de poboación, dedicada a actividades relacionadas co mar, acolle desde hoxe a nova sede institucional na cidade de Vigo da Universidade. Catro anos e medio de traballos de rehabilitación e construción dirixidos polo estudo de arquitectura Abalo Alonso e tres millóns de euros investidos pola Xunta de Galicia en tres pequenas vivendas de pescadores, situadas nos números 11,13 e 15 da praza do Berbés, permiten á UVigo dispor dun inmoible, no que desenvolver actividades académicas e institucionais no centro da cidade, onde quedara sen presenza, tras abandonar o edificio da antiga Reitoría da rúa Porto. Redeiras é o nome co que a institución académica acordou denominar a súa nova sede e co que quere dar visibilidade ao traballo desenvolvido por este colectivo profesional totalmente feminizado e que, xunto a escabicheiras, regateiras e vendedoras de peixe, poboaron durante séculos a paisaxe do Berbés, facendo posible co seu labor, non só o desenvolvemento da zona, senón o de toda a cidade de Vigo.

Logo do inicio das obras en decembro de 2016, este luns tivo lugar a inauguración do inmoible, presidida polo titular do goberno galego, Alberto Núñez Feijóo; o alcalde de Vigo, Abel Caballero e o reitor da Universidade de Vigo, Manuel Reigosa. No acto de inauguración, ao que ademais do equipo de goberno da Universidade, asistiron diversas autoridades en representación dos gobernos autonómico e local, ademais de



O reitor e o presidente tras descubrir a placa

representantes doutras institucións, o presidente da Xunta asegurou que "o edificio que hoxe entregamos á UVigo é un forma de acreditar un modelo de goberno, que é intentar ser útil á sociedade", recuperando un edificio singular, nun lugar emblemático, "onde naceu a cidade de Vigo". Núñez Feijóo lembrou que o inmoible localizado nos números 11,13 e 15 da praza do Berbés, ocupa unha superficie de 1450 metros cadrados e nel se investiron máis de 2 millóns de euros na obra, aos que suma algo máis dun millón do custo dos tres edificios, que agora conforman a sede institucional. "Son 3 millóns de euros que van incrementar de xeito exponencial a imaxe de Vigo, a accesibilidade da ensinanza universitaria e o patrimonio das institucións, neste caso o patrimonio da UVigo", dixo o presidente da Xunta, que gabou o traballo desenvolvido



Fachada do edificio Redeiras



Visita á exposición

polo estudo de arquitectura Abalo e Alonso, “uns excelentes arquitectos”, cuxo traballo nesta sede foi recentemente escollido como unha das 70 rehabilitacións finalistas na Bienal Española de Arquitectura y Urbanismo. Feijóo, para quen esta sede é un exemplo de colaboración institucional, tamén destacou a sustentabilidade do inmoible, cunha redución de emisións de CO₂ “e unha completa sinerxía coa aerotermia, que é unha forma barata de produción frío e calor nas rías, dado que as diferenzas de temperatura non son bruscas”, explicou.

[Vídeo da inauguración do edificio](#)

A Universidade, o sal da sociedade

O reitor da UVigo, pola súa banda, lembrou a aposta do equipo de goberno, que aparece recollida no Plan Estratégico, de que a Universidade sexa un ingrediente da sociedade,

“un ingrediente que podería ser o sal, que para min tamén é o fío condutor no nacemento deste Vigo moderno”, dixo Reigosa. O reitor aludiu na súa intervención ao espazo icónico que ocupa a nova sede da institución, onde antigamente a praia e o mar chegaban ata onde hai uns meses había “tres casas de pescadores unidas, moi estreitas e moi longas. Vigo é unha cidade que mira cara ao mar e que se basea no esforzo dos cidadáns”. Co nome de Redeiras, Reigosa explicou que se pretende render homenaxe ao traballo invisible das mulleres “que fixo posible este Vigo, esta sociedade e a Galicia que agora mesmo temos”.

“Vigo é unha cidade que mira cara ao mar e que se basea no esforzo dos cidadáns”

O reitor rematou o seu discurso agradecendo o investimento realizado pola Xunta e a cesión dos espazos, por parte do Consorcio Casco Vello, nun edificio que cualificou de “agarimoso” e que asegurou que lle permitirá á UVigo cumprir outros dos obxectivos recollidos no Plan Estratégico “que é achegarnos ás cidades nas que están os tres campus e ter servizos e titulacións”. Neste sentido, Reigosa apuntou que o inmoible acollerá actividades da Escola Aberta de Formación Permanente, cursos e mestrados propios e tamén prestará acubillo ao Programa de Formación de Maiores. “Isto é a Universidade, a Universidade en Vigo, e a Universidade non é nosa, non é dos universitarios é de toda a sociedade”, dixo o reitor.

Pola súa banda, o alcalde Abel Caballero, aludiu á “ánxia que temos da presenza da Universidade en todos os espazos”, ao tempo que cualificou de erro histórico a saída da institución “do corazón da cidade”. O alcalde, que lembrou as necesidades de espazos para o estudo que ten o estudiantado universitario na cidade, así como os servizos dos que dispoñen para esta actividade, tamén se referiu á posibilidade de que a institución académica conte con máis espazos no centro. “A Universidade ten en Vigo esta vocación de


crecemento, de ter presenza. Esta universidade que tanto queremos debe centrarse tamén no corazón da cidade. Niso reitor seguiremos camiñando xuntos", dixo Caballero.

As autoridades que hoxe participaron na inauguración do inmobile, tiveron ocasión de percorrelo guiados polos arquitectos, un percorrido que incluíu unha visita á exposición *100 lunas cuadradas*, da man do seu comisario Antonio Ferriz. A mostra está composta por fotografías feitas no Observatorio do Teide do Instituto de Astrofísica de Canarias, que antes ser expostas no edificio Redeiras amosáronse no Instituto Cervantes de Tokio, en varias universidade xaponesas e na Galería Nacional de Tokio. *100 lunas cuadradas* rende homenaxe á fotografía por permitir multiplicar os datos obtidos cos telescopios, amosando imaxes que abranguen practicamente todo tipo de obxectos astronómicos e algúns descubrimentos relevantes en astrofísica como sistemas exo-planetarios, estrelas adolescentes, fósiles cósmicos, lápidas fugaces ou grupos galácticos.

Primeiro edificio público en altura de España con estrutura de madeira contralaminada

Tres anos e medio prolongouse o período de execución do edificio Redeiras, obra do estudo compostelán de arquitectura Abalo Alonso. Cun orzamento de execución material de aproximadamente 1,6 millóns de euros, as obras arrancaron en decembro de 2016 partindo de tres inmobles que se atopaban en ruínas e dos que só se conservaba parte das fachadas dianteiras, cos arcos de pedra dos soportais e parte dos balcóns. "Conservamos a pegada histórica, de xeito que, aínda que se trate agora dun único edificio, aprécianse as trazas das antigas construcións. A máis pequena contén o acceso, a escaleira de emerxencia e aseos e instalacións nas diferentes plantas, mentres que as outras dúas, fórmulanse máis abertas, cun oco central iluminado de xeito cenital, onde se localiza a escaleira principal, que conecta o resto de espazos vinculados a ambas fachadas", explican Elizabeth Abalo e Gonzalo Alonso.

Un interior moi flexible a utilización dunha paleta reducida de materiais, son dúas das




características desta intervención, cuxa estrutura de madeira contralaminada, o converte, "senón estamos equivocados, no primeiro edificio público en altura construído en España con esta tecnoloxía", apuntan os arquitectos, que lembran que os paneis foron fabricados en Centroeuropa, mecanizáronse en Navarra e montáronse en Vigo, o que permitiu reducir, tanto o tempo da obra, como o impacto ambiental.

Aínda que a distribución interior cambiou da inicialmente prevista no concurso, á executada finalmente, isto non afectou á infraestrutura básica proposta. Finalmente a planta baixa conta cun espazo de recepción, tenda e campus virtual; na primeira localízase atención ao alumnado, espazos de traballo compartido; sala de prensa e despacho institucional; aulas e oficinas na segunda, para terminar cunha zona de exposicións na terceira. A nova edificación resólvese cunha paleta reducida de materiais: a pedra existente, o formigón na cimentación e arranque dos muros en contacto co terreo, madeira no resto da estrutura, tanto vertical, como horizontal, así como carpinterías interiores e exteriores e, por último, o zinc na cuberta.

Sobre a rehabilitación, Abalo e Alonso explican que se levou a cabo en función do estado previo de cada un dos inmobles. "Conserváronse e restauráronse os soportais dos tres edificios. A fachada do inmobile situado á esquerda desmontouse e reconfigurouse para adaptarse á altura entre forxados das outras dúas. A parte central conservouse, tal cal, reforzándose a trabazón da cantería e completándoa cunha nova cornixa de granito, mentres que a fachada correspondente ao inmobile situado á dereita deixouse practicamente tal cal, restaurando as molduras existentes e pintando o conxunto", detallan os arquitectos ●






Na sesión do Claustro deste mes, o reitor Manuel Reigosa anunciou, logo do resultado da consulta realizada entre a comunidade universitaria, que se abandonaba a idea de adquirir edificios na rúa de López Mora de Vigo e de realizar novas construcións na ETEA. Mentres, no Consello de Goberno confirmábase a aposta da UVigo por regresar á presencialidade total no inicio do curso 2021/2022.

No ámbito da investigación, a institución confirmouse como líder dos proxectos JUST2CE, no que entidades de Europa e de África analizan como facer socialmente xusta a transición cara á economía circular, e LabPlas, no que 16 socios de oito países rastrexan a procedencia do plástico presente no medio ambiente.

Xuño foi tamén o mes no que a universidade homenaxeou preto de 90 PDI e PAS xubilados entre os anos 2018 e 2020 e no que o catedrático Armando Caballero recibiu o Premio Nacional de Genética 2021.



Institucións de Europa e África analizarán como facer socialmente xusta a transición cara a economía circular

Liderado por Mario Pansera, comprende o deseño dun sistema de apoio á toma de decisións

DUVI Pontevedra 04/06/2021

Como promover unha transición cara unha economía circular que, ademais de contribuír a conservación dos ecosistemas, sexa tamén socialmente xusta? Esta é a pregunta á que, ao longo dos próximos tres anos, buscará dar resposta o proxecto JUST2CE. *A just transition of circular economy*, financiado con 3,6 millóns de euros polo programa comunitario H2020 e liderado polo investigador Mario Pansera, que a comezos deste ano se incorporaba á UVigo como gañador dunha axuda Starting Grant do Consello Europeo de Investigación (ERC). Coordinado pola Universitat Autònoma de Barcelona e pola Universidade de Vigo, este proxecto reúne 14 socios de nove países europeos e africanos, tanto institucións académicas e centros de investigación como organizacións non gobernamentais, e abranguerá tamén a análise de experiencias concretas co propósito de deseñar unha aplicación que achegue recomendacións a institucións e empresas á hora de promover medidas que favorezan a implantación de novas prácticas de economía circular.

“O proxecto intenta resolver os problemas teóricos e empíricos da economía circular, tal e como a define o discurso dominante”, sinala Pansera, que subliña que este discurso fai fincapé “no desenvolvemento de tecnoloxías para a transición ecolóxica, pero esquece as cuestións políticas, sociais e de xénero”. Partindo desa análise crítica do paradigma da economía circular, JUST2CE ten como obxectivo analizar en que condicións sería posible “unha transición



responsable, inclusiva e socialmente xusta” cara un novo modelo económico e estudar que factores técnicos e políticos poden permitir ou obstaculizar esta transformación. Cun orzamento de preto de 3,6 millóns, dos que a Universidade de Vigo correspóndelle preto de 200.000 euros, o proxecto, que arrancará no mes de setembro, reúne 14 entidades de España, Portugal, Italia, Grecia, Reino Unido, Suráfrica, Ghana, Etiopía e Cimbabue.

Concretamente, entre os socios do proxecto atópanse as universidades de Sheffield, Federico II de Nápoles, Leeds, Coimbra, Cape Town e a Mekelle University de Etiopía, xunto coa Agència de

Residus de Catalunya e o Scientific and Industrial Research and Development Centre de Cimbabue, así como organizacións como Kumasi Hive, de Ghana, e a African Circular Economy Network. Xunto a Pansera, membro de Ecobas e que ao abeiro do proxecto *Prospera*, seleccionado no programa Starting Grant, liderará no campus de Pontevedra o grupo de investigación Post-growth Innovation Lab, en JUST2CE participarán tamén os investigadores da Universidade de Vigo Miguel Rodríguez Méndez, Pilar Piñeiro García, David Soto Oñate e Antonio Sartal.

Unha nova “narración” da economía circular

“Vivimos nun mundo no que deseñamos produtos en California, imos ao Congo, onde traballan nenos en condicións absurdas, a extraer os minerais, enviámoslos a China, onde se constrúe o produto que logo utilizamos nós no norte, para que finalmente eses materiais volvan a África, porque, segundo algúns estudos, o 60% dos residuos electrónicos europeos rematan en Ghana”. Deste xeito exemplifica Pansera a necesidade de que a transición cara unha economía circular teña en conta o impacto que os modelos de produción e consumo teñen nas relacións sociais e de xénero, así como nas diferencias norte-sur e na contraposición entre “economías produtivas e extractivas”.

JUST2CE busca pór o foco nun aspecto aínda non estudado, o de “que grupos poderían clasificarse como gañadores e perdedores” no desenvolvemento do actual paradigma da economía circular e como poderían “reconfigurarse” estas relacións para lograr unha circularidade máis xusta. “Non se trata dun problema científico-técnico, senón dun problema económico e social sobre que producimos e como o producimos”, sinala Pansera, que defende que as “solucións técnicas” só implicarían “seguir vivindo cun modelo económico que crea desigualdades, desnutrición e cambio climático, mudando só a tecnoloxía e a linguaxe”. Nese senso, Pansera, que recentemente afondaba neste aspectos nun [artigo](#) publicado na revista científica *Journal of Responsible Innovation*, pon o acento na necesidade de articular “unha nova narración da economía circular”.

Unha aplicación para implantar cambios e melloras

Co propósito de identificar “barreiras e facilitadores para a implantación de políticas alternativas de economía circular”, JUST2CE comprende a análise de dez casos de estudo, cinco en Europa e outros cinco África. En ambos continentes estudáranse experiencias levadas a cabo en sectores estratéxicos clave, de acordo cos indicados no Plan de Acción da UE para a economía circular, “como podería ser o caso da produción e desperdicio de alimentos, a xestión da auga, as materias primas críticas e a produción nun complexo mundo global de cadeas de subministro”.

Os resultados acadados nesta análise permitirán desenvolver un “sistema de apoio á toma de decisións”, unha aplicación que poida achegar “indicacións concretas” a empresas, cooperativas ou institucións. Como explica Pansera, a idea é deseñar unha aplicación que achegue propostas de cambios e medidas para “avanzar na economía circular”, partindo da análise dos datos que se lle proporcionen sobre xestión do persoal e provedores, fluxos de enerxía ou materias primas empregadas.

Así mesmo, os resultados destes casos de estudo posibilitarán tamén o desenvolvemento “de modelos macroeconómicos alternativos”, aspecto que centra outro dos bloques de traballo dun proxecto que conta tamén con módulos centrados no desenvolvemento de metodoloxías participativas coa sociedade e de innovación responsable ●

Preto de 5500 estudantes enchen os centros da UVigo na procura dun futuro na universidade

En toda Galicia examínanse 13.260 estudantes, un
41,3% na Universidade de Vigo

DUVI 08/06/2021

Todos os edificios de todos os campus da UVigo, a excepción das facultades de Fisioterapia e Belas Artes, que non dispoñen de aulario axeitado, acollen desde hoxe e ata o vindeiro xoves as probas da ABAU ordinaria 2021. Un total de 5478 estudantes, procedentes de centros das provincias de Pontevedra e Ourense, iniciaron ás 10.00 horas coa proba de Historia de España a Avaliación de Bacharelato para Acceso á Universidade (ABAU) do ano 2021, marcado novamente pola pandemia, o que obrigou, por segundo ano consecutivo a habilitar máis espazos, así como medidas que eviten contaxios entre o alumnado e o persoal que participa na organización e realización das probas. "En principio todas as probas deberían celebrarse con total normalidade. Os modelos de exames e protocolos están publicados desde hai meses, polo que o alumnado ten un coñecemento preciso do que se ían atopar e o que se espera deles. A elevada optatividade debería contribuir a que ninguén se sinta prexudicado polas circunstancias persoais vividas", asegura Luis Muñoz, delegado da UVigo na Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG), que tamén incide en que todo o persoal que participa nas comisións delegadas, presidentes, secretarios e vogais, "son conscientes en todo momento do que se está a vivir e saben que hai que facilitarlle ao alumnado todo o que se poida a realización das probas, sen alterar as condicións de igualdade entre eles", explica.

Dos 5478 estudantes que desde hoxe se examinan nas comisións delegadas dos tres campus da UVigo, 2983 realizan as probas nos



centros do campus vigués; 1233 no campus de Pontevedra e 1150 no de Ourense. Respecto do ano pasado, o número de estudantes que realiza a ABAU este 2021 descendeu, xa que en 2020 foron 6089, non obstante, si se rexistra un incremento respecto do ano 2019 cando se examinaron na UVigo 4631 alumnas e alumnos. "Este ano non medra o número de inscritos respecto ao ano pasado, senón que baixa un pouco, uns 600 alumnos, pero aumenta sobre o último ano 'normal', o 2019, nuns 850 estudantes", sinala o delegado da UVigo na CIUG, que lembra que en 2020 houbo un número anormalmente elevado de matriculados nas probas, porque a porcentaxe de alumnado que se titulou en Bacharelato rozou o 100%. "Aínda que este ano xa no foi así, a razón fundamental do elevado número de estudantes

matriculados na convocatoria ordinaria é consecuencia da elevada matrícula en 2º de Bacharelato, xa que o curso pasado aprobaron case todos os alumnos que estaban en 1º", aclara Luis Muñoz.

Co mesmo protocolo para evitar contaxios por covid que o ano pasado (distancia entre estudantes de 1,5 metros cando estean sentados, mesas etiquetadas cos nomes, uso obrigatorio de máscara, xel hidroalcohólico, etc.), a UVigo tamén aplica para as probas da ABAU deste ano unha ocupación promedia das aulas para facer exames mantendo distancias requeridas para a covid do 25%. "Isto significa que para examinar 5500 estudantes necesitamos aulas que sexan capaces de albergar a 22.000 en condicións normais e isto obrigou a utilizar todos os edificios de todos os campus coa excepción das facultades de Fisioterapia e Belas Artes, ademais do pavillón do campus de Vigo e a biblioteca central do campus de Ourense", detalla Luis Muñoz, que destaca como novidades este ano o uso do pavillón do campus de Pontevedra, o edificio de Campus da Auga en Ourense, ademais de habilitarse como espazo de exame a pista de atletismo cuberta da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte de Pontevedra. "En xeral, tentamos que as comisións tiveran en torno a 200-300 estudantes para seren manexables, xa que hai que utilizar moitas aulas e requírense moitos vocais", explica o delegado.

Case 3000 estudantes examinándose en nove comisións delegadas en Vigo

Co exame de Historia de España arrancaron ás 10.00 horas as probas da ABAU nas nove comisións delegadas dos campus de Vigo, nos que están inscritos 2983 estudantes, e que o confirman como o primeiro de Galicia, seguido de Santiago con 2768 e A Coruña con 2669 estudantes matriculados.

A Facultade de Filoloxía de Tradución é nesta ABAU 2021 a comisión con máis estudantes, superando os 500, seguida pola Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais con 484 e o edificio de Ciencias Experimentais con 446. O resto de comisións sitúanse nas facultades de Ciencias Xurídicas e do Traballo, a Escola Universitaria de Estudos Empresariais, as



Exame na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais do campus de Vigo



O Edificio de Ferro do campus de Ourense é un dos centros que acolle as probas en Ourense

escolas de Enxeñaría Industrial, Minas e Enerxía e Telecomunicación e o pavillón. En canto á procedencia do alumnado que desde hoxe se examina no campus vigués para acceder á universidade, o concello de Vigo é o que maior número de estudantes achega, a esta edición da ABAU á que tamén concorre alumando de centros de Redondela, Soutomaíor, O Porriño. Mos, Cangas, Moaña, Nigrán, Gondomar, Baiona, Pontearreas, Tui, A Cañiza, A Guarda, As Neves, Tomiño, Salvaterra e Mondariz-Balneario.

Catro sedes do campus pontevedrés acollen 1233 estudantes

Despois de que, pese as elevadas cifras de matrícula, a creación de comisións delegadas en Vilagarcía de Arousa e Marín fixese que en 2020 menos de 900 de alumnos e alumnas se enfrontasen á ABAU nas facultades e escolas

do campus pontevedrés, desde este martes 1233 estudantes procedentes de 13 municipios realizan estas probas en catro instalacións da UVigo. Por primeira vez, o Pavillón Universitario serve como sede para estes exames, que realizan alí 293 mozos e mozas. A Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte, na que se habilitaron espazos como o ximnasio, o pavillón e, por primeira vez, a súa pista de atletismo cuberta, volve ser o centro do campus que máis estudantes acolle, 488. Outros 231 alumnos e alumnas realizan a ABAU na Escola de Enxeñaría Forestal e 211 na Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación.

Por outra banda, a ausencia dun "aulario axeitado suficiente", como explica Muñoz, fai que as facultades de Belas Artes e Fisioterapia sexan nestes días os únicos centros docentes da UVigo onde non se leva a cabo a antiga 'selectividade', á que tamén se enfrontan nestes días na cidade os 12 estudantes con discapacidade que, coas adaptacións necesarias, realizan as probas no Centro de Recursos Educativos da ONCE.

1150 estudantes examínanse no campus de Ourense

Este ano son 1150 as mozas e mozos que realizan as probas de acceso nas instalacións do campus de Ourense. Esta cifra supón un descenso respecto ao pasado ano (cando houbo 1223 matriculadas e matriculados) pero un incremento respecto a 2019 (no que a cifra foi de 936 estudantes). A distribución xeográfica das comisións delegadas na provincia de Ourense volve á etapa anterior á pandemia e os exames realízanse no campus e no IES Cosme López Rodríguez de A Rúa, que acolle a 112 alumnas e alumnos, ascendendo a cifra total de matriculadas e matriculados nas ABAU na provincia a 1262.

Co obxectivo de atender ás medidas de prevención da covid-19, o que si se amplía é o número de comisións delegadas nas instalacións universitarias ourensás, incluíndo por primeira vez a celebración de exames no Edificio do Campus Auga. Deste xeito, no campus de Ourense as alumnas e alumnos matriculados están a realizar as probas das ABAU no edificio Politécnico, no Xurídico-Empresarial, na Facultade de Historia no Edificio de Ferro, na Biblioteca Rosalía de Castro e no Edificio do Campus Auga ●

Inspira STEAM achegou referentes de mulleres tecnólogas a 1000 nenos e nenas de 26 colexios de Pontevedra

Cada vez hai menos mulleres nas titulacións tecnolóxicas, as máis demandadas no mercado laboral

M. Del Río
DUVI 09/06/2021

O mercado laboral vai demandar perfís fundamentalmente tecnolóxicos e estímase que, en menos de dous anos, o 45% dos empregos estarán relacionados coa contorna dixital. Pola contra, a presenza de mulleres neste tipo de titulacións decrece cada ano e, a pesar de representar o 54,8% do total do estudiantado no sistema universitario español, supoñen só o 25% do alumnado das titulacións técnicas. Detrás da escasa presenza de mozas nestas carreiras hai múltiples motivos, entre eles a falta de referentes femininos, que é o que quere proporcionar o programa [Inspira STEAM](#), unha iniciativa estatal capitaneada na provincia de Pontevedra pola Universidade de Vigo e a Deputación. Trátase de achegarse aos centros educativos para dar a coñecer entre o alumnado perfís de mulleres tecnólogas que inspiren vocacións en carreiras científicas e tecnolóxicas, principalmente entre as nenas.

Este mércores, a presidenta provincial, Carmela Silva e a vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria, Natalia Caparrini, presentaron a cuarta edición do programa e fixeron balance desta iniciativa dende que arrincou en Pontevedra en 2018. Neste tempo, Inspira STEAM chegou a preto de 1000 estudantes (497 nenas e 488 nenos) de 26 colexios da provincia da man de 76 mentoras. Dende hai dous anos, como explicaba a vicerreitora, a Deputación financia a iniciativa, "o que nos permite ir chegando cada vez a máis colexios e máis nenas".



Unha das sesións cos nenos e nenas

Mulleres referentes contra os estereotipos

A vicerreitora Natalia Caparrini salientaba que detrás da "escasa presenza feminina nas carreiras científicas e tecnolóxicas hai varios motivos, como a falta de referentes que inspiren ás nenas, a perpetuación dos estereotipos de xénero nas profesións ou o feito de que non se senten con cualificación suficiente para desenvolverse nun eido que perciben como eminentemente masculino". Para mudar esta situación, Inspira STEAM optou por fomentar as vocacións por titulacións de ciencias, tecnoloxía, enxeñaría, artes e matemáticas (Science, Technology,

Engineering, Arts and Maths) entre as mozas. Son precisamente as propias mulleres profesionais destes campos as que se achegan aos centros escolares para amosarlles a nenos e nenas como desenvolven a súa carreira a través de sesións de mentoring grupal. Trátase de loitar contra os prexuízos visibilizando "novos referentes de mulleres tecnólogas próximas e facilitando que rapaces e rapazas descubran as profesións STEAM e se conciencien sobre a necesidade de que o desenvolvemento do país se produza entre homes e mulleres, poñendo en valor as mulleres STEAM da historia e actuais".

Pola súa banda, Carmela Silva remarcaba que este proxecto "non é necesario, é imprescindible" porque, remarcaba, "a sociedade no seu conxunto ten que estar moi preocupada polo que sucede coas decisións que toman as nosas nenas na eleccións das carreiras que van estudar e que van determinar cal será a súa posición no mundo". A presidenta da Deputación agradeceu o traballo, esforzo e implicación de todas as mentoras pero tamén quixo denunciar a "escasa ou nula presenza de mulleres nos libros de texto ou nos medios de comunicación" e a existencia de nescos de xénero no sistema educativo e nas familias á hora de orientar ás nenas cara ao seu futuro laboral.

221 estudantes de sete colexios

O programa Inspira STEAM naceu en 2016 na Universidade de Deusto e dende ese momento "foi aumentando, non só no número de participantes, senón nas comunidades autónomas que se adheriron ao mesmo", apuntaba a vicerreitora. Na provincia de Pontevedra botou a andar da man da Universidade de Vigo en 2018, acadando cada vez mellor resposta entre os centros educativos. Na edición de 2020 participaron 221 estudantes (82 nenos e 139 nenas), dos cales 100 eran de 1º da ESO e 121 de 6º de Primaria. Xunto con eles traballaron ao longo do curso 26 mentoras, que desenvolveron as súas actividades nos colexios CEIP Josefa Alonso de Alonso de Vigo, CEIP Manuel Cordo Boulosa de Ponte Caldelas, CEIP Mestre Valverde Mayo de Mos, CEIP Plurilingüe Ramón y Cajal de Vigo, CPI Cova Terreña de Baiona, Colegio de Fomento Las Acacias de Vigo e Nuestra Señora de la Esperanza, de Vigo.



Carmela Silva, Natalia Caparrini e asistentes ao acto

As mentoras, o corazón do proxecto

"As mentoras son o corazón, o verdadeiro centro neuráxico do proxecto, que de maneira voluntaria, achegan o seu día a día a nenas e nenos a través da técnica do mentoring grupal coa cativada", explicaba Natalia Caparrini. Estes grupos abordan ao longo de seis sesións en horario lectivo temas como os estereotipos que os rodean, as profesións científico-tecnolóxicas ou mulleres referentes en ciencia e tecnoloxía tanto ao longo da Historia como na actualidade. Parte da sesións son mixtas e outra parte son diferentes para nenos e para nenas, con cadanseu mentor ou mentora.

Precisamente dúas destas mentoras e un mentor que participaron en Inspira STEAM fixeron unha posta en común da súa experiencia nunha mesa redonda posterior ao acto, entre eles Fernando Jiménez, enxeñeiro de Telecomunicación de Gradiant e mentor de nenos no CPI Cova Terreña de Baiona; Arantxa Sucasas, enxeñeira de Telecomunicación en Telefónica e mentora de nenas no CEIP Plurilingüe Ramón y Cajal de Vigo e Ana Otero, enxeñeira Industrial en BorgWarner e mentora de nenos no CPR Santa Cristina de Vigo na edición 2018 e mentora de nenas no CPI Cova Terreña de Baiona, na edición 2020.

De cara á cuarta edición, o prazo de inscrición tanto de centros como de mentoras abrirá o vindeiro día 14. A sesión de formación terá lugar o 15 setembro en modalidade virtual ●

O acordo permitirá ata 2026 implantar unha ducia de novos graos e 15 mestrados

Reigosa destaca o traballo e a negociación entre Xunta e universidades para sentar as bases do novo mapa de titulacións do SUG

O conselleiro de Educación e os tres reitores asinaron hoxe o acordo marco en Santiago

DUVI 16/06/2021

De “bo acordo” cualifica o reitor da UVigo, Manuel Reigosa, o consenso acadado entre a Xunta de Galicia e as tres universidades galegas para sentar as bases do novo mapa de titulacións do Sistema Universitario de Galicia (SUG) que estará vixente ata o ano 2026, e que se traducirá na implantación nos sete campus galegos dunha ducia de novos títulos de grao e unha quincena de mestrados. O acordo marco, que rexerá os próximos cinco anos, dá continuidade ao primeiro consenso acadado sobre o mapa de títulos en 2017 e que remata este ano 2021. Esta nova folla de ruta, que ten o obxectivo de completar o sistema público de titulacións de grao para que ningún estudante teña que saír de Galicia, foi asinado hoxe polo conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, Román Rodríguez, e os reitores das universidades de Vigo, A Coruña e Santiago de Compostela, nun acto celebrado esta mañá en Santiago de Compostela.

“É un bo acordo para o Sistema Universitario de Galicia e introduce criterios de racionalidade que serán positivos para o desenvolvemento harmónico dos nosos tres campus”, asegura o reitor da UVigo sobre a que será a nova folla de ruta das titulacións universitarias do sistema público galego para o período 2022-2026. Tanto para a implantación dos graos, coma dos mestrados, o acordo asinado hoxe establece unha serie de prioridades, como a proposta de títulos



que non existan neste intre no SUG, manter un equilibrio entre institucións, as capacidades do profesorado dispoñible e a garantía de calidade das titulacións, ademais de que afonden na estratexia de especializacións dos campus. Neste sentido, atendendo a estes criterios, terán preferencia os campus acreditados ou en proceso de acreditación, cuxas liñas principais docentes e de investigación coincidan ou encaixen de forma maioritaria coa temática dos títulos que se oferten. Tamén se fará fincapé nas titulacións de carácter interuniversitario, internacional ou

modalidade dual, cunha orientación práctica e aplicada dos estudos.

En todo caso, o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade especificou que "non se trata dun catálogo pechado, senón todo o contrario, está aberto ao enriquecemento e perfeccionamento constante a través das achegas que fagan as propias universidades", dixo Román Rodríguez.

Traballando cos centros da UVigo sobre os novos mestrados

Blindar o reforzo do alumnado, a adaptabilidade ao mercado laboral e a especialización cara un escenario profesional máis diverso, a través dunha diversificación académica atractiva para o estudantado, son os eixos nos que se centra o acordo marco asinado hoxe. A partir desta folla de ruta, Consellería e universidades seguirán a traballar para fixar a distribución e os horizontes temporais da nova oferta en cada campus: dunha banda, entre 10 e 12 novos graos, coa incorporación de titulacións que agora non existen no SUG, relativas a disciplinas relacionadas coas biociencias, enxeñarías avanzadas, sustentabilidade ou humanidades dixitais, e doutra banda, 15 novos mestrados, en consonancia cos perfís profesionais de futuro enmarcados no Plan Galicia 2030 para adaptar a oferta universitaria ás ocupacións estratéxicas da próxima década, en ámbitos como a sustentabilidade, as microciencias ou a interacción 4.0.

"Non é o momento de falar de titulacións concretas, pero xa estamos a traballar sobre algúns dos 14 novos máster do G2030, despois de consultar aos centros", avanza Manuel Reigosa, que asegura que "son optimista en canto a que este acordo vai facilitar moito as negociacións. Foi moi traballado e negociado entre a Consellería e ás tres universidades, polo que penso que contén todos os elementos que permitirán facilitar os acordos posteriores", asegura o reitor da UVigo.

Pola súa banda, o conselleiro destacou que o acordo "é froito do diálogo a prol da innovación, do talento universitario, do benestar social e do crecemento produtivo, xa que as nosas tres grandes institucións universitarias so o

catalizador do futuro de Galicia, que se verá reforzado a través deste novo Mapa de Titulacións para os vindeiros cinco anos", destacou Román Rodríguez ●

Sempre UVigo!

63 PDI e 25 PAS recibiron hoxe o recoñecemento da institución

DUVI 18/06/2021

"Unha gran satisfacción, así como un importante enriquecemento persoal". "Aprendizaxe, responsabilidade, compañeirismo, amizade". "Traballo, coñecemento e gratitude". "Unha grande oportunidade de continuar o meu desenvolvemento científico e docente". "Un reto vela nacer e un soño cumprido, vela consolidarse". "Trinta e oito anos, a miña segunda casa, o meu outro cuarto propio...". Estas son algunhas das reflexións que sobre o seu paso pola Universidade de Vigo fan parte das 88 persoas que hoxe foron protagonistas do acto organizado pola institución académica para recoñecer ao seu persoal xubilado entre os anos 2018 e 2020. En total foron 63 integrantes do persoal docente e investigador (PDI) e 25 membros do persoal de administración e servizos (PAS) os que recibiron hoxe, nun acto celebrado na praza Miralles, a insignia da UVigo en recoñecemento ao seu labor desenvolvido nos tres campus durante os últimos anos.

Jesús de Juana López, en representación do PDI, e Ángeles Carballo Gonzalez, en nome do PAS, foron os encargados de trasladar ás persoas asistentes as súas impresións sobre as súas vivencias profesionais e persoais na Universidade de Vigo, mentes que o reitor, Manuel Reigosa, agradeceu ao persoal xubilado que fixera posible co seu esforzo e dedicación de anos que a UVigo acadase o recoñecemento internacional que a sitúan como unha das mellores 600 universidades do mundo, segundo ránking de Shanghai. "O importante son as persoas, e hoxe celebramos o traballo intenso de moitos anos, que é a clave do éxito e que tamén predí o que imos ser no futuro", dixo o reitor. Na súa intervención, Reigosa fixo un repaso pola historia recente da Universidade, asegurando que "é increíble que en 31 anos esteamos onde estamos", sendo recoñecida como unha das 600 mellores institucións académicas do mundo e tamén, como unha das 12 universidades

A Universidade homenaxea o seu persoal xubilado entre os anos 2018 e 2020



“Cómpre apreciar e mimar o traballo que agroma nos nosos laboratorios e centros de investigación”

españolas, que poden ser cualificadas así desde o punto de vista da legalidade, segundo a última norma elaborada polo Goberno. Tras reiterar que, máis aló do financiamento e dunha organización eficiente, o éxito da UVigo radica nas persoas, o reitor amosou a súa satisfacción polo éxito acadados pola institución no ámbito da investigación e da transferencia. "Estou

engaiolado e agradecido polo esforzo do PDI", dixo Reigosa, para quen "cómpre apreciar e mimar o traballo que agroma nos nosos laboratorios e centros de investigación", ao tempo que incidiu na aposta que sempre fixo a UVigo pola colaboración público-privada. "A clave foi o voso esforzo, o dos que agora están e dos que continuarán", dixo o reitor, para quen a sociedade galega estará agradecida porque a Universidade a serve.

Un esforzo que contribuíu ao crecemento e consolidación da UVigo

En nome do PAS xubilado, Ángeles Carballo lembrou a ilusión do persoal de administración e servizos cando se incorporou ao seu centro de traballo e asegurou que "co noso esforzo contribuímos ao crecemento e consolidación da institución". Tras rememorar uns inicios na UVigo sen infraestruturas e só cuns poucos colexios universitarios, Carballo destacou que o esforzo e a determinación do persoal fixo posible "ter unha fermosa e competitiva universidade. Grazas aos equipos reitorais, PDI, compañeiros, servizos e unidades, que nos acompañaron nesta marabillosa experiencia", dixo.

Pola súa banda, o docente e investigador do Departamento de Historia, arte e xeografía Jesús de Juan tamén se remitiu no seu discurso ás orixes da UVigo para asegurar que "despois de nacer da nada, ninguén podía sospeitar que co esforzo de todos conseguiríamos acadar as metas que se nos esixían". De Juana, que puxo o acento na importancia de trasladar ao alumnado, ademais da aprendizaxe de coñecementos e o traballo en equipo, o pensamento crítico, asegurou que "demos o mellor de nós pola institución que vimos nacer e na que participamos na consecución duns obxectivos dos que nos sentimos moi orgullosos", asegurou ●

Cun orzamento de 5 millóns de euros, catro anos duración e 16 socios de oito países

O proxecto europeo LabPlas, liderado pola UVigo, rastrexará a procedencia do plástico presente no medio ambiente

Traballarán no Mar do Norte, os ríos Elba e Támese e na contorna do encoro de Cecebre

M. Del Río
DUVI 21/06/2021

Nos últimos anos desenvolvéronse multitude de proxectos de investigación centrados en avaliar a presenza no medio mariño de plásticos e microplásticos e o impacto que xeran dende un punto de vista ambiental. Pero o 80% desas partículas que están nos mares e océanos do planeta teñen unha orixe terrestre, motivo polo que resulta imprescindible unha abordaxe ampla e multidisciplinar do problema, que é a que propón o proxecto LabPlas, seleccionado na convocatoria europea H2020 e coordinado pola Universidade de Vigo.

A iniciativa, cun orzamento de 5 millóns de euros (medio millón corresponde á UVigo), reúne 16 socios de oito países co obxectivo de rastrexar as fontes de plástico no medio ambiente. Para isto une expertos e expertas en avaliación da contaminación, modelado ambiental, química ambiental, oceanografía, hidroloxía, paleoecoloxía, ecoloxía de solos, microbioloxía, enxeñaría da auga, nanotecnoloxía, economía e transferencia de coñecemento. Por parte da Universidade de Vigo participan o grupo Ecotox, liderado por Ricardo Beiras; o Grupo de Ecoloxía Animal, coordinado por Jorge Domínguez e o grupo de Dolores Garza, Erenea (Economía dos Recursos Naturais e Ambientais).

O IP do proxecto LabPlas (LAnd-Based solutions for PLASTics in the Sea) é o catedrático Ricardo



Beiras, que explica que o obxectivo final é "reducir a entrada de plásticos ao ambiente". Os grupos traballarán conxuntamente para avaliar as interaccións dos plásticos co medio ambiente e os ciclos naturais, determinar cales son as súas procedencias, a tipoloxía e o tamaño dos residuos e o seu percorrido ata chegar ao medio mariño. Os científicos pretenden que, con este coñecemento, as administracións públicas e o tecido empresarial poidan tomar decisións e desenvolver medidas que permitan combater a contaminación plástica sobre bases científicas sólidas. Para iso contarán con ferramentas computacionais

prácticas que axudarán a trazar un mapa dos puntos críticos afectados polo plástico.

Un dos principais focos de atención do proxecto serán os microplásticos, imposibles de eliminar da natureza, polo que a comunidade científica centra os seus esforzos en evitar que acaben no medio ambiente ao descompoñerse envases, botellas, roupa, etc. Como destaca o catedrático da UVigo, a pesar de que cada vez se desenvolven máis estudos sobre os microplásticos, "aínda existe unha falta de métodos analíticos adecuados e validados para a detección e cuantificación de micro e nanoplásticos, o que implica un gran reto para a súa monitoraxe neste proxecto".

Traballo de campo en dúas zonas principais

Os traballos, que arrancan este mes de xuño, centraranse na recollida de mostras durante os dous primeiros anos e no modelado ambiental nos dous seguintes. O consorcio estudará contornas tanto terrestres como acuáticas, e neste último tipo, tanto augas mariñas como continentais. Para iso fixéronse dous marcos xeográficos prioritarios de traballo. Por unha banda, o Mar do Norte e os ríos Támese e Elba, que desembocan nese mar, "polo que é unha área xeográfica ampla que se vai tomar como exemplo de como os plásticos veñen das contornas continentais a través dos ríos e acaban no mar". Por outra banda, tamén se recollerán mostras nunha área máis pequena en Galicia, no encoro de Cecebre, que achega auga potable á cidade da Coruña. O consorcio vai analizar o posible efecto do aporte de microplásticos e de aditivos químicos á auga potable, para o que estudarán os ríos Barcés e Mero, o embalse e a continuación do río Mero ata a desembocadura no Burgo. Outro punto de estudo será na contorna da AP9, xa que a zona tamén recibe microplásticos que se despenden das rodas dos automóviles pola fricción co asfalto. "O polvo que soltan recóllese na escorrentía e iso acaba no encoro", o que segundo recalca Beiras, a nivel toxicolóxico "é moi prexudicial, xa que conteñen moitas substancias químicas".

Toma de mostras

Para rastrexar as fontes do plástico, os equipos de traballo tomarán mostras de auga, sedimentos,

solos e incluso organismos que poden inxerir microplásticos. Con todo, sobre este último aspecto, Beiras puntualiza que a principal vía de exposición dos seres humanos ao plástico non son os alimentos mariños, "é moi rebuscado pensar que o peixe é a principal vía de exposición, porque os microplásticos os podemos atopar no po, na auga potable, nas fibras da roupa, en todas partes".

Os investigadores monitorizarán a presenza tanto de macroplásticos (> 25mm), como de mesoplásticos (5-25mm), microplásticos grandes (1-5mm) e microplásticos pequenos (1µm - 1mm). A gran diferenza do tamaño das mostras é unha das partes máis complexas do traballo, xa que os equipos de mostraxe deberán empregar distintas ferramentas e aparellos para capturar cada un dos tamaños.

Tras rematar os dous primeiros anos de traballo esencialmente de campo, os datos recollidos alimentarán os modelos ambientais, que tratarán de seguir os movementos de cada unha das fraccións de tamaño no ambiente "para ver onde son máis abundantes, se quedan na columna de auga, se van ao fondo, se a inxiren os organismos, etc".

Finalmente, os últimos paquetes de traballo consisten en poñer estas ferramentas a disposición das administracións e axencias públicas reguladores para mellorar as directivas e a lexislación que está en constante desenvolvemento.

Os aditivos químicos dos plásticos biodegradables

Unha das temáticas innovadoras que tamén se van abordar neste proxecto son os aditivos químicos que se empregan na fabricación dos plásticos biodegradables, un aspecto preocupante e pouco analizado ata agora, segundo os investigadores. Como relata Ricardo Beiras, o problema principal dun obxecto de plástico non é o polímero co que está fabricado, senón os aditivos químicos que se empregan para poder traballalos, para que teñan cor, para que resistan ao calor ou a luz... que en moitos casos son tóxicos". Na fabricación dos novos plásticos biodegradables, "que se mineralizan e

desaparecen", emprégase unha maior cantidade dese tipo de substancia química. "Para facer un plástico de amidón de pataca ou de caña de azucre hai que botarlle máis cantidade de aditivos para que teña unhas propiedades aceptables para o mercado. É dicir, creas un plástico que se degrada pero tes que vixiar cantos aditivos e cales empregas na súa fabricación".

Por iso, un dos paquetes de traballo de LabPlas centrarase en analizar a presenza deses aditivos na natureza, avaliar a súa toxicidade e achegar á industria a información ecotoxicolóxica necesaria para producir produtos o máis ambientalmente inocuos no contexto da economía circular. Para iso contan coa implicación no proxecto de BASF, unha das empresas máis importantes na produción de plásticos, coa que colaborarán para identificar os aditivos máis tóxicos e buscar os máis indicados para que o produto final cumpra coa súa función pero sendo o menos nocivo posible e respectando a normativa de fabricación e calidade ●

A UVigo aposta por regresar á presencialidade total no inicio do vindeiro curso

Aprobouse hoxe no Consello de Goberno, que tamén deu luz verde as contas anuais de 2020

M^{ra} del Carmen Echevarría Figueroa
DUVI 25/06/2021

A UVigo desenvolverá a actividade docente no inicio do vindeiro curso 21/22 en modalidade totalmente presencial, excepto naquelas titulacións, cursos ou materias nas que a capacidade dos espazos non a permitan, ou cando as condicións sanitarias por mor da pandemia, non a fagan posible. A aplicación desta denominada "normalidade adaptada", foi aprobada este venres na sesión de Consello de Goberno, na que se abordaron as medidas sobre o inicio do próximo curso académico, no que a modalidade mixta ou non presencial quedaría, reservada para situacións puntuais e localizadas de curta duración, derivadas de restricións locais ou por gromos nalgunha dependencia universitaria.

Este foi un dos acordos adoptados na sesión que o órgano de goberno da UVigo celebrou este venres, e na que tamén se aprobaron as contas anuais correspondentes ao 2020, así como o nomeamento do investigador e director científico do CICbiomaGUNE, Luis Liz Marzán, como investigador distinguido da UVigo, na que desenvolveu boa parte da súa carreira. "Foi unha mágoa cando marchou", dixo do reitor, que destacou a calidade científica e humana de Liz Marzán. Reigosa comezou a sesión ordinaria de hoxe co seu informe manifestando a súa expectativa en que antes de setembro se produza un acordo entre as universidades galegas e as consellerías de Educación e Facenda sobre o vindeiro Plan de Financiamento Universitario. "Hai unha proposta das universidades e outra das consellerías e aínda que están relativamente lonxe, esperamos que haxa acordo antes de



setembro", dixo o reitor, que tamén manifestou o seu desexo de que se acade o máximo consenso en relación co mapa de titulacións, sobre todo despois que se chegase a un acordo sobre os criterios. "É unha boa nova que antes de facer o reparto se acordasen as regras de xogo", sinalou Reigosa, que lembrou o consenso alcanzado no caso de grao e do mestrado en Intelixencia Artificial que se impartirá nas tres universidades.

No seu informe o reitor tamén confirmou que, tras fracasar unha primeira negociación do servizo de mediación para intentar desbloquear o conflito xerado pola proposta do Mestrado en Exercicio Terapéutico en Funcional en Fisioterapia, entre as facultades de Fisioterapia, promotora do título, e a de Ciencias da Educación e do Deporte, farase unha segunda mediación, ademais de encargarse

un informe a unha asesoría externa especializada. Por outra banda, Reigosa avanzou a próxima apertura ao público do edificio Redeiras do Berbés, que xa a partir do mes de setembro acollerá varios servizos que agora se prestan no campus de As Lagoas Marcosende.

Normalidade adaptada para o curso 2021/22 e valoración positiva do 20/21

Logo cun curso que está a piques de rematar e no que, por mor da pandemia, a docencia presencial conviviu coas modalidades mixta e non presencial, a UVigo aposta por iniciar a actividade no curso 21/22 de xeito totalmente presencial, excepto naquelas titulacións, cursos ou materias nas que a capacidade dos espazos docentes que calcule a Unidade Técnica non permitan a presencialidade total. Esta "normalidade adaptada", que atenderá ás limitacións fixadas pola Xunta de Galicia, e ás medidas sanitarias, e que establece ocupacións do 50% para bancadas fixas e 1,2 metros para mobiliario non fixo, trasladarase logo da súa aprobación de hoxe polo Consello de Goberno aos centros da UVigo, que deberán analizar se poden iniciar o vindeiro curso de xeito totalmente presencial ou teñen que solicitar unha excepción. "Non podo valorar se algún centro pedirá non empezar con presencialidade total, pero tendo en conta que as restricións en canto a distancias se relaxan e que moitos centros xa tiveron presencialidade total nas condicións deste curso, debe haber poucas excepcións, se é que hai algunha", prevé Manuel Ramos, vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, que explicou que a adopción destas medidas deriva de reunións mantidas entre a Consellería de Educación, Sergas, Acsug e universidades, e que parten de dúas ideas básicas sobre as que traballa a Xunta: o avance cara á normalidade e o principio de prudencia.

As medidas acordadas hoxe para o vindeiro curso contemplan que a normalidade adaptada poderá verse modificada por restricións locais derivadas de gromos ou peches na localidade na que se sitúa o centro docente, dando así lugar a unha modalidade mixta o non presencial. En canto ás prácticas externas, estas deberán desenvolverse segundo as medidas activas en cada momento de seguridade, autoprotección e distancia física e en función da normativa vixente e o do establecido no correspondente convenio de cooperación

educativa. Así mesmo, as medidas recollen que as guías docentes conterán, de xeito xeral, un escenario de normalidade adaptada.

Sobre o presente curso, cando está a piques de rematar, o vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado fai "unha valoración moi positiva. Non houbo incidencias destacables na impartición da docencia na modalidade mixta, nin nas probas de avaliación e a incidencia de contaxios nos centros foi moi inferior á que se daba a nivel de rúa nas cidades, onde están os campus". Ramos lembra que non houbo ningún gromo en todo o curso, e unicamente foi preciso pechar uns poucos días algún curso completo con carácter preventivo. "A mellor noticia é que o curso transcorreu con normalidade dentro da situación de anormalidade vixente", asegura Manuel Ramos.

Aprobadas as contas anuais do ano 2020

O Consello de Goberno aprobou este venres por asentimento as contas anuais correspondentes ao ano 2020, que a vindeira semana deberán ser ratificadas polo Consello Social, como paso previo a súa remisión á Xunta de Galicia antes do 30 de xuño. O vicerreitor de Economía, José María Martín Moreno, foi o encargado de presentar a conta anual do ano pasado, que inclúe o balance de situación, conta de resultado económico patrimonial, estado de cambios no patrimonio, estado de fluxos de efectivo e liquidación do orzamento e memoria. Martín Moreno, que destacou que o orzamento definitivo de ingresos da UVigo acadou os 209,3 millóns de euros, o que supón un 7,38% máis que a cifra inicialmente estimada, salientou que as modificacións orzamentarias no ano 2020 sufriron un ascenso debido á maior incorporación de remanentes dos proxectos de investigación e á xeración de créditos pola consecución de fondos alleos, sobre todo derivado da covid-19. Así mesmo, Martín Moreno destacou o comportamento do apartado de incorporación de remanentes, que reflicte un pequeno incremento debido á prórroga das axudas á infraestruturas científicas da anualidade 2018-2019.

Segundo explicou o vicerreitor de Economía na súa intervención no Consello de Goberno, o resultado orzamentario do exercicio acadou a cifra negativa de -3,2 millóns de euros, e ao engadirse os axustes do resultado orzamentario axustado alcanza os 7,5 millóns de euros. "Como sempre

a Universidade cumpre en tempo e forma coa presentación e aprobación das contas anuais para a súa remisión á Xunta de Galicia e este ano, ao igual que vén ocorrendo en ocasións anteriores presentamos unha liquidación axustada positiva de máis de 7 millóns de euros. Isto indica que soubemos soportar a pandemia e todo o que isto implica sen afectar á estabilidade financeira da institución", explica Martín Moreno, para quen "a situación financeira da UVigo, tal e como amosan as contas anuais é moi positiva, e das tres universidades do SUG a mellor con diferenza", asegura.

En comparación coas contas do 2019, o vicerreitor de Economía destaca a mellora "substancial" do resultado orzamentario axustado grazas a ingresos non esperados da Xunta de Galicia para investimentos relacionados coa dixitalización da docencia.

Luis Liz Marzán novo investigador distinguido da UVigo

Outra das decisións adoptadas hoxe polo órgano de goberno da UVigo foi o nomeamento de Luis Liz Marzán como investigador distinguido da UVigo. Logo de incorporarse en 2013 ao CIC-Biomagune, desde a Universidade de Vigo na que desenvolvía a súa actividade docente e investigadora, Liz Marzán convértese agora en investigador distinguido da institución académica viguesa por iniciativa do Departamento de Química-Física. "É unha honra para esta universidade ter a Luis Liz Marzán como investigador honorífico", dixo a vicerreitora de Investigación, Belén Rubio, en relación con este nomeamento que non é contractual, senón que se acollería ao regulamento de persoal investigador honorífico, que pode colaborar coa docencia e coa investigación na UVigo, algo que Liz Marzán xa estaba a facer. Belén Rubio incidiu na súa exposición na excepcionalidade do CV de Liz Marzán do que destacou que ten máis de 500 artigos en revistas JCR, 20 capítulos de libros e nove patentes, ademais de ser investigador principal de máis de 60 proxectos e contratos con empresas por máis de 10 millóns de euros. "A súa investigación ademais é moi recoñecida a nivel internacional, ten máis de 50.000 citas, e leva sendo investigador altamente citado de xeito ininterrompido desde o 2014", detalla.

Por outra banda, na sesión de hoxe se deu luz verde ao Plan de retención de talento investigador para 2021, trátase dunha convocatoria semellante ás de anos anteriores, que oferta o mesmo número de prazas que o ano pasado, catro, e tamén se plantea deixar unha lista de agarda, que se pode cubrir coas vacantes que poida haber de anos anteriores. A redacción da convocatoria foi modificada a instancias do docente e investigador José Manuel Cruz, de xeito que recolla as convocatorias de carácter competitivo que aparecen mencionadas "ou as equivalentes". Doutra banda, a convocatoria engade, tamén como novidade, un criterio de desempate de corrección de maior infrarepresentación de xénero dunha área de coñecemento da Universidade de Vigo, dentro do profesorado con vinculación permanente. "É un pequeno sinal que pode axudar a mellorar os desequilibrios de xénero que existen na carreira investigadora, o famoso gráfico de tesoiras. A ver si conseguimos pouco a pouco que a teseira se vaia pechando", sinala Belén Rubio.

Outros temas

Noutra orde cousas, na sesión de hoxe tamén se aprobou a solicitude do docente e investigador da Facultade de Belas Artes José Chavete Rodríguez para ser profesor emérito, así como dous novos cursos de especialista: o Curso superior de autonomía de mozos e mozas no sistema de protección e o Curso de especialista en innovación educativa para unha educación transformadora no ámbito escolar e comunitario e a modificación dun artigo do regulamento do rexistro electrónico da UVigo.

Tamén se deu luz verde á transformación do profesorado axudante doutor que remata contrato en profesorado contratado doutor interino, un trámite que se fai todos os anos e que se articula mediante unha convocatoria ●

O reitor anuncia no Claustro que se abandona a idea de adquirir edificios en López Mora e de realizar novas construcións na antiga ETEA

Na sesión tamén se avanzou no procedemento para a creación de tres novas facultades

D. Besadío / E. Muñiz
DUVI 28/06/2021

Tras varios meses de debate sobre a posibilidade de trasladar algunhas titulacións ao centro da cidade de Vigo, o reitor Manuel Reigosa anunciou este luns no Claustro que se abandona a idea de adquirir edificios na rúa López Mora e de realizar unha nova construción nos terreos da antiga ETEA. Fíxoo tras coñecer os resultados da enquisa realizada á comunidade universitaria e de acordo ao compromiso adquirido na folla de ruta que el mesmo propuxo uns meses atrás e que condicionaba a decisión dos posibles traslados aos resultados acadados nestas enquisas. Finalmente, os resultados foron contrarios ao traslado, salvo na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, que decidirá nos vindeiros días se leva este tema á Xunta da Facultade. Deste xeito, segundo o reitor, "desperdíciase" o que na súa opinión era "unha oportunidade histórica para achegarnos á cidade de Vigo, cando menos cun par de titulacións", lamentou Reigosa, quen se amosou doído polo balbordo xerado na comunidade universitaria nos últimos meses sobre esta temática.

Este foi un dos puntos máis destacados dunha convocatoria ordinaria de Claustro, que se desenvolveu na Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación do campus de Pontevedra, combinando a asistencia presencial e virtual, e na que tamén se falou sobre o mapa de titulacións e o plan de financiamento do Sistema



O reitor, Manuel Reigosa

Universitario de Galicia (SUG). Ademais, nesta sesión o Claustro informou favorablemente das memorias para a creación das futuras facultades de Relacións Internacionais, Deseño e Dirección e Xestión Pública, e nela o reitor, como fixo cada ano desde que iniciou o mandato, deu conta ante as e os claustrais do grao de cumprimento dos compromisos electorais adquiridos polo seu equipo hai pouco máis de tres anos.

CC Xurídicas e do Traballo valorará nos vindeiros días os resultados das enquisas

Respecto ao posible traslado de titulacións de Marcosende ao campus de Vigo cidade, Reigosa admitiu que foi un tema no que se implicou moito e "o único do que, a longo prazo pode arrepentirme é de non ter sido quen de convencer, fixen máis de 16 xuntanzas, a maioría delas de entre dúas e cinco horas, unha mágoa que a miña elocuencia non fose suficiente" e amosouse convencido de que o mellor sitio para ter a Facultade de Ciencias do Mar era a ETEA e que o complexo de López Mora era unha grande oportunidade para fortalecer a presenza da Universidade na cidade. Quédase agora á espera de que a Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo –na que o 55% do alumnado se amosou a favor do traslado, segundo indicou o reitor– tome a decisión que considere oportuna, se ben, Reigosa adiantou xa que nas xuntanzas previas mantidas con este centro o equipo decanal amosárase contrario aos traslados, idea que, "a título persoal", ratificou nesta sesión do Claustro o decano, Francisco Torres, quen solicitou ao reitor que lle fosen enviados os resultados das enquisas para poder valoralos e actuar en consecuencia, "xa que nestes intres non sabemos cantos estudantes representan ese 55% e descoñecemos tamén os resultados acadados entre o PDI e o PAS".

Precisamente a falta de documentación sobre este punto da orde do día, provocou que o profesor da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación Manuel Fernández Iglesias pedise a súa retirada, e que fose incluído na vindeira sesión do Claustro, "previo envío da documentación oportuna aos integrantes do Claustro, pois só así poderemos ter un debate en igualdade de condicións". Ante esta petición, reuniuse de urxencia a Mesa do Claustro que, finalmente, decidiu por unanimidade continuar adiante co debate, se ben, unha vez exposta a presentación do reitor, as queixas pola falla de documentación sobre este punto da orde do día foron expresadas tamén por outros docentes, entre eles a profesora da Facultade de Filoloxía e Tradución, Rosa Pérez, e a da Facultade de Ciencias do Mar Elsa Vázquez.

Ante esta situación, o reitor comprometeuse a enviar a súa presentación íntegra aos claustrais.

Nesta presentación o reitor lembrou a folla de ruta –que el mesmo fora explicando nas reunións cos equipos directivos que iniciou o pasado 5 de marzo– e deu conta dos resultados acadados, nos que se confirma a negativa ao traslado da maior parte das persoas participantes. Segundo expuxo nunha das diapositivas, dun censo de 11.098 persoas participaron un total de 2872, o que supón o 25,88% do total, e delas o 40% amosouse partidaria do traslado, o 48% de quedar no campus e o 11,4% non amosaron unha opinión definida.

Neste punto da orde do día Reigosa tamén lamentou "a gran cantidade de falsidades" que se verteron nestes meses sobre esta cuestión. "O equipo de goberno en ningún intre propuxo o desmantelamento do campus, senón, simplemente, pór enriba da mesa dúas opcións, que poderían permitir mover algunhas titulacións: a antiga ETEA, pensando sobre todo en Ciencias do Mar, e os edificios de López Mora, onde xa se conta cun edificio cedido para o Laboratorio de Fotónica Cuántica"

Titulacións e financiamento, dúas negociacións que "marcarán o futuro"

A sesión abriuse co informe do reitor, que puxo o foco en dous procesos de negociación abertos e que, sinalou, "marcarán o futuro rumbo da Universidade". Reigosa referiuse á negociación do novo plan de financiamento do SUG, no que as tres universidades presentaron unha "contraproposta" conxunta á das consellarías de Educación e Facenda. "En setembro agardamos ter algún tipo de acordo", afirmou o reitor, que sinalou como un dos "atracos" a necesidade de articular "algún mecanismo compensatorio" que, ante unha previsible futura baixada do número de estudantes, "permítanos manter as capacidades docentes, de investigación e de transferencia". Por outra banda, afondou tamén na negociación do futuro mapa de titulacións do SUG e felicitouse do acordo acadado entre as tres universidades e a Xunta, que fixa uns "criterios" de cara as negociacións de cara a creación de doce novos graos e preto de 15 mestrados nos sete campus galegos. Neste mesmo punto, Reigosa felicitouse polo acordo acadado polas tres universidades para a implantación do grao interuniversitario en Intelixencia Artificial, que agarda poida pórse

en marcha no campus de Ourense no curso 2022/2023.

O reitor aludiu así mesmo no seu informe á convocatoria de axudas para a recualificación do sistema universitario español, pola que lles corresponderían 5,6 millóns de euros á institución viguesa. Esta convocatoria, que será abordada esta semana en Consello de Goberno, permitirá pór en marcha, tres liñas de axudas, unha para o persoal docente e investigador "máis novo", outra para "profesorado xa estable" pero que leve pouco tempo no seu posto e unha terceira dirixida á captación de talento. Por outra banda, o reitor anunciou que se impulsará unha nova mediación co obxectivo de alcanzar un acordo no "conflito" xurdido entre as facultades de Fisioterapia e Ciencias da Educación e do Deporte a raíz da proposta de creación do Máster en Exercicio Terapéutico e Funcional en Fisioterapia. O reitor anunciou tamén que se completaron as obras do proxecto de xeotermia no campus de Ourense, que prevé inaugurar en breve, así como a incorporación da UVigo á agrupación Simga, na que diferentes universidades "partillan software para distintos aspectos que teñen que ver coa xestión universitaria". Por outra banda, Reigosa informou tamén nas negociacións que se están a levar a cabo para que as ferramentas informático-lingüísticas desenvolvidas polo profesor Xavier Gómez Guinovart sigan "á disposición da comunidade galega", despois da xubilación deste docente da Facultade de Filoloxía e Tradución.

Por outra banda, en resposta a unha pregunta do profesor Iván Area, Reigosa subliñou como unha cuestión "prioritaria" a posta en marcha do Máster en Enxeñaría Aeroespacial no campus de Ourense, que permitiría "pechar unha escola", a de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo, "con moitísimo futuro". Nese punto, explicou que unha vez a Xunta decidiu que fose un mestrado interuniversitario coa Universidade da Coruña e de que se chegase "de seguido" a un acordo co equipo reitoral da UDC, foron xurdindo "todo tipo de atrancos" que impediron contar ata o de agora coa memoria da futura titulación.

Proseguen os trámites para a creación de tres novas facultades

O Claustro deu tamén o seu visto e prace ao informe sobre a creación de tres centros

docentes, que constitúe un novo paso no procedemento para a posta en marcha das futuras facultades de Deseño, Dirección e Xestión Pública e Relacións Internacionais, en Ourense. Como explicou o vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, Manuel Ramos, tralo informe favorable do Claustro, as memorias deberán ser aprobadas polo Consello de Goberno, para logo obter o informe do Consello Social antes de ser remitidas ao Consello Galego de Universidades para que, finalmente, a creación dos centros sexa aprobada polo Consello da Xunta e incorporados ao Registro Universitario de Centros y Titulaciones (RUCT).

Dúas destas facultades están vinculados á creación de dúas novas titulacións, o



Grao en Relacións Internacionais, que será interuniversitario e impartirase xunto coa Universidade da Coruña; e o Grao en Deseño, que se atopa pendente da aprobación da súa memoria por parte da Xunta, explicou Ramos. No caso da Facultade de Relacións Internacionais, o vicerreitor sinalou que será necesario que conte cun edificio propio, construído ou cedido, se ben podería iniciar a súa actividade no Edificio Xurídico-Empresarial do campus ourensán. Segundo as previsións recollidas na memoria, a facultade contaría "con 187 estudantes e 15 profesores equivalentes a tempo completo" e a súa posta en marcha tería un custo estimado de 90.045 euros, ao igual que os outros dous centros propostos.

No caso da Facultade de Deseño, no campus pontevedrés, esta terá como sede o espazo destinado á UVigo no edificio da Xunta en Benito Corbal, "aínda que algún laboratorio específico quedaría na Facultade de Belas Artes". O novo centro, explicou Ramos, albergará tanto o futuro Grao en Deseño, como o Máster en Deseño e Dirección Creativa en Moda e estímase que contará con 260 alumnos e alumnas e 22 profesores equivalentes a tempo completo. Tamén en Pontevedra, a Facultade de Dirección e Xestión Pública compartiría edificio coa actual Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, onde se imparten as dúas titulacións que se adscribirían ao novo centro. Trátase do Grao en Dirección e Xestión Pública, que no presente curso convertíase no primeiro do SUG en contar cunha



modalidade totalmente virtual, e o mestrado online en Dirección e Xestión Pública. Segundo a memoria, contaría con 212 estudantes e 41 docentes, 16 deles docentes "con dedicación total ás titulacións da facultade", explicou Ramos.

Creación do CISPAC, investigación a medida da 'paisaxe' galega

Anunciado pola Xunta de Galicia no ano 2017 como o primeiro centro de investigación en ciencias sociais e humanidades do SUG e único en España nestas áreas de coñecemento, esta sesión do Claustro deu o seu visto e bo á creación

do Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC) do que forman parte as tres universidades galegas. A misión principal deste novo centro será a investigación sobre as paisaxes dende unha perspectiva transdisciplinar: paisaxes que teñen xente (sociedade, demografía e territorio); paisaxes que producen (mundo rural, alimentación e transición verde); paisaxes visitadas (modelos turísticos e Camiño de Santiago); paisaxes que teñen patrimonio (patrimonio, identidade e cultura) e paisaxes que se gobernan (comunidades, participación social e gobernanza).

O CISPAC terá a súa sede no edificio Fontán da Cidade da Cultura e as súas instalacións contarán con preto de 2.600 metros cadrados nos que, ademais de espazos comúns, se contará con múltiples laboratorios: da gobernanza rural/dos comunais, GIS e cartografía, economía, agroecosistemas, Big Data ou demografía.

Tal e como se expuxo na sesión, o CISPAC nace dentro do SUG con tres obxectivos básicos: converterse nun novo referente de investigación en ciencias sociais e humanidades, "sempre coa ollada nas necesidades e problemas sociais, culturais, económicos, territoriais e ambientais de Galicia"; posibilitar a coprodución de coñecemento non só entre o persoal investigador, senón tamén co conxunto de actores que operan a nivel galego e internacional; e ser un claro instrumento de apoio das administracións no deseño de estratexias e políticas relevantes en todas estas cuestións.

Co profesor do Departamento de Economía Aplicada Xavier Simón como investigador garante, entre os grupos de investigación da UVigo que terán un papel máis activo no CISPAC, atópase o Grupo de Estudos de Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio (GEAAT); o Observatorio da Gobernanza (G3); Organización e comercialización (OC2) e o grupo de Investigación en Economía Ecolóxica, Agroecoloxía e Historia (GIEEAH).

Balance de tres anos á fronte da Reitoría

O Claustro foi tamén un ano máis o lugar elixido polo reitor Manuel Reigosa para render contas sobre o cumprimento dos compromisos electorais do equipo de goberno, neste caso correspondentes ao seu terceiro ano á fronte da Reitoría. Foi un informe estruturado en 11

compromisos electorais nos que falou, entre outros aspectos, dun 100% de obxectivos cumpridos en todo aquilo que ten que ver coa dignificación da docencia (redución das cargas máximas, limitación no número máximo de materias, simplificación do programa Docentia...); coa redución da conflitividade (mediación, uso dos órganos de goberno como lugares de debate e de decisión, aproveitamento do Tribunal de Garantías e creación da unidade de mediación; así como tamén na captación de talento investigador, un eido no que se fixo “especial énfase na captación de persoal investigador de moi alto nivel, o que permitiu incorporar nestes tres anos dúas persoas cunha ERC e tres coa consideración de Highly Cited”.

Ao marxe destas cuestións, nas que xa se acadaron os obxectivos propostos, segue a traballarse noutros temas nos que o grado de cumprimento aínda non é total e hai marxe de mellora, entre eles a captación de alumnado (tanto en Galicia como a nivel internacional); a simplificación da burocracia (avances importantes coa implantación da sede electrónica, da sinatura mediante CSV e do selo institucional) ou no pagamento íntegro das pagas extras (“chegarase ao 100% no ano 2022”). Doutra banda, os aspectos nos que se acadaron menos avances foron, segundo salientou Reigosa, na implantación da docencia en inglés e na negociación dunha nova Relación de Postos de Traballo do Persoal de Administración e Servizos (tras a avaliación da actual a previsión é iniciar as negociacións nos vindeiros meses).

A UVigo mantense entre as universidades máis transparentes

Na presentación anual do Informe de transparencia, a vicerreitora de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación, Maribel Doval, destacou o alto grao de cumprimento que se acadou en 2020 das obrigas de publicidade activa, sendo Vigo a única universidade española que publica as retribucións íntegras percibidas polo equipo de goberno. Nesta liña de compromiso coa transparencia e o rendemento de contas, a vicerreitora lembrou que a Fundación Compromiso e Transparencia, no seu informe Exame de transparencia 2019. Informe de transparencia voluntaria na web das universidades españolas, coloca á Universidade

de Vigo no terceiro posto, manténdose entre as universidades máis transparentes. Do mesmo xeito, na clasificación de transparencia da entidade Dyntra, a UVigo acadou en decembro do 2020, a segunda posición, cumprindo un total de 125 dos 137 indicadores (91,24%).

En relación coa información máis consultada no Portal de Transparencia, a vicerreitora salientou que se produciu un descenso das visitas reais con respecto ao 2019, pasando das 71.000 acadadas en 2019 a 65.736 no 2020, o que supón un descenso de case un 8%, con respecto ao ano anterior. Nesta liña, indicouse tamén que o apartado que máis visitas recibe é, ao igual ca nos anos anteriores (2017, 2018 e 2019), UVigo en cifras, no que se atopa a información sobre a maior parte dos indicadores oficiais da universidade, cun total de 43.394, o que representa un 30,67% das visitas a este portal.

Outras cuestións

Durante a sesión aprobouse tamén o regulamento dos programas de formación permanente da Universidade de Vigo, a creación dun grupo de traballo para a análise dos programas MEET e PAT e elixíronse os membros da Comisión redactora do Regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudiantado ●

O catedrático Armando Caballero, Premio Nacional de Genética 2021

O xurado valora as súas achegas á xenética cuantitativa, evolutiva e da conservación

O Ministerio acaba de concederlle un novo proxecto estatal coordinado co INIA

M. Del Río
DUVI 29/06/2021

Cada dous anos, a Sociedad Española de Genética (SEG) concede os seus premios nacionais como recoñecemento ao labor científico dos investigadores máis destacados neste campo. Neste 2021 o catedrático da Universidade de Vigo Armando Caballero foi un dos dous científicos galardoados pola sociedade estatal, neste caso na modalidade básica. O xurado decidiu outorgarlle esta distinción ao investigador principal do Grupo de Xenética de Poboacións e Citoxenética "polas súas achegas á xenética cuantitativa, evolutiva e da conservación, e especialmente na predición do censo efectivo de poboación, a comprensión da base xenética das mutacións espontáneas con efecto sobre a eficacia biolóxica, e o desenvolvemento de técnicas de análise e manexo de poboacións en conservación". Xunto con el, recibiu o premio nacional na modalidade aplicada, Andrés Aguilera López, catedrático de Xenética da Universidad de Sevilla.

No acto de entrega destes premios, patrocinados pola Fundación Pryconsa, Caballero agradeceu a concesión dun galardón que, recoñecía, "faiame tremendamente feliz". Valórao como unha distinción importante, "porque o nivel dos galardoados é moi elevado, incluíndo notables investigadores da universidade e o CSIC. De Galicia, por exemplo, concedéronllo a Ángel Carracedo en 2015".

Na cerimonia, celebrada en modalidade virtual, Caballero deu as grazas tanto aos que foron os seus profesores no pasado, como a colegas cos que comparte ou compartiu proxectos e tamén ao Grupo de Xenética de Poboacións e Citoxenética da UVigo, que el coordinada, e do que se amosou "moi orgulloso, non só polo nivel científico, senón



O catedrático Armando Caballero

tamén pola cohesión persoal e a xenerosidade, é un pracer traballar con todos eles".

Un achegamento á xenética poboacional

Armando Caballero desenvolve a súa traxectoria no eido da xenética poboacional e tense convertido nun dos científicos da Universidade de Vigo máis citados en diferentes clasificacións internacionais, como a que publica a Stanford University. Os seus estudos céntranse "nos cambios nas poboacións, que son os que determinan cousas tan importantes como a adaptación a novos ambientes, a formación de novas especies, a extinción doutras, en definitiva, a evolución biolóxica". Por exemplo, a xenética de poboacións analiza como ocorre a selección natural, "que é o motor da

evolución", pero tamén estuda as consecuencias do declive do censo das poboacións por factores ambientais e antropoxénicos, que ocasiona a perda de diversidade xenética e o aumento da consanguineidade. "Todos estes procesos, producidos por factores naturais ou humanos, provocan unha menor capacidade de supervivencia, de adaptación e finalmente a extinción".

Novo proxecto co INIA

Case ao mesmo tempo que fallaban os premios, tamén se facía pública a concesión dun proxecto do Ministerio para os próximos catro anos coordinado co Instituto Nacional de Investigación y Tecnología Agraria y Alimentaria. Este será o quinto proxecto conxunto que o Grupo de Xenética de Poboacións e Citoxenética da UVigo desenvolve co INIA e nel abordarán estudos teóricos e aplicados sobre a estimación da consanguinidade, a diversidade xenética e o censo histórico das poboacións empregando marcadores xenéticos de ADN, incluíndo aplicacións en especies acuícolas, ganado vacún e porcino, así como experimentos coa mosca da froita.

Os problemas da ciencia

Armando Caballero aproveitou a cerimonia de entrega dos galardóns para reflexionar sobre os problemas da ciencia e a investigación en España. Preguntado sobre este tema, o catedrático considera que un dos problemas máis relevantes é a falta de financiamento, xa que "en España temos investigadores de gran nivel, en absoluto inferior ao dos países máis punteiros, e dígoos con coñecemento porque fun editor asociado de varias revistas de prestixio nos últimos 20 anos e lidiei con centos de artigos de todas as procedencias". O que falta, sostén, é "o nivel de financiamento doutros países da nosa contorna. Se fose así, poderíamos estar moito máis arriba".

Outro dos problemas no panorama científico estatal é a ausencia de programas de consolidación para investigadores novos que, "despois de recibir aquí unha excelente formación, teñen que emigrar e, ás veces, consolidarse noutros países. E no peor dos casos, acabar

traballando noutras cosas. É unha perda de capital humano exasperante". O catedrático tamén sinala á "enorme burocracia" como unha das "grandes lousas da ciencia en xeral". Con todo, recoñece que "a nosa Universidade faino bastante ben neste sentido, pero ten que traballar dentro dun marco xeral de tremenda carga burocrática e falta de flexibilidade administrativa".

Non obstante, Caballero reivindica a investigación como a solución a moitos dos desafíos do planeta, como pandemias, océanos cheos de plástico, sobrepoboación, cambio climático... "Sen ciencia non hai futuro, a ciencia é a única que nos vai sacar de todos estes problemas" ●

O equipo de aeromodelismo da UVigo presenta o seu primeiro prototipo

CORV-0 foi deseñado e fabricado por 23 estudantes de Aeroespacial e Informática

Con el participarán na competición internacional Air Cargo Challenge

DUVI Ourense 30/06/2021

CORV-0. Este é o nome elixido por UVigo Aerotech, o equipo de aeromodelismo da Universidade de Vigo, para o seu primeiro prototipo construído. Esta aeronave foi deseñada e fabricada por 23 alumnos e alumnas da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo e da Escola Superior de Enxeñaría Informática do campus de Ourense que forman parte do proxecto.

O aeromodelo presentado competirá na próxima Air Cargo Challenge, que terá lugar en xullo de 2022 en Múnic (Alemaña). "Esta é unha das competicións interuniversitarias de enxeñaría aeronáutica máis importantes de Europa, onde ata 30 das mellores universidades do mundo compiten por crear o mellor deseño dunha aeronave destinada a completar unha tarefa concreta", explican desde UVigo Aerotech. O labor das aeronaves desta edición, detallan, será o transporte de bolsas de sangue como material sanitario, sendo valorados os equipos polas probas de voo, a inspección técnica da aeronave e a enxeñaría detrás do deseño. "Será o primeiro equipo galego en participar nesta competición e un dos tan só catro españois que competirán", sinalan os membros de UVigo Aerotech.

Sinais de identidade da nave

Nos primeiros meses do curso 2020/2021, explican desde o equipo ourensán, "desenvolveuse o deseño da aeronave, onde as e os estudantes puideron pór en práctica os



O equipo Aerotech UVigo co seu prototipo

coñecementos adquiridos nun proxecto real". A esta etapa inicial, indican, seguíronlle a fabricación e finalmente a ensamblaxe de toda a aeronave, as cales tiveron lugar no Centro de Investigación, Transferencia e Innovación (CITI) da Universidade de Vigo, completando os tres escenarios de traballo marcados polo equipo para esta tempada. Sobre o modelo resultante detallan que durante a etapa de fabricación utilizáronse materiais compostos como a fibra de carbono, "actualmente imprescindible no sector aeronáutico", xunto con impresión 3D de pezas en colaboración coa Área de Enxeñaría Aeroespacial da Universidade de Vigo.


"Algúns dos sinais de identidade da aeronave CORV-0 na competición serán as súas

prestacións, entre as que destacan o deseño aerodinámico propio optimizado para a competición, o deseño das superficies de control ou a estrutura fabricada en fibra de carbono, realizados polos membros do equipo", comentan os seus responsables. A próxima tempada comezarán as probas de voo, "de grande importancia de cara a preparar a aeronave para a Air Cargo Challenge".

Esforzo conxunto

A historia de UVigo Aerotech comezou a principios de 2020 co apoio do profesor Guillermo Rey e cunha primeira tempada que rematou co deseño do AZOR-0, unha aeronave de máis de catro metros de envergadura e capaz de levantar ata 12 quilos. Coa experiencia deste precedente e co horizonte de xullo de 2022, o equipo traballou este curso académico no deseño, fabricación e construción do primeiro prototipo. O alumnado realiza o seu traballo dividido en cinco departamentos co obxectivo de "cubrir todas as necesidades do proxecto de forma organizada". Estes departamentos son Electrónica e Control (no que se implementan os circuitos do aeromodelo e se elixe tanto o hardware como o controlador empregados); Propulsión e Dinámica (que se ocupa do deseño, mantemento e ensamblaxe do motor, ademais do deseño e fabricación do tren de aterraxe); Aerodinámica (que abrangue o deseño e fabricación dos elementos aerodinámicos do modelo que permiten levantar a carga de pago necesaria); Estruturas (que estuda as necesidades estruturais do modelo e encárgase da fabricación) e Organización e Márketing (que se dedica á organización interna e xestiona as redes sociais e a representación do equipo).


No desenvolvemento desta iniciativa desde UVigo Aerotech fan fincapé no seu agradecemento a todas as entidades públicas e privadas que colaboran co equipo. O proxecto, comentan, non sería posible sen o apoio das empresas e entidades patrocinadoras, como son Coasa, Utingal, Gurit, Europrecis, Mecadis, Marine Instruments, a Axencia Galega de Innovación e a Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo. "A súa colaboración e respaldo fixeron realidade o prototipo que un día imaxinamos e agora podemos presentar", afirman ●





A aprobación das memorias para a creación das facultades de Deseño, de Dirección e Xestión Pública e de Relacións Internacionais acordouse na sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo de xullo, un mes no que tamén se confirmou que a institución académica viguesa impartirá 11 dos 13 novos mestrados interuniversitarios previstos para o curso 2023/2024.

O liderado da UVigo nunha investigación que confirmaba que, hai 3500 millóns de anos, Marte reunía as condicións básicas imprescindibles para ter vida, e a participación de investigadores da institución no proxecto europeo Uncover, que emprega a intelixencia artificial para loitar contra o crime e o terrorismo na rede, foron outros fitos destacados dun mes no que a universidade creaba unha liña de axudas para facilitar o acceso das persoas refuxiadas aos estudos superiores.



Comeza a campaña científica para analizar a circulación e a acidificación oceánica no Atlántico norte

Centraranse na Bight Fracture Zone, unha vía de comunicación principal para masas de augas profundas

M. Del Río
DUVI 01/07/2021

Este mércores un equipo de investigadores do Centro de Investigación Mariña da Universidade de Vigo partía de Reiquiavik a bordo do Sarmiento de Gamboa para iniciar a primeira campaña oceanográfica do proxecto BOCATS2 (Observación bienal del carbono, acidificación, transporte y sedimentación en el Atlántico Norte). Este estudo comprende dous subproxectos, un centrado na caracterización da columna de auga (propiedades físicas e químicas) e outro na caracterización dos sedimentos para interpretar as propiedades e dinámica das masas de auga no pasado, no que serían as últimas decenas de miles de anos. Esta segunda parte é a que coordinan os investigadores do CIM-UVigo Guillermo Francés, do Grupo de Oceanografía Xeolóxica e Bioxeoquímica e Gabriel Rosón, do Grupo de Oceanografía Física. Supón a continuación dun primeiro estudo realizado en 2016 (BOCATS) e ten como principal obxectivo "continuar co seguimento observacional (recente e pasado) da circulación e a acidificación oceánicas no Atlántico norte". A información que obteñan é "esencial para avanzar na detección precisa do impacto antropoxénico e para mellorar as proxeccións dos modelos climáticos axustados que sustentan os informes do IPCC para o xiro subpolar do Atlántico norte (SPNA), rexión coñecida pola súa forte influencia no clima europeo", como destaca Guillermo Francés.



A bordo tras seis días confinados

Esta expedición non é allea ás circunstancias especiais que marca a pandemia da covid-19. O equipo científico, formado polos investigadores da UVigo Irene Alejo, Marta Pérez Arlucea, Miguel Ángel Nombela e Guillermo Francés, a estudante de Ciencias do Mar M^a Fernanda Copete, a técnica Susa Álvarez, un investigador do ICM-CSIC de Barcelona e unha estudante da Royal Holloway University viuse obrigado a realizar unha corentena de 6 días ao chegar a Islandia antes de poder embarcar no Sarmiento de Gamboa. Por fin, este martes puideron subir ao buque oceanográfico, que partiu de Vigo o 28 de maio con outro equipo científico que desenvolveu,

nestas semanas, estudos enmarcados dentro doutro subproxecto de BOCATS2. Tras un día a bordo para preparar cuestións de última hora, onte mércores o barco saíu do porto de Reiquiavik.

E é que como explica Guillermo Francés, o estudo coordinado polo CIM forma parte dun proxecto máis amplo, coordinado polo Instituto de Investigacións Mariñas (IIM, CSIC), e financiado con 342.430 euros, dos que 124.630 corresponden ao subproxecto da Universidade de Vigo, no marco do programa Xeración de Coñecemento 2019 do Ministerio de Ciencia e Innovación. O obxectivo global é estudar a variabilidade milenaria e submilenaria das correntes profundas a través das canles que atravesan a dorsal de Reykjanes (zonas de fractura de Bight e de Charlie-Gibbs), ao suroeste de Islandia. Estas dúas zonas de fractura, sobre todo a de CGFZ, constitúen os principais roteiros de comunicación de augas profundas entre as concas occidental e oriental do Atlántico norte e a súa hidrografía é bastante descoñecida, tanto na actualidade como no pasado, cando estaban baixo outras condicións climáticas globais. BOCATS2 tamén pretende seguir coa estimación do fluxo de carbonato e carbono orgánico aos sedimentos, na liña do proxecto precedente, aspectos esenciais relacionados coa produción, a acumulación e a preservación deses compostos (ciclo de carbono, acidificación, etc.).

Rumbo á Bight Fracture Zone

O equipo a bordo do Sarmiento de Gamboa focalizará o seu traballo na Bight Fracture Zone, unha gran falla transformante que corta a dorsal de Reykjanes e que é unha das vías de comunicación principais para as masas de auga profundas entre as concas oriental e occidental do Atlántico norte". A outra, engade, "é a Charlie-Gibbs Fracture Zone". O plan científico para estas próximas semanas comprende dúas fases. Por unha banda, "a caracterización acústica do fondo mariño con ecosondas multifeixe e paramétrica co fin de obter unha cartografía de detalle, a estrutura interna dos primeiros metros do recheo sedimentario e a elección máis adecuada dos puntos de mostraxe". A segunda parte do traballo consistirá na obtención de mostras de sedimentos superficiais empregando unha draga tipo box-corer", para a continuación, realizar "o rexistro sedimentario mediante sacatestemuños de gravidade". Ambas operacións realizaranse

en catro puntos diferentes ao longo da zona de fractura, "dous ao oeste da dorsal e outros dous ao este".

O equipo regresará ao porto de Vigo a mediados de xullo, pero a esta campaña oceanográfica seguiralle unha segunda en 2023, coa se completará o proxecto ●

Á UVigo
correspóndenlle
5,4 millóns
de euros para
conceder un
mínimo de 37
axudas

Luz verde do Consello de Goberno á convocatoria de axudas para a recualificación do sistema universitario español para 2021-2023

Destinaranse á formación de doutores, mobilidade de
profesorado e atracción de talento internacional

DUVI 01/07/2021

O Consello de Goberno da UVigo aprobou este xoves nunha sesión extraordinaria a convocatoria de axudas para a recualificación do sistema universitario español para 2021-2023, logo da publicación no mes de abril no BOE do Real Decreto polo que se regula a concesión directa de subvencións ás universidades públicas para a recualificación do sistema universitario español e da posterior concesión no mes de maio á UVigo dunha subvención de 5,4 millóns de euros, para a concesión dun número mínimo de 37 axudas. O 4 de xullo é a data límite que ten a UVigo, e o resto de universidades, para publicar na súa web a correspondente convocatoria, que ten o 1 de decembro como data límite de resolución definitiva de axudas nas tres modalidades previstas: axudas Margarita Salas para a formación de novas doutoras e doutores; axudas para a recualificación do profesorado universitario funcionario ou contratado e axudas María Zambrano para a atracción de talento internacional.

“É unha concesión directa de subvencións ás universidades e que ten que xestionar cada universidade”, lembrou Manuel Ramos, vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado da UVigo, que sinalou que a proposta de convocatoria de axudas da UVigo pasara, antes de chegar ao Consello de Goberno de hoxe, dúas



Manuel Ramos, vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado da UVigo

veces por comisión de investigación e tamén pola mesa de negociación do PDI.

As modalidades de axudas polo miúdo

A vicerreitora de Investigación, Belén Rubio, foi a encargada de debullar antes os membros do Consello de Goberno os detalles de cada unha das modalidades da convocatoria da UVigo. Así, segundo a convocatoria aprobada hoxe, as axudas Margarita Salas están destinadas á

formación de novas doutoras e doutores mediante estadias de formación nunha universidade pública española, ou ben, en universidades ou centros de investigación estranxeiros, así como en organismos públicos de investigación ou centros de investigación públicos españois. A proposta da UVigo contempla a convocatoria dun mínimo de 30 axudas, destinadas á formalización coa persoa beneficiaria dun contrato de acceso ao Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, cun salario bruto mensual, incluído o prorrateo de pagas extra de 2.664 euros no estranxeiro, e de 2131 euros durante o tempo de estadía realizado en España. En canto á distribución de axudas por ámbitos de coñecemento o reparto sería de 10 axudas no científico, oito no xurídico-social, e seis, no tecnolóxico e no de artes e humanidades.

En canto ás axudas para a recualificación do profesorado universitario funcionario ou contratado mediante estadias de formación durante un ano continuado nunha universidade ou centro de investigación público distinto á UVigo, acordouse convocar, dunha banda, catro axudas para profesorado titular de universidade e contratado doutor, cuxa contía mensual será equivalente á retribución bruta mensual no inicio da estadía máis unha prima adicional de mobilidade do vinte por cento dela. A convocatoria complétase con outras catro axudas para profesorado axudante doutor, cuxa contía mensual será equivalente a súa retribución bruta mensual no inicio da estadía máis unha prima adicional de mobilidade do vinte por cento dela. A distribución das axudas realizarase neste caso por ámbitos de coñecemento, correspondendo unha axuda por cada ámbito para o profesorado titular e contratado doutor conxuntamente e unha axuda por cada ámbito para o profesorado axudante doutor.

Polo que respecta ás axudas María Zambrano para atracción de talento internacional, estas teñen o obxectivo de atraer á UVigo durante tres anos a persoal docente e investigador dunha traxectoria posdoutoral acumulada non inferior a 24 meses en universidades ou centros de investigación españois ou de fóra de España, diferentes ao da defensa da tese de doutoramento, que estea a desenvolver proxectos en universidades ou centros situados fóra de España no momento de presentar a solicitude. Convócanse oito axudas nesta modalidade,, cun salario bruto mensual, incluído o prorrateo das pagas extra, de 3045 euros. A distribución

das axudas sería de dúas por cada ámbito de coñecemento.

“É un bo momento para apoiar a investigación na universidade e hai que darlle pulo”, dixo Rubio, que destacou que o total de 5,4 millóns de euros distribuíranse entre os anos 2021 e 2023 cun total de 1,8 millóns de euros cada un, podéndose orientar a áreas consideradas estratéxicas, destinándose máis ou o 50% para a formación de novos doutores e doutoras (30 contratos) e reservando un 2% para persoas con discapacidade en cada modalidade e acumulables. O prazo de presentación de solicitudes comezará a contar ao día seguinte da súa publicación e rematará o 2 de agosto. A UVigo nomeará unha comisión de avaliación por cada ámbito de coñecemento, formada por tres persoas docentes e investigadoras, das que dúas serán externas e unha da propia institución que actuará como secretaria ●

Unha investigación liderada pola UVigo conclúe que Marte tiña condicións para ser habitable hai 3500 millóns de anos

Tras analizar os minerais de arxila recollidos polo rover Curiosity no cráter Gale

M. Del Río
DUVI 02/07/2021

Hai 3500 millóns de anos Marte reunía as condicións básicas imprescindibles para ter vida. Así o demostra a investigación publicada por [Nature Astronomy](#) e liderada pola investigadora da Universidade de Vigo Elisabeth Losa-Adams. A científica, que forma parte do grupo de Xeoloxía Mariña e Ambiental da Universidade de Vigo (Geoma) do Centro de Investigación Mariña, lidera un equipo internacional no que participan tamén Carolina Gil Lozano, investigadora da Uvigo actualmente en Nantes, así como A.G. Fairen do Centro de Astrobioloxía e no que tamén colaborou Luis Gago Duport, do Grupo XM1 da Universidade de Vigo e expertos da NASA, que forman parte do equipo do Curiosity, un dos rovers actualmente en Marte.

O artigo, titulado [Long-lasting habitable periods in Gale crater constrained by glauconitic clays](#), céntrase no estudo dun tipo de arxila, as glauconíticas, que foron recollidas polo rover Curiosity no cráter Gale en Marte en 2016. Segundo os investigadores, este mineral, que tamén se atopa na Terra, tan só se pode formar en contornas de soporte de vida similares aos da Terra, polo que a súa presenza en Gale "indica que durante o período no que se formaron houbo condicións favorables para a vida tal e como a coñecemos hoxe en día", explica Losa-Adams. Un lago de augas tranquilas con escasa sedimentación e lenta evaporación



Elisabeth Losa-Adams, do grupo Geoma, coordina o estudo publicado en Nature Astronomy

O estudo centrouse no cráter Gale, unha antiga formación que probablemente, explica a investigadora, se formou como consecuencia dun grande impacto sobre a superficie marciana hai aproximadamente 3800 millóns de anos, influíndo ou ocasionando cambios climáticos no planeta. Os investigadores contaban con múltiples evidencias que indicaban "que esta depresión albergou corpos de auga pouco despois da súa formación, considerándose por isto un lago", e isto implicara "a existencia no pasado dun clima máis húmido ca o existente na actualidade, e unha atmosfera de maior espesor que impedisese



Unha das perforacións que realizou Curiosity ao longo da súa travesía por Gale. Foto: NASA/JPL-Caltech/MSSS

a evaporación inmediata da auga". Co que non contaban os científicos era con evidencias de se o lago reunía realmente condicións adecuadas para a vida. A identificación das arxilas glauconíticas por parte deste equipo liderado por Losa-Adams confirma o suposto.

A investigadora explica que estes minerais, moi coñecidos na Terra, "son realmente complexos polo amplo espectro de modificacións estruturais que posúen en función do tempo transcorrido dende o comezo da súa formación e do ambiente no que se forman". Así, o estudo destas modificacións permitiu constatar "procesos acuosos e condicións químicas que prevaleceron no tempo de formación destes minerais". As evidencias demostran que hai aproximadamente 3500 millóns de anos, no cráter Gale houbo un lago que estivo presente durante un longo período de tempo, "caracterizado por augas tranquilas con escasa sedimentación e unha lenta evaporación a baixas temperaturas". Estas son, salienta a investigadora, "condicións óptimas para a vida, tal e como a coñecemos hoxe en día". Con todo, recalca, "se houbo ou non vida é tarefa do novo rover Perseverance e da misión *Mars sample return*".

Identificación con datos de difracción de raios X

Para identificar as arxilas glauconíticas no cráter Gale, o equipo investigador empregou datos de difracción de raios X, obtidos co instrumento de Química e Mineraloxía (CheMin) que leva a bordo o rover Curiosity. Esta ferramenta analiza os sedimentos extraídos das perforacións que

realizou o Curiosity no cráter e os datos obtidos permiten aos científicos "caracterizar o grao de desorde rotacional e traslacional nos minerais arxilosos nunha rexión concreta do monte Sharp, a montaña situada no centro do cráter. Os resultados amosan que están relacionados estrutural e composicionalmente coas glauconitas".

Dous tipos de información

A presenza de glauconita proporciona aos investigadores dous tipos de información. Por unha banda, a existencia de auga líquida en condicións de temperatura e salinidade non moi diferentes ás dos océanos terrestres actuais e, por outra banda, "o que é máis importante: a prevalencia 'estable' destas condicións en períodos de entre mil e un millón de anos".

Respecto da temperatura, os investigadores consideran que a temperatura en Marte no período no que formaron as glauconitas podería estar entre os 3 e os 15°C. A investigadora da UVigo explica que puideron estimar esta aproximación dado que na Terra estes minerais precipitan "nun amplo rango de temperaturas pero non moi extremas", aproximadamente entre 3-15°C. Baseándose nestes datos e por comparación co comportamento da glauconita na Terra, estiman que "a temperatura da auga debeu estar comprendida neste rango". Con todo, Losa-Adams remarca que a temperatura non é o factor clave que fai que se evapore ou non a auga, senón que é a presión atmosférica. "O que queremos dicir é que se houbo auga durante este período longo de tempo, a evaporación debeu ser moi lenta e darse a baixas temperaturas por perda de presión atmosférica", conclúe ●

A UVigo participa nun proxecto europeo que emprega a intelixencia artificial para loitar contra o crime e o terrorismo na rede

O obxectivo é axudar á policía a descubrir comunicacións escondidas en contidos multimedia

D. Besadío
DUVI 14/07/2021

Intelixencia artificial para loitar contra o crime e o terrorismo na rede. A Universidade de Vigo é un dos socios do proxecto europeo Uncover, *Development of an efficient steganalysis framework for uncovering hidden data in digital media*, un traballo posto en marcha co obxectivo de facilitarlle ás diferentes axencias europeas de seguridade (LEA) a detección de información oculta en datos de aparencia inocente como imaxes, vídeos, audios e arquivos de texto que circulan en calquera tipo de contorna dixital. Financiado pola Comisión Europea con 6,9 millóns de euros dentro do programa Horizonte 2020, o proxecto está coordinado pola Real Academia

Militar de Bruxelas e suporá a colaboración dun consorcio integrado por 22 socios de nove países, entre eles, as principais axencias europeas de seguridade, institutos forenses e investigadores líderes neste campo que traballan en oito universidades e institutos de investigación, entre eles o Grupo de Procesado de Sinal en Comunicacións, GPSC, da agrupación estratéxicaatlanTTic da UVigo, e varias empresas.

Para lograr o seu obxectivo os participantes de Uncover comprométese a impulsar a investigación en esteganografía, unha técnica de ocultación de información en arquivos multimedia dixitais de aparencia inocente, de cara a aumentar substancialmente a autonomía tecnolóxica das axencias de seguridade á hora de detectar este tipo de arquivos. Arrancaron o 1 de maio e por diante teñen 36 meses de traballo. Entre outros socios cómpre destacar a participación da policía dos Países Baixos, o Ministerio do Interior de Francia ou a Oficina Nacional de Investigación de Finlandia.

“Todo un recoñecemento á nosa investigación na análise forense de imaxes e vídeos”

Desde a Universidade de Vigo dirixe o proxecto o catedrático da Escola de Enxeñaría de



O equipo da UVigo que participa neste proxecto

Telecomunicación Fernando Pérez, quen explica que a principal tarefa do seu grupo de investigación neste traballo será aplicar técnicas de análise forense de contidos (imaxes e vídeo) como preprocesado para detectores estenográficos específicos, "isto é, detectores de comunicacións secretas escondidas en contidos multimedia". Estes detectores especialízanse, tal e como explica o docente vigués, en función da historia previa de ditos contidos: "por exemplo, sabendo que unha imaxe pasou por Instagram e despois por Whatsapp, podemos deseñar detectores de comunicacións secretas máis efectivos", apunta Pérez, ao que engade que no seu caso, a análise desa historia previa farase empregando tanto técnicas estatísticas clásicas como de intelixencia artificial.



Xunto a el formarán parte do equipo de investigación de Uncover na UVigo, o profesor Pedro Comesaña e os investigadores Elena Rodríguez e David Vázquez. "Ter sido seleccionados para participar neste consorcio europeo é todo un recoñecemento á nosa investigación na análise forense de imaxes e vídeos, algo no que levamos xa moito tempo traballando", apunta o responsable do proxecto. Con máis de 300.000 euros de financiamento –parte que lle corresponde á UVigo do total do proxecto–, desde o seu punto de vista, o que fai especialmente interesante este traballo é, por unha banda, a aplicación "que se sae da típica de detección de manipulacións e verificación da integridade de imaxes e vídeos e se centra no preprocesado para a detección de comunicacións secretas", e, pola outra, a participación de

numerosas policía e institutos forenses de Europa, "que nos van dar de primeira man a súa perspectiva de usuarios".

Traballo suxeito a "elevadísimas" medidas de seguridade

Cualificado como Grupo de Referencia Competitiva pola Xunta de forma ininterrompida desde a instauración destas axudas no 2006 e con ampla experiencia no desenvolvemento de proxectos europeos –participaron xa en oito traballos financiados polos diferentes programas marco–, este é o proxecto máis grande no que nunca participou o Grupo de Procesado de Sinal nas Comunicacións. "Para nós traballar nestas temáticas con vinte e dous socios vai a supor todo un reto, sobre todo polas elevadísimas medidas de seguridade que imos ter que implementar", explica o coordinador.

Xunto ao grupo GPSC de atlantTic, outro dos socios españois do proxecto é Gradient. Nesta caso, o centro tecnolóxico galego liderará unha das actividades de investigación deste proxecto traballando tamén con tecnoloxías de análise forense. O obxectivo será desenvolver unha ferramenta (baseada en tecnoloxías de Machine Learning) que permita obter información dunha imaxe e localizar determinadas trazas inseridas por ferramentas de esteganografía, mellorando considerablemente a información achegada polas ferramentas de estegoanálisis. Así mesmo, os especialistas de Gradient traballarán noutra das actividades de Uncover con intelixencia artificial e tecnoloxías de procesado de linguaxe natural (PLN) para deseñar un novo método de detección de estegoanálisis de texto.

Completan o cadro de socios españois a policía autónoma vasca e a empresa alacantina Ethical&Legal Plus, spin-off da Universidad Miguel Hernández que será a responsable de monitorizar os aspectos éticos e legais do proxecto ●


Da India a Vigo para desenvolver unha nova técnica non invasora de detección precoz de cancro de pulmón

A investigación conta cun orzamento de preto de 200.000 euros e lévase a cabo no CINBIO

D. Besadío
DUVI 16/07/2021

No [Grupo de Nanobiomateriais Funcionais](#), dirixido pola investigadora Isabel Pastoriza Santos, están habituados a recibir investigadoras e investigadores de todo o mundo que realizan aquí as súas estancias de pre e pos doutoramento, pero esta é a primeira vez que reciben a un investigador gañador dun contrato Marie Skłodowska-Curie Individual Fellowship (MSCA-IF), un dos contratos de posdoutoramento máis prestixiosos que concede a Comisión Europea. Natural da India e tras pasar polo Laboratorio Ibérico de Nanotecnoloxía, Krishna Kant chegou ao Centro de Investigacións Biomédicas, Cinbio, como investigador principal do proxecto Mi-Scan, un traballo no que busca desenvolver unha nova técnica non invasiva de detección precoz de cancro de pulmón, para o que necesitaba un grupo de acollida experto en nanomateriais plasmónicos e detección SERS, polo que non dubidou en contactar con este equipo vigués e coa doutora Maria Teresa Curiel do hospital HM La Esperanza de Santiago de Compostela, experta en cancro de pulmón que tamén apoia e participa neste proxecto.

Con 173.000 euros de orzamento e 24 meses de duración, Krishna Kant explica que, se todo sae como se agarda, o proxecto Mi-Scan presenta unha "nova e prometedora oportunidade" de detectar o cancro de pulmón nunha fase moi inicial da enfermidade, sen usar ningún tipo de técnica invasora, e valéndose dunha simple mostra de esputo. "Cando o dispositivo estea totalmente desenvolvido haberá a posibilidade de



Krishna Kant no laboratorio do Grupo de Nanomateriais Funcionais do Cinbio

incluílo nos cribados regulares de saúde, cada seis meses ou un ano, tanto para persoas fumadoras como non fumadoras", recalca o investigador.

O novo dispositivo podería incluírse nos cribados regulares de saúde

A día de hoxe o cancro de pulmón representa a maioría das mortes relacionadas co cancro no mundo. Segundo explica o investigador, os cancros de pulmón clasifícanse en dous tipos:

dunha banda, o cancro de pulmón de células pequenas (SCLC), de carácter moi agresivo, xa que non é posible detectalo en etapas iniciais, polo que o diagnóstico é tardío e a esperanza de vida curta; e, da outra, o denominado cancro de pulmón de células non pequenas (NSCLC) menos agresivo e que se pode diagnosticar en etapas iniciais. "Con este proxecto queremos mellorar a detección non invasora desta doenza en fase inicial (I, II) e para iso imos empregar biomarcadores de miRNA, pequenos ARNs que participan activamente na regulación da expresión xénica", explica Kant.

A idea é desenvolver un dispositivo de microfluídica que empregue sondas de miARN combinadas con nanopartículas de ouro para dirixirse a biomarcadores de miARN presentes nas células cancerosas de pulmón. Aplícase unha metodoloxía de detección de dispersión Raman mellorada en superficie (SERS) para lograr unha detección sensible. Este biosensor funciona con mostras de esputo non invasoras de pacientes, superando as laboriosas e molestas metodoloxías usadas habitualmente para o diagnóstico de cancro de pulmón.

"Ata o de agora a detección precoz do cancro de pulmón usando unha mostra non invasiva (miRNA de esputo por PCR) está limitada pola súa selectividade e sensibilidade (85-90%), que está por baixo do requirimento clínico (por riba do 95%)", explica o investigador, ao que engade que, non obstante, espérase que un estreito sinal de espectroscopia SERS con sensibilidade de nivel molecular único logre unha detección múltiple de alta calidade dun panel de biomarcadores de miRNA para cumprir o requisito clínico do sistema de punto de atención (PoC). "Se todo vai segundo o agardado, ábrese a posibilidade de realizar un diagnóstico de precisión nas fases I e II desta enfermidade, diagnóstico que se levará a cabo cun dispositivo PoC Mi-Scan que, unha vez creado podería incluírse nos cribados regulares de saúde", recalca o responsable da investigación.

Un proxecto multidisciplinar que une o ámbito sanitario e o industrial

A multidisciplinidade do proxecto pode observarse de xeito claro na cantidade de colaboradores, de diferente tipo, cos que conta. Dunha banda, a doutora María Teresa Curiel e o seu equipo proporcionarán instalacións clínicas

e mostras de pacientes para a conclusión e validación exitosa do prototipo e, da outra, a start-up portuguesa de tecnoloxía médica CRIAM, con sede en Braga, será a encargada de desenvolver o sistema de prototipos capaces de facer lecturas automáticas para ensaios clínicos e da súa produción a escala industrial. "Ademais tamén vai colaborar con nós o grupo de Bioloxía Sintética do Cinbio, dirixido polo profesor Gustavo Bodelón, pois contan con moita experiencia no campo da biosensibilización con detección SERS", engade Kant.

O calendario de traballo previsto iniciouse realizando a selección dos mellores biomarcadores de miARN de panel para a identificación do cancro de pulmón na fase inicial. O seguinte paso será o desenvolvemento dun chip de microfluídica para permitir a detección multiplexada de biomarcadores de miRNA obxectivo en esputo mediante detección SERS. Unha vez desenvolto o chip haberá que integralo cun sistema portátil e optimizar a detección de miRNA en comparación co sistema de detección a escala de laboratorio. O último paso será a fase de validación, tanto do prototipo como da metodoloxía de estratificación do paciente en fase inicial.

Especialista en nano-biotecnoloxía

Doutor en nano-biotecnoloxía pola Universidade de Flinders, en Adelaide, Australia do Sur, este investigador ten realizado numerosas contribucións ao campo da biodetección, sobre todo en todo aquilo que implica fabricación de dispositivos de microfluídica, membranas nanoporosas e a súa aplicación na entrega de medicamentos, así como en diferentes aspectos que teñen que ver coa separación, síntese de modelos e aplicación de recoñecemento de biomoléculas insertas en chips. Na actualidade a súa investigación ubícase no campo interdisciplinar dos sistemas de microfluídica avanzados e da biosensibilización ●

Futuros titulados e tituladas no Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española con competencias centradas no ‘saber facer’

A titulación tamén pon o foco na aplicación da filoloxía ao ámbito tecnolóxico

M^a del Carmen Echevarría Figueroa
DUVI 19/07/2021

“No deseño dos graos de humanidades, sobre todo os estudos filolóxicos, adoitaban dominar as competencias que se centraban en que o estudiantado ‘soubese’ e non tanto en que ‘soubese facer’, e no Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española (FAGE) apostamos porque todas as competencias de ciencia básica, de coñecemento teórico, estean determinadas pola súa finalidade e posibilidade de aplicación”. Esta é, segundo Alexandre Rodríguez Guerra, docente e investigador do Departamento de Filoloxía Galega e Latina da UVigo, unha das características máis salientables do novo grao en FAGE, que comezará a impartirse o vindeiro curso na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo. A esta aposta porque todas as competencias estean determinadas pola súa finalidade e posibilidade de aplicación, engádese tamén a da que o alumnado adquira as competencias filolóxicas necesarias co emprego das máis modernas ferramentas da tecnoloxía dixital, “atendendo”, sinala Miguel Cuevas, docente e investigador do Departamento de Lingua Española da UVigo e secretario da FFT “a unha demanda social e a unha necesidade das propias titulacións humanísticas, reivindicando o seu lugar no mundo actual e o seu potencial en traballos interdisciplinares”.

A titulación, que dá continuidade e renova os estudos de galego e español, que se remontan na institución académica viguesa 40 anos atrás,



distribúe os catro anos do plan en dous ciclos: un primeiro de dous anos de formación básica e obrigatoria, e un segundo de formación máis especializada, orientada a cada unha das linguas centrais do grao: galego e español, permitindo ademais ao seu alumnado cursar dous idiomas modernos a elixir entre: alemán, francés, inglés ou portugués. Así mesmo, a incorporación da lingua de signos, nun módulo optativo de especialización, converte a este grao no primeiro do Sistema Universitario Galego en dispor desta formación.

Un amplo abano de saídas profesionais e unhas prácticas cun enfoque aplicado

Desde o momento no que se iniciou a elaboración da memoria do grao en FAGE, as e os seus promotores recoñecen que os guiou darlle resposta a unha pregunta: que deben saber facer as e os nosos titulados? A resposta, segundo Alexandre Rodríguez, "pasa necesariamente por un enfoque aplicado e nel, as prácticas constitúen unha ferramenta fundamental porque conectan a universidade coa sociedade, porque son o camiño máis directo para coñecer dende dentro as posibles saídas laborais e porque permiten adquirir experiencia mentres continúa o proceso formativo". Neste sentido, o docente e investigador a UVigo salienta a existencia das prácticas en FAGE, porque, explica, non é habitual que existan, "máis ben o contrario, nas titulacións filolóxicas do SUG", ao tempo que incide en que se realizarán todas as xestións para que o abano da oferta formativa sexa a máis ampla posible e non se limite só ás entidades de prácticas consideradas máis "tradicionais".

Deste xeito, as prácticas non se ofertarán só en centros de estudo, ensino e investigación en humanidades ou editoriais, senón que tamén estarán dispoñibles en empresas, organismos, institucións en que adquire un papel relevante a comunicación, a planificación, o asesoramento lingüístico, así como tamén arquivos, museos e fundacións, asociacións socioculturais, escolas e federacións, gabinetes de diverso tipo e colexios profesionais. "Por suposto, tamén existirá a posibilidade de que o estudantado realice peticións concretas para, se fose posible, asinar convenios con institucións, empresas ou organismos non considerados nun inicio", aclara Alexandre Rodríguez.

En canto ás saídas profesionais do novo grao, ademais de manter as consideradas "tradicionais" do ensino ou o traballo editorial, as e os promotores de FAGE destacan que xorden ou poténcianse enormemente todas as que teñen que ver coas novas tecnoloxías, con profesións de presente e futuro, non só nun eido máis institucional, senón tamén no da empresa privada, "que valora moito e ben a capacidade creativa, resolutiva e multilingüe do noso estudantado", asegura o docente vigués. Así, o mercado laboral relacionado coas empresas que demandan

profesionais especializados na comunicación e o relacionado co ámbito tecnolóxico e coa comunicación multimodal e multilingüe en Internet; o asesoramento a empresas tecnolóxicas cuxas aplicacións necesitan do coñecemento lingüístico e de capacidades creativas para o seu desenvolvemento e as relacións internacionais, tendo en conta a importante carga de contido de linguas estranxeiras que inclúe o novo grao, son algunhas das saídas profesionais máis diferencias que, respecto doutras titulacións do seu ámbito, ofrece, segundo os seus impulsores, o grao en FAGE.

Filoloxía e tecnoloxía, un entendemento necesario

Partindo da evidencia de que as interrelacións entre tecnoloxía e filoloxía son cada vez máis vivas e enriquecedoras, e mesmo imprescindibles nalgúns casos, Miguel Cuevas asegura que "non estamos no momento de formar filólogos ao uso senón persoas que, coñecendo profundamente as linguas e literatura do noso país, xunto con dúas linguas estranxeiras máis, sexan capaces de incardinarse na sociedade tecnolóxica do século XXI cunha formación que lles vai converter en profesionais ben formados e con gran flexibilidade para adaptarse ao mundo laboral actual, sen esquecer, por suposto, as saídas profesionais tradicionais".

“Traballaranse as aplicacións das filoloxías nas tecnoloxías de recoñecemento e produción da fala”

No grao en FAGE hai dous eixos nos que as tecnoloxías están presentes. O primeiro está relacionado coas novas formas de facer filoloxía, é dicir, a aplicación da tecnoloxía ao

procesamento de textos, á edición dixital, análise da linguaxe e de obras literarias a través de corpus informatizados, á minería textual, ao ensino de linguas e as súas literaturas, a como se produce e se analiza a voz con, por exemplo programas de análise acústica ou de ultrasóns, ou á transcrición de textos antigos. E a segunda liña é a ten que ver coa aplicación da filoloxía galega e española ao ámbito tecnolóxico. "Neste sentido, traballaranse as aplicacións das filoloxías nas tecnoloxías de recoñecemento e produción da fala, o uso do coñecemento semántico e pragmático no desenvolvemento de ontoloxías para o seu uso, por exemplo, na web, ou o procesamento sintáctico da linguaxe natural para diversas aplicacións tecnolóxicas, ou o traslado da literatura ao mundo dixital, coa xeración de novos formatos multimodais", detalla Cuevas, que tamén destaca o papel esencial da linguaxe na comunicación empresarial e institucional e a aplicación de coñecemento filolóxico no ámbito social e cultural e a súa relación coas tecnoloxías, dende a normalización lingüística mediante páxinas web, ao estudo da linguaxe a través de tecnoloxías para detectar precozmente enfermidades, como a demencia ou alzheimer.

"A filoloxía non podería quedar aos marxes das vantaxes que nos ofrecen todas estas ferramentas, especialmente cando estas mudaron os hábitos comunicativos das persoas, permiten xerar e almacenar gran cantidade de textos orais e escritos en soporte dixital e un tratamento e análise de datos lingüísticos e literarios a gran escala. Quizais é esta parte a que, dun xeito radical, mudou a forma de facer filoloxía e a converteu nunha ciencia máis empírica que pode traballar cun volume de datos enorme", asegura o docente e investigador da FFT, para quen, en definitiva, a filoloxía beneficiase das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías pero, do mesmo xeito, estas tamén se enriquecen coa incorporación de coñecemento filolóxico ●

Este luns deuse a coñecer a manifestación de interese das universidades sobre estas titulacións

A UVigo impartirá 11 dos 13 novos mestrados interuniversitarios previstos para o curso 2023/24

Deseñados ao abeiro do estudo 'Galicia 2030'

DUVI Ourense 26/07/2021

A Consellaría de Cultura, Educación e Universidade e as tres universidades galegas deron a coñecer estes luns a manifestación de interese que cada unha das universidades amosou sobre os 13 novos mestrados deseñados ao abeiro do estudo *Galicia 2030: perfís profesionais de futuro e novas titulacións e especialidades universitarias*, impulsado pola Xunta de Galicia e a Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA). Nela contéplase que a Universidade de Vigo impartirá, de xeito interuniversitario, 11 dos 13 novos títulos previstos.

A presentación contou coa participación do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, Román Rodríguez, e dos reitores das tres universidades do Sistema Universitario de Galicia, Manuel Reigosa (Universidade de Vigo), Antonio López (Universidade de Santiago de Compostela) e Julio Abalde (Universidade da Coruña). O conselleiro destacou o consenso coas tres institucións académicas á hora de abordar estas titulacións "baixo un marco de cooperación e xenerosidade, tomando como referencia o acordo marco que asinamos o pasado mes de xuño para pechar o Mapa de Titulacións do Sistema Universitario de Galicia ata 2026, que dá continuidade á senda de colaboración e diálogo que vimos mantendo o Goberno galego e as tres universidades".

Os 13 novos mestrados distribúense arredor de catro grandes áreas: Ciencias, Ciencias da Saúde, Ciencias Sociais e Xurídicas e a



Enxeñaría e Arquitectura. Na primeira das áreas está previsto poñer en marcha as titulacións de máster en Economía Circular (UDC, USC e UVigo), en Fabricación Aditiva (UDC e UVigo), en Xestión Sostible e Avanzada da Auga (UDC, USC e UVigo) e en Tecnoloxía Téxtil (UDC). No que respecta ás Ciencias da Saúde implantaranse as titulacións de máster en Biofabricación (UDC, USC e UVigo), en Cronicidade e Novos Modelos de Atención Sociosanitaria (UDC e USC) e en E-saúde (UDC, USC e UVigo), mentres que na área de Ciencias Sociais e Xurídicas os novos másteres serán os de Comportamento do Consumidor e Experiencia de Cliente (UDC, USC e UVigo), en e-government e Transformación Dixital (UDC, USC e UVigo) e en Innovación Educativa

(UDC, USC e UVigo). Finalmente, no ámbito da Enxeñaría e a Arquitectura, o estudo Galicia 2030: perfís profesionais de futuro e novas titulacións e especialidades universitarias sinalou como titulacións a deseñar os másteres en Internet das cousas (UDC, USC e UVigo), en Realidade Extendida (UDC, USC e UVigo) e en Vehículos Autónomos (UDC, USC e UVigo).

Aposta polas titulacións interuniversitarias

O conselleiro de Cultura, Educación e Universidade puxo en valor o equilibrio da manifestación de interese feita destas titulacións, apostando polas de carácter interuniversitario, "xa que a práctica totalidade, 12 dos 13 mestrados involucran a dúas ou tres universidades", destacou. Román Rodríguez indicou que esta aposta polas titulacións interuniversitarias é "o resultado da nosa firme convicción á hora de impulsar a colaboración e a creación de sinerxías entre as nosas universidades", cun modelo "que favorece a eficacia e a eficiencia dos nosos campus, fomentando o intercambio de coñecemento e de todo tipo de recursos, humanos e materiais, entre os diferentes campus e que fai que todo o capital das nosas universidades se sume e mesmo se multiplique".

Segundo aclarou o representante da Xunta, o proceso realizouse en colaboración coas universidades atendendo a criterios obxectivos acordados entre as partes como a relación das distintas titulacións co tecido socioeconómico da contorna (co fin de favorecer a empregabilidade dos egresados e o intercambio de coñecemento entre as universidades e o tecido empresarial), as características do profesorado dispoñible e a garantía de calidade da titulación e a adecuación dos mestrados coa estratexia de especialización dos campus. En calquera caso, indican desde a consellaría, poderá haber variacións en función dos traballos técnicos que deben realizar a partir de agora as universidades e a distribución por campus darase a coñecer cando o proceso para a implantación estea máis avanzado. Constituiranse 13 comisións de traballo, unha por cada novo título, para traballar nas memorias de cada titulación. O obxectivo é que as novas titulacións poidan comezar a impartirse no curso 2023/2024 ●

Aprobadas as memorias para a creación das facultades de Deseño, Dirección e Xestión Pública e Relacións Internacionais

Varios centros impartirán no inicio do vindeiro curso materias en modalidade non presencial

M^a del Carmen Echevarría Figueroa
DUVI 27/07/2021

Novo paso adiante para a creación de tres novos centros na Universidade de Vigo despois de que hoxe o Consello de Goberno, na súa derradeira sesión do curso 2020/2021, aprobase as memorias de creación das facultades de Deseño e Dirección e Xestión Pública no campus de Pontevedra e da Facultade de Relacións Internacionais no campus de Ourense. 35 votos a favor, un en contra e dúas abstencións foi o resultado da votación sobre un novo capítulo "un proceso longo, do que estamos na metade", destacou o vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, Manuel Ramos, e sobre o que a docente e investigadora da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación e ex directora do centro, Edita de Lorenzo, manifestou a súa oposición, porque considera que a creación destes novos centros "non está xustificada".

Este foi un dos acordos acadados na sesión de hoxe, na que tamén se aprobaron as memorias para as solicitudes de verificación e modificación de varios títulos que comezarían a impartirse no curso 2022/2023 e entre os que se atopa o Máster en Exercicio Terapéutico e Funcional en Fisioterapia. O mestrado promovido pola Facultade de Fisioterapia e contra o que se manifestou a dirección da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte, continuará a súa tramitación logo da votación a favor do órgano de goberno da UVigo, e despois que o último ditame



xurídico solicitado pola institución académica viguesa reflectise que non se produce unha invasión de competencias profesionais, como se asegura desde o centro que dirixe Óscar García.

Na sesión deste martes tamén se aprobaron as solicitudes das facultades de Educación e Traballo Social; de Ciencias da Educación e do Deporte e de Química, así como do mestrado en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas para comezar a impartir o vindeiro curso algunhas das súas a materias de xeito non

presencial. Así mesmo, os e as integrantes do Consello aprobaron por asentimento o primeiro Estatuto do estudantado deportista na UVigo que ten o obxectivo de promover a apoiar o deporte universitario fixando medidas que favorezan a conciliación da vida universitaria e deportiva, e que fomenten o recoñecemento académico das prácticas físico-deportivas pola súa achega á consolidación dos valores propios e das boas prácticas na UVigo.

Plan de financiamento, novas titulacións e unha solución para o traslado de CC do Mar á ETEA

A evolución da negociación do vindeiro Plan de Financiamento Universitario abriu o informe do reitor ao Consello de Goberno, no que explicou que "existen diferenzas importantes" entre a Consellería de Facenda e as tres universidades, que solicitan máis financiamento por crédito/alumno. Aínda así, e na procura dunha postura intermedia, Manuel Reigosa asegurou que "estou satisfeito de como van as cousas".

En relación con mapa de titulacións do SUG para o período 2022-2026, o reitor lembrou a presentación celebrada nas últimas horas en Santiago dos futuros mestrados, deseñados a partir do estudo G2030 de Feuga, destacando que se tratan de "mostras de interese das tres universidades, o que non quere dicir que se vaian implantar en todas as que manifestaron interese". En setembro comezará un proceso para definir os detalles de cada titulación, cuxas memorias serán aprobadas no mes de maio de 2022. En relación cos novos graos que se incorporarán ao futuro mapa de titulacións, Reigosa lembrou que serán entre 10 ou 12 novos títulos que agora non existen no SUG e sobre os que se agarda un acordo en febreiro do vindeiro ano. Neste sentido, o reitor destacou a posible "reconfiguración da oferta actual, substituíndo un grao que non funciona moi ben por outro", así como un previsible incremento dun 10% no número de prazas ofertadas, a declaración de singularidade de graos e mestrados existentes e a proposta de novos mestrados e programas de doutoramento á marxe do estudo G2030 realizado por Feuga.

Por outra banda, e logo da decisión adoptada recentemente de non trasladar fóra do campus

The screenshot shows a video conference with three participants: Esti María Lantarón Castro, Iñac Garcia Garcia, and Reigosa. Below them is a presentation slide titled "Memorias titulacións 2022/2023" with the following tables:

N.º	GRAO	CENTRO	PROCED.	NOVO	INTERUNIV.
1	Gradaado/a en Enxeñaría Mecánica-CUD	Centro Universitario da Defensa	Modificación	Non	Non
2	Gradaado/a en Enxeñaría da Automoción (dual)	Escola de Enxeñaría Industrial	Verificación	Si	Non

N.º	MESTRADO	CENTRO	PROCED.	NOVO	INTERUNIV.
1	Mestrado universitario en dirección pública e liderado institucional	Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación	Modificación	Non	Non
2	Mestrado universitario en enxeñaría biomédica	Escola de Enxeñaría Industrial	Verificación	Si	Non
3	Mestrado universitario en exercicio terapéutico e funcional en fisioterapia	Facultade de Fisioterapia	Verificación	Si	Non

N.º	DOCTORAMENTO	CENTRO	PROCED.	NOVO	INTERUNIV.
1	Doutoramento en tecnoloxías da información e as comunicacións (DocTIC)	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	Modificación	Non	Non

Para setembro: - Mestrado universitario en enxeñaría aeronáutica
 - Mestrado universitario en ensinanza do español como lingua estranxeira ou segunda lingua Artificial
 en intelixencia artificial

Lantarón, García e Reigosa
 Universidade de Vigo

de As Lagoas ningún centro, Reigosa confirmou a recepción esta mesma mañá do acordo da xunta da Facultade de Ciencias do Mar, celebrada nas últimas horas, que considera que o mellor lugar para situar o centro é a ETEA. Neste sentido, o reitor avanzou que se comprometía a que haxa unha solución "e que se poida mover con suficiencia e corrección", dixo. Para rematar, e en relación coa evolución do proceso de matrícula que acadou a metade do cuarto chamamento, Reigosa avanzou que neste intre quedan libres un 15% de prazas de novo ingreso nas titulacións que se ofertan nos tres campus, polo que "podemos esperar que haxa un éxito de matrícula", afirmou.

Luz verde ás memorias para a creación de tres novas facultades e novas sedes para o PUM

O proceso para a creación das facultades de Deseño e Dirección e Xestión Pública no campus de Pontevedra e da Facultade de Relacións Internacionais no campus de Ourense. iniciouse o pasado mes de outubro cando o Claustro instou ao Consello de Goberno a comezar a tramitación. Despois, o órgano de goberno encargou a elaboración das memorias ás correspondentes comisións, memorias que foron informadas polo Claustro en xuño, como paso previo a súa aprobación hoxe polo Consello de Goberno, onde o rexeitamento da docente e investigadora da EE de Telecomunicación Edita de Lorenzo obrigou a votar este punto, que finalmente apoiaron 35 membros do Consello, un votou en contra e dous abstivéronse. De Lorenzo argumentou a súa negativa á creación das facultades na falta de fundación nas memorias e tamén, porque,

asegurou "pásase do minifundio ao microfundio, e facer minifacultades, non o vexo, como tampouco a presa". Pola súa banda, o reitor lembroulle que hoxe o que se votaba eran as memorias e que os centros xa foran creados anteriormente en Claustro e Consello de Goberno, polo que "as túas consideracións chegan tarde", sinalou Reigosa.

A Facultade de Deseño localizarase no Edificio de Benito Corbal, onde se impartirían inicialmente as titulacións de Grao en Deseño e o Máster en Deseño e Dirección Creativa de Moda, cun estudantado estimado de 260 alumnos e alumnas. Pola súa banda, a Facultade de Dirección e Xestión Pública compartiría o edificio da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, impartíndose alí o Grao en Dirección e Xestión Pública e o Máster en Dirección Pública e Liderado Institucional, cun alumnado estimado de 212 persoas. E por último, a Facultade de Relacións Internacionais comezaría a súa actividade no edificio Xurídico-Empresarial do campus de Ourense, para posteriormente localizarse nun edificio propio cedido ou construído. Neste caso, a titulación inicial prevista é o Grao en Relacións Internacionais e o número estimado de estudantes é de 187.


Unha vez aprobadas polo órgano de goberno as memorias serán remitidas ao Consello Social para informe e posteriormente enviaranse á Xunta para que continúe o procedemento fóra da UVigo no Consello Galego de Universidades, Consello da Xunta, publicación no DOG e comunicación á Conferencia General de Política Universitaria. A previsión do equipo de Goberno da UVigo é que as tres novas facultades poidan iniciar a súa actividade no curso 2022/2023.

O Consello tamén deu luz verde este martes ás sedes para o Programa Universitario de Maiores (PUM), que son en Vigo a Escola Universitaria de Estudos Empresariais, en Ourense a Facultade de Estudos Empresariais e Turismo e en Pontevedra a Escola de Enxeñaría Forestal. "O PUM estaba nalgún caso un pouco de prestado e queremos unha adscrición formal aos centros", explicou Manuel Ramos, que sinalou que a partir de agora, pasa a ser unha titulación máis destes centros a todos os efectos.

Solicitudes para iniciar o curso sen presencialidade total e memorias para verificación e modificación

Cara ao comezo do vindeiro curso 2021/2022, o Consello de Goberno aprobou hoxe, logo das peticións realizadas polos respectivos centros, o inicio da docencia sen presencialidade total en varias materias de catro titulacións. Trátase dos grupos grandes de materias obrigatorias e básicas dos graos na Facultade de Educación e Traballo Social, nos que se impartirá a docencia en liña; nos grupos teóricos dos graos da Facultade de Ciencias da Educación e do Deportes, nos que a docencia sería mixta e nos grupos teóricos de 2º e 4º curso do grao da Facultad de Química, nos que tamén se aposta pola docencia mixta. Pola súa banda, no Mestrado en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas a docencia será semipresencial nas tres sedes. Aínda que o Consello de Goberno anterior aprobara o inicio do vindeiro curso nunha previsible situación de "normalidade adaptada" que dá prioridade á presencialidade, deixaba aberta a porta ás solicitudes de centros que preferían optar por modalidades alternativas para garantir o cumprimento das normas sanitarias derivadas da pandemia. Neste sentido, o reitor lembrou que o comité covid segue a traballar na UVigo e "estamos preparados para calquera escenario e se a situación muda adaptarémonos, aprobando calquera modificación que sexa precisa", explicou Reigosa.

Noutra orde de cousas, a derradeira sesión ordinaria de Consello do curso 20/21 aprobou as memorias para as solicitudes de verificación do Grao en Enxeñaría de Automoción (Dual) e dos mestrados en Enxeñaría Biomédica e en Exercício Terapéutico e Funcional en Fisioterapia e as memorias para as solicitudes de modificación do Grao en Enxeñaría Mecánica do Centro Universitario da Defensa, do Mestrado en Dirección Pública e Liderado Institucional e do Doutoramento en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións. A aprobación da solicitude de do Mestrado en Exercício Terapéutico e Funcional en Fisioterapia estivo precedida da intervención dos decanos da facultades de Ciencias da Educación e do Deporte e de Fisioterapia, aos que o reitor agradeceu o seu traballo durante a mediación realizada na procura dun acordo que finalmente non se produciu. O decano da



Asistentes á sesión no Paraninfo

Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte, Óscar García, volveu a manifestar a súa oposición á implantación do mestrado asegurando que “o conflito vai transcender á nosa universidade e vainos colocar nun sitio moi difícil”, ao tempo que criticou o informe xurídico encargado pola UVigo e que confirma que non se produce unha invasión de competencias profesionais. Pola súa banda, a decana da Facultade de Fisioterapia, Eva Lantarón, asegurou que “me doe como foi o proceso”, ademais de lembrar os obxectivos do que será o primeiro mestrado que se impartirá no centro que dirixe.

As titulacións cuxas memorias de verificación e modificación se aprobaron hoxe, comezarían a impartirse no curso 2022-2023, despois da tramitación correspondente do Consello Social, solicitude de informe previo á Consellería, envío a Acsug para o proceso de verificación. Para o vindeiro mes de setembro trataríanse, avanzou Manuel Ramos, no Consello de Goberno que se celebrará ese mes, as memorias do Grao en Intelixencia Artificial e os mestrados en Enxeñaría Aeronáutica, en Ensinanza de Español como Lingua Estranxeira ou Segunda Lingua e en Intelixencia Artificial.

A UVigo estrea Estatuto do estudantado deportista

Outra das cuestións aprobadas hoxe polo Consello de Goberno foi o primeiro Estatuto do estudantado deportista na UVigo, que ten o obxectivo de promover e apoiar o deporte universitario fixando medidas que favorezan a conciliación da vida universitaria e deportiva, e que fomenten o recoñecemento académico das

prácticas físico-deportivas pola súa achega á consolidación dos valores propios e das boas prácticas na UVigo. Para os efectos deste estatuto o estudantado deportista da UVigo agrúpase en: practicantes de base, deportistas de nivel intermedio e deportista de elite, establecéndose en función destas categorías medidas e axustes precisos a conciliación da vida académica e a práctica físico-deportiva. “É novo na UVigo e hai moi poucas universidades españolas que teñan algo similar e sobre todo tan completo coma este, xa que está dirixido a todo o estudantado que practique deporte sexa, cal sexa a modalidade e nivel, e non ós aos deportistas de elite”, sinala a vicerreitora Natalia Caparrini.

Por outra banda, tamén se aprobaron as axudas para a contratación de persoal investigador en formación da UVigo para este ano, sen variacións respecto do ano pasado, agás en cuestións como os requisitos relativos á data de finalización dos estudos ou o modo de calcular a nota media do expediente académico. Así mesmo, no Consello deuse luz verde á xeración de crédito de dous convenios coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade, un de financiamento de equipamento para adquisición, renovación e mellora de infraestruturas de investigación universitaria por un importe de 2,5 millóns de euros e outro de colaboración para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i por importe de 2,1 millóns de euros.

As modificacións nos modelos de convenio-tipo de prácticas externas, derivados da modificación do regulamento de prácticas externas, o que facía necesario actualizar o convenio tipo que se asina coas empresas para adecualo á nova normativa, e o modelo de convenio de colaboración para desenvolver proxectos de aprendizaxe e servizo, foron outros puntos da orde do día aprobados na sesión de hoxe ●

O documental 'Donde acaba la memoria' de Pablo Romero estrearse en Vigo o 3 de setembro

Onde remata a memoria e empeza a historia de Ian Gibson

A película que abrirá Cans, constrúe o retrato do hispanista e detective literario

Mª del Carmen Echevarría Figueroa
DUVI 29/07/2021

"Hai unha cita que di que a historia comeza onde acaba a memoria da última xeración viva, e Ian Gibson é aí onde traballa, nun lugar onde conflúen os mitos, as lendas, a memoria da xente que vai entrevistando, que son memorias mediatizadas polo seus recordos, son historias con minúscula, individuais e subxectivas, e Ian ten, ou autoimponse, a tarefa de convertelas en historias con maiúscula". Neste razoamento sustenta Pablo Romero a decisión de titular *Donde acaba la memoria* o seu documental, no que de Las Hurdes a Granada, pasando pola Residencia de Estudiantes, reconstrúe medio século de traballo do hispanista e biógrafo irlandés Ian Gibson.

A película, que abrirá o 2 de setembro o Festival de Cans, e ao día seguinte se proxectará no Cine Salesianos de Vigo ás 20.30 horas, seguida en ambos casos dun coloquio con Gibson e Romero, é a culminación de nove anos de traballo, que ten o seu inicio no festival de cine español de Londres, onde o docente e investigador da UVigo exercía como intérprete para directores e actores. Na capital británica, Romero coñeceu ao director Mike Dibb, amigo de Gibson, e autor de varios documentais sobre traballos do hispanista centrados en Lorca e Dalí. "Nese momento Dibb, estaba intentando conseguir financiamento para o documental de Buñuel e pechar así triloxía. Mike fora ao festival para atopar a Pedro Almodovar e pedirle cartos. Pero non estaba Almodovar e atopoume a min", rememora Romero, que acabou por sumarse ao proxecto por invitación de Dibb, primeiro como montador e posteriormente como director.




Un espello detrás de Gibson e a voz do enterrador de Lorca

Donde acaba la memoria marca o final dunha longa viaxe de 50 anos para Ian Gibson, iniciada cando abandonou Irlanda e viaxou a Granada para escribir unha tese sobre Federico García Lorca e que continuaría durante décadas cos seus traballos sobre as miles de persoas asasinadas polo réxime de Franco, e tamén sobre o director Luis Buñuel e o pintor Salvador Dalí. "Ian desde o principio, como di na película, non quere que ninguén faga unha biografía del. Ante unha persoa así non podemos facer un documental ao uso porque nunca nos deixaría. Non podemos poñerlle un espello diante, o único que podemos facer é poñelo detrás, seguir os seus pasos", explica Romero sobre o seu documental, que

tamén é o produto final da súa investigación como Ramón y Cajal, centrada na tradución e accesibilidade para persoas xordas e cegas durante o proceso de elaboración dos traballos audiovisuais, denominado [accesible filmmaking](#) ou cinematografía accesible.

En Las Hurdes, onde Luis Buñuel fixo *Tierra sin pan*, "entendemos quen era o director cando fixo esa película e veremos a Gibson investigando, emprendendo a aventura, escalando un precipicio para chegar a un lugar onde estivo Buñuel, xogándose a vida", detalla o investigador do grupo [GALMA](#) da Facultade de Filoloxía e Tradución.



Logo de pasar pola Residencia de Estudantes, lugar no que Lorca, Dalí e Buñuel se coñeceron, e onde no documental se entrevista ao realizador Carlos Saura, a película recala en Granada, a cidade na que todo comezou hai 65 anos para Gibson e "onde remata todo tamén. E alí nos amosa o que el chama 'a súa tumba', que é unha biblioteca na que reuniu todos os libros que foi adquirindo, investigando e escribindo durante anos", explica Romero. E é precisamente nesta 'tumba' onde se atopa unha gravación de hai moitas décadas na que lan conseguiu clandestinamente falar coa persoa que enterrou a Lorca. "Iso non se escoitara antes, entón escoitamos esa voz que nos di exactamente onde se enterrou ao poeta e como, e alí estamos con lan que non dá atopado iso, ou o permiso para escavar onde el sabe que está o Lorca. E así seguimos, seguimos a lan que segue camiñando nesa busca case eterna por atopar a Lorca,

como símbolo de reconciliación pero tamén para rematar esta historia", detalla Pablo Romero.

O detective literario

Logo de nove anos de traballo con Gibson, nos que non faltaron os sobresaltos, como o roubo do ordenador no que Romero gardaba a montaxe que durante seis meses realizara de 55 horas de rodaxe en Las Hurdes, o docente da UVigo considera ao hispanista ademais de "un bo amigo", un detective literario. Con esta definición alude Romero á enorme dedicación e rigor co que o hispanista desenvolve o seu traballo, asegurando que, ademais de produtivo, Gibson é un autor obsesivo, "co bo e malo que iso supón tamén", ata o punto de ser quen de pasar unha semana buscando un dato para unha nota a pé dun libro de 1000 páxinas. "Nunha época na que todo é para hoxe, as comunicacións son tan instantáneas, na que os gustos cambian tan rapidamente... ver unha persoa que dedica toda a súa vida a algo, a min paréceme fascinante", asegura o director.

Logo da súa estrea en Cans e en Vigo, *Donde acaba la memoria* proxectarase no Festival internacional de Ourense o 24 de setembro e o 4 de outubro chegará á Cineteca de Madrid cun pase para público e prensa, seguido dun coloquio con Romero e Gibson ●

A UVigo crea unha liña de axudas para facilitar o acceso das persoas refuxiadas aos estudos universitarios

Co fin de favorecer a integración do estudiantado, o programa inclúe un curso de galego ou castelán

Rebeca López Villar
DUVI 30/07/2021

Só un 3% das persoas refuxiadas ten a posibilidade de acceder á educación superior, unha cifra que, segundo ACNUR, revela a situación de desvantaxe na que se atopa a poboación migrante. Tendo en conta que a educación supón unha grande oportunidade de integración para todas as persoas, a Conferencia de Rectores de las Universidades Españolas (CRUE) declaraba no ano 2015 que as institucións universitarias "non poden permanecer indiferentes ante o drama dos refuxiados".

Consciente da situación dos grupos de persoas provenientes de zonas en conflito e de acordo coas recomendacións da CRUE, a Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación da Universidade de Vigo acaba de lanzar un [programa piloto de dúas bolsas](#) para facilitar o acceso de refuxiadas e refuxiados aos estudos universitarios durante o curso 2021-22.

Cada unha das axudas ofertadas cubrirá a totalidade da matrícula de grao, máster ou título de especialista universitario, así como parte do aloxamento e manutención, ata un máximo de 2000 euros. Ademais, co fin de incentivar a súa integración no contexto galego, as persoas beneficiarias recibirán un curso de lingua castelá ou galega. Deste xeito, asegura a vicerreitora Maribel Doval, a UVigo responde "a unha realidade social que quería atender" e súmase ao grupo de universidades españolas que xa ofrece este tipo de bolsas dirixidas a alumnado refuxiado.



Unha oportunidade para o colectivo destinatario e o estudiantado local

Grazas a este programa, o estudiantado refuxiado poderá "exercitar o seu dereito de acceso á educación superior mentres circunstancialmente se atopa en situación de demanda de protección internacional no noso país", explica Doval, que describe a Universidade de Vigo como unha institución "acolledora e inclusiva" que quere dar resposta "ás necesidades e aspiracións lexítimas

das persoas refuxiadas, que aspiran a construír o seu futuro con dignidade”.

As bolsas, continúa, servirán para “non desperdiciar talento” e subliña que supoñen unha oportunidade para as beneficiarias e beneficiarios porque “poderán desenvolver o seu potencial científico”, pero tamén “para que o estudiantado local coñeza xente doutros países, enriquecendo a diversidade cultural do campus”.

Responsabilidade social e Axenda 2030

No que concirne ás motivacións da UVigo para lanzar esta liña de axudas, Maribel Doval sinala que tanto os Estatutos da Universidade como o Plan Estratéxico recollen compromisos e obxectivos en consonancia coa convocatoria. Así mesmo, afirma que “a Universidade está comprometida con non deixar a ninguén atrás por razóns económicas”, como reflicte o artigo 64.h. dos Estatutos, e formar parte das universidades que dan acubillo á poboación migrante implica ademais unha “primeira aproximación a unha filosofía á que aspiramos”.

Desde a aprobación da Axenda 2030 en 2015 pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas, as estratexias de responsabilidade social da UVigo están orientadas á consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS). Neste senso, a vicerreitora indica que estas novas bolsas responden aos ODS 4 e 10: “garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade, e promover oportunidade de aprendizaxe durante toda a vida para todos” e “reducir a desigualdade en e entre os países”.


Alén destas bolsas, Doval recorda que a Universidade colabora regularmente con entidades sociais e traballa en campañas e actividades de sensibilización, como a xornada *sODStendo o planeta*, “onde se trataron aspectos como o acceso á vivenda, a fenda dixital ou os fluxos migratorios en Galicia”. Outra acción que destaca é a entrega dos II Premios Consello Social UVigo_Humana, que no ano 2020 galardoaron a Provivenda e ao Fondo Galego de Cooperación, incidindo no recoñecemento a organizacións non gobernamentais que, de feito, “asesorarán á UVigo neste novo programa de axudas”.


Así, a vicerreitora asegura que “a Universidade pretende ser un espazo natural para xerar

actitudes de cidadanía global en todos os seus membros” e anima a outras ONGD “a achegarse á UVigo en busca dun socio estratéxico co que colaborar na promoción de cidadáns e cidadás globais”.

Presentación de solicitudes ata o 15 de setembro


Poderán solicitar as [Bolsas para o estudiantado beneficiario ou solicitante de protección internacional](#) as persoas que teñan a condición de beneficiarias de protección internacional na data de fin de presentación de solicitudes, o 15 de setembro. A solicitude tramitarase en liña e as e os solicitantes deberán manifestar o interese de inscribirse ou ter realizado xa a inscrición nunha titulación oficial de grao, máster ou nunha titulación de especialista da UVigo. ●





O curso académico 2020/2021 remataba na UVigo cunha nova convocatoria do Programa de retención de talento investigador e a participación de investigadores da institución no proxecto europeo Green Seeds, que ten como obxectivo sacar do illamento as escolas rurais e convertelas en referentes.

Este mes de agosto foi tamén o da participación do vehículo monopraza UM21 deseñado polo alumnado de UVigo Motorsport na Formula Student Spain en Montmeló e na Formula Student Germany, no circuíto de Hockenheimring.



Un proxecto europeo busca sacar do illamento ás escolas rurais e convertelas en referentes

O grupo CIES deseñou o seu programa formativo, que serve de guía a preto de 60 docentes

M. Del Río
DUVI 01/07/2021

Nenos e nenas do CEIP Espiñeira, en Aldán, traballando conxuntamente con escolares do val de Aosta italiano ao igual que o fan estudantes da illa croata de Korkula con rapaces dunha aldea de Chipre... O proxecto europeo [Green SEEDS \(Sinergy and Environment to Empower Decentralised Schools\)](#) ten como principal obxectivo contrarrestar o risco de illamento das pequenas escolas rurais a través do debate e o traballo conxunto entre profesorado e alumnado de centros educativos situados no rural, en illas ou en montañas de cinco países do sur de Europa. Financiado polo programa comunitario Erasmus+, este proxecto implica o desenvolvemento de actividades formativas conxuntas entre escolas de España, Italia, Croacia, Grecia e Chipre baseadas no patrimonio natural e cultural das súas contornas. Actividades que deseñan e realizan conxuntamente docentes e escolares de diferentes países e que toman como punto de partida o programa formativo deseñado polo grupo de investigación Cies (Cooperación en Investigación para a Equidade Educativa e Social).

“O proxecto quere facer ver que as escolas rurais ou pequenas poden pasar de ser un problema, polo seu illamento, a ser un recurso, porque son escolas moi vinculadas á súa contorna, que poden axudar a combater o despoboamento, conectando a educación co medio ambiente e facilitando o desenvolvemento da comunidade”, salienta a catedrática Ángeles Parrilla, coordinadora do grupo responsable da formación dos preto de 60 docentes de



O CEIP Espiñeira de Aldán é un dos participantes neste proxecto europeo. Foto: Green SEEDS

diferentes niveis educativos dos cinco países que participan no proxecto. Os módulos deseñados polas investigadoras e investigadores da UVigo, dispoñibles en seis idiomas [na web de Green SEEDS](#), serviron como base para as actividades, centradas en cuestións medio ambientais, que, valéndose de internet, ao longo deste curso desenvolveron por parellas 20 clases de pequenas escolas.


Coordinado pola asociación italiana Glocal Factory, no proxecto Green SEEDS participan ademais da Universidade de Vigo, o instituto croata Vela Luka, a oficina responsable dos centros educativos da rexión italiana do Veneto, o instituto Bosco Chiesanova, a administración

educativa da illa grega de Chios e o Synthesis Center for Research and Education chipriota. Segundo sinalan os seus responsables, este proxecto busca promover, a través de internet, a interacción entre docentes e estudantes que, "aínda que xeograficamente distantes, comparten realidades sociais e ambientais moi similares". Nese senso, Parrilla destaca que o proxecto "pretende converter en recurso un tipo de escolas que soen ser as grandes esquecidas", co obxectivo final de que toda esta serie de actividades vinculadas ao medio ambiente "poidan levarse ás escolas urbanas". De feito, as e os participantes desenvolveron neste curso 20 actividades participativas centradas na natureza, biodiversidade e patrimonio forestal e mariño das súas contornas que o vindeiro curso presentarán a nenos e nenas de centros situados en contornas urbanas. "Produciríase así un fluxo de información e formación no sentido contrario ao tradicionalmente asumido, xa que son as escolas rurais, pequenas e ata illadas, as que serven de modelo e exemplo para a mellora das escolas urbanas", apunta Parrilla.

Formación que parte da diversidade

No marco da súa liña de traballo en materia de diversidade e inclusión educativa, o grupo Cies responsabilizouse da primeira fase dun proxecto que, como lembra a súa coordinadora, implica traballar con "escolas moi heteroxéneas, nas que conviven, ás veces nunha mesma aula, alumnos diversos en idade, orixe, cultura e capacidades, con condicións persoais, sociais e familiares diferentes". Concretamente, as investigadoras e investigadores da UVigo responsabilizáronse do deseño da formación impartida aos docentes dos diferentes centros, que a covid-19 obrigou a converter en virtual, e que se concretou nun [toolkit](#), conformado por cinco módulos, e unha guía, que buscan facilitar a implantación conxunta dunha serie de unidades didácticas orientadas "á ensinanza en contextos de gran diversidade", en aulas de diferentes países.

Dispoñibles [na web do proxecto](#) co obxectivo de que poidan ser empregados por outros docentes, estes módulos, integrados cada un por tres



unidades didácticas, abordan aspectos como "o papel da escola rural na contorna e como garantir o sentido de pertenza escolar do profesorado e do alumnado", no primeiro, e as metodoloxías aplicables a centros e aulas caracterizadas pola diversidade, "propondo estratexias de personalización e diversificación da ensinanza e a aprendizaxe", no segundo. O módulo tres afonda na colaboración entre docentes, mentres que outro dos bloques céntrase nas habilidades de comunicación e o quinto reúne unha serie de recursos e ferramentas para o traballo en rede de escolas de diferentes países, como WebQuest, "unha metodoloxía didáctica que supón un proceso de indagación e investigación baseado en recursos online por parte dos nenos e nenas", que é a base das actividades desenvolvidas polos diferentes centros participantes.

Traballo conxunto de parellas de escolas de distintos países

Tras esta formación, o seguinte fase implicou o "emparellamento" das escolas participantes, como é o caso do CEIP Espiñeira cun colexio do val de Aosta (Italia), para traballar conxuntamente. "Os centros irmandados decidiron conxuntamente, a partir dunha serie de propostas, en que temas relacionados co medio ambiente ían traballar", explica Parrilla. Deste xeito, as sesións de traballo foron deseñadas conxuntamente polo profesorado das dúas escolas, o que no caso do colexio de Aldán levounos a promover actividades relacionadas cos bosques ou coa presenza

de plásticos nos océanos, que nenos e nenas compartiron á súa vez, por videoconferencia, cos escolares italianos.

“Para os nenos e nenas está a ser un proxecto moi enriquecedor e motivador, é unha formación participativa, que lles está dando voz e na que non só conectan e se responsabilizan da súa contorna, senón que fano abríndose a outras culturas e comunidades”, salienta Parrilla, que destaca tamén o positivo desta iniciativa para as e os docentes participantes e para o propio grupo de investigación. De feito, prevé que esta experiencia de cooperación internacional poida dar lugar á súa vez a traballos de investigación que complementen o proxecto. Do mesmo xeito, na actualidade Green SEEDS está traballando nun manifesto que sirva como punto de partida para a creación dunha rede europea de escolas de montaña, illas ou contornas rurais ●

A Vicerreitoría de Investigación lanza unha nova convocatoria do Programa de Retención de Talento Investigador

O prazo de presentación de solicitudes manterase aberto ata o 7 de setembro

DUVI 02/08/2021

A Universidade de Vigo acaba de pór en marcha unha [nova edición do Programa de Retención de Talento Investigador](#), unha iniciativa dirixida á realización dun proceso selectivo para a contratación como persoal laboral temporal de investigadoras e investigadores doutores que teñan desenvolvido a súa actividade investigadora posdoutoral na Universidade de Vigo ao abeiro de diferentes programas competitivos internacionais, nacionais ou autonómicos.

Formularanse en total catro contratos de tres anos de duración –coa posibilidade de renovación por dous anos–, como persoal laboral temporal a tempo completo na modalidade de investigador/a distinguido e cunha remuneración bruta anual correspondente á da categoría de profesorado contratado doutor a tempo completo. As persoas contratadas impartirán un mínimo de 80 horas anuais de docencia e gozarán de plena capacidade investigadora, dándose-lle a posibilidade de solicitar proxectos como investigadores ou investigadoras principais.

O persoal investigador interesado en solicitar algunha destas prazas poderá facelo ata o vindeiro 7 de setembro. A Comisión de Investigación da Universidade de Vigo, delegada de Consello de Goberno, será a encargada de realizar a selección entre as persoas que cumpran os requisitos establecidos na convocatoria.



Investigador traballando nun laboratorio

Sergio Gómez, Marta Conde, Cristina Delgado e Santiago Pozo, persoal distinguido no 2020

Na anterior convocatoria deste programa os investigadores seleccionados foron Sergio Gómez, Marta Conde, Cristina Delgado e Santiago Pozo que iniciaron así unha nova etapa profesional como investigadoras e investigadores distinguidos da Universidade de Vigo.

Sergio Gómez levaba na Universidade de Vigo máis de dez anos, na última etapa como investigador Juan De La Cierva no Departamento

de Química Física, centrando o seu traballo na síntese, caracterización e autoensamblaxe de nanopartículas plasmónicas (ouro e prata). Marta Conde era nese intre persoal de posdoutoramento da Xunta de Galicia na modalidade B no Departamento de Bioloxía Funcional e Ciencias da Saúde, en concreto na Área de Fisioloxía, e o seu principal campo de estudo son os sistemas neuroendócrinos e metabólicos que controlan o apetito en especies de peixes de interese na acuicultura. Pola súa banda, Cristina Delgado, tamén persoal de posdoutoramento da Xunta de Galicia na modalidade B no Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal, pasou a ser investigadora distinguida para seguir traballando en ecoloxía e taxonomía das diatomeas, tanto en ecosistemas mariños como en auga doce. Por último, Santiago Pozo, integrante do Departamento de Enxeñaría dos Recursos Naturais e Medio Ambiente como persoal do programa Juan de la Cierva e actual subdirector de Relacións Exteriores e Mobilidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía forma parte do grupo de investigación de Explotación de minas e, xunto coa profesora Teresa Rivas, céntrase en temas relacionados coa conservación de patrimonio cultural inmovible ●

Conta atrás para o debut do UM21 na Formula Student Spain en Montmeló

O monopraza de UVigo Motorsport iniciará a competición en Barcelona o 5 de agosto

Preto de 50 estudantes dos tres campus participaron no deseño e construción do vehículo

Mª del Carmen Echevarría Figueroa
DUVI 03/08/2021

O UM21 viaxa rumbo a Barcelona, onde a partir do vindeiro xoves 5 de agosto participará nas probas da Formula Student Spain que se celebrarán no circuíto de Montmeló. Logo de competir en España, o monopraza deseñado e construído por preto de 50 estudantes dos tres campus da UVigo desprazarase a Alemaña onde lle agardan as probas da Formula Student Germany, no circuíto de Hockenheimring.

Quedan atrás meses de traballo nos que a pandemia condicionou a actividade das e dos integrantes de UVigo Motorsport, ata o punto de que a competición do ano 2020 non se celebrou, momento no que alumnado da UVigo decidiu comezar inmediatamente co deseño do UM21. "Por esta razón, podemos dicir que este é o monopraza que máis traballo ten detrás, posto que contou cun tempo extra debido á cancelación da tempada anterior", explican os membros do equipo, integrado este ano por máis de 45 estudantes dos campus de Vigo, Ourense e Pontevedra, que contaron ademais co apoio de antigos integrantes do equipo. Un grupo, que segundo eles mesmos, fixo posible co seu traballo que o proxecto se converterse "nunha experiencia única, na que ademais de aprender e aplicar todos os coñecementos dos que dispoñemos, aprendemos constantemente novas habilidades que nos serán de axuda para a nosa vida laboral, ademais de entender como funciona un equipo", explican.



Integrantes de UVigo Motorsport co vehículo antes de cargalo no camiión que o leva a Barcelona

Novo paquete aerodinámico, máis veloz e listo para disputar unha proba de xeito autónomo

Respecto do seu antecesor, o UM21 implementa un novo paquete aerodinámico, aumentando a velocidade e as prestacións, así como unha maior sensorización dos sistemas de dirección, freada e aceleración, cambios no sistema de suspensión e unha redución global do peso. "Ademais este ano tivemos como principal obxectivo o desenvolvemento da tecnoloxía e compoñentes necesarios para que o noso monopraza sexa quen de disputar, cando menos, unha proba das que se

van disputar de xeito autónomo", explican as e os integrantes do equipo.

A decisión de participar nunha proba das que se disputan de xeito autónomo supuxo, aseguran os membros do equipo, un enorme investimento de tempo do departamento autónomo en investigación e probas, "posto que para nós era un mundo totalmente novo no que debiamos experimentar e buscar o xeito e obter o mellor resultado, tendo en conta as evidentes limitación que temos como estudantes, ademais de que a condución autónoma é unha tecnoloxía que se atopa en constante evolución posto que é moi nova", sinalan os membros de UVigo Motorsport.

dimensións e características do coche", detallan as e os estudantes, en relación co denominado "endurance", que terá lugar o 21 de agosto en Alemaña.


Concretamente en Montmeló o equipo da UVigo participará nas probas estáticas *Business Plan Presentation, Cost & Manufacturing e Engineering Design*, "nas que debemos defender ante un tribunal o deseño e o proxecto en xeral", e nas probas dinámicas *Skipad, Aceleration, Autocross e Endurance & Efficiency*, "nas que se xulgará o desempeño en pista do UM21". No caso da Formula Student Germany, as e os integrantes de UVigo Motorsport tamén participarán en todas as probas. Transcorridos seis anos desde que o proxecto botou a andar, as expectativas para este 2021 "céntranse en mellorar o resultados que obtivemos en anos anteriores, así como obter os mellores resultados que nos permita todo o traballo e esforzo investido no monopraza", aseguran os integrantes do equipo, que destacan o labor de todas as persoas que participaron no proceso de creación do UM21, así como os patrocinadores. "Sen eles, sería imposible que este proxecto seguise adiante, posto que supoñen un apoio e axuda fundamentais para que esta experiencia baseada na aprendizaxe poida seguir adiante", explican ●



As escuderías participantes na Formula Student Germany en 2019

Expectativas e detalle das probas dinámicas e estáticas

O inicio das probas dinámicas na [Formula Student Spain](#) en Barcelona será o día 5 de agosto e na [Formula Student Germany](#) a data análoga será o 19 de agosto. O UM21 someterase a distintas probas dinámicas, todas elas de xeito individual e a maioría cronometradas, que se prolongarán ao longo de toda a semana, "o que permite aos equipos que se perderon as probas iniciais, participar nas máis esixentes do final da competición, onde a maioría de equipos esperamos correr co noso monopraza nun circuíto coas trazadas máis desafiante para as



**Anuario de comunicación
da Universidade de Vigo
2021/2022**



Universidade de Vigo